



***PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL
PARA AS PERSOAS CON
DISCAPACIDADE***

Galicia, 2010-2013

XUNTA DE GALICIA



***PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL
PARA AS PERSOAS CON
DISCAPACIDADE***
Galicia, 2010-2013

**Aprobado polo Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do
10 de decembro de 2010**

Nova versión, outubro de 2011.

Contén os cambios aprobados na primeira convocatoria da Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, celebrada o 19/9/2011, a proposta dos departamentos e institucións implicados no seu desenvolvemento e dos axentes sociais.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
INTRODUCCIÓN	7
I. O PLAN DE ACCIÓN: DESCRICIÓN DE CONTEXTO	9
1.1. MARCO CONCEPTUAL E DE REFERENCIA.....	10
1.1.1. Unha nova conceptualización da discapacidade.....	10
1.1.2. Os dereitos humanos como eixo das políticas dirixidas ás persoas con discapacidade.....	12
1.2. UNHA APROXIMACIÓN AO PERFIL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA ..	18
1.2.1. Caracterización da poboación con discapacidade valorada en Galicia.....	19
1.2.2. Análise comparada da discapacidade en Galicia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008).	37
2. PRINCIPIOS, ESTRUTURA, ÁREAS DE INTERVENCIÓN E OBXECTIVOS DO PLAN.....	46
2.1. PRINCIPIOS REITORES DO PLAN DE ACCIÓN.....	47
2.2. ESTRUTURA XERAL DO PLAN	51
2.3. DISTRIBUCIÓN DE ÁREAS E OBXECTIVOS.....	52
3. ACTUACIÓNS DO PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA, 2010-2013.....	59
3.1. Área 1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	60
3.1.1. Fundamentos e descrición	60
3.1.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	64
3.2. Área 2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	69
3.2.1. Fundamentos e descrición	69
3.2.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	72
3.3. Área 3 ACCESIBILIDADE.....	79
3.3.1. Fundamentos e descrición	79
3.3.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	84
3.4. Área 4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	96
3.4.1. Fundamentos e descrición	96
3.4.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	99

3.5. Área 5 EDUCACIÓN	107
3.5.1. Fundamentos e descrición	107
3.5.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	112
3.6. Área 6: FORMACIÓN E EMPREGO.....	119
3.6.1. Fundamentos e descrición.....	119
3.6.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	122
3.7. Área 7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	134
3.7.1. Fundamentos e descrición.....	134
3.7.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	137
3.8. Área 8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	144
3.8.1. Fundamentos e descrición	144
3.8.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	147
3.9. Área 9 ATENCIÓN TEMPERÁ	153
3.9.1. Fundamentos e descrición	153
3.9.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.....	155
3.10. Área 10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	160
3.10.1. Fundamentos e descrición	160
3.10.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.	163
4. CONSIDERACIÓNS SOBRE O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.....	172
ANEXOS.....	178
Anexo 1: METODOLOXÍA DE ELABORACION DO PLAN.....	179
Anexo 2: DEPARTAMENTOS ADMINISTRATIVOS QUE INTERVEÑEN NA EXECUCIÓN DO PLAN.....	188
Anexo 3: CADRO RESUMO DE ACTUACIÓNS E ITINERARIO TEMPORAL	191
Anexo 4: REFERENCIAS NORMATIVAS NO ÁMBITO DA DISCAPACIDADE	222

PRESENTACIÓN

As sociedades teñen experimentado nos últimos anos importantes cambios, tanto económicos como demográficos e, sobre todo, sociais. Estes factores trasládanse ás novas dinámicas relacionais que afectan á calidade de vida dos galegos e das galegas. As Administracións Públicas deben adoptar ferramentas adaptadas ás novas realidades e que dean resposta ás actuais necesidades. Conscientes desta obriga, a Xunta de Galicia traballa na promoción de políticas públicas de maior calado social e no establecemento de mecanismos de valorización das persoas e dos colectivos aos que pertencen.

Os máis de 230.000 galegos e galegas con discapacidade recórdannos a necesidade de adoptar medidas que garantan a igualdade de trato, a equiparación de oportunidades e a aceptación das diferenzas. Compartindo a importancia que para estas persoas reviste a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións, a Consellería de Traballo e Benestar ten intensificado a planificación de actuacións en favor das mulleres e dos homes con algunha discapacidade a través da posta en marcha do **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013**, que unifica os criterios e articula as medidas de política social para este grupo de poboación.

Para o goberno da Xunta as persoas son o centro da actividade política e o emprego e o benestar, os piares da sociedade moderna. Vivimos tempos difíciles, pero tamén propicios para alcanzar grandes acordos e facer un esforzo de priorización de necesidades e de optimización dos recursos. Neste marco nace o Plan que agora presentamos.

O **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013** constitúe un instrumento que o goberno galego pon ao servizo da comunidade para acadar o obxectivo de promover a participación social de toda a cidadanía e camiñar cara a unha sociedade plenamente integradora e inclusiva, partindo da confianza plena nas capacidades e oportunidades de todas as persoas, sen exclusión.

Ademais dun instrumento de impulso, este documento establece o marco de referencia sobre o que traballar no deseño dunha política de apoio e desenvolvemento dirixida ás persoas con discapacidade e ás persoas que integran a súa unidade de convivencia. Cómpre subliñar que adopta unha perspectiva de abordaxe integral, no que a “discapacidade”, en todas as súas dimensións e tipoloxías, é tida en conta de forma transversal nas políticas implementadas por este goberno. Así mesmo, ten en consideración a diversidade deste colectivo, así como a diversidade das necesidades e demandas das persoas que o integran.

A discriminación e a falta de oportunidades faise máis notoria entre as mulleres con discapacidade, de aí que neste Plan se faga unha aposta decidida por incorporar o enfoque integrado de xénero nas actuacións dos poderes públicos.

Este **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013** constitúe un exemplo de boa práctica, coordinación e implicación dos diferentes departamentos da administración con competencias nas diversas materias que o integran (sanidade, educación, cultura, turismo, deporte, urbanismo, transporte, servizos sociais, emprego, formación, comunicación...), así como da participación das propias persoas con discapacidade a través do movemento asociativo que as representa.

O proceso de deseño e de desenvolvemento do plan está orientado a favorecer a vida independente das persoas con discapacidade, a fortalecer o seu dereito de elección e a procurar a súa participación plena na sociedade. En definitiva, ao reforzo dos **elementos de participación social** das persoas con discapacidade no entorno da súa comunidade, dos seus intereses e necesidades no marco social, a través dunha política comprometida coa accesibilidade e o deseño para todos e para todas.

Finalmente, quero mostrar o meu agradecemento polo apoio prestado desde os diferentes colectivos profesionais que traballan no ámbito da discapacidade, así como as entidades sociais e representantes de corporacións locais que participaron na súa elaboración. Este exercicio de traballo conxunto, de adopción de acordos e de encontro permitiu a formulación do Plan como instrumento de ordenación e programación da actuación do goberno autonómico para coas persoas con discapacidade, ao tempo que se consegue un maior achegamento a elas e as súas familias.

É o meu desexo, e nisto poremos todos os nosos esforzos, que este iniciado proceso de implicación e concienciación non se pare aquí. Debemos aproveitar este impulso para avanzar no proceso de participación e de transversalidade, facendo deste primeiro plan de acción galego dirixido ás persoas con discapacidade o punto de partida para seguir traballando e consensuando as políticas do goberno galego nesta materia.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia



INTRODUCCIÓN

Este documento presenta o **Plan de acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013** (PAIPDG), a través do que se pretende avanzar na consecución da plena participación das persoas con discapacidade na sociedade e na integración das cuestións que máis afectan a este colectivo en todos os ámbitos de actuación.

Téñense realizado importantes avances nos últimos anos en canto á atención das persoas con discapacidade en Galicia, pero non foi posible chegar a un consenso entre os diferentes axentes que interactúan na elaboración dun instrumento que permitise recoller unha resposta integral ás necesidades deste grupo de poboación. A nosa sociedade experimentou cambios significativos e producíronse avances normativos que esixen unha adecuación das actuacións en curso e o deseño doutras novas. Pola súa parte, as institucións da Unión Europea elaboraron diversos documentos para orientar as políticas no ámbito da discapacidade.

Por todo iso, o Goberno Galego aborda a elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación deste Plan de acción como importante obxectivo na presente legislatura, porque constitúe unha **prioridade conseguir a igualdade real das persoas con discapacidade** con respecto ao resto da cidadanía.

É necesario **concentrar esforzos cara a este obxectivo transversal de igualdade**, de aí a importancia de contar cun **instrumento de planificación integral no que se recolla a resposta ás necesidades actuais e que nos axude a prever, ordenar e planificar as actuacións dos próximos anos**, en cuxo deseño e desenvolvemento se **impliquen activamente todos os axentes sociais e departamentos administrativos** con competencia naqueles ámbitos que afectan ás persoas con discapacidade.

Ademais, este plan contou desde o inicio mesmo do seu deseño coa participación do movemento asociativo, como representante das persoas con discapacidade que deben ser consultadas como partes implicadas nos procesos de toma de decisións que teñen unha repercusión na súa vida.

Este documento estrutúrase en varios capítulos. Un **primeiro capítulo** describe o contexto no que se diseña o plan, o marco conceptual e de referencia, onde se explica que se entende hoxe en día por “discapacidade”, así como a importancia dos dereitos fundamentais como eixo das políticas de intervención neste ámbito. Preséntase, así mesmo, un resumo e análise de datos estatísticos que dan idea do alcance do Plan en canto que se cuantifica a poboación con discapacidade en Galicia e se da conta do seu perfil.

No **capítulo segundo** defínense os principios nos que se inspira o plan e explícase a estrutura deste. Así mesmo enuméranse as áreas de actuación consideradas prioritarias e de urxente intervención desde a perspectiva dos obxectivos xerais, que tamén se definen. Para cada área e obxectivo xeral sinálanse cáles son os obxectivos específicos, como metas a acadar polo goberno galego no ámbito en cuestión.

As áreas, obxectivos xerais e específicos que se resumen no cadro correspondente responden ao traballo realizado por un **equipo** creado para tal cometido e que estivo constituído por **representantes do movemento asociativo** e por **personal da Secretaría Xeral de Política Social – Consellería de Traballo e Benestar**

(anteriormente Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal), como departamento administrativo promotor do Plan.

O **terceiro capítulo** responde ao **proceso de definición e priorización de actuacións específicas** para cada unha das áreas definidas, froito do **traballo conxunto de todos os departamentos administrativos** con competencias nas diferentes materias que contempla o Plan, respondendo, deste xeito, ao principio de **“cooperación e coordinación institucional”**, que forma parte do decálogo de principios reitores deste plan de acción. Nese proceso de definición e priorización contouse, ademais, coa participación das entidades de iniciativa social, en resposta ao principio de **“diálogo civil”**, segundo o que as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias, participaron no proceso de elaboración, como partes implicadas no deseño das políticas, así como na súa, posterior, execución, seguimento e avaliación.

Este capítulo constitúe o núcleo do Plan en canto é onde se describen todas e cada unha das áreas de intervención definidas. Para cada área inclúese:

- 🌸 Un primeiro apartado (**Fundamentos e descrición**), no que se argumentan os motivos de inclusión desa área concreta, en base aos datos estatísticos dispoñibles e/ou outro tipo de información relevante, segundo proceda, xustificando debidamente os obxectivos específicos perseguidos nesa área.
- 🌸 Un segundo apartado (**Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións**), no que se describen as actuacións que se porán en marcha para a consecución dos obxectivos formulados e que son o resultado do consenso acadado nos grupos de traballo especificamente creados para tal fin constituídos por persoas expertas en cada materia e nos que estiveron representados, tanto a Administración, como as entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade, entre outras.

Unha descrición do método de seguimento e avaliación do Plan constitúe o obxecto do **capítulo cuarto**, dada a importancia que estes procesos teñen no deseño e planificación das políticas sociais.

Por último, no apartado de anexos inclúese unha breve explicación do procedemento metodolóxico adoptado para a elaboración do Plan (Anexo 1), así como a relación dos departamentos administrativos e entidades participantes en cada área de actuación (Anexo 2), un cadro resume das actuacións por cada área sinalando a súa distribución temporal durante o período de vixencia do plan (Anexo 3) e unha relación da normativa específica de discapacidade máis relevante no ámbito internacional, europeo, estatal e autonómico (Anexo 4).

Cómpre destacar o **compromiso das diferentes Consellerías da Xunta de Galicia** na definición das actuacións a realizar polo Goberno Galego nos próximos anos, tendo en conta a necesidade de **avanzar na calidade dos servizos, na promoción da vida autónoma, na accesibilidade universal, na inclusión da perspectiva de xénero e na protección e promoción dos dereitos humanos e liberdades fundamentais**. Todo isto coa finalidade de provocar unha toma de conciencia da discapacidade como parte da diversidade humana.



I. O PLAN DE ACCIÓN: DESCRICIÓN DE CONTEXTO

1.1. MARCO CONCEPTUAL E DE REFERENCIA

1.1.1. Unha nova conceptualización da discapacidade.

A Organización Mundial da Saúde define a discapacidade como o resultado dunha complexa relación entre a condición de saúde dunha persoa, os seus factores persoais e os factores externos que configuran as circunstancias nas que vive esa persoa. Deste xeito, a discapacidade non pode ser definida só polas posibles deficiencias nas funcións ou estruturas corporais, senón que precisa da delimitación do contexto no que a persoa se desenvolve. Así, pode dicirse que as limitacións na actividade dunha persoa convértense en discapacidade como consecuencia da súa interacción cun ambiente que non proporciona o suficiente apoio para reducir as súas limitacións funcionais.

Segundo a *Clasificación internacional do funcionamento da discapacidade e a saúde* (OMS, CIF 2001), o funcionamento da persoa defínese en termos de interacción entre a condición de saúde e os factores contextuais, é dicir, entre a persoa e o seu contorno. Neste sentido, a discapacidade é o termo xenérico que engloba todas as compoñentes: as deficiencias a nivel corporal, as limitacións na actividade (a nivel individual) e as restricións na participación (a nivel social). Son tres dimensións diferentes que interactúan entre si cos factores contextuais (ambientais e persoais).

Este paradigma permite integrar os modelos biomédicos e sociais tradicionais nun **modelo biopsicosocial** que se basea na integración de todas as variables implicadas no proceso da discapacidade. Este modelo vén a dicir que as funcións e estruturas corporais, constituídas polas funcións fisiolóxicas e as partes anatómicas do corpo, poden dar lugar a deficiencias que limitan a actividade da persoa.

Deficiencias: problemas nas funcións fisiolóxicas ou nas estruturas corporais dunha persoa. Pode consistir nunha perda, nun defecto, anomalía ou calquera outra desviación respecto da “norma estatisticamente establecida”.

Limitacións na actividade: son as dificultades dunha persoa para realizar actividades. Poden aparecer como unha alteración cualitativa ou cuantitativa na maneira en que a persoa desempeña a actividade en comparación con outras que non teñen un problema parecido.

Restricións na participación: problemas que unha persoa pode experimentar ao involucrarse en situacións vitais, tales como relacións sociais, laborais etc. no contexto real no que vive. A presenza dunha restrición na participación vén determinada pola comparación da participación da persoa con discapacidade coa participación dunha persoa sen discapacidade nunha situación análoga e comparable.

Os **factores contextuais** constitúen o trasfondo, tanto propio como externo, da vida dunha persoa e do seu estilo de vida. Inclúen, como se sinalou, os factores persoais, que configuran o trasfondo particular da vida da persoa (xénero, idade, estilo de vida, educación, profesión etc.) e os factores ambientais, que constitúen o ambiente físico, social e actitudinal no que as persoas se desenvolven e que poden exercer unha influencia positiva ou negativa na realización de actividades ou no desenvolvemento da persoa como parte dunha sociedade. Poderíase falar, neste sentido de:

Factores facilitadores: aqueles no contorno dunha persoa que, cando están presentes ou ausentes, melloran o funcionamento e reducen a discapacidade; por exemplo, todos os servizos de apoio que buscan aumentar a participación das persoas con discapacidade en diferentes ámbitos.

Barreiras ou obstáculos: aqueles factores no contorno dunha persoa que, cando están presentes ou ausentes, limitan o funcionamento e xeran discapacidade. Por exemplo, un ambiente físico inaccesible.

En definitiva, estase ante un modelo que fai especial **énfase no contorno e na interacción deste coa persoa**, convertendo ao contorno xeral en facilitador da actividade e da participación das persoas con discapacidade. Pásase, pois, dun enfoque puramente biolóxico a un enfoque máis comprensivo dos factores ambientais, de centrar a atención nos déficits a centrala nos dereitos das persoas con discapacidade, de ocuparnos só destas persoas a facelo tamén dos obstáculos ambientais. Se antes o tratamento da discapacidade se centraba na rehabilitación e na adaptación da persoa a un contorno, que en ningún momento se cuestionaba, agora incídese nos factores ambientais, porque se parte da premisa de que unha parte importante das dificultades e desvantaxes que teñen estas persoas non son atribuíbles aos seus propios déficits e limitacións, senón a carencias, obstáculos e barreiras que existen no contorno social, laboral etc.

En consecuencia, as necesidades ligadas á discapacidade **non pasan só por unha intervención ou “solución” individual**, senón que se precisan tamén **cambios no contorno máis inmediato da persoa** (fogar, centro educativo, centro de traballo, instalacións deportivas e recreativas, albergues, comercios, bares e restaurantes...), nas **estruturas sociais** formais e informais da comunidade (comunicacións, transportes, políticas de emprego etc.) e nas **normas e prácticas que rexen o comportamento e a vida social** das persoas.

Neste sentido, cabe sinalar a definición que recolle a recente Convención de Nacións Unidas dos dereitos das persoas con discapacidade, no artigo 1, onde sinala que son persoas con discapacidade *“aquelas que teñan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, podan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais”*.

Nesta liña maniféstase tamén o Plan de acción do Consello de Europa para a promoción de dereitos e a plena participación das persoas con discapacidade na sociedade: mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade en Europa 2006-2015, ao sinalar no apartado “ Unha visión non centrada no paciente senón na/o cidadá/n”: *“xa non vemos a persoa con discapacidade como un/ha paciente que debe tomarse a cargo e que non achega nada á sociedade; de agora en adiante considerámola como unha persoa que necesita que desaparezan os obstáculos que se atopan na sociedade para poder ocupar un lugar lexítimo na mesma como membro de pleno dereito e activo. Estes obstáculos refírense aos comportamentos, á sociedade, ás lexislacións e ao contorno físico. Debemos, polo tanto, seguir traballando a favor dun cambio paradigmático encamiñado a substituír a visión médica da discapacidade por un enfoque social baseado nos dereitos da persoa”*.

Por todo isto, os e as participantes na elaboración do presente plan traballaron desde unha óptica que **coloca á persoa no centro dun enfoque integrado coherente, respectuoso cos seus dereitos, coas**

liberdades fundamentais e coa dignidade de todas as persoas con discapacidade, considerando a este colectivo como persoas con capacidades “diferentes”, mais non como persoas con “dis”capacidade.

1.1.2. Os dereitos humanos como eixo das políticas dirixidas ás persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade constitúen un sector de poboación heteroxéneo, cun **elemento común**: precisan de garantías suplementarias para vivir con plenitude de dereitos e para participar en igualdade de condicións na vida económica, social e cultural.

Como consecuencia dos progresos científicos conseguidos no campo da saúde e das melloras de condicións de vida, hoxe en día as persoas viven máis e teñen unha vida máis enriquecedora, o que implica a aparición de novas necesidades en materia de servizos, de apoio económico e de protección dos dereitos humanos, e isto esténdese tamén ás persoas con discapacidade. Ademais, en razón, principalmente, do aumento da esperanza de vida prevese un aumento das persoas con discapacidade na nosa sociedade. Todos os dereitos e liberdades fundamentais son universais, indisociables e interdependentes e é indispensable garantir a todas as persoas con discapacidade o goce pleno destes dereitos e liberdades, sen discriminación algunha, garantindo con isto a igualdade de oportunidades.

Así, paralelamente ao proceso de reformulación do concepto de discapacidade, segundo se describe no epígrafe anterior, tamén foi variando a forma de enfocar a atención das necesidades destas persoas.

Coa promulgación da **Constitución Española** en 1978 prodúcese unha viraxe cara ao enfoque dos dereitos humanos na atención deste colectivo, despois dun longo período caracterizado polo enfoque da “rehabilitación”, cuxa esencia consistía en reparar ou compensar as funcións danadas mediante técnicas terapéuticas e/ou aparatos e axudas técnicas, coa idea de que a persoa con eses apoios se integraría ás actividades propias da súa idade.

Segundo a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Constitución Española, recoñece (**artigo 14**) a igualdade ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha. De maneira específica, no **artigo 49**, insta aos poderes públicos a que presten a atención especializada e o amparo necesario para garantir o goce dos dereitos das persoas con discapacidade. O **artigo 9.2** establece que “*corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación na vida política, cultura e social*”. Neste sentido, os dereitos fundamentais deben ser garantidos polos poderes públicos mediante políticas axeitadas que permitan establecer as condicións necesarias para que a igualdade de oportunidades sexa efectiva para todas as persoas.

Este é o propósito da **Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, adoptada por **Nacións Unidas** o 13 de decembro de 2006 e ratificada por España o 3 de maio de 2008: “*promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e*

liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade e promover o respecto da súa dignidade inherente”. Cabe destacar, ademais, algúns artigos de interese:

Artigo 4: “Os estados partes comprométense a asegurar e promover o pleno exercicio dos dereitos humanos e liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen discriminación algunha por razón da súa discapacidade e a tal fin os estados partes comprométense a: c) ter en conta en todas as políticas e todos os programas, a protección e promoción dos dereitos humanos das persoas con discapacidade”.

Artigo 6: alude explicitamente ás mulleres con discapacidade e recoñece que “as mulleres e nenas con discapacidade están suxeitas a múltiples formas de discriminación e, a ese respecto, adoptarán medidas para asegurar que poden gozar plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais”.

Artigo 33: “A sociedade civil, e en particular as persoas con discapacidade e as organizacións que as representan, estarán integradas e participarán plenamente en todos os niveis do proceso de seguimento”.

As políticas sobre discapacidade fóronse adaptando de maneira progresiva a esta concepción.

En 1993, Nacións Unidas publica as “Normas uniformes de Nacións Unidas pola igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade”, que recollen as directivas culturais e políticas de cambio social que deberían permitir a toda a cidadanía, sen excepción, participar de forma igualitaria na sociedade.

En 1996, a Unión Europea aproba a Resolución sobre a igualdade de oportunidades na elaboración das políticas globais para as persoas con discapacidade, que acolle e desenvolve os principios xerais ditados por Nacións Unidas, entre outros, os referentes á igualdade de oportunidades, a normalización e inclusión, a vida independente e a participación.



A mesma estratexia de actuación política atópase, de maneira máis global, no **Tratado de Amsterdam** (1997) que inclúe a cláusula de “non discriminación”, en xeral, e en particular das persoas con discapacidade (artigo 13): “*Sen prexuízo das demais disposicións do presente Tratado e dentro dos límites das competencias atribuídas á comunidade por el mesmo, o Consello por unanimidade, a proposta da comisión e previa consulta ao Parlamento, poderá adoptar accións axeitadas para loitar contra a discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnico, relixión ou convicións, discapacidade, idade ou orientación sexual*”.

Cómpre destacar tamén a **Recomendación Nº R (92) 6 sobre a elaboración dunha política coherente en materia de persoas con discapacidade**.

Paralelamente a Unión Europea tratou a dependencia na súa **Recomendación N R (98) 9**. Neta define a dependencia, sinala os principios xerais a favor das persoas dependentes, indica as medidas que deben adoptarse para mellorar a súa situación e, por último, recolle a importancia das persoas coidadoras sen estatuto profesional, establecendo algúns principios xerais no seu favor.

No **marco estatal** cabe sinalar a Lei 13/82, de Integración Social del Minusválido (LISMI), que no seu momento entendía que o amparo especial e as medidas de equiparación para garantir os dereitos das persoas con discapacidade consistía basicamente en apoios complementarios, axudas técnicas e servizos especializados que lles permitira vivir o máis “normalmente” posible tanto nos seus fogares como na comunidade.

Un paso importante foi a promulgación da **Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU)**, que ten por obxecto establecer medidas para garantir e facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, conforme aos artigos 9.2, 10, 14 e 40 da Constitución. A LIONDAU concibe a discapacidade desde o novo enfoque descrito no epígrafe anterior e sinala dúas vías de acción esenciais para facer efectivo o goce dos dereitos por parte das persoas con discapacidade:

-  medidas contra a discriminación, que axuden a eliminar as barreiras de todo tipo que manteñen factores de exclusión sobre estas persoas (arquitectónicas, de comunicación, sociais...);
-  medidas de acción positiva, que apoiem as persoas con discapacidade no seu camiño cara á plena inclusión.






Pola súa parte, a **Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia** pretende dar resposta a un dos principais retos da política social nos países desenvolvidos, como é o de atender as necesidades das persoas que requiren apoio para realizar as actividades básicas da vida cotiá. Así, segundo refire o seu artigo 1, esta lei ten por obxecto regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nos termos establecidos nas leis, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas e a garantía pola Administración xeral do Estado dun contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns e cidadás en calquera parte do territorio do Estado español.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), co fin de garantir a equidade, no título II aborda os grupos de alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e velar polo establecemento dos recursos precisos para lograr a súa plena inclusión e integración a través de atencións de apoio específico ante desaxustes sociais, de discapacidade física, psíquica, sensorial ou por manifestacións con trastornos graves de conduta.

A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, establece o recoñecemento destas linguas e regula os medios que facilitan a comunicación oral.

Doutra banda, co obxecto de poder exercer a protección e defensa dos dereitos, aprobouse un **Sistema de arbitraje** para resolver conflitos en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade e evitar ter que recorrer a un procedemento contencioso, máis prolongado e custoso. Este mecanismo aprobado por *Real Decreto 141/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral para a resolución de queixas e reclamacións* nesta materia, vese reforzado coa *Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal*, na que se regulan as medidas punitivas, cando se actúa de forma discriminatoria, directa ou indirectamente, coas persoas con discapacidade.

As normas máis significativas elaboradas na **Comunidade Autónoma de Galicia** en relación a esta materia, e no ámbito dos **servizos sociais**, son:

-  Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
-  Decreto 35/2000, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
-  Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.
-  Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
-  Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Sobre esta última cabe sinalar que ten como obxectivo estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia, para a construción do sistema galego de benestar, que se rexerán por unha serie de principios (universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia) nos que tamén se inspira o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.

Polo que respecta á **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, como normativa específica na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por necesidades derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta cómpre citar: o Decreto 120/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e o Decreto 120/1998, do 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que xunto con outra normativa que os desenvolven, establecen disposicións específicas para o alumnado con necesidades educativas especiais que require de apoios educativos complementarios ás atencións educativas ordinarias.

Nos anexos deste documento recóllese a relación da normativa máis destacada a nivel internacional, europeo, estatal e autonómico que afecta máis directamente á poboación con discapacidade en diferentes materias: accesibilidade, educación, emprego, saúde mental...

No ámbito das **directrices políticas**, cómpre sinalar o **Plan de acción 2005-2016 do Consello de Europa para as persoas con discapacidade**¹, que ten como obxectivo establecer os fins e obxectivos do Consello de Europa en materia de dereitos fundamentais, de non discriminación, de igualdade de oportunidades, de cidadanía e de participación de pleno dereito das persoas con discapacidade nun marco europeo. O plan recoñece o principio fundamental segundo o cal a sociedade ten o deber ou a obriga para con todos os seus membros de procurar que os efectos da discapacidade se minimicen, mediante o apoio activo a estilos de vida sans, contornos máis seguros, asistencia sanitaria apropiada, rehabilitación e solidariedade social. Deste xeito, este plan de acción propón un instrumento práctico para concibir e aplicar estratexias viables a fin de conseguir a plena participación das persoas con discapacidade na sociedade e integrar as cuestións relativas á discapacidade en todas as áreas políticas dos estados membros. Neste caso, a Comisión incide en aspectos como o respecto á diversidade, a accesibilidade ao contorno, a inclusión no emprego, a promoción da integración social e a loita contra a marxinação e o fomento da participación.

En definitiva, trátase dun documento que pretende servir de folia de ruta a quen toma decisións para permitirlles concibir, axustar volver a centrar e aplicar plans e programas apropiados e estratexias innovadoras. Sobre dito plan adóptase polo Comité de Ministros o 5 de abril de 2006, durante a 961ª reunión de Delegados de Ministros a **Recomendación Rec (2006) 5 do Comité de Ministros aos estados membros**.

Pola súa vez, **en España** cabe sinalar o **II Plan de Acción para as persoas con discapacidade, 2003-2007**, dirixido especialmente a abordar as graves discapacidades e o emprego.

Ademais, en resposta ao artigo 8 da LIONDAU, que indicaba a necesidade de poñer en marcha accións para as persoas con discapacidade que tiveran especiais dificultades, como son as mulleres, en decembro de 2006 o Goberno aprobou un **plan de acción para as mulleres con discapacidade**, que establece unha estratexia e unha metodoloxía para reequilibrar a situación de desigualdade entre mulleres e homes con discapacidade.

En 2009 apróbase o **III Plan de Acción para as persoas con discapacidade** do Goberno de España, que incorpora principios e medidas do Plan das mulleres con discapacidade, co fin de tratar a discapacidade cun enfoque integrado de xénero. O seu obxectivo é a promoción da autonomía, para que as persoas con discapacidade se beneficien de todas as políticas en igualdade de oportunidades, recoñecendo a discapacidade como unha compoñente da diversidade humana, favorecendo, deste xeito, a cohesión nunha sociedade complexa. Por iso, como estratexia governamental, obriga ao Goberno e

¹ Plan de acción do Consello de Europa, adoptado polo Consello Europeo de Ministros o 5 de abril de 1996, para a promoción dos dereitos e a plena participación das persoas con discapacidade na sociedade: mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade en Europa 2006-2013.



actúa como plan director ou orientador das políticas das comunidades autónomas e das organizacións non gobernamentais.

O III Plan de acción contén obxectivos e actuacións nunha área instrumental (investigación, información e cooperación) e en seis áreas de carácter finalista: Poder e participación, Educación e cultura; Emprego; Saúde; Abusos e violencia; Protección social e xurídica (dirixida ás persoas máis vulnerables do colectivo).

Por último, o **Consello Nacional da Discapacidade, creado por Real Decreto 1865/2004, do 6 de setembro**, como órgano colexiado interministerial de carácter consultivo no que se institucionaliza a colaboración do movemento asociativo nas políticas públicas de ámbito estatal, ten como obxectivo someter ao mesmo as iniciativas pola promoción da igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade.

En **Galicia** déronse pasos moi importantes nos últimos anos no apoio ás persoas con discapacidade: accesibilidade, emprego, educación, apoio ás familias, atención sociosanitaria etc. Con todo, non foi posible por diversas razóns, deseñar un plan de acción integral consensuado, administración-axentes sociais, que actuase como marco de actuación das políticas de intervención no ámbito da discapacidade na Comunidade galega.

O Goberno galego vén de aprobar o **Plan de actuación social, Galicia 2010-2013**, deseñado a partir da definición de dous grandes obxectivos que a Consellería de Traballo e de Benestar ha de perseguir nos próximos anos: 1) Mellorar de forma sostida e universal o benestar dos galegos e das galegas; 2) Impulsar activamente o desenvolvemento económico e social de Galicia. Este plan desprégase en outros dous plans:

-  O Plan de promoción e atención ao benestar de persoas (“Plan de benestar”).
-  O Plan sociolaboral de Galicia para a promoción da autonomía persoal (“Plan sociolaboral”), que inclúe como actuación importante o desenvolvemento do Plan de emprego para a promoción da autonomía persoal (PEPAP).

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, constitúe o **primeiro plan de acción integral do Goberno Galego en materia de discapacidade** e encádrase no Plan de promoción e atención ao benestar de persoas da Consellería de Traballo e Benestar. Nel abórdanse de forma transversal todos os aspectos relativos ás persoas con discapacidade e con el preténdese garantir unha intervención eficiente, eficaz e coordinada para conseguir unha **mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias**, que acentúe a súa inclusión e a súa plena participación na sociedade, porque unha sociedade accesible e na que todo o mundo participe responde ao interese do conxunto da poboación.

Neste sentido, o Plan constitúe o **novo marco de actuación do goberno galego para os próximos anos fundado nos dereitos humanos e coa colaboración dos principais axentes involucrados**, coa

fin de que as galegas e galegos con discapacidade gocen dunha cidadanía plena e participen activamente na vida comunitaria.

Ata aquí os **fundamentos xurídico-políticos nos que se sustenta este Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia**. No seguinte apartado recóllense os **datos máis significativos sobre este sector de poboación** na Comunidade Autónoma Galega, principal destinataria das actuacións que se inclúen neste plan e, en todo caso, sempre beneficiaria final.


1.2. UNHA APROXIMACIÓN AO PERFIL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

Os cambios demográficos experimentados nas últimas décadas en España deron lugar a profundas transformacións na pirámide poboacional, entre elas un proceso de envellecemento notable. Un dos posibles efectos é o aumento das persoas con discapacidade, xa que a idade é un factor determinante na aparición deste fenómeno.

O obxectivo deste capítulo é plasmar os **datos estatísticos máis relevantes sobre a poboación galega con discapacidade**, principal colectivo destinatario das actuacións contidas neste Plan. Para atender as súas necesidades é imprescindible coñecer antes as súas circunstancias: cantos son, de que idade, que discapacidade teñen, con que grao, a necesidade de axuda dunha terceira persoa...Ademais tamén é importante coñecer a realidade social e a calidade de vida destas persoas, como pode ser o acceso ao emprego, por exemplo.

En definitiva, este capítulo pretende aproximarse á realidade do colectivo de persoas con discapacidade en Galicia. Como se sabe, o termo de discapacidade contén trazos imprecisos, engloba situacións extremadamente variables e o resultado depende, en gran medida, do método de clasificación empregado. Tamén depende da definición que se utilice para identificar a discapacidade. Polo tanto, a tarefa de coñecer o número real e exacto de persoas con discapacidade resulta ás veces pouco doado. Non obstante, se o propósito é planificar os recursos públicos e deseñar políticas públicas de maneira eficaz e eficiente resulta imprescindible determinar as poboacións de referencia.

Os datos analizados proveñen principalmente de dúas fontes estatísticas:

-  Por un lado, na primeira parte da descrición estatística empregouse a base de datos relativa ao Censo de persoas con discapacidade de Galicia da *Consellería de Traballo e Benestar*. Trátase dunha aproximación parcial, xa que o recoñecemento da condición de discapacidade iníciase a instancia de parte, polo tanto, só contén aquelas persoas que voluntariamente o solicitan. Neste caso analízanse as características da poboación con discapacidade valorada.²

² O sistema de recollida de datos a partir dos expedientes de valoración ten, tamén, moitas vantaxes. Por unha banda, o grao de fiabilidade das circunstancias rexistradas é moi alto, dado que os ditames foron elaborados por persoal médico, psicólogos/as e traballadores/as sociais, con ampla experiencia na avaliación de persoas con discapacidade. Por outra banda, incorpóranse todas as persoas que teñen a condición legal de poboación con discapacidade.

Por outra parte, as comparacións de poboación con discapacidade no ámbito autonómico e estatal realizaranse a partir da *Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008)*, que levou a cabo o Instituto Nacional de Estatística co apoio do Ministerio de Sanidade e Política Social e o sector da discapacidade (Fundación ONCE, CERMI e FEAPS), durante 2008. Nesta enquisa recóllense gran diversidade de datos referidos ás persoas con discapacidade, que reflicten a percepción que estas persoas ou as súas familias teñen da situación na que viven.³ As dúas fontes son complementarias e permiten análises moi detalladas da situación deste grupo de poboación.

1.2.1. Caracterización da poboación con discapacidade valorada en Galicia

Segundo a información dispoñible no Censo de persoas con discapacidade de Galicia, o número total de persoas que se atopan nesta situación, tomando como referencia as nadas a partir de 1905 é de 212.334.⁴ A maioría son mulleres (109.392, o 51,5%), como ocorre para o conxunto da poboación, onde tamén son mulleres, con data de 1 de xaneiro de 2009, exactamente o 51,7% da poboación.

Como amosa a táboa 1, existen importantes diferenzas entre provincias na distribución por xénero da poboación con discapacidade. En Pontevedra e A Coruña o peso das mulleres é superior ao agregado, mentres que en Ourense a distribución é case do 50%. Lugo é a única provincia onde os homes son maioría entre este sector de poboación.

Táboa 1: Poboación con discapacidade por xénero

	TOTAL	Homes	Mulleres	Peso mulleres
A Coruña	91942	44166	47776	51,96%
Lugo	20682	10934	9748	47,13%
Ourense	24536	12251	12285	50,07%
Pontevedra	75174	35591	39583	52,66%
Galicia	212334	102942	109392	51,52%


Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia

A incidencia da discapacidade por xénero é moi diferente en función da idade. A prevalencia da discapacidade é superior significativamente nas mulleres só a partir da primeira vellez (máis de 65 anos),

³ A poboación con discapacidade valorada non coincide coa poboación con discapacidade estimada segundo a EDAD-2008. As diferenzas débense tanto ao concepto de discapacidade utilizado (avaliación fronte a auto consideración) como á metodoloxía de cálculo (no primeiro caso a partir dun censo de inscrición voluntaria e no segundo a partir dunha operación estatística onde se infiren os resultados sobre unha mostra da poboación).


⁴ Este número constitúe o colectivo de persoas que alcanzan ou superan un grao de discapacidade do 33% e que, polo tanto, teñen a consideración de persoas en situación de discapacidade. Esta forma de recollida de datos ten o inconveniente, a diferenza do que ocorre coas enquisas, de que non é posible obter máis detalles dos que, previamente foran reflectidos nos expedientes. Un dos principais problemas é que na maioría dos casos os ditames non inclúen unha descrición da discapacidade, tal como a define e ordena a Organización Mundial da Saúde na Clasificación Internacional de Deficiencias, Discapacidades e Minusvalías. Con todo, o censo permite ter datos moi fiables sobre a distribución xeográfica (moi importante dada a elevada dispersión da poboación en Galicia), sexo, idade e grao de discapacidade alcanzado.

mentres que por debaixo dos 45 anos, os homes que padecen discapacidade son substancialmente máis numerosos que as mulleres na mesma situación como amosa a evolución do índice de masculinidade⁵ por tramo de idade (gráfico 1).



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia e o Padrón de Habitantes (INE).


O número de persoas con discapacidade valorada aumenta con cada grupo de idade ata chegar á franxa de 55 a 64 anos onde se aglutina o maior número. Segundo o xénero, a maioría da poboación feminina que presenta algunha discapacidade ten máis de 65 anos (en concreto o 51,7%). Mentres que só o 37% dos homes que teñen algunha discapacidade superan os 65 anos.



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


⁵ O índice ou «relación de masculinidade» obtense simplemente dividindo en cada idade o número de homes polo de mulleres. Así expresado indica o número de homes por cada muller.

Pero non só en canto número, senón que tamén a incidencia da discapacidade é crecente coa idade da poboación (gráfico 3). As diferenzas por sexo mostran que a incidencia nas mulleres é sempre inferior á dos homes, salvo a partir dos 75 anos. A maior diferenza absoluta na taxa de incidencia entre homes e mulleres prodúcese no tramo de 55 a 64 anos.




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Nunha análise por provincias, en A Coruña reside o 43% da poboación con discapacidade de Galicia, porcentaxe lixeiramente superior ao seu peso na poboación total. En Pontevedra reside o 35%, cifra similar á súa participación na poboación, igual que ocorre en Ourense, onde reside o 12%. Lugo, co 10% de poboación con algunha discapacidade, ten un peso lixeiramente superior na poboación total (12%).



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Como resultado desta distribución existen importantes diferenzas nos valores da taxa de incidencia da discapacidade por provincias (gráfico 5). A Coruña mostra a maior incidencia, mentres que a menor corresponde a Lugo. Nesta última cómpre destacar a baixa taxa de incidencia na poboación feminina.




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

A continuación móstrase a distribución polos catro **grandes grupos das discapacidades** valoradas polos equipos de avaliación na poboación galega. É dicir, na distribución amosada nos seguintes gráficos as persoas que teñen máis dunha discapacidade considéranse tantas veces como discapacidades padecen. No resto da análise o obxecto de estudo son as persoas con discapacidade e non o número de discapacidades.


Como ocorre para o conxunto de España, a maioría das discapacidades da poboación galega son de tipo físico. A continuación están as sensoriais. As de menor peso son as intelectuais (gráfico 6). Esta distribución é similar por provincias, aínda que con certos elementos caracterizadores de cada territorio, como o elevado peso da enfermidade mental na Coruña, ou a relevancia da discapacidade intelectual en Lugo e Ourense (gráfico 7).

Gráfico 6. Distribución porcentual de discapacidades por grandes tipoloxías



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


Gráfico 7. Distribución das grandes tipoloxias de discapacidade por provincia



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


A incidencia por sexo e idade das diferentes tipoloxías de discapacidade mostra apreciables diferenzas como se pode observar no gráfico 8. Mentres que a discapacidade física e sensorial mostran un perfil similar, con maior peso das idades avanzadas tanto para homes como para mulleres, no caso da discapacidade intelectual a estrutura e case a oposta, con pouco peso das idades avanzadas e maior peso relativo das idades centrais.

Gráfico 8: Poboación por tipoloxía de discapacidade segundo a idade e sexo



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


Atendendo ao **grao de discapacidade**, a porcentaxe maioritaria correspóndese coas persoas cun grao de discapacidade do 33 ao 64%. O grupo máis reducido, tanto para homes como para mulleres, correspóndese coas persoas con maior grao de discapacidade (de 75% ou máis). As diferenzas por sexo indican unha maior gravidade na discapacidade no caso das mulleres.



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Unha das principais vantaxes da explotación estatística do Censo de persoas con discapacidade é a posibilidade de realizar estudos territoriais moi detallados ou poder xeoreferenciar toda a poboación con discapacidade. O mapa 1 amosa a distribución deste grupo de poboación en Galicia, que se concentra onde se concentra a poboación total (nas provincias occidentais e os concellos máis urbanos de Lugo e Ourense).


Mapa 1. Distribución da poboación con discapacidade (valores absolutos)



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Nos seguintes mapas (mapa 2) amósanse as diferenzas por xénero na distribución do número de persoas con discapacidade (estase a falar de números absolutos). As diferenzas non son moi significativas e a distribución dos homes e das mulleres é territorialmente moi semellante.


Mapa 2. Distribución da poboación con discapacidade: homes e mulleres (valores absolutos)



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Con todo, cando se analizan as diferenzas por xénero e se dividen os concellos en función do equilibrio entre sexos no número de persoas con discapacidade (mapa 3), obsérvase como Galicia se divide en dúas metades. En A Coruña e Pontevedra, na maior parte dos concellos, son maioría as mulleres, mentres que en Lugo e Ourense ocorre exactamente o contrario.

Mapa 3. Clasificación de concellos segundo o sexo predominante das persoas con discapacidade




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

A análise territorial da incidencia da discapacidade mostra unha distribución bastante diferente (mapa 4) á amosada cando se analiza a distribución da poboación con discapacidade en valores absolutos (mapa 1). Neste caso, os concellos con reducido número de persoas con discapacidade, en termos absolutos, mostran elevadas incidencias, como é o caso de concellos do sur de Ourense ou da zona interior da A Coruña e Pontevedra. A baixa incidencia é xeral na provincia de Lugo, mentres nos grandes concellos a incidencia é alta salvo en Lugo capital.

As diferenzas por sexo na incidencia son tamén moi relevantes (mapa 5). Unha vez máis amósase unha Galicia dividida en dúas metades, similar á situación representada no mapa 3, pero con certos matices. Agora existen máis concellos con equilibrio entre os sexos deste sector de poboación e no sur de Ourense obsérvase como a prevalencia da discapacidade é maior nas mulleres que nos homes.


Nos concellos, onde os homes son maioría entre a poboación con discapacidade, o elevado grao de avellentamento da lugar a que cando se analizan as taxas de incidencia, sobre o colectivo de mulleres sexan superiores as dos homes (as mulleres mostran taxas de incidencia en idades avanzadas moi superiores ás dos homes).

Mapa 4. Taxa de incidencia da discapacidade



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


Mapa 5. Clasificación dos concellos segundo as diferenzas na taxa de incidencia da discapacidade por sexo



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Por último, cómpre mostrar a distribución de concellos en función do grao de discapacidade. O mapa 6 presenta unha distribución das persoas con grande discapacidade (aquelas valoradas cun grao igual ou superior ao 65%), similar á ofrecida para o conxunto da poboación que en Galicia presenta algunha discapacidade.

Mapa 6. Distribución das persoas con grande discapacidade



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Analise descritivo da discapacidade na poboación galega de menos de 22 anos.

Tendo en conta as áreas de intervención do Plan, considérase oportuno realizar unha análise máis detallada entre a poboación con discapacidade de 0 a 21 anos, intervalo no que se inclúe o grupo obxecto de atención temperá, así como a idade escolar.


No censo de persoas con discapacidade de Galicia contabilízanse 8.266 persoas menores de 22 anos. A táboa 2 mostra a distribución por grupos de idade e por provincia dos discapacitados.

Táboa 2: Distribución por grupos de idade e por provincia das persoas con discapacidade menores de 22 anos

	GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Entre 0 e 6 anos	1393	649	88	176	480
Entre 7 e 15 anos	3439	1328	297	455	1359
Entre 16 e 21 anos	3434	1181	342	477	1434
Total menores de 22 anos	8266	3158	727	1108	3273


Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

A diferenza do que ocorre para o total da poboación con discapacidade que se concentra en A Coruña, os e as menores de 22 anos concéntranse na provincia de Pontevedra, aínda que no primeiro tramo de idade segue sendo A Coruña onde están valorados o maior número de casos, pero perde peso nos seguintes, mentres o gaña Pontevedra (gráfico 10).



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Como consecuencia, a taxa de incidencia observa importantes diferenzas por idade e provincia, como mostra o gráfico 11. As maiores taxas obtéñense na provincia de Ourense e as menores en Lugo. En todos os casos, a incidencia aumenta considerablemente coa idade, en parte condicionado polas dificultades de valoración das discapacidades coas idades temperás.




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.




As diferenzas entre Lugo e Ourense son moi acusadas nestes tramos de idade. Tamén é destacable o comportamento diferencial de A Coruña, que mostra unha elevada incidencia nos primeiros anos pero logo o incremento non é tan significativo como no resto das provincias.

Neste tramo de idade son maioritariamente homes (58,1%) e tamén a incidencia da discapacidade é claramente superior nos homes nos tres grupos de idade considerados, independentemente da provincia. O maior diferencial obtense en Ourense e o menor en A Coruña.

Atendendo á tipoloxía da discapacidade (gráfico 12) obsérvase como este grupo de poboación está claramente sobrerrepresentada (os e as menores de 22 anos conforman o 4% do total de poboación con discapacidade) na discapacidade intelectual (polo peso do grupo de 16 a 21 anos, ver gráfico 13) e no grupo de enfermidade mental (neste caso polo grupo de 7 a 15 anos). O menor peso destas idades dáse na discapacidade física.




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Atendendo ao **grao de discapacidade**, a porcentaxe maioritaria correspóndese coas persoas cun grao de discapacidade do 33 ao 64% (gráfico 14). O grupo máis reducido tanto para homes como para mulleres correspóndese coas persoas no intervalo entre o 65% e o 74%.



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

O peso do grupo de maior grao (superior ao 75%) aumenta coa idade, máis intensamente no caso das mulleres (gráfico 15). As diferenzas por xénero indican unha maior gravidade na discapacidade no caso das mulleres para todos os tramos de idade, que é máis significativo no de 7 a 15 anos.




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Se se analiza a distribución territorial das persoas con discapacidade menores de 20 anos⁶, a situación é a que amosan os mapas 7, 8 e 9.

O primeiro mapa quizás sexa o máis sorprendente, dada a ausencia de persoas con discapacidade de menos de 5 anos en moitos concellos de Lugo e Ourense. Nos tramos seguintes a distribución é máis parecida á propia distribución da poboación total nestes mesmos grupos de idade. Non obstante, cando se analiza a taxa de incidencia esta é moi elevada en moitos concellos de Ourense e Lugo e o que é máis relevante: é máis alta nos concellos do rural que nos concellos urbanos (mapa 10). Aínda que se observa unha maior incidencia na zona urbana no primeiro intervalo, na idade moza de 17 a 21 o peso dos concellos rurais na poboación con discapacidade é claramente superior á súa participación nese tramo de idade.


⁶ Os datos de poboación por sección censal e concello só están dispoñibles en tramos de cinco anos polo que a análise debe realizarse baixo esa limitación que impide unha comparación directa co amosado ata agora.

Mapa 7. Distribución da poboación con discapacidade menor de 5 anos (valores absolutos)




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Mapa 8. Distribución da poboación con discapacidade de entre 5 e 14 anos (valores absolutos)




Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Mapa 9. Distribución poboación con discapacidade de entre 15 e 19 anos (valores absolutos)



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


Mapa 10. Taxa de discapacidade menores de 5 anos



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.


A situación é especialmente negativa na provincia de Ourense como mostran os mapas 11 e 12. Varios concellos do Sur de Ourense suman á débil dinámica da súa poboación e ao forte envellecemento unha elevada taxa de incidencia da discapacidade nas idades novas. Recórdese que nestes concellos o número absoluto das persoas con discapacidade é moi baixo, pero dado que case non contan con poboación nestes tramos de idade a incidencia é moi elevada.

Mapa 11. Taxa de discapacidade poboación entre 5 e 14 anos



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Mapa 12. Taxa de discapacidade poboación entre 15 e 19 anos



Fonte: elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

1.2.2. Análise comparada da discapacidade en Galicia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008).


A EDAD 2008 é a terceira dunha serie de estatísticas que comezou en 1986 coa Enquisa sobre discapacidades, deficiencias e minusvalías (EDDM 1986) e continuou coa Enquisa sobre discapacidades, deficiencias e estado de saúde (EDDS 1999).

A EDAD 2008 ofrece información sobre persoas con discapacidade que residen tanto en domicilios familiares (fogares) como en centros, para o que se executaron dúas etapas diferentes no traballo de campo, realizadas entre novembro de 2007 e xullo de 2008. A mostra da enquisa dirixida a fogares alcanza 260.000 persoas en 96.000 vivendas diferentes; para o caso dos centros utilizouse unha mostra de 800 centros e 11.100 persoas. No seu deseño incorpora un concepto de discapacidade autoatribuída, seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde.⁷ A identificación da poboación obxecto de estudo realízase a través dunha batería de preguntas que exploran se algunha das persoas residentes no fogar ou o centro recoñecen algunha dificultade para realizar determinadas tarefas.⁸

⁷ Para a definición e tratamento da discapacidade, a enquisa utiliza os criterios da Clasificación Internacional de Deficiencias, Discapacidades y Minusvalías (CIDDM) elaborada pola OMS.

⁸ Esta estratexia de identificación da poboación, se ben presenta algunhas dificultades, ten a vantaxe de que se centra na actividade diaria da persoa e nas dificultades ás que fai fronte nesa actividade, deixando á marxe a valoración de cuestións médicas.

Gráfico 16. Taxa de poboación con discapacidade nacional e por comunidades autónomas.



Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia. Unidades : taxa por 1000 habitantes.

De acordo coa EDAD 2008, en Galicia viven 292.900 persoas de máis de seis anos con discapacidade en domicilios familiares, que unidas ás 10.940 residentes en centros, suman case 304.000 persoas, é dicir máis do 11% da poboación. A discapacidade preséntase como un fenómeno de distribución xeneralizada pero moi desigual no territorio español. Factores demográficos, de estilo de vida e nivel socioeconómico contribúen a explicar a situación. A maior taxa de discapacidade en España dáse en Galicia (112,9 por mil habitantes), seguida de Extremadura. A Rioxa presenta a taxa máis baixa xunto con Cantabria.⁹


Idade e xénero da poboación con discapacidade en Galicia.

O fenómeno da discapacidade relaciónase principalmente con dúas variables: xénero e idade. Como se pode observar no gráfico 17, até aproximadamente os 45 anos é maior a incidencia da discapacidade nos homes, pero a partir dese punto medran as taxas de discapacidade significativamente máis nas mulleres, sobre todo a partir dos 80 anos.

Aproximadamente o 65% das persoas con discapacidade en Galicia son maiores de 65 anos, sendo a maioría delas mulleres (concretamente un 67%). No entanto, as diferenzas por xénero están máis relacionadas coa menor supervivencia dos homes que coa súa menor saúde. A prevalencia da

⁹ A Enquisa sobre Discapacidades, Deficiencias e Estado de Saúde (EDDS 1999) estimaba en 272.190 a poboación con discapacidade en Galicia, o que supoñía unha taxa de incidencia do 106 por mil. Mentres que para o conxunto da poboación española a incidencia tense reducido entre 1999 e 2008 (do 94 por mil ao 90), en Galicia ocorre exactamente o contrario (do 106 por mil pasou ao 112 por mil).


discapacidade é superior de xeito significativo nas mulleres só a partir da primeira vellez (máis de 65 anos), mentres que nos menores de 45 anos, os homes que padecen discapacidades son substancialmente máis numerosos que as mulleres na mesma situación.



Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

No entanto, a «sobreabundancia» de mulleres maiores con discapacidade non é só o resultado da «sobremortalidade» masculina, dado que non só o número, senón tamén a incidencia da discapacidade, é claramente superior nas mulleres. É dicir, para case todos os tramos de idade son máis as mulleres con discapacidade que os homes, pero o mesmo ocorre para o conxunto da poboación. O diferencial existente entre homes e mulleres é en certo xeito contraditorio coa maior supervivencia feminina (viven máis tempo pero con máis dificultades). Porén, entre saúde e discapacidade existen, como mediadores diferenciais segundo o sexo, certos factores socioeconómicos, tales como os menores ingresos económicos femininos ou unha maior frecuencia da viuvez e a soidade. É posible que a diferente relación por xénero co ámbito laboral e co fogar marque as persoas maiores.

Tamén é perfectamente coñecida a correlación entre idade e discapacidade. En Galicia como en España as taxas de discapacidade aumentan considerablemente coa idade. De feito, no intervalo de idade 65-69 anos, 170 de cada 1.000 persoas están afectadas, mentres que aos 80-84 anos representan un 472 por mil e alcánzase o 747 por mil entre as persoas maiores de 95 anos. Doutra banda, como mostra o gráfico 18, a incidencia é, salvo nun tramo de idade (70-74 anos), sempre superior en Galicia (o mesmo resultado obtense ao desagregar por sexo) que en no conxunto de España.



Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

Onde reside a poboación con discapacidade.

En máis de 243.000 fogares galegos (o 24,7% do total, táboa 3) reside, polo menos, unha persoa con discapacidade, porcentaxe significativamente superior á do conxunto de España (19,9% do total de fogares). A convivencia no fogar coa discapacidade é común en España e ten reflexo na baixa porcentaxe de persoas con discapacidade que se aloxan en centros. Galicia presenta, xunto con Murcia, os valores máis baixos no indicador, moi lonxe da media nacional e case catro veces inferior ao peso na Rioxa ou en Navarra (táboa 4).

O peso das persoas aloxadas en centros aumenta coa idade e tamén as diferenzas entre Galicia e España. Cómpre destacar tamén a diferenza por xénero. Mentres que a porcentaxe de poboación con discapacidade aloxada en centros é maior nas mulleres que nos homes en España, en Galicia ocorre exactamente o contrario.

Táboa 3: Fogares segundo o número de persoas con discapacidade que viven neles

	España		Galicia	
	Número	%	Número	%
Total de fogares	16.446,80	100,0%	985,4	100,0%
Ningunha persoa con discapacidade	13.166,50	80,1%	742,2	75,3%
Con persoas con discapacidade	3.280,30	19,9%	243,2	24,7%
Unha persoa con discapacidade	2.755,40	16,8%	195,6	19,8%
Dúas persoas con discapacidade	486,8	3,0%	43	4,4%
Tres ou máis persoas con discapacidade	38,1	0,2%	4,6	0,5%

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

Táboa 4: Porcentaxe de persoas que se aloxan en centros colectivos sobre o total de poboación con discapacidade

		España	Galicia
Idade(máis 6)	TOTAL	6,6%	3,6%
	Homes	5,8%	3,8%
	Mulleres	7,2%	3,5%
Idade(6-64)	TOTAL	2,9%	1,7%
	Homes	3,7%	2,3%
	Mulleres	2,2%	1,1%
Idade(65-79)	TOTAL	4,7%	3,1%
	Homes	5,5%	4,0%
	Mulleres	4,2%	2,6%
Idade(máis 80)	TOTAL	13,7%	6,1%
	Homes	11,2%	6,3%
	Mulleres	14,7%	6,0%

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

Tipoloxía e causas da discapacidade

Tendo en conta as cifras amosadas até agora, non é de estrañar que as discapacidades máis frecuentes sexan as que van xurdindo progresivamente coa idade, especialmente aquelas relacionadas coa mobilidade (sobre todo os desprazamentos fóra do fogar e tamén os desprazamentos ou movementos do propio corpo). A EDAD 2008 estima que en Galicia máis de 200.000 persoas, o 71% de todas as que declaran padecer algunha discapacidade, presentan dificultades para desprazarse fóra do fogar, basicamente para poder utilizar algún medio de transporte público e para desprazarse polo seu propio pé. Ao redor de dous terzos delas son persoas de idade (maiores de 65 anos) e a proporción é sumamente elevada nos grupos de idade correspondentes a persoas maiores.

Os principais grupos de discapacidade das persoas de seis e máis anos residentes en fogares son os de mobilidade (que afecta ao 8,0% da poboación), vida doméstica (7,0%) e autocoidado (6,5%). Como se pode comprobar na Táboa 5, é nestes grupos onde as diferenzas co conxunto da poboación española son máis significativas. En todo caso, a incidencia para todos os grupos de discapacidade é sempre maior en Galicia que en España.


Tamén son moi numerosas aquelas discapacidades que impiden ou dificultan o coidado dun mesmo, sobre todo as ligadas a aseo persoal, vestirse e desvestirse, control das necesidades e utilización do aseo. En termos absolutos, a poboación total que presenta problemas para coidar de si mesma non é a máis numerosa. Con todo, entre a poboación maior, sobre todo entre os octoxenarios, son moi abundantes este tipo de problemas (próximos ao 80% de quen sofren algunha discapacidade), padecidos ademais con maior gravidade en canto á dependencia de axuda persoal que xeran.

Táboa 5: Taxa de incidencia (por 1000 habitantes) segundo o grupo de discapacidade

	España	Galicia
Total	89,70	112,94
Visión	23,19	27,55
Audición	25,21	32,73
Comunicación	17,46	25,96
Aprendizaxe, aplicación de coñecemento e desenvolvemento de tarefas	14,92	21,98
Mobilidade	60,25	79,92
Autocoidado	43,45	64,93
Vida doméstica	49,63	70,38
Interaccións e relacións persoais	14,71	20,19

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

Todas as discapacidades teñen como **orixe** deficiencias da saúde, pero non sempre é fácil ou posible establecer a relación exacta, xa sexa pola posible multiplicidade das deficiencias causantes ou porque o mesmo entrevistado atope difícil facer tal identificación. En calquera caso, atópase que as deficiencias máis frecuentes están moi relacionadas coas persoas maiores. As máis comúns son as deficiencias que afectan o sistema osteoarticular. Trátase de privacións ou alteracións mecánicas e motrices, que teñen a súa orixe en lesións dos elementos de sostén do corpo e que afectan a máis do 50% das discapacitadas galegas e case ao 40% dos homes. Case 100.000 galegas teñen unha discapacidade provocada por unha deficiencia en ósos e articulacións (o 7,3% da poboación feminina), o que supón unha taxa de incidencia que dobra a dos homes. Séguenlle as do oído (3,4%), as mentais (3,2%) e as visuais (2,8%). No caso dos homes, as principais deficiencias son de ósos e articulacións (afectan ao 3,0% dos homes), do oído (2,5%), mentais (2,0%) e visuais (1,8%).




Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

Como mostra o gráfico 19, a taxa de incidencia das diferentes deficiencias é sempre superior nas mulleres que nos homes, de xeito moi significativo no caso das mulleres galegas. Nalgúns casos (deficiencias de oído e mentais) a prevalencia nos homes galegos tamén supera aos homes e ás mulleres españois.

Gravidade

Respecto da gravidade da discapacidade, do total de persoas de seis ou máis anos con discapacidade, o 78,4% (case 230 mil persoas) teñen dificultades para realizar as actividades básicas da vida diaria (ABVD). Por sexo, o 83,7% das mulleres con discapacidade presentan algunha restrición nas ABVD fronte ao 69,7% dos homes. No entanto, a discapacidade non é sinónimo de dependencia. Moitas das discapacidades, aínda sendo importantes para o suxeito que convive con elas, non implican a necesidade de demandar axuda doutras persoas. De feito, para o conxunto das persoas galegas que declararon padecer algunha discapacidade, o 27% non recibe ningún tipo de axuda (gráfico 20).



Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

A necesidade de axuda resolveuse tradicionalmente no propio fogar e por parte de familiares de forma maioritaria. Os datos da EDAD 2008, como moitas outras fontes contemporáneas, poñen en evidencia que a inmensa maioría dos cuidados provistos a persoas discapacitadas seguen fornecéndose na contorna familiar e que, ao contrario do que se considerou, estas funcións non foron asumidas por outras institucións, públicas ou privadas.

Segundo esta Enquisa, existen en Galicia 171.000 persoas que reciben algunha axuda por motivo da súa discapacidade e, por tanto, debe existir, como mínimo, un número similar de persoas que se dedican a proporcionar tales cuidados. Aínda que era o que cabía esperar, non deixa de resultar notable até que punto a enquisa confirma a ben coñecida primacía dos cuidados persoais provenientes da familia (o chamado sistema «informal») fronte aos fornecidos por outras instancias públicas ou privadas, constituídas co devandito fin específico (o chamado sistema «formal»). Non é só que as persoas

coidadoras principais pertencen na maioría dos casos á contorna familiar do suxeito, senón que xeralmente son familiares moi próximos, como o/a cónxuxe ou a filla, que viven no mesmo fogar. Pode dicirse abertamente que o resto da axuda, tanto por parte de empregados como a que fornece o Estado de benestar, representa só unha pequena parte da asistencia persoal que reciben as persoas afectadas por discapacidades en Galicia e España (táboa 6). Aínda que existe un número elevado de casos nos que non se pode determinar a relación coa persoa coidadora principal (o 13,4%), en Galicia no 81% dos casos quen se ocupa da devandita tarefa é un/ha familiar da persoa con discapacidade (un 67% en España).

Táboa 6: Distribución das persoas coidadoras principais por grupos

	Galicia	España
Familia	81,11%	67,30%
Empregadas	2,46%	6,36%
Servizos sociais	1,87%	1,84%
Outros/non consta	14,50%	24,51%

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.

Situación laboral

As persoas con discapacidade atópanse nunha precaria situación de inserción laboral, con taxas de actividade, emprego e paro lonxe das observadas para o conxunto da poboación. En Galicia das 100.000 persoas con discapacidade en idade laboral que residen en domicilios familiares, só 23.700 traballan, 5.800 están en situación de desemprego e o resto son inactivas (táboa 7). A taxa de actividade das persoas con discapacidade en idade laboral estímase, segundo os datos da EDAD 2008 (que se refiren ao último trimestre de 2007 e ao primeiro de 2008) no 29,50%, a taxa de emprego é do 23,7% e a taxa de paro ascende ao 19,7%, multiplicando por 2,5 a taxa de paro da poboación total.

**Táboa 7: Taxa de actividade e taxa de paro
(poboación total e poboación con discapacidade)**

	TAXA DE ACTIVIDADE		TAXA DE PARO	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación total	70,75	72,98	7,98	9,17
Poboación con discapacidade	29,57	35,5	19,72	20,31
Homes poboación total	79,57	82,69	6,57	7,4
Homes poboación con discapacidade	27,03	40,31	11,99	17,17
Mulleres poboación total	62,02	63,03	9,78	11,55
Mulleres poboación con discapacidade	31,93	31,15	25,78	23,98

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia e da Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Tamén hai que sinalar que todos os indicadores de inserción laboral no contexto da economía española son sensiblemente peores nas mulleres que nos homes con discapacidade. Con todo, en Galicia a taxa

de actividade dos homes con discapacidade é moi baixa, 13 puntos inferior á dos homes en España e 4 puntos inferior ás mulleres galegas discapacitadas. Esta relativa elevada taxa de actividade das mulleres galegas non se traduce nun maior nivel de emprego senón nunha maior taxa de paro. De feito, os resultados do mercado laboral galego son sempre mellores aos observados para o conxunto da economía española, salvo a taxa de paro das mulleres con discapacidade, que en Galicia é claramente superior á media española, reflectindo as enormes dificultades de acceso das mulleres galegas que presentan algunha discapacidade ao mercado laboral.

Discriminación

O 79,21% das persoas con discapacidade en idade laboral de Galicia declaran non sentirse discriminadas por motivo da discapacidade que posúen; o 13,6% sentíronse discriminadas algunhas veces, o 5,7% moitas veces e o 1,53% constantemente. A percepción subxectiva de discriminación diminúe coa idade e é similar entre xéneros, sen diferenzas apreciables entre Galicia e o conxunto de España. Non obstante, no caso de Galicia as mulleres en idade laboral perciben en maior medida as situacións de discriminación que os homes, feito que en parte pode ser explicado polas maiores dificultades no acceso ao mercado laboral analizadas con anterioridade.

Táboa 8: Porcentaxe de poboación con discapacidade que se ten sentido discriminada

	De 6 a 64 anos			De 65 a 79 anos			De 80 e máis anos		
	Ambos	Homes	Mulleres	Ambos	Homes	Mulleres	Ambos	Homes	Mulleres
ESPAÑA									
Nunca	77.73	77.43	78.00	93.52	93.45	93.56	96.78	97.28	96.58
Algunhas veces	14.83	14.95	14.71	4.82	4.79	4.83	2.26	2.06	2.34
Moitas veces	5.11	5.03	5.19	1.23	1.24	1.23	0.59	0.30	0.71
Constantemente	2.33	2.59	2.10	0.43	0.52	0.37	0.37	0.36	0.38
GALICIA									
Nunca	79.21	79.28	79.14	93.06	93.16	93.00	96.21	96.43	96.13
Algunhas veces	13.59	14.41	12.83	5.54	5.80	5.39	3.21	3.27	3.19
Moitas veces	5.67	4.99	6.31	1.25	1.03	1.38	0.20	0.00	0.28
Constantemente	1.53	1.33	1.72	0.14	0.00	0.23	0.38	0.30	0.41

Fonte: elaboración propia a partir da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia.






2. PRINCIPIOS, ESTRUCTURA, ÁREAS DE INTERVENCIÓN E OBXECTIVOS DO PLAN

2.1. PRINCIPIOS REITORES DO PLAN DE ACCIÓN


O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, baséase na perspectiva dos dereitos humanos, que está presente nas actuacións dirixidas a este colectivo, e inspírase nuns principios que se fundamentan no recoñecemento social da discriminación que lles afectan e da discriminación por razón de xénero, así como no marco normativo de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa, que á súa vez están recollidos na LIONDAU.


Ademais de ter en conta os valores-principios reitores sobre os que se sustenta o Plan de Actuación Social, Galicia 2010-2013¹⁰, este Plan fundaméntase nunha serie de principios que dan sentido ás numerosas propostas de actuación. Ata un total de dez, que constitúen o “**decálogo de principios do Plan**”:


-  **Non discriminación.** A pesar de que a actuación dos poderes públicos en materia de igualdade de oportunidades ven perseguindo desde hai anos principios de xustiza social, o certo é que continúan as situacións de discriminación, polo que é preciso deseñar e poñer en marcha accións que permitan mellorar a posición social das persoas con discapacidade. A discriminación prodúcese cando unha persoa con discapacidade é tratada, directa ou indirectamente, dunha maneira menos favorable que outra persoa que non teña unha discapacidade, nunha situación análoga ou comparable.
-  **Igualdade de oportunidades.** Ademais de corrixir situacións de discriminación é preciso conxugar o dereito á igualdade co dereito á diferenza, de tal maneira que todas as persoas obteñan o mesmo beneficio ou equivalente das políticas públicas. A igualdade neste sentido debe ser considerada como un valor en si mesmo: igualdade de trato e de recoñecemento das persoas con discapacidade. Ademais, esta concepción da igualdade de oportunidades **débese aplicar ás distintas tipoloxías de discapacidade**, de maneira que exista tamén un equilibrio entre elas nas actuacións que se promovan.
-  **Respecto pola diversidade.** É dicir, o respecto pola diferenza e aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e da condición humana. Este sector de poboación configura un colectivo moi diverso; a diversidade constitúe en si mesma un feito positivo que se debe respectar e mesmo propiciar, inculcando na sociedade este valor fundamental. O recoñecemento da diversidade ten implicacións importantes na práctica política, entre elas entender que o respecto á diversidade non exclúe a busca de referentes comúns, porque as persoas con discapacidade comparten os mesmos obstáculos e dificultades.


¹⁰ 1) Plena confianza en todas as persoas e as súas capacidades e iniciativas, máis alá das súas circunstancias, situación ou condición; 2) Aposta por impulsar o desenvolvemento de cidadáns activos e con ilusión, aos que queremos apoiar e acompañar no seu esforzo por medrar e desenvolverse individual e colectivamente; 3) A firme vontade de conseguir a plena igualdade de oportunidades entre as persoas; 4) a convicción de que a familia é un pilar social fundamental e que a súa promoción e protección redundarán en beneficio das persoas e da sociedade que as acolle; 5) Desenvolvemento integral dos servizos sociais como ferramenta de apoio ás persoas, promovendo o benestar mediante a creación de emprego e riqueza..




-  **Transversalidade das políticas en materia de discapacidade.** As actuacións que desenvolven as administracións públicas non deben limitarse unicamente a plans, programas e accións específicas, pensadas exclusivamente para estas persoas, senón que han de incluír as políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, nos que se terán en conta as necesidades e demandas das persoas con discapacidade. A transversalidade resulta imprescindible para a abordaxe integral das actuacións dirixidas a este sector de poboación, implicando para iso a diferentes departamentos administrativos, en función das súas competencias, na Comunidade Galega.

-  **Abordaxe integral.** É necesaria a adopción dun enfoque integrado na elaboración de políticas dirixidas ás persoas con discapacidade, no que hai que ter debidamente en conta as súas necesidades, incluíndo campos prioritarios como a educación, o ocio, o deporte, a cultura, a formación e o emprego, a atención sanitaria e a protección social. O PAIPDG contempla medidas en todos estes ámbitos co fin de que se manteña o maior tempo posible a plena capacidade funcional de cada persoa ao longo da súa vida. En definitiva, unha abordaxe multidimensional e o carácter interdisciplinar das actuacións.


-  **Autonomía e vida independente.** Recoñécese a necesidade de conseguir unha vida independente por parte das persoas con discapacidade que potencie as súas actividades e permita a plena participación en igualdade de oportunidades. Non se trata só de autonomía física, senón tamén da capacidade de autodeterminación e de toma de decisións sobre a propia vida, independentemente dos apoios externos requiridos. Trátase de facilitar o dereito a elixir. Desde este punto de vista, resulta de máxima importancia resaltar o dereito que teñen estas persoas a gozar dunha vida independente que lles permita desenvolver as súas potencialidades nun marco social de “normalidade”.


-  **Accesibilidade universal e deseño para todos/as.** Segundo a Lei 51/2003 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, a “accesibilidade universal” refírese á condición que deben cumprir os contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible. Presupón este principio a estratexia de “deseño para todas as persoas”. É dicir, a concepción, deseño ou planificación de contornos, procesos, bens... ten que realizarse de maneira que podan ser utilizados por todas e por todos, na maior extensión posible, tendo en conta que existen persoas moi diversas e que todas teñen dereito a utilizar e beneficiarse dese ben ou servizo.

-  **Transversalidade da perspectiva de xénero.** Significa que se deben ter en conta as cuestións relativas á igualdade de xénero de maneira transversal en todas as políticas e accións e non abordar este tema unicamente baixo un enfoque de accións directas e específicas a favor das mulleres. No ámbito da discapacidade precísase un reforzamento da aplicación do enfoque integrado de xénero nas políticas, programas, recursos e intervencións concretas, que se deseñen e implementen para conseguir a inclusión das persoas con discapacidade. A




planificación das actuacións ha de realizarse tendo en conta as necesidades diferenciadas de mulleres e homes, de maneira que elas e eles teñan un beneficio equivalente das intervencións públicas, desde a infancia ata as persoas maiores.


 **Diálogo civil.** Principio polo que as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias, participaron no proceso de elaboración do Plan, como partes implicadas no deseño das políticas, así como, posteriormente, na súa execución, seguimento e avaliación de todas as actuacións derivadas do mesmo. Contouse co movemento asociativo, co fin de recoller as súas achegas e perspectivas, conseguindo un consenso na priorización de áreas de intervención, de obxectivos xerais e daqueles obxectivos de carácter específico. Deste xeito, o goberno galego respondía ao que o Plan de acción 2005-2016 do Consello de Europa para as persoas con discapacidade dita no apartado de principios estratéxicos: *“as organizacións non gobernamentais de persoas con discapacidade son interlocutores competentes e cualificados para a elaboración de políticas, e que é convinte consultarlles como partes implicadas para calquera decisión que poda ter unha incidencia ou repercusión nas vida das persoas con discapacidade”*.

 **Cooperación e coordinación institucional.** Como corresponde a un plan de acción integral, resulta imprescindible a cooperación, colaboración e coordinación dos diferentes axentes implicados no ámbito obxecto do mesmo: a discapacidade. De aí que no seu deseño e elaboración se contase coa participación das diferentes Consellerías/Secretarías xerais da Xunta de Galicia con competencia nas materias que o integran¹¹, ademais das entidades de iniciativa social. Esta colaboración/coordinación continuará durante o proceso de execución, seguimento e avaliación do conxunto de medidas.

Neste Decálogo de principios, algúns constitúen, á súa vez, **obxectivos xerais do Plan que, pola súa importancia, xustifican a existencia dunha área de intervención específica**, en tanto que responden a necesidades que afectan a todas as persoas con discapacidade e a todas as instancias implicadas. Estase a falar dos seguintes:

 **Impulsar a accesibilidade universal.** Ademais de considerarse principio reitor do Plan inclúese unha **área específica coa finalidade de impulsar a accesibilidade a bens, contornos e servizos** como instrumento para garantir o dereito á plena participación, entendendo por isto a supresión de barreiras no sentido máis amplo: de transporte, arquitectónicas e urbanísticas, así como as relacionadas co acceso á información e á comunicación. É necesario progresar en materia de eliminación de obstáculos de acceso e na adopción do principio de concepción universal como condición que deben cumprir os contornos, produtos e servizos para que sexan **comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas** e impedir a creación de novas barreiras. As actuacións neste sentido han de potenciarse de forma planificada cara a conseguir da accesibilidade un principio básico de calidade en toda a xestión pública, pero tamén no sector privado.

¹¹ Ver en anexo 2, a relación de organismos/departamentos da administración autonómica que participan no Plan.

 **Promover a vida autónoma.** Trátase de que as persoas con discapacidade gocen da maior independencia e autodeterminación posibles, incluíndo, se así o desexan, a emancipación das súas familias. Este concepto defende unha participación máis activa das persoas con discapacidade na comunidade sobre unhas bases novas: como cidadáns e cidadás titulares de dereitos, suxeitos activos que exercen o seu dereito a tomar decisións sobre a súa propia existencia. De igual xeito que no caso anterior, ao tempo que actúa como **principio reitor do PAIPDG, non só no seu deseño, senón e sobre todo, na execución das accións**, inclúese unha área específica para reforzar as actuacións que nos permitan avanzar de xeito significativo na adquisición de autonomía persoal e independencia das persoas con algunha discapacidade, residentes en Galicia. En definitiva, o obxectivo é promover a súa autonomía e conseguir a súa plena inclusión na vida comunitaria; autonomía entendida como autonomía persoal e participación na toma de decisións, tanto no plano individual (sobre o seu propio corpo e opcións vitais), como no plano social.



 **Incluír a perspectiva de xénero.** O xénero constitúe unha das variables relacionadas cunha maior discriminación e responsable de grande parte das diferenzas atopadas entre homes e mulleres no exercicio dos dereitos. Desde moi diversas institucións e traballos de investigación, veuse poñendo en evidencia nas últimas décadas a dobre discriminación que sofren as mulleres con discapacidade que dificulta o seu desenvolvemento e participación en igualdade. De aí, a **urxencia dun reforzamento da aplicación do enfoque integrado de xénero** nas políticas, programas, recursos e intervencións en materia de discapacidade, pero tamén de **actuacións específicas para as mulleres deste colectivo**, motivos polos que se considera fundamental incluír unha área estratéxica de actuación específica na que deseñar metodoloxías e instrumentos para a aplicación da transversalidade de xénero nun ámbito/colectivo ata agora moi afastado das políticas efectivas de *mainstreaming*. O obxecto é garantir a igualdade de trato e de recoñecemento das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos da vida cotiá e no exercicio da súa cidadanía. Neste sentido, cabe subliñar que as estratexias serán fundamentalmente dúas: a integración da perspectiva de xénero e o establecemento de medidas de accións positiva.

Ilustración 1. Decálogo de principios reitores do Plan e confluencia con algunhas áreas de intervención.







2.2. ESTRUTURA XERAL DO PLAN


A estrutura do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013 definiuse tendo en conta os principios reitores de participación activa, integralidade e transversalidade e de maneira consensuada co movemento asociativo, como representante da poboación potencialmente destinataria do Plan.

O criterio de selección do modelo de estrutura que primou foi a facilidade de comprensión, operatividade e manexo, para o que era preciso unha estrutura sinxela, facilmente comprensible.

Partindo do máis xeral ao máis específico os **elementos estruturais do Plan** son os seguintes: área de intervención, obxectivos xerais, obxectivos específicos e actuacións.

-  **Áreas de intervención.** Definen cáles son as cuestións prioritarias en materia de discapacidade do Goberno Galego nos próximos anos. Cada área engloba as actuacións relacionadas cun ámbito de actividade, que en termos xerais, salvo algunha excepción (como accesibilidade) está relacionado coas competencias das diferentes consellerías do Goberno Galego responsables. **En definitiva**, ás áreas de intervención constitúen o dispositivo central do plan de acción.
-  **Obxectivos xerais.** Cada área inclúe un ou dous obxectivos xerais, que definen cara a onde camiña a intervención global do Plan en cada unha das áreas de actuación definidas.
-  **Obxectivos específicos.** Definen os compromisos de cambio que se adoptan no desenvolvemento do Plan en coherencia coas prioridades e co obxectivo xeral. Os obxectivos específicos cumpren a función de priorizar o que se pretende facer e de concretar, a través dos indicadores propostos e das avaliacións posteriores, o alcance dos resultados logrados. Os obxectivos específicos orientan as accións a desenvolver nese marco.
-  **Actuacións.** Actividades que se poñen en marcha para a consecución dos obxectivos. As actuacións constitúen propostas concretas e medibles para o desenvolvemento das áreas de intervención e sinalan o que se considera prioritario para a consecución dos obxectivos, xa sexa porque contribúen máis decisivamente á súa consecución ou porque constitúen un paso previo ao desenvolvemento de accións máis críticas e comprometidas, ou simplemente, porque son as que resultan factibles desde a perspectiva dos recursos dispoñibles, no marco temporal e económico no que se desenvolve o Plan. As actuacións propostas para un fin común han de ter unha lóxica que as conecta entre si, ben porque existe entre elas unha relación de continuidade –unhas dependen de outras– ou ben porque buscan o efecto acumulativo de perseguir o mesmo resultado desde diversos ámbitos e/ou mediante diferentes instrumentos.


Cada actuación vai acompañada da seguinte información descritiva:

-  As **persoas destinatarias e/ou entidades destinatarias.** No primeiro caso, establécese se se trata de actuacións que están dirixidas a persoas con discapacidade (ou grupos máis específicos dentro deste colectivo), ou ben á poboación en xeral, ou a profesionais con vinculación no ámbito da discapacidade, comunidade educativa, comunidade universitaria, familiares e/ou persoas cuidadoras... No segundo caso (entidades destinatarias) están incluídas as entidades que traballan no ámbito da discapacidade, centros educativos, centros de servizos sociais, asociacións...Unha

mesma actuación pode estar dirixida tanto a organismos ou entidades como ás persoas con discapacidade como destinatarias finais da actuación, combinándose ambas tipoloxías de axentes destinatarios nunha mesma intervención, segundo a natureza e obxectivos desta.

- 🌱 **Organismo/s responsable/s.** Isto é, o/s departamentos da Xunta de Galicia competente/s para impulsar e/ou executar a actuación¹², ou no seu caso, entidades de iniciativa social promotoras desta.
- 🌱 **Os indicadores de realización.** Permiten medir o grao de cumprimento de cada actuación, así como os resultados acadados polo Plan ao final da súa vixencia. En definitiva, son variables que permitirán realizar o seu seguimento, coñecer a súa realización efectiva e contribúen, así mesmo, á avaliación do seu impacto.
- 🌱 **Temporalización.** De maneira estimativa, sinálase en que anualidade ou anualidades se desenvolvería cada actuación.

Ilustración 2. Elementos estruturais do Plan



2.3. DISTRIBUCIÓN DE ÁREAS E OBXECTIVOS

O colectivo de persoas con discapacidade, heteroxéneo por definición, presenta unhas necesidades comúns para conseguir o seu pleno desenvolvemento persoal, que abarca o benestar emocional, as relacións interpersoais, o benestar material, o desenvolvemento persoal, o benestar físico, a autodeterminación a inclusión social, o goce dos dereitos etc.

Deste esta comprensión, e **en resposta** ás **necesidades** detectadas máis evidentes, ás **demandas do tecido asociativo** que representa ás persoas con discapacidade en Galicia e en **coherencia cos eixos**

¹² No anexo 2 preséntase a relación de todos os organismos administrativos que intervirán no desenvolvemento do Plan, ademais de ter participado, case todos eles, no seu deseño.

estratéxicos do Plan de actuación social de Galicia, 2010-2013¹³, definíronse un total de **dez áreas de prioritaria intervención**:

1. **Protección dos dereitos.** As persoas con discapacidade han de ter acceso ao sistema xurídico co mesmo título que o resto da cidadanía. A protección dos dereitos consiste en adoptar medidas apropiadas para reducir/suprimir a discriminación existente con respecto a estas persoas.
2. **Igualdade de xénero e transversalidade.** A situación das mulleres con discapacidade precisa dunha atención particular co fin de garantirles a súa independencia, autonomía e participación social. Máis importante é que a acción que se emprenda inclúa un enfoque integrado da igualdade de xénero na elaboración de políticas dirixidas ás persoas con discapacidade para conseguir a auténtica igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres que integran este colectivo.
3. **Accesibilidade.** Un contorno construído accesible e sen obstáculos, así como a concepción e posta en marcha de transportes accesibles, e o acceso á información e á comunicación favorecerán a igualdade de oportunidades, a autonomía, a participación activa na sociedade e o acceso á formación e ao emprego. A aplicación do principio de concepción universal permite establecer un contorno accesible e evitar a creación de novos obstáculos.
4. **Promoción da autonomía persoal.** A vida autónoma só é posible se a persoa vive dentro da sociedade e para isto son precisas políticas estratéxicas que favorezan o establecemento de estruturas de vida dentro da sociedade que van desde vivendas independentes a unidades de vivenda protexidas, e tamén servizos de apoio, de proximidade, centrados na persoa usuaria.
5. **Educación.** A igualdade de acceso á educación constitúe un dereito fundamental e un factor esencial de inclusión social e de interdependencia das persoas con discapacidade, que ha de ter lugar en todas as etapas da vida, respondendo aos principios de igualdade de oportunidades e de accesibilidade universal. Ademais, a súa inclusión en estruturas ordinarias contribúe á sensibilización da sociedade e a entender mellor a diversidade humana e as capacidades das persoas con discapacidade.
6. **Formación e emprego.** A formación para o emprego e o emprego son factores primordiais de inclusión social e de interdependencia económica das persoas con discapacidade. As súas posibilidades de formación e de encontrar un emprego vense reducidas polos seus déficits educativos, a súa discapacidade e os estereotipos e prexuízos. Fanse necesarias medidas de apoio que fortalezan a igualdade de acceso ao emprego.
7. **Recursos no ámbito dos Servizos Sociais.** Os servizos sociais contribúen en gran medida á calidade de vida das persoas usuarias. As persoas con discapacidade deben poder beneficiarse


¹³ Establece para as persoas con discapacidade en dous dos seus ámbitos sectoriais (promoción da autonomía persoal e atención a persoas con dependencia): o fomento de actividades formativas; a promoción da accesibilidade ao medio físico, transporte e ás comunicacións; orientación e apoio ás familias; a promoción da saúde e o benestar; a prevención da dependencia e, por último, a integración laboral das persoas con discapacidade.



de medidas de protección social axeitadas, nun plano de igualdade co resto da poboación. Para iso é preciso promover servizos específicos, respectando o principio de promoción da autonomía persoal.

8. **Saúde e atención sociosanitaria.** As persoas con discapacidade, ao igual que o resto de cidadás e cidadáns, necesitan dunha axeitada asistencia sanitaria e deben acceder nun plano de igualdade a servizos sanitarios de calidade. A este respecto é importante que os e as profesionais da sanidade teñan un enfoque máis social da discapacidade. Precísase, ademais, dunha coordinación efectiva entre os servizos sociais e os servizos sanitarios cara á prestación dunha atención sociosanitaria a aquelas persoas que demanden este tipo de atención.
9. **Atención temperá.** É preciso establecer unhas bases comúns cara a universalizar a atención temperá, mellorar a súa calidade e capacidade de atención, promovendo a colaboración interadministrativa para garantir unha atención integral e a optimización dos recursos económicos e humanos existentes.
10. **Cultura, deporte e tempo de lecer.** Para estar plenamente integradas na sociedade, as persoas con discapacidade teñen que poder participar nas actividades culturais, deportivas e recreativas. Por iso é importante adoptar medidas apropiadas para que tomen parte nas actividades desenvolvidas por organismos e entidades do ámbito da cultura, do deporte e do tempo de lecer e desenvolver e explotar as súas potencialidades no seu propio interese e no da colectividade.

Ilustración 3. Áreas de intervención do Plan



Para cada área de actuación formuláronse os respectivos **obxectivos xerais e os obxectivos específicos**. Un total de 38 obxectivos específicos establecen as metas a acadar a través das actuacións definidas, que se levarán a cabo durante o período de vixencia do Plan.

Para a definición de obxectivos tivéronse en conta tamén os obxectivos xerais fixados polo Plan de actuación social, 2010-2013, da Consellería de Traballo e Benestar, en relación ás persoas con discapacidade e que, de seguido, se sinalan:

- A mellora da autonomía persoal, a través da realización de servizos, programas e actuacións cuxa finalidade será axudar a manter, complementar ou, no seu caso, habilitar as capacidades das persoas.
- A promoción da accesibilidade no medio, os servizos e a comunicación.
- A promoción da calidade dos servizos, coa formulación e o control do cumprimento de criterios de calidade e excelencia.
- A promoción do emprego, con accións especialmente encamiñadas ao mantemento e creación de postos de traballo no sector privado e público.


A táboa 9 recolle para cada área, o número de obxectivos específicos e o número de actuacións formuladas en cada unha, así como o seu peso porcentual no conxunto do Plan, dato este último que se representa tamén no gráfico 21.

Táboa 9. Áreas de intervención, nº de obxectivos específicos e nº de actuacións. Peso porcentual.

ÁREA	Nº obxectivos específicos	Nº de actuacións	%
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	3	18	5,9%
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	4	28	9,2%
3 ACCESIBILIDADE	4	51	16,7%
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	4	34	11,1%
5 EDUCACIÓN	6	28	9,2%
6 FORMACIÓN E EMPREGO	5	47	15,4%
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	3	30	9,8%
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	3	22	7,2%
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	3	16	5,3%
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	3	31	10,2%
TOTAIS	38	305	100,0%



Gráfico 21. Áreas de intervención por orde decrecente do seu peso porcentual de actuacións no conxunto do Plan.



O cadro seguinte resume os tres primeiros elementos estruturais deste Plan galego dirixido ás persoas con discapacidade (áreas de actuación, obxectivos xerais e obxectivos específicos), consensuados polo primeiro grupo de traballo constituído para a súa elaboración, no que participaron activamente as principais entidades de iniciativa social do ámbito de discapacidade en Galicia, que conforman CERMI-Galicia, ademais da Secretaría Xeral de Política Social (anteriormente Dirección Xeral de de Dependencia e Autonomía Persoal) e a coordinación técnica externa especializada en planificación estratéxica no ámbito social (ver anexo 1, sobre Metodoloxía de elaboración).



Cadro resume: áreas, obxectivos xerais e obxectivos específicos (I)

ÁREA DE INTERVENCIÓN	OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
1. PROTECCIÓN DOS DEREITOS	Garantir e promover os dereitos das persoas con discapacidade.	<ol style="list-style-type: none">1. Promover información, formación e asesoramento ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e protección xurídica.2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
2. AREA DE IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERESALIDADE	Garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade cara á súa plena participación na vida social, cultural, económica, política.	<ol style="list-style-type: none">1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos incidindo na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.3. Previr e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.
3. ACCESIBILIDADE	Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condición co resto da poboación.	<ol style="list-style-type: none">1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación.2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e comunicación, aos bens, produtos... en igualdade de condicións que o resto da poboación.4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.
4. PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	Promover a autonomía para as persoas con discapacidade e asegurar a súa plena inclusión na vida comunitaria	<ol style="list-style-type: none">1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a importancia da autonomía persoal das persoas con discapacidade.4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.
5. EDUCACIÓN	Garantir unha educación infantil, primaria, secundaria e post-obrigatoria de calidade nun marco integrador e normalizador, favorecendo a súa calidade e carácter público.	<ol style="list-style-type: none">1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.3. Formar e capacitar aos/ás profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.4. Garantir un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade que o resto de alumnado.5. Procurar unha educación post-obrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.6. Facilitar ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma.



Cadro resume: áreas, obxectivos xerais e obxectivos específicos (II)

ÁREA DE INTERVENCIÓN	OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
6. FORMACIÓN E EMPREGO	<p>Formar as persoas con discapacidade para a súa axeitada incorporación ao mercado laboral</p> <p>Mellorar a empregabilidade e a calidade do emprego das persoas con discapacidade, combatendo activamente a súa discriminación.</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.5. Apoiar o emprego protexido, especialmente desde a Administración Pública.
7. RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	<p>Mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.2. Diseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade
8. SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	<p>Garantir unha prevención, rehabilitación e asistencia sociosanitaria das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Regular o espazo sociosanitario.2. Diseñar procesos que garanten unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios desde unha perspectiva de atención integral.
9. ATENCIÓN TEMPERÁ	<p>Universalizar a atención temperá, mellorando a súa calidade e capacidade de atención.</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.
10. CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	<p>Promover a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como o seu adestramento, formación e recursos en igualdade de condicións que as demais persoas</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas de ocio e tempo libre normalizadas.3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade



3. ACTUACIÓNS DO PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA, 2010-2013

3.1 Area 1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS

3.1.1. Fundamentos e descrición

Como xa se comentou con anterioridade, as persoas con discapacidade constitúen un sector da poboación moi heteroxéneo, pero teñen en común a necesidade de garantías suplementarias para gozar plenamente dos seus dereitos e participar na sociedade en igualdade co resto da cidadanía. Esta necesidade corrobórase, ademais, polas iniciativas adoptadas neste sentido no ámbito internacional e estatal.

O **principio de non discriminación** debe ser o fundamento de toda política governamental dirixida a garantir a igualdade de oportunidades dos homes e das mulleres con discapacidade, un dos dez principios que rexen este Plan de actuación.

Nunha sociedade democrática, **o acceso ao sistema xurídico é un dereito fundamental**. Porén, as persoas con discapacidade atópanse a miúdo con dificultades, incluídos os obstáculos físicos e da comunicación. Faise necesaria a posta en marcha dunha serie de medidas e de accións positivas, así como dunha sensibilización dos e das profesionais do ámbito xurídico coas cuestións relativas á discapacidade, pois, aínda que o sistema de dereitos humanos actual ten como obxecto promover e protexer os dereitos das persoas con discapacidade, as normas e os mecanismos existentes, de feito, non proporcionan a protección axeitada para os casos concretos destas persoas.

O 13 de decembro de 2006 aprobouse a **Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade**. A aprobación por parte da ONU desta Convención supón a materialización dunha reivindicación antiga e sostida do movemento asociativo, presentada ás instancias internacionais coa intención de avanzar no recoñecemento da sociedade sobre as aspiracións, demandas e inxerencias das persoas con discapacidade e das súas familias. O propósito é promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade e promover o respecto da súa dignidade inherente (Art. 1).

A aprobación da Convención marca un cambio no “concepto de discapacidade” pasando dunha preocupación en materia de benestar a unha cuestión de dereitos humanos. Baséase no concepto de “diversidade” máis que nas limitacións. Os estados partes comprométense a elaborar e poñer en práctica políticas, leis e medidas administrativas para asegurar os dereitos recoñecidos na Convención e abolir as leis, regulamentos e prácticas que constitúen discriminación.

España ratificou a Convención da ONU e o seu Protocolo Facultativo, entrando en vigor neste país o día 3 de maio de 2008. Desde esa data, a Convención forma parte plenamente do ordenamento xurídico español e é invocable ante as autoridades políticas, xudiciais e administrativas. Os seus dispositivos de garantía, protección e amparo están vixentes e agora corresponde **dala a coñecer e difundila**, para que as persoas con discapacidade tomen coñecemento e conciencia de que contan cun novo instrumento



para a eficacia dos seus dereitos, pero tamén para que profesionais de diferentes ámbitos, e a sociedade en xeral, coñezan os contidos da mesma. Nela fálase do respecto pola diferenza e a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e da condición humana.

A Convención servirá para aclarar as obrigas dos estados partes cara a este grupo de poboación. Entre elas, as de realizar as modificacións legislativas necesarias no ámbito nacional para implementar as súas obrigas legais derivadas deste novo instrumento internacional.

Por exemplo, é importante coñecer e facer efectivo o artigo 13 da Convención, sobre o acceso á xustiza:

1. *Os estados partes asegurarán que as persoas con discapacidade teñan acceso á xustiza en igualdade de condicións coas demais, mesmo mediante axustes de procedemento e axeitados á idade, para facilitar o desempeño das funcións efectivas desas persoas como participantes directas e indirectas, incluída a declaración como testemuñas en todos os procedementos xudiciais, con inclusión da etapa de investigación e outras etapas preliminares.*
2. *Co fin de asegurar que as persoas con discapacidade teñan acceso efectivo á xustiza, os estados partes promoverán a capacitación axeitada de quen traballan na administración de xustiza, incluído o persoal policial e de centros penais.*

Ou levar a cabo medidas cara a facer efectivo o artigo 8 da Convención das Nacións Unidas, sobre toma de conciencia:

1. *Os estados partes comprométense a adoptar medidas inmediatas, efectivas e pertinentes para:*
 - a) *Sensibilizar a sociedade, mesmo no ámbito familiar, para que tome maior conciencia respecto das persoas con discapacidade e fomentar o respecto dos dereitos e a dignidade destas persoas;*
 - b) *Loitar contra os estereotipos, os prexuízos e as prácticas nocivas respecto das persoas con discapacidade, incluídos os que se basean no xénero ou a idade, en todos os ámbitos da vida;*
 - c) *Promover a toma de conciencia respecto das capacidades e achegas das persoas con discapacidade.*

Doutra banda, a Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade ten por obxecto establecer medidas para garantir e facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, conforme aos artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución.

A estes efectos, enténdese por igualdade de oportunidades a ausencia de discriminación, directa ou indirecta, que teña a súa causa nunha discapacidade, así como a adopción de medidas de acción positiva orientadas a evitar ou compensar as desvantaxes dunha persoa con discapacidade para participar plenamente na vida política, económica, cultural e social. Por outro lado, a tutela xudicial efectiva do dereito á igualdade entre mulleres e homes que contempla a inversión da carga da proba e o asesoramento público institucional con persoal formado nos procesos contencioso-administrativos, civís e sociais, implica un cambio substancial na protección xurídica das persoas con discapacidade, especialmente das mulleres.



Na Comunidade galega, ante a obriga do goberno autonómico de prestar unha atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade incapacitadas xudicialmente ou incursas nun procedemento de incapacitación, que se atopan en situación de desamparo e das que a autoridade xudicial competente atribúe a súa protección á Xunta de Galicia, mediante as figuras xurídicas da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens, no ano 1996 a Xunta creou a Fundación Galega para a Tutela de Adultos. En 2006 procedeuse á modificación dos seus estatutos, que supuxo a ampliación dos fins da Fundación, a modificación da súa estrutura orgánica e o cambio na súa denominación: agora *Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*.

Desde o mesmo nacemento da Fundación as funcións protectoras que lle foron encomendadas medraron anualmente de forma considerable, pasando de 68, en 1997, a preto de 1.500, en 2009. Tendencia á alza que se prevé continúe a curto-medio prazo (situación non desexable en canto que nun futuro as fundacións tutelares privadas deberían asumir maior carga de persoas usuarias). Por esa razón vaiase proceder á elaboración dun plan de acción para adaptar a estrutura da Fundación á realidade diaria do seu traballo e así mellorar a atención prestada ás persoas tuteladas, grazas a un funcionamento máis áxil e eficaz, ao tempo que se da a coñecer o seu labor.

A pesar de todo o dito anteriormente detéctanse moitas insuficiencias. O movemento asociativo do ámbito da discapacidade en Galicia, coñecedor das situacións de cotío coas que se atopan as persoas con discapacidade no noso país da conta disto. Pese aos diversos instrumentos e actuacións seguen atopando barreiras para participar en igualdade de condicións coas demais persoas na vida social.

As persoas con discapacidade intelectual, trastornos do desenvolvemento e/ou con enfermidade mental seguen a necesitar apoios importantes nos procesos de incapacitación xudicial. Así mesmo, detéctase un descoñecemento importante por parte das familias e/ou das persoas coidadoras sobre as implicacións da tutela ou dos procesos sobre a capacidade das persoas, ou das funcións das fundacións tutelares privadas que tamén é preciso someter a inspección. Tamén é preciso mellorar os protocolos de actuación para traslados e ingresos involuntarios.

Doutra banda, seguen atopándose situacións nas que os e as profesionais da xudicatura descoñecen as características das diferentes tipoloxías de discapacidade, dándose situacións nas que non se trata de maneira axeitada á persoa con discapacidade, porque imperan os estereotipos tan presentes na sociedade actual sobre este grupo de poboación. As barreiras físicas e da comunicación seguen a ser tamén un obstáculo importante nos procesos xudiciais...

Dada a importancia vital de todas estas cuestións o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, contempla, como primeira área de intervención, a de “**protección dos dereitos**”, co obxectivo básico de **garantir e promover os dereitos das persoas con discapacidade**.



As persoas con discapacidade "son per se" capaces e con dereitos, pero hai que procurarllelos apoios necesarios para que teñan garantidos os seus dereitos recoñecendo a importancia que para elas ten a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións.

Para iso, **promoverase información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e protección xurídica** (*obxectivo específico 1*). Porque, en primeiro lugar, as propias persoas con discapacidade han de coñecer os seus dereitos fundamentais, pero tamén as familias e, por suposto, as e os profesionais dos diferentes ámbitos que traballan con este colectivo. Para iso elaborárase unha ampla guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade que tratará diversos contidos: ingresos involuntarios, procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas, pautas de cribaxe...; realizaranse accións informativas (mediante charlas informativas ou semellantes) sobre as funcións, dereitos e deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das persoas titoras, do resto de familiares así como dos e das profesionais (de centros residenciais, de servizos sociais comunitarios, colexios profesionais etc.), e evitar os conflitos debidos a este descoñecemento etc.

Outra bloque de actuacións está dirixido a **garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica** (*obxectivo específico 2*). Traballarase na liña de reforzar as medidas de accesibilidade e establecer mecanismos que eviten situacións de indefensión e que garantan ás persoas con discapacidade un trato en igualdade de condicións que o resto da poboación nos procesos xudiciais. Tamén se contempla o deseño e posta en marcha do Plan de actuación da Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia cara a optimizar os recursos dispoñibles para prestar un servizo de calidade.

Por último, é preciso **desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade** (*obxectivo específico 3*). Para iso, entre outras medidas, procederáase a inspeccionar as fundacións tutelares privadas e os centros dependentes das mesmas; regularase o exercicio de potestade sancionadora prevista no título I da Lei 49/2007 de 26 de decembro que establece o réxime de infraccións e sancións nesta materia en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade; desenvolveranse medidas para a difusión da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, accións de sensibilización social, incidindo na perspectiva de xénero, para reforzar a imaxe positiva deste sector da poboación; elaborárase unha guía de boas prácticas informativas dirixida a profesionais dos medios de comunicación; ou procurárase a inclusión de programas nos diferentes medios audiovisuais que promovan actitudes e condutas positivas cara ás persoas con discapacidade, de maneira especial ás mulleres.



3.1.2 Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Garantir e promover os dereitos das persoas con discapacidade.	<ol style="list-style-type: none">1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e protección xurídica.2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

Obxectivo específico 1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e protección xurídica.

ACTUACIÓN 1 Protocolizar co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e demais axentes implicados o proceso de traslado e ingreso involuntario en centros de servizos sociais.

Persoas/entidades destinatarias Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia – FUNGA Inspección de centros da S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar Traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios Xulgados Fiscalía	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros)
Temporalización 2011	Indicadores de realización Protocolo elaborado Nº de ingresos nos que se utiliza o protocolo, por ano

ACTUACIÓN 2 Elaborar un protocolo e un modelo único de autorización para o uso de medidas de suxeición e de contención en centros de persoas con discapacidade do ámbito social e que se poida facer extensivo ao ámbito sanitario (coa colaboración do movemento asociativo).

Persoas/entidades destinatarias Directores/as de centros Profesionais dos Servizos Sociais Profesionais do ámbito sociosanitario Inspección de centros da S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar Fiscalía Xulgados	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros) Fiscalía
Temporalización 2011	Indicadores de realización Protocolo elaborado



ACTUACIÓN 3 Elaborar e divulgar unha guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade, abordando temas como: ingresos involuntarios, procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas, pautas de cribaxe, información sobre as fundacións tutelares de Galicia... Inclúe a realización dunha campaña de difusión mediante a súa inclusión na web, realización de xornadas divulgativas e semellantes.

Persoas/entidades destinatarias Directores/as de centros Profesionais dos Servizos Sociais Profesionais do ámbito sociosanitario Profesionais do movemento asociativo Fundacións tutelares e demais persoas interesadas	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros) Fiscalía Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia – FUNGA
Temporalización 2011	Indicadores de realización Guía informativa publicada Nº de exemplares divulgados, por ano Nº de visitas/descargas en web, por ano

ACTUACIÓN 4 Promover a realización de accións informativas (mediante charlas ou semellantes) sobre os dereitos e deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das súas persoas titoras e do resto de familiares, así como dos e das profesionais para evitar conflitos derivados do descoñecemento nesta materia.

Persoas/entidades destinatarias Persoas titoras e outras persoas da familia Profesionais de centros residenciais, de servizos sociais comunitarios, colexios profesionais..	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social (en colaboración coa Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia – FUNGA)
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de accións informativas previstas, por ano Nº de accións informativas realizadas, por ano Nº de persoas participantes, por sexo % de persoas titoras sobre o total de asistentes

ACTUACIÓN 5 Dar continuidade ao programa de adopcións especiais dirixido especificamente a asesorar, formar e acompañar a familias adoptantes de nenos ou nenas con especiais dificultades, entre elas as derivadas dunha discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias Familias adoptantes de nenos ou nenas con especiais dificultades, entre elas as derivadas dunha discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de adopcións especiais realizadas, por ano

ACTUACIÓN 6 Incluír no Plan de formación anual que se realiza a través da Escola Galega de Administración Pública accións formativas sobre menores con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias Profesionais que traballan na Área de adopción	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas, por ano Nº de accións formativas realizadas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano



ACTUACIÓN 7 Promover accións formativas en materia de discapacidade en distintas disciplinas universitarias vinculadas ao ámbito xurídico, así como proxectos de fin de grao co fin de poder dispor nun futuro de profesionais con formación e sensibilización neste ámbito.

Persoas/entidades destinatarias

Alumnado universitario
Persoal docente universitario

Organismo/s responsable/s

Universidades

Temporalización

2011 e ss

Indicadores de realización

Nº de accións formativas, por ano
Nº de persoas formadas, por sexo e ano

Obxectivo específico 2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.

ACTUACIÓN 1 Establecer un protocolo de actuación para os xulgados no que se establezan os mecanismos que eviten situacións de indefensión e que garantan ás persoas con discapacidade un trato en igualdade de condicións que o resto da poboación de acordo coa súa idade e as súas capacidades.

Persoas/entidades destinatarias

Persoal de xulgados de todas as categorías profesionais

Organismo/s responsable/s

CERMI Galicia
D.X. de Xustiza

Temporalización

2011

Indicadores de realización

Protocolo elaborado
Nº de xulgados onde se difunde

ACTUACIÓN 2 Prestar o apoio necesario para garantir unha información accesible (braille, intérprete linguaxe de signos e outros sistemas alternativos da comunicación) ás persoas con discapacidade nos procedementos xudiciais nos que sexan parte procesual.

Persoas/entidades destinatarias

Persoas con discapacidade que se atopan nun proceso xudicial

Organismo/s responsable/s

D.X. de Xustiza

Temporalización

2010 e ss

Indicadores de realización

Nº de intervencións de apoio realizadas, por ano e tipoloxía
Nº de persoas ás que se prestou apoio mediante procedementos accesibles específicos, por sexo e ano

ACTUACIÓN 3 Diseñar e poñer en marcha un plan de actuación da Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia – FUNGA para adaptar a estrutura da Fundación á realidade diaria do traballo e así mellorar a atención prestada ás persoas tuteladas, conseguir un funcionamento máis áxil e eficaz e dar a coñecer o seu labor e funcionamento.

Persoas/entidades destinatarias

Persoas incapacitadas baixo a tutela da FUNGA

Organismo/s responsable/s

Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia – FUNGA

Temporalización

2010

Indicadores de realización

Deseño do plan e posta en marcha



Obxectivo específico 3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

ACTUACIÓN 1	
Promover a inspección das fundacións tutelares privadas e os centros de atención dependentes das mesmas.	
Persoas/entidades destinatarias Fundacións tutelares privadas	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros)
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de inspeccións efectuadas, por ano. % de fundacións tutelares privadas inspeccionadas sobre o total de fundacións tutelares privadas
ACTUACIÓN 2	
Regular o exercicio de potestade sancionadora prevista no título I da Lei 49/2007 de 26 de decembro que establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, na Comunidade Autónoma de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Publicación da norma reguladora
ACTUACIÓN 3	
Poñer en marcha un sistema de arbitraje para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a constitución dunha Xunta arbitral.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2012	Indicadores de realización Constitución da xunta arbitral e posta en marcha Nº de queixas ou reclamacións tramitadas a través do sistema arbitral /ano
ACTUACIÓN 4	
Desenvolver medidas para a difusión da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade e familias Profesionais de todos os ámbitos relacionados Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social CERMI Galicia
Temporalización 2012	Indicadores de realización Nº de actuacións de difusión previstas, por ano Nº de actuacións de difusión realizadas, por ano



ACTUACIÓN 5	Elaborar documento de recomendacións para garantir unha atención axeitada das persoas con discapacidade que se atopan institucionalizadas por parte do persoal dos respectivos centros. Trátase de lograr unha mellor atención das persoas que están internadas, facilitando pautas sobre como tratar a estas, en función da tipoloxía de discapacidade.
Persoas/entidades destinatarias Persoal de atención directa Profesionais dos centros de atención ás persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s CERMI S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Documento de recomendacións elaborado Nº de centros nos que se difunde
ACTUACIÓN 6	Deseñar e executar accións de sensibilización social sobre as persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero e reforzando a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade. Inclúe: campaña institucional de celebración do día mundial das persoas con discapacidade, estudar a posibilidade dun spot publicitario como elemento para a sensibilización social, tratar de forma periódica unha noticia sobre a realidade das persoas con discapacidade e/ou o movemento asociativo na CRTVG, xornada informativo- formativa con responsables de primeiro nivel dos medios de comunicación...
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral Profesionais dos medios de comunicación	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios Colaboración da S.X. da Igualdade e da S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de accións de sensibilización previstas, por ano Nº de accións de sensibilización executadas, por ano Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo (en caso de xornadas e semellantes)
ACTUACIÓN 7	Elaborar unha guía de boas prácticas informativas dirixidas a profesionais da comunicación para establecer mecanismos de autocontrol sobre a transmisión estereotipada da imaxe das persoas con discapacidade.
Persoas/entidades destinatarias Profesionais dos medios de comunicación	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Guía de boas prácticas elaborada Nº de exemplares publicados Nº de visitas realizadas a ese espazo da web Nº de descargas realizadas.
ACTUACIÓN 8	Incluír programas nos diferentes medios audiovisuais que promovan actitudes e condutas positivas cara ás persoas con discapacidade, de maneira especial no caso das mulleres, para conseguir unha visibilización axeitada deste colectivo.
Persoas/entidades destinatarias Responsables de medios audiovisuais Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar S.X. de Medios
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Programas estimados, por ano Programas efectivamente desenvolvidos, por ano

3.2. Área 2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

3.2.1. Fundamentos e descrición

O xénero e a discapacidade interactúan situando ás mulleres con discapacidade nunha posición de desigualdade fronte aos homes que tamén posúen algunha discapacidade e en relación co resto de mulleres e homes. Ás discriminacións resultantes desta dobre condición, ser mulleres e ter unha discapacidade, súmanse outras derivadas da súa clase social, etnia etc., sendo a discriminación por razón de xénero transversal a toda esta cadea de discriminacións.

As mulleres con discapacidade, por razón do seu rol de xénero, afrontan desigualdades no acceso e control dos recursos (espazos de participación social e a toma de decisións e a bens e servizos públicos..), no goce dos seus dereitos fundamentais (como os sexuais e reprodutivos) e na súa situación e posición social con respecto ao emprego, á educación formal, á xustiza, á protección social, ás relacións afectivas; mesmo en relación á súa auto-percepción e a imaxe que delas presentan os medios de comunicación e a sociedade en xeral. De todo iso derivase unha situación e posición social de discriminación múltiple que condiciona a súa autonomía, así como imprime unha especificidade ás súas necesidades e intereses estratéxicos.

As propias mulleres con discapacidade, así como líderes en movementos asociativos e persoas expertas, veñen considerando que a discriminación que sofren é semellante á que afecta a toda a poboación con discapacidade, cun *plus* engadido polo feito de ser mulleres. O “*Manifiesto europeo de mulleres con discapacidade*” desvelou que os papeis atribuídos pola sociedade a estas mulleres son distintos aos que se lles asigna ás mulleres en xeral e precisa dun enfoque específico, innovador e prolongado no tempo, ata conseguir que se estableza unha situación de equidade.

Doutra banda, compre destacar o que sinala a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, no punto 2 do artigo 8, sobre medidas de acción positiva:

“os poderes públicos adoptarán as medidas de acción positiva suplementarias para aquelas persoas con discapacidade que obxectivamente sofren un maior grao de discriminación ou presenten menor igualdade de oportunidades, como son as mulleres con discapacidade, as persoas con discapacidade severamente afectadas, as persoas con discapacidade que non poden representarse a si mesmas ou as que padecen unha máis acusada exclusión social por razón da súa discapacidade, así como as persoas con discapacidade que viven habitualmente no ámbito rural”.

A análise do contexto político-administrativo pon de manifesto que **as políticas públicas dirixidas ás persoas con discapacidade teñen moito que progresar en canto á introdución da perspectiva de xénero**, nun momento no que hai que poñer un grande énfase na igualdade de oportunidades entre

homes e mulleres, en resposta ao que dita a normativa vixente en termos de igualdade de xénero. A óptica de xénero debe utilizarse nas formas actuais de tratar a discapacidade e considerarse en calquera política que se proxecte e en todo o ciclo vital da persoa, desde nenas a mulleres maiores.

En 2007 o Goberno de España puxo en marcha o Plan de acción para as mulleres con discapacidade. Seguiron os seus pasos outras comunidades autónomas e mesmo organizacións do terceiro sector como CERMI, que deseñou e implementou o 1º Plan integral de acción para mulleres con discapacidade, 2005-2008.

A pesar do que recollen as leis de igualdade entre homes e mulleres, estatal e autonómica¹⁴, en relación ao principio de *mainstreaming*, que se leva promovendo desde hai varios anos, e de que, como xa se sinalou no capítulo 2, a igualdade de xénero constitúe un principio reitor deste Plan, é necesario e moi importante incluír esta área específica de actuación dentro do Plan, dada a gran dificultade para interiorizar unha metodoloxía de traballo na que se considere de maneira transversal as cuestións de xénero. Unha área que, pola súa importancia, se incorpora xustamente a continuación da área de protección dos dereitos e na que se contemplan medidas concretas dirixidas a reforzar a visión de xénero de todos os axentes implicados no seu deseño e execución.

O obxectivo último é traballar cara a unha prestación de servizos no ámbito da discapacidade cuxa planificación e desenvolvemento teña en conta a variable xénero, como condicionante básico para responder de maneira efectiva ás verdadeiras necesidades das mulleres e dos homes deste colectivo; e, en definitiva, para garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade cara á súa plena participación na vida social, cultural, económica e política.

Isto cobra máis relevancia cando se analizan os datos estatísticos da discapacidade en Galicia, segundo os cales máis da metade de persoas con discapacidade na Comunidade galega son mulleres.

Outros datos procedentes de distintos censos, enquisas e dos escasos estudos existentes, proban que as mulleres con discapacidade, como grupo, ocupan un estatus inferior na sociedade, encontrándose nunha situación de enorme desvantaxe social, económica, educativa e profesional.

Da consulta das táboas estatísticas extraídas da “Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia” (EDAD 2008), desenvolvida polo INE co apoio do Ministerio de Sanidade e Política Social e o sector da discapacidade (Fundación ONCE, CERMI e FEAPS), obsérvase que das 3.847.900 persoas con discapacidade 2.300.200 (59.7%) son mulleres, das cales 778.200 atópanse en idade de traballar; delas, só 184.300 traballan (o 23.68%) e 58.200 están en situación de desemprego. O resto, é dicir, 502.999, por razóns moi diversas, non consideraron a posibilidade de acceder ao mercado de traballo, segundo arroxa a citada enquisa. Os datos diferenciadores máis significativos con respecto aos homes no que respecta á relación coa actividade atópanse na percepción de pensión (contributiva ou non contributiva): 68% de homes, fronte ao 36,1% de mulleres; ou na situación de “outros inactivos”: 6,1% de homes, fronte ao 27,1 de mulleres.

¹⁴ Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

A igualdade entre mulleres e homes con discapacidade implica que:

- 🌸 A planificación de cada actuación ha de levarse a cabo **desde as necesidades diferenciadas de mulleres e de homes con discapacidade**.
- 🌸 Deberá ter unha **presenza e participación equilibrada** de ambos sexos.
- 🌸 As mulleres e os homes con discapacidade deberán obter un **beneficio equivalente das intervencións públicas**.
- 🌸 A **información** que se facilite e se ofrezca deberá estar **desagregada sempre por sexo**.
- 🌸 A igualdade entre xéneros debe ser considerada **en todos os tramos de idade**.

A discriminación múltiple das mulleres con discapacidade non é produto dunha suma das necesidades que xorden da discapacidade e do xénero, senón que ao conxugarse ambas variables, prodúcese unha situación diferente e especial que é preciso coñecer e recoñecer co fin de dispoñer dun instrumento operativo, como é o presente Plan de acción integral, que permita dar resposta ás necesidades desta situación específica, e así favorecer o acceso á igualdade de oportunidades e o goce pleno dos dereitos deste colectivo de mulleres.

As formas de abordar as desigualdades que afectan ás mulleres con discapacidade, en realidade, foron establecidas no marco das políticas de igualdade. Queda pendente atopar os mecanismos axeitados para facelas extensivas ás políticas públicas que afectan ás mulleres con discapacidade e para que “traspasen o papel”, sexan aplicadas de feito e se visibilice o seu impacto sobre:

- 🌸 A mellora da situación e posición social das mulleres con discapacidade, así como o incremento da súa autonomía económica, social e persoal.
- 🌸 A eliminación da discriminación que, por razón de xénero, afecta a este grupo de poboación.

As estratexias para alcanzar estes obxectivos son, fundamentalmente, dúas:

- 🌸 A **incorporación da perspectiva de xénero e o obxectivo da igualdade** nos procedementos, nas metodoloxías e nas actuacións en política pública, en todas as fases e en todos os niveis de intervención, facéndoo extensible a todas as organizacións.
- 🌸 O desenvolvemento de **medidas de acción positiva**, dirixidas a compensar a situación de desigualdade que afecta ás mulleres con discapacidade.

Estas estratexias son as que fundamentan as actuacións recollidas neste Plan e nesta área. Agrúpanse arredor de catro obxectivos específicos que actúan como guía das metas a alcanzar desde esta área de intervención.

En primeiro lugar, **establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013 (obxectivo específico nº 1)**, en resposta ás esixencias normativas actuais non só autonómica e estatal, senón tamén de órganos de rango superior, para facer efectivo o principio de transversalidade de xénero nas políticas públicas.



É preciso tamén implementar actuacións específicas para **promover a participación nos diferentes ámbitos das mulleres con discapacidade, incidindo na mellora da súa autoimaxe/autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección practicando unha socialización igualitaria libre de estereotipos sociais sobre xénero e discapacidade** (*obxectivo específico nº 2*), para **prever e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade** (*obxectivo específico 3*), considerando a detección precoz de situacións violentas, a formación de profesionais, campañas de sensibilización..., e para **promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade** (*obxectivo específico 4*).

3.2.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións

Área 2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade cara á súa plena participación na vida social, cultural, económica, política.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013. 2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos incidindo na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade. 3. Prever e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade. 4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.

Obxectivo específico 1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.

ACTUACIÓN 1	Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste Plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.
Persoas/entidades destinatarias As persoas/entidades destinatarias das actuacións do Plan	Organismo/s responsable/s Todos os organismos implicados na execución do plan
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de actividades formativas nas que se incorporou a perspectiva de xénero, por ano
ACTUACIÓN 2	Dar prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste Plan.
Persoas/entidades destinatarias Organismos e entidades implicadas no desenvolvemento de actuacións no marco deste Plan	Organismo/s responsable/s Todos os organismos implicados na execución do Plan
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de programas/actuacións nas que se incorporou dita priorización, por ano



ACTUACIÓN 3 Definir un sistema de indicadores que permita avaliar o impacto de xénero das actuacións que se leven a cabo no marco do Plan.	
Persoas/entidades destinatarias Organismos e entidades implicadas no desenvolvemento de actuacións no marco deste Plan	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social, coa colaboración de todos os organismos implicados no plan
Temporalización 2010	Indicadores de realización Sistema de indicadores definido
ACTUACIÓN 4 Realizar un estudo da discapacidade en Galicia, con perspectiva de xénero, para coñecer a través de técnicas cualitativas e cuantitativas a verdadeira situación, necesidades e expectativas das mulleres e dos homes con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade na C.A. de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social S. X. da Igualdade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Informe de resultados do estudo
ACTUACIÓN 5 Facer mención e atención explícita ás mulleres con discapacidade nas políticas de acción positiva dirixidas ás mulleres galegas da Secretaría Xeral da Igualdade (ou departamento equivalente).	
Persoas/entidades destinatarias Mulleres con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Convocatorias nas que se inclúen medidas de acción positiva, por ano Nº de medidas de acción positiva, por convocatoria
ACTUACIÓN 6 Incluir nas convocatorias de axudas para persoas con discapacidade da Secretaría Xeral de Política Social (ou departamento equivalente) medidas de acción positiva para as mulleres.	
Persoas/entidades destinatarias Mulleres con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Convocatorias nas que se inclúen medidas de acción positiva, por ano % de convocatorias con medidas de acción positiva sobre o total de convocatorias Nº de medidas de acción positiva incluídas, por ano
ACTUACIÓN 7 Incorporar contidos sobre as mulleres con discapacidade no CD interactivo elaborado para impartir o módulo transversal sobre igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes e corresponsabilidade, nos cursos de formación financiados e/ou promovidos pola Consellería de Traballo e Benestar	
Persoas/entidades destinatarias Persoal docente e alumnado dos cursos de formación financiados e/ou promovidos pola Consellería de Traballo e Benestar	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación. S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar.
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de temas/módulos que fan referencia ás mulleres con discapacidade.



ACTUACIÓN 8 Ter en conta o binomio “discapacidade e xénero” nas accións de control de convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero.	
Persoas/entidades destinatarias Empresas con sede na C.A. de Galicia- convenios colectivos	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de accións de control efectuadas considerando dito binomio, por ano
ACTUACIÓN 9 Propor que unha das tres persoas que forman parte, como expertas, da Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (Consello Galego de Relacións Laborais) teña coñecementos/experiencia en materia de discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Consello Galego de Relacións Laborais- Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre homes e mulleres	Organismo/s responsable/s Consello Galego de Relacións Laborais. S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar.
Temporalización 2011	Indicadores de realización Número de informes referentes a cláusulas en materia de igualdade e discapacidade nos convenios colectivos galegos
ACTUACIÓN 10 Revisar na orde anual de convocatoria pública as condicións do programa de “apoio ás empresas para que habiliten lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas que garantan o dereito á conciliación”, de maneira que se valoren as características específicas das mulleres con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Pemes con sede na Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s Dirección Xeral de Relacións Laborais. S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar.
Temporalización 2011	Indicadores de realización Modificacións efectuadas na orde
ACTUACIÓN 11 Realizar recomendacións sobre “xénero e discapacidade” ás empresas que vaian a implantar un plan de igualdade.	
Persoas/entidades destinatarias Empresas con sede na C.A. de Galicia que implanten un plan de igualdade	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº estimado de empresas que recibirán recomendacións, por ano Nº de empresas que recibiron recomendacións, por ano % de empresas que recibiron recomendacións sobre o total das que implantaron un plan de igualdade
ACTUACIÓN 12 Considerar de maneira específica a discapacidade na Comisión permanente para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, dependente do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral – ISSGA, de maneira que unha das persoas vogais teña coñecementos/experiencia na materia.	
Persoas/entidades destinatarias ISSGA– Comisión permanente para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais	Organismo/s responsable/s ISSGA. S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nomeamento do/a vogal



Obxectivo específico 2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos incidindo na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Facilitar a participación das mulleres con discapacidade en foros e/ou eventos, que traten sobre a súa situación, así como no deseño/avaliación de programas dirixidos a elas, contribuíndo ao seu empoderamento.	
Persoas/entidades destinatarias Entes organizadores de foros e eventos Mulleres con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social S.X. da Igualdade CERMI Galicia
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de foros, eventos e programas nos que participan mulleres con discapacidade, por ano % de mulleres con discapacidade que participan con respecto ao total de mulleres que participan.
ACTUACIÓN 2 Promover a creación de redes de mulleres con discapacidade que faciliten a súa participación nos diversos ámbitos da sociedade e aumentar así a súa visibilización (na convocatoria anual de axudas para asociacións de mulleres da Secretaría Xeral da Igualdade, incluírase como criterio de valoración o fomento da asociación das mulleres con discapacidade).	
Persoas/entidades destinatarias Asociacións de mulleres Mulleres con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de redes (ou semellantes) previstas, por ano Nº de redes (ou semellantes) creadas, por ano Nº de mulleres con discapacidade participantes
ACTUACIÓN 3 Promover a creación de comisións específicas de mulleres nas federacións de asociacións das persoas con discapacidade para traballar desde a perspectiva de xénero.	
Persoas/entidades destinatarias Federacións integrantes de CERMI GALICIA	Organismo/s responsable/s CERMI GALICIA
Temporalización 2010 e 2011	Indicadores de realización Nº comisións previstas Nº comisións creadas Nº de persoas que integran cada comisión, por sexo
ACTUACIÓN 4 Diseñar a campaña institucional do 8 de marzo (Día Internacional das Mulleres) reflectindo de maneira especial as mulleres con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Contidos sobre mulleres con discapacidade na campaña



ACTUACIÓN 5 Diseñar programas especificamente dirixidos ao grupo de mulleres maiores, que poden comezar a presentar algunha discapacidade (Na oferta de actividades informativas e formativas da S.X. da Igualdade, contemplarase a situación das mulleres maiores que poden comezar a presentar algún tipo de discapacidade, sobre todo con carácter preventivo).

Persoas/entidades destinatarias Mulleres maiores, con risco de presentar algunha discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de programas/accións previstos para mulleres maiores, por ano Nº de programas/accións desenvolvidas para mulleres maiores, por ano Nº de mulleres maiores participantes por programa/acción e ano

ACTUACIÓN 6 Promover a incorporación de mulleres nas xuntas directivas das organizacións de apoio ás persoas con discapacidade, de xeito progresivo, chegando ao obxectivo da paridade 60/40 no prazo de aplicación deste Plan.

Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social de apoio as persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s CERMI-Galicia
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de entidades que incorporan mulleres na xunta directiva, por ano. Nº de entidades que alcanza o nivel 60/40, por ano

Obxectivo específico 3. Previr e intervir ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Consolidar o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou procedentes de casas de acollida na formación profesional, na contratación e no emprendemento, considerando de maneira especial a quen ten algunha discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias Mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero que realizan formación profesional, por ano Nº de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero contratadas, por ano Nº de mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero emprendedoras, por ano

ACTUACIÓN 2 Instar á elaboración e publicación de estatísticas sobre violencia de xénero en Galicia, identificando e analizando os casos de violencia exercida contra mulleres que presentan algunha discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias Organismos responsables da elaboración de estatísticas sobre violencia de xénero en Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade S.X. de Política Social
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Organismos instados Estatísticas publicadas incorporando a diferenciación das mulleres con discapacidade



ACTUACIÓN 3 Considerar de maneira especial ás mulleres con discapacidade nas campañas de sensibilización sobre violencia de xénero (por exemplo, na campaña do 25 de novembro).	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Contidos sobre mulleres con discapacidade incorporados na campaña
ACTUACIÓN 4 Impartir formación específica aos colectivos profesionais que atenden a mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero (xustiza, sanidade, servizos sociais, forzas e corpos de seguridade etc.).	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais da xudicatura, sanidade, servizos sociais, forzas e corpos de seguridade etc.	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade S.X. de Política Social
Temporalización 2012	Indicadores de realización Nº de accións formativas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ámbito profesional % de colectivos profesionais participantes sobre o total dos que se refiren no artigo 15 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
ACTUACIÓN 5 Adaptar os materiais e protocolos de actuación en materia de violencia de xénero para atender os casos de mulleres con discapacidade, adecuándoos ás diferentes tipoloxías de discapacidade. Trátase de realizar unha recompilación dos protocolos existentes e proceder á súa adaptación conjuntamente os departamentos administrativos con competencia en igualdade e discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Organismos implicados nos protocolos existentes Mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade S.X. de Política Social
Temporalización 2012	Indicadores de realización Protocolos revisados Protocolos adaptados Protocolos adaptados implementados polos organismos responsables
Obxectivo específico 4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.	
ACTUACIÓN 1 Poñer en marcha unha convocatoria de axudas para promover o desenvolvemento de programas de apoio ás mulleres xestantes e lactantes con especial mención ás mulleres con discapacidade (Inclúe programas de información sobre os recursos existentes; de acompañamento social que inclúan medidas de apoio psicolóxico; de orientación, asesoramento e busca de emprego; dirixidos á adquisición de competencias persoais).	
Persoas/entidades destinatarias Mulleres xestantes e lactantes con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Publicación da convocatoria Nº de mulleres beneficiarias / nº de mulleres con discapacidade, por ano



ACTUACIÓN 2 Diseñar e implementar programas de educación afectivo-sexual, de prevención de riscos, dereito á maternidade...	
Persoas/entidades destinatarias Mulleres e homes con discapacidade. Familias das mulleres con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social D.X. de Xuventude e Voluntariado
Temporalización 2012	Indicadores de realización Nº accións implementadas Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo Nº de familiares/coiadores-as participantes, por sexo
ACTUACIÓN 3 Diseñar e desenvolver accións de sensibilización do persoal sanitario.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal do sistema sanitario	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de accións efectuadas, por ano Nº de profesionais participantes, por sexo e ano % do persoal participante sobre o total do persoal sanitario estatutario do Servizo Galego de Saúde
ACTUACIÓN 4 Incluír no Plan de formación anual que se realiza a través da Escola Galega de Administración Pública accións formativas sobre discapacidade e xénero e evitar así a influencia de estereotipos e imaxes negativas das mulleres con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais que traballan na área de adopción	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas, por ano Nº de accións formativas realizadas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 5 Dar continuidade á puntuación por cada persoa da unidade familiar afectada por discapacidade no baremo da situación sociofamiliar para adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.	
Persoas/entidades destinatarias Familias que cumpren os requisitos da convocatoria, en especial nais con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Mantemento (ou aumento) de dita puntuación % de prazas solicitadas para fillos e fillas de mulleres con discapacidade % de prazas adxudicadas a fillos e fillas de mulleres con discapacidade

3.3. Área 3 ACCESIBILIDADE

3.3.1. Fundamentos e descrición

Como se explicou no capítulo anterior, ademais de considerar a “accesibilidade universal” como un dos principios reitores do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, inclúese unha área específica coa finalidade de impulsar a accesibilidade aos bens, contornos e servizos como instrumento para garantir o dereito á plena participación das persoas con discapacidade, entendendo por isto a supresión de obstáculos e de barreiras de acceso no sentido máis amplo: edificios, vías públicas, transporte e outras instalacións como vivendas, instalacións sanitarias; servizos de información, comunicación e doutro tipo incluídos os servizos electrónicos e de emerxencia.

Isto está directamente relacionado coa idea do **deseño para todas as persoas**, o deseño universal, un factor determinante para acadar unha maior autonomía persoal e que permite crear produtos, contornos e comunicacións de modo que sexan utilizables por todas as persoas na maior medida posible, sen necesidade de que se adapten.

Grazas aos esforzos realizados polas distintas administracións públicas nos últimos anos e, especificamente, pola Xunta de Galicia trala publicación da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei, conseguiuase que un considerable número de edificios de uso público e tamén privado se adaptasen para o desenvolvemento das persoas con mobilidade reducida.

O Servizo de promoción da accesibilidade, pertencente á Secretaría Xeral de Política Social - Consellería de Traballo e Benestar (anteriormente Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal), creado coa finalidade de promover a información, o estudo e a divulgación da accesibilidade e supresión de barreiras que impiden ou dificultan a mobilidade e a comunicación, atendeu en 2009 arredor de 900 consultas de particulares e profesionais. Así mesmo, presta apoio técnico e administrativo.

A Comisión Técnica de Accesibilidade (CTA), creada pola Lei 8/1997, do 20 de agosto, ten por obxectivo impulsar o cumprimento da normativa da Comunidade Autónoma para a eliminación de barreiras arquitectónicas, urbanísticas, na edificación, nos medios de transporte e na comunicación e ocúpase de resolver as dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación de calquera aspecto da normativa na súa aplicación práctica, emitindo ditames ao respecto. Así mesmo, é o órgano competente para a tramitación dos expedientes sancionadores e realiza as propostas de resolución de sancións aos órganos colexiados competentes, de acordo co disposto no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro. Como instrumento de apoio elaborou o Código de accesibilidade, unha ferramenta creada para profesionais, especialmente da arquitectura, enxeñería, servizos sociais etc., así como para promotores/as de proxectos e para os

propios concellos e institucións públicas. Durante o ano 2009 esta Comisión atendeu 82 solicitudes de ditames e 16 denuncias.

Cabe mencionar tamén o Decreto 262 de normas de hábitat de 2007 (que entrou en vigor en 2008 e prevista a modificación en 2010), que inclúe determinadas especificacións de accesibilidade como o ancho das portas, dimensións dos corredores e superficie mínima dos aseos.

Pese aos avances realizados, **é preciso continuar coas actuacións promotoras da accesibilidade universal**, reforzándoas na medida do posible para mellorar a accesibilidade arquitectónica. Resulta vital adoptar medidas tendentes a concienciar e sensibilizar a profesionais e administración mediante a difusión de temas relacionadas coa discapacidade e a esixencia do cumprimento normativo ao respecto. Debe avanzarse na accesibilidade dos edificios públicos da Xunta de Galicia, así como na accesibilidade á vivenda habitual e aos edificios de carácter privado.

Pero, a accesibilidade universal transcende ao puramente arquitectónico, implicando tamén a eliminación de barreiras á comunicación e á información para permitir ás persoas con discapacidade interactuar co seu contorno e coñecer a información do seu interese en igualdade de oportunidades, aspecto que en moitas ocasións se deixa nun segundo plano, de maneira que se relaciona exclusivamente coa discapacidade física e se asocia coa eliminación de bordos, construción de ramplas ou autobuses adaptados por poñer algúns exemplos do imaxinario colectivo. Pola contra, raras veces se asocia coa linguaxe en braille dun caixeiro automático, ou cun teatro subtitulado para persoas que presentan dificultades auditivas graves ou con sistemas alternativos e aumentativos de comunicación (SAAC).

As persoas con discapacidades sensoriais, xa sexan visuais, auditivas ou da fala, teñen especiais dificultades de acceso á comunicación. Un dos procedementos máis sinxelos para facer fronte, por exemplo, aos problemas de relación das persoas con discapacidade auditiva no que se refire ás barreiras da comunicación estruturais é potenciar que a información e a comunicación social se difunda tamén por medios visuais, como imaxes, iconos ou linguaxe escrita. Ademais, moitas destas persoas necesitan a axuda de intérpretes da linguaxe de signos para eliminar as barreiras da comunicación interpersonal. No caso de persoas con discapacidade intelectual e/ou con problemas da comunicación a necesidade céntrase na dispoñibilidade de sistemas alternativos e aumentativos da comunicación.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da comunicación nos últimos anos favorece que persoas con especiais dificultades de comunicación poidan mellorar o seu desenvolvemento persoal e acceder a novas prestacións e servizos que faciliten a súa plena inclusión.

No momento actual, a Xunta de Galicia traballa para facer de internet unha vía de acceso á información para toda a cidadanía. Ademais, o uso desta nova canle debe garantir as condicións de igualdade na accesibilidade á información pública. Este plan inclúe medidas para que todos os espazos web da xunta de Galicia e organismos adscritos cumpran a normativa e se adapten a todas as persoas con discapacidades sensoriais, pero tamén é preciso conseguir unha axeitada sinalización dos edificios públicos para estas persoas.

Non obstante, pode ocorrer que esta mesma tecnoloxía cuxo desenvolvemento, en principio, facilita ás persoas con discapacidade máis oportunidades de acceso á información, estea reforzando en moitos casos os patróns de exclusión e illamento, por exemplo, cando non se aplican no seu deseño e implementación os principios de accesibilidade ou deseño universal.

Pola súa parte a **Compañía de Radio Televisión de Galicia** vén facilitando a accesibilidade das persoas con dificultades auditivas ao mundo da imaxe e son, a través de actuacións como a información diaria en lingua de signos (ampliada recentemente); agora, de luns a venres, na TVG2 ofrécese un informativo de 40 minutos en lingua de signos, no marco dun convenio coa FAXPG –Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia–. A CRTVG está a traballar na liña de proporcionar máis contidos subtitulados que cheguen tamén aos espectadores e espectadoras con discapacidade sensorial; así mesmo dispón do Programa informático JAWS que permite traballar ás persoas con discapacidade visual.

Porén, é necesario continuar con este labor. Agora o reto está en conseguir a subtitulación e audiodescrición da programación. As dificultades neste caso son moi grandes, sobre todo polo elevado custo xa que sería preciso crear unha industria do subtitulado en Galicia, pois non existe produción subtitulada no idioma galego. Para dar resposta a isto, realizaranse estudos para establecer as posibilidades reais coas que conta a canle autonómica de tv para adaptar os seus contidos cara á incorporación progresiva da subtitulación e audiodescrición de contidos, ao tempo que se adquirirá infraestrutura técnica para ofrecer a subtitulación na TVG.

Así mesmo traballárase cara á visibilización das persoas con discapacidade na programación da TVG e, xunto con outros departamentos da Administración autonómica, pola eliminación de estereotipos configurados en torno á poboación que ten algunha discapacidade, así como na sensibilización sobre o beneficio social da accesibilidade universal a través de campañas, ou facilitando a participación de persoas con discapacidade en diferentes programas (concursos, faladoiros etc.).

No caso das persoas con **discapacidade visual** os mecanismos son outros, pero igualmente o obxectivo é conseguir eliminar as barreiras da comunicación que dificultan a súa integración e pleno desenvolvemento, na medida en que non se garante o acceso á información e á cultura nas condicións de igualdade e de equidade contempladas no ordenamento xurídico. Requiren o apoio dos poderes públicos para eliminar os obstáculos que atopan na súa deambulación e permanencia en lugares públicos. A *Lei 10/2003, de 26 de decembro sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia* supuxo un importante avance para estas persoas.

Tamén se debe promover o coñecemento e uso dos **sistemas alternativos e aumentativos de comunicación** para aquelas persoas con potencial diversidade intelectual: autismo, persoas con parálise cerebral, persoas con discapacidade intelectual que teñan problemas de comunicación.

No tocante á accesibilidade dos **medios de transporte**, aínda que experimentou un avance nos últimos anos, é preciso reforzar as medidas para conseguir un transporte público accesible, sen esquecer outros medios como é o transporte propio ou taxis.

Este primeiro plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia fai unha aposta forte por avanzar en materia de accesibilidade en todas as súas vertentes e facer posible que o **acceso das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos teña lugar en igualdade de condicións que o resto da poboación**. É necesario progresar en materia de eliminación de obstáculos de acceso e na adopción do **principio da concepción universal co fin de impedir a creación de novos obstáculos**.

Desde a aprobación da normativa autonómica na materia teñen aparecido no ordenamento xurídico español e internacional diversos textos legais que afondan nos conceptos de igualdade de oportunidades e non discriminación (Lei 51/2003), e mesmo de dereitos humanos (declaración da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade). Isto conduce irremediabilmente a ter que adecuar a normativa galega a estes textos de rango superior como xa se explicou na área de actuación nº 1; feito que se debe aproveitar para que Galicia conte cunha lei moderna que consiga evitar as situacións de discriminación que se dan na actualidade.

En definitiva, urxe realizar unha análise da normativa vixente neste ámbito para adaptala ás novas esixencias legais e así **mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación (obxectivo específico 1)**. Trátase de revisar a normativa en materia de discapacidade en resposta ao artigo 9 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade e identificar qué elementos son susceptibles de modificación na Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. En definitiva, a finalidade é aprobar unha nova normativa galega de accesibilidade, que contemple as esixencias da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade e da LIONDAU e que teña en conta o que establece o Real Decreto 133/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica Código técnico da edificación da Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, que desenvolve as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. Traballarase tamén no desenvolvemento en Galicia da Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

É moi importante, neste sentido, sinalar que se creará un grupo de traballo mixto constituído por persoal técnico da Administración, de entidades de iniciativa social e doutros organismos representativos para levar a cabo todas as tarefas sobre modificación e desenvolvemento normativo.

Os avances no marco normativo deben ir acompañados de medidas dirixidas a **sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade (obxectivo específico 2)**, para que profesionais dos servizos sociais, de urbanismo, da xudicatura, dos medios de comunicación..., pero tamén as familias e a cidadanía, en xeral, tomen conciencia do valor da accesibilidade e das vantaxes que isto implica para o conxunto da sociedade e, sobre todo, tomar conciencia do respecto aos espazos reservados para as persoas con discapacidade.

Hai que continuar **promovendo a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e comunicación, aos bens, produtos... en igualdade de condicións que o resto da poboación**.



(*obxectivo específico 3*) para o que se vai a seguir traballando en proxectos iniciados pola Secretaría Xeral de Medios e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. A través das convocatorias de axudas e concursos públicos en materia multimedia e desenvolvemento da sociedade da información, incluíranse criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade, formación e experiencia do persoal técnico en materia de discapacidade e accesibilidade; desenvolveranse espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta, realizárase a adaptación do Teléfono da muller para facelo accesible ás persoas con discapacidade auditiva, e incidirase na difusión para o coñecemento e uso do Sistema Pictográfico de Signos (SPC).

Por último, inclúense actuacións coa finalidade de **promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade** (*obxectivo específico 4*), reforzando as actuacións que se veñen desenvolvendo en relación á **eliminación de barreiras arquitectónicas e incidindo nos medios de transporte**. Estableceranse subvencións para adaptación de equipamentos comerciais cara a eliminar as barreiras que limitan o acceso para as persoas con discapacidade, priorizaranse os proxectos que impliquen unha mellora cualificada das condicións de accesibilidade, no Programa da Xunta dirixido á mellora de contornas urbanas...

No que respecta ao transporte, poranse en marcha importantes accións para conseguir a adaptabilidade de infraestruturas “maiores” (estacións de autobuses) e das infraestruturas auxiliares de transportes (marquesiñas e vías de acceso), así como do mobiliario urbano, sinalización de vehículos ou esixir a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida de calquera vehículo que se adscriba por primeira vez á concesións de transporte público de persoas por estrada de uso xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou obrigar a que as empresas presten asistencia ás persoas con discapacidade, para o acceso e abandono dos vehículos...

Todas estas medidas complementarán a normativa prevista desenvolver en materia de accesibilidade de transporte: regularase tanto o transporte público en vehículos turismo (taxis e vehículos de aluguer con condutor/a), como o transporte marítimo en augas interiores de Galicia, considerando en ambos os dous casos os estándares mínimos de accesibilidade.

Unha das ideas preconcebidas que rodean a accesibilidade é o incremento de custo de construción de calquera contorno, obra ou prestación de servizo accesible. Non obstante, traballar desde un concepto de deseño para todas as persoas reduciría a medio prazo os custos, porque evitaría ter que realizar adaptacións posteriores. **O deseño para todas as persoas e a accesibilidade hai que consideralos principios de calidade**, porque non só se beneficia a persoa con discapacidade, senón todas aquelas que sen ter unha discapacidade, temporalmente poidan necesitalo, e á poboación en xeral.

Cómpre recordar a “dobre presenza” da “accesibilidade” neste Plan: como principio básico e como área prioritaria de actuación; isto implica que tamén se inclúan actuacións dirixidas a mellorar a accesibilidade noutras áreas de intervención, como é o caso de educación, cultura, deporte e tempo de lecer...).



3.3.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 3 ACCESIBILIDADE

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condición co resto da poboación.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación. 2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade. 3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e comunicación, aos bens, produtos... en igualdade de condicións que o resto da poboación. 4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.

Obxectivo específico 1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación.

ACTUACIÓN 1	Crear un grupo de traballo mixto de persoal técnico da Administración, entidades de iniciativa social e outros organismos representativos na materia para a modificación da lei de accesibilidade e elaboración de toda a normativa que a desenvolva.
Persoas/entidades destinatarias Administración competente Entidades de iniciativa social Outros organismos representativos do sector	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010	Indicadores de realización Grupo de traballo creado
ACTUACIÓN 2	Revisar a normativa autonómica actual específica de accesibilidade (Lei 8/1997 e Decreto 35/2000) e realizar propostas para a súa modificación, que contemplen as esixencias da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade e da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
Persoas/entidades destinatarias Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Propostas de modificación realizadas Publicación da norma modificada
ACTUACIÓN 3	Desenvolver a Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
Persoas/entidades destinatarias Persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Desenvolvemento da lei Publicación da normativa



ACTUACIÓN 4 Estudar a posibilidade de aprobar a norma correspondente para regular o acceso ao voto das persoas con discapacidades.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s C. de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
Temporalización 2013	Indicadores de realización Informe valorativo sobre a posibilidade de regulación
ACTUACIÓN 5 Remitir circulares informativas e recomendacións aos concellos recordando a normativa de accesibilidade e a idoneidade de optar por locais adaptados para as mesas electorais.	
Persoas/entidades destinatarias Concellos	Organismo/s responsable/s D.X. de Administración Local (a través da Fegamp)
Temporalización 2011, 2012 e 2013 (coincidindo con eleccións)	Indicadores de realización Circulares remitidas
ACTUACIÓN 6 Elaborar e publicar unha lei que regule o transporte público en vehículos turismo (taxis e vehículos de aluguer con condutor/a), que inclúa os estándares mínimos de accesibilidade neste transporte.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Publicación da lei Artigos sobre accesibilidade
ACTUACIÓN 7 Elaborar e publicar unha lei que regule o transporte marítimo en augas interiores de Galicia, que inclúa o establecemento das condicións nas que se poidan establecer obrigas de servizo público no transporte de persoas por vía marítima, regulando os estándares mínimos de accesibilidade nesta actividade.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Publicación da lei Artigos sobre accesibilidade
ACTUACIÓN 8 Incorporar representación das persoas con discapacidade nos órganos consultivos en materia de transporte (Modificarase a normativa reguladora do Consello Galego de Transportes a efectos de introducir a participación, na súa Comisión Permanente, dos colectivos representativos das persoas con discapacidade).	
Persoas/entidades destinatarias Consello Galego de Transportes– Comisión Permanente	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Modificación da normativa reguladora do Consello Galego de Transportes para incluír a participación no mesmo de persoas con discapacidade. Nº de persoas representantes incluídas, por sexo



Obxectivo específico 2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.

ACTUACIÓN 1 Reforzar a actividade da Comisión técnica de accesibilidade (emisión de ditames e tramitación de denuncias) facendo públicos os ditames de maior interese xeral.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais do sector Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de denuncias tramitadas, por ano Nº de ditames emitidos, por ano Nº de ditames difundidos, por ano
ACTUACIÓN 2 Continuar co labor de Información e asesoramento en materia de accesibilidade a través do Servizo de promoción da accesibilidade (consultas telefónicas, a través de correo electrónico e de forma presencial nas dependencias administrativas).	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais do sector Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº consultas atendidas, por ano: telefónicas, presenciais, correo electrónico
ACTUACIÓN 3 Incorporar na Web de información urbanística de Galicia http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/ normativa en materia de accesibilidade que afecta ao planeamento urbanístico e outra información relacionada.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais do sector e toda persoa interesada	Organismo/s responsable/s S.X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Temporalización 2011	Indicadores de realización Incorporación dos contidos na web Nº visitas a ese espazo, por ano
ACTUACIÓN 4 Informar e facilitar o acceso á normativa sobre accesibilidade (os contidos serán facilitados polo movemento asociativo e pola S.X de Política Social).	
Persoas/entidades destinatarias Persoal da Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG	Organismo/s responsable/s Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG
Temporalización Noticia específica na intranet: 2010 Formación de apartado específico na intranet: 2010-2011	Indicadores de realización Noticia específica na intranet. Creación de apartado específico na intranet
ACTUACIÓN 5 Procurar a participación en igualdade das persoas con discapacidade nos programas da Compañía de Radio Televisión de Galicia –CRTVG, en calquera das modalidades posibles: concursantes, tertulianos/as, colaboradores/as...	
Persoas/entidades destinatarias Responsables de contidos da CRTVG Provedores (presenza de persoas e supresión de barreiras físicas nos estudos)	Organismo/s responsable/s Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG
Temporalización 2010 e 2012: campaña interna 2011: campaña externa	Indicadores de realización Campaña de comunicación interna Campaña de comunicación externa Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo



ACTUACIÓN 6 Formar a persoal dos medios de comunicación social sobre o uso non discriminatorio da linguaxe en relación ás persoas con discapacidade e xénero.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal comunicador Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG e as súas sociedades	Organismo/s responsable/s Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG
Temporalización 2010 2012	Indicadores de realización Nº de cursos previstos, por ano Nº de cursos realizados, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 7 Incluír contidos sobre o beneficio social da accesibilidade universal e o deseño para todos e todas (para persoas maiores, nenos/as, persoas cargadas, mulleres embarazadas,...) nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan.	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Contidos/espazos incluídos, por ano
ACTUACIÓN 8 Establecer instrumentos de colaboración entre a Xunta de Galicia, as entidades representativas de persoas con discapacidade, as entidades locais e os colexios profesionais (de arquitectos/as...) para colaborar na formación e sensibilización de profesionais sobre a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.	
Persoas/entidades destinatarias Xunta de Galicia Entidades de iniciativa social que traballan con e para as persoas con discapacidade Entidades locais Colexios profesionais do sector	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Instrumentos de colaboración establecidos (grupos de traballo, convenios etc), por ano e entidades implicadas en cada un
ACTUACIÓN 9 Implementar accións formativas en materia de accesibilidade /discapacidade na administración, sen esquecer a consideración das barreiras da comunicación en toda a súa amplitude e diversidade.	
Persoas/entidades destinatarias Técnicos/as e persoal funcionario da administración autonómica e local con responsabilidade en materia de accesibilidade nos diferentes ámbitos (urbanismo, vivenda, sanidade, emprego, educación, cultura, turismo, deporte etc.).	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Escola Galega de Administración Pública –EGAP Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria – FEGAS Xerencia do Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas en materia de accesibilidade/discapacidade, por ano Nº de accións formativas realizadas en materia de accesibilidade/discapacidade, por ano Nº de horas lectivas por curso (cando non se trate de cursos específicos) que inclúen contidos ao respecto, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano



ACTUACIÓN 10 Formar ao persoal da administración que desempeña o seu labor en oficinas de atención ao público sobre estratexias de comunicación con persoas xordas ou con dificultade de comprensión e o uso de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación –SAAC.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal da administración de atención ao público	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Escola Galega de Administración Pública –EGAP Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria – FEGAS Xerencia do Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2013	Indicadores de realización Nº de accións formativas realizadas Nº de persoas formadas, por sexo % do persoal formado sobre o total de persoal das oficinas de información e rexistro da Xunta de Galicia e do Servizo Público de Emprego de Galicia
ACTUACIÓN 11 Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao en materias específicas sobre accesibilidade nas áreas de coñecemento que teñan relación co deseño e execución de obras, así como co deseño de material gráfico ou audiovisual.	
Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario Persoal docente universitario	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de accións formativas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 12 Incluir a aprendizaxe do sistema de linguaxe de signos española na formación do voluntariado universitario.	
Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario voluntario	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de cursos/módulos sobre linguaxe de signos española, por ano Nº previsto de persoas formadas, por ano Nº de persoas realmente formadas, por sexo e ano
Obxectivo específico 3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso a información e comunicación, aos bens, produtos...en igualdade de condicións que ao resto da poboación.	
ACTUACIÓN 1 Desenvolver o programa TIC-TAC Galicia. Inclúe actuacións dirixidas a mellorar o acceso a internet en centros de novas tecnoloxías das que son usuarias persoas con discapacidade, mediante a implantación de equipos, recursos hardware e software que permitan a un rango relevante de persoas con discapacidade acceder á sociedade da información e aos servizos prestados polos centros beneficiarios destas actuacións en condicións de igualdade. Consiste na adaptación de postos de formación.	
Persoas/entidades destinatarias Centros de novas tecnoloxías das que son usuarias persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica S.X. de Medios
Temporalización 2010 (con posibilidade de prórroga)	Indicadores de realización Nº de centros/entidades subvencionadas Nº previsto de persoas con discapacidade beneficiarias Nº de persoas con discapacidade realmente beneficiarias, por sexo



ACTUACIÓN 2 Diseñar e executar programas formativos multimedia nos centros da Rede CeMIT (Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia) mellorando progresivamente a súa accesibilidade.	
Persoas/entidades destinatarias Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia – Rede CeMIT	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de programas formativos accesibles, por ano Nº de persoas beneficiarias con discapacidade, por sexo e ano
ACTUACIÓN 3 Diseñar e executar programas formativos e de difusión coa finalidade de lograr tanto a alfabetización dixital da sociedade galega como o desenvolvemento da sociedade da información.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral, Asociacións sen ánimo de lucro Empresas	Organismo/s responsable/s S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de programas formativos de alfabetización previstos Nº de programas formativos de alfabetización realizados Nº de persoas beneficiarias con discapacidade, por sexo e ano
ACTUACIÓN 4 Convocar premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet cara a fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de acceso (no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e do Plan Avanza).	
Persoas/entidades destinatarias Persoas físicas Entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas	Organismo/s responsable/s S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Temporalización 2010	Indicadores de realización Nº de premios concedidos e contía
ACTUACIÓN 5 Continuar co proceso de adaptación das páxinas web da Xunta de Galicia e organismos adscritos para garantir a accesibilidade, cumprindo o previsto no artigo 4 da lei 56/2007, do 28 de decembro que posibilita que todas as persoas poidan acceder aos recursos da web, calquera que sexa a súa infraestrutura de rede ou as súas aptitudes físicas ou mentais.	
Persoas/entidades destinatarias Xunta de Galicia e organismos adscritos	Organismo/s responsable/s S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Marco xeral de políticas de accesibilidade nas páxinas web elaborado Nº de espazos web adaptados, por ano



ACTUACIÓN 6 Elaborar un documento-proposta de recomendacións para presentar ao Consello coordinador de publicacións coa finalidade de determinar as medidas a implementar para proceder á adaptación progresiva das publicacións da Xunta de Galicia a braille e lectura fácil.	
Persoas/entidades destinatarias Consello coordinador de publicacións da Xunta de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Documento elaborado Presentación na xuntanza da comisión de xuño de 2011 Acordos adoptados
ACTUACIÓN 7 Analizar a posibilidade do traslado do Telexornal en lingua de signos a un horario de máis audiencia no televisor ou na web da TVG.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal responsable na Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG	Organismo/s responsable/s Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG
Temporalización 2011	Indicadores de realización Estudo das posibilidades técnicas e de persoal realizado
ACTUACIÓN 8 Realizar estudos para establecer as posibilidades reais coas que conta a canle autonómica de tv para adaptar os seus contidos cara a incorporación progresiva da subtitulación e audiodescripción de contidos.	
Persoas/entidades destinatarias Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG	Organismo/s responsable/s Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG
Temporalización 2010 2011 2012	Indicadores de realización Nº de estudos realizados, por ano Nº de adaptacións realizadas, por ano
ACTUACIÓN 9 Adquirir infraestrutura técnica para ofrecer a subtitulación na TVG.	
Persoas/entidades destinatarias Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG Audiencia da Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG	Organismo/s responsable/s Compañía de Radio Televisión de Galicia – CRTVG
Temporalización 2010 2011	Indicadores de realización Equipos de verificación e xeración de subtítulos Posto para subtitulación en directo
ACTUACIÓN 10 Desenvolver espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Xunta de Galicia e organismos adscritos	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de espazos/novas de lectura fácil, por ano



ACTUACIÓN 11 Fomentar iniciativas que introduzan espazos de lectura fácil nos xornais e demais medios de comunicación escrita (trátase de estudar a posibilidade de introducir experiencias piloto de lectura fácil nalgún medio de comunicación escrita).	
Persoas/entidades destinatarias Asociacións galegas de prensa Medios de comunicación escrita	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de xornais ou doutros medios de comunicación escrita que incorporan espazos de lectura fácil, por ano
ACTUACIÓN 12 Introducir criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade e/ou formación/experiencia do persoal técnico en materia de discapacidade e accesibilidade, nos concursos de licitación en materia multimedia.	
Persoas/entidades destinatarias As persoas/entidades/empresas beneficiarias que sinala cada concurso	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios Compañía de Radio Televisión de Galicia – RTVG
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de concursos nos que se introducen ditos criterios, por ano Criterios introducidos por concurso
ACTUACIÓN 13 Promover a introdución de criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade nas convocatorias públicas en relación ao desenvolvemento da Sociedade da Información.	
Persoas/entidades destinatarias As persoas/entidades beneficiarias que sinala cada convocatoria	Organismo/s responsable/s S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de convocatorias nas que se introducen ditos criterios, por ano Criterios introducidos por convocatoria
ACTUACIÓN 14 Realizar as adaptacións necesarias do Teléfono da muller para facelo accesible ás persoas con discapacidade auditiva.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia con dificultades auditivas, usuarias do Teléfono da Muller	Organismo/s responsable/s S.X. da Igualdade
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Adaptación realizada Nº de atencións efectuadas nesta modalidade, por ano
ACTUACIÓN 15 Mellorar a accesibilidade do centro de xestión de emerxencias 112 para persoas con discapacidade auditiva.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación da Comunidade Autónoma de Galicia con dificultades auditivas, usuarias do servizo de emerxencias	Organismo/s responsable/s Axencia Galega de Emerxencias
Temporalización 2010, 2011 e 2012	Indicadores de realización Nº de persoas con discapacidade auditiva atendidas, por sexo e ano



ACTUACIÓN 16 Divulgar o sistema pictográfico de signos –SPC e estender a súa utilización para e entre as persoas con discapacidade intelectual e/ou con problemas de comunicación.

Persoas/entidades destinatarias

Persoas con discapacidade intelectual e/ou con problemas de comunicación

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social

Temporalización

2013

Indicadores de realización

Elaboración dun manual divulgativo
Nº de visitas e descargas web

ACTUACIÓN 17 Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de nova xeración nas poboacións con maior demanda de Galicia e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboación con maior demanda desatendida.

Persoas/entidades destinatarias

Empresas
Unións temporais de empresas (UTE)
Agrupacións de interese económico

Organismo/s responsable/s

S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica

Temporalización

2010 e ss

Indicadores de realización

Nº de núcleos de poboación adheridos a banda larga, por provincia e ano

ACTUACIÓN 18 Implantar un sistema de videointerpretación para persoas xordas na Administración Autonómica

Persoas/entidades destinatarias

Poboación con discapacidade auditiva usuaria dos servizos da Administración autonómica.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Temporalización

2011 e s.s

Indicadores de realización

Nº de puntos de acceso presenciais, por ano
Nº de chamadas realizadas, por ano.

Obxectivo específico 4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Cofinanciar obras de accesibilidade que leven a cabo os concellos nos edificios públicos municipais.

Persoas/entidades destinatarias

Concellos

Organismo/s responsable/s

D.X. de Administración Local

Temporalización

2010 e ss

Indicadores de realización

Nº de axudas concedidas
Orzamento total destinado
Obras nas que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación...



ACTUACIÓN 2 Manter a convocatoria anual de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, que contempla investimentos de capital para accesibilidade e eliminación de barreiras por parte das corporacións locais.	
Persoas/entidades destinatarias Corporacións locais	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de subvencións concedidas para accesibilidade Orzamento destinado a este concepto, por ano Obras nas que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...
ACTUACIÓN 3 Dar prioridade, no programa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dirixido á mellora de contornas urbanas, aos proxectos que impliquen unha mellora cualificada das condicións de accesibilidade (é dicir, priorizar aqueles proxectos nos que se detecta un maior índice de barreiras arquitectónicas cara á súa eliminación).	
Persoas/entidades destinatarias Cidadáns e cidadás que utilicen estes espazos urbanos, tanto habitantes do concello como visitantes	Organismo/s responsable/s S.X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de proxectos executados con eliminación de barreiras existentes, por ano Orzamento destinado, por ano Proxectos nos que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...
ACTUACIÓN 4 Establecer subvencións para a adaptación de restaurantes en edificios singulares, núcleos históricos, paraxes e paisaxes naturais aos que non lle sexa de aplicación a normativa actual por contar con licenza de actividade previa.	
Persoas/entidades destinatarias Establecementos que figuren no Rexistro de empresas e actividades turísticas da Xunta de Galicia	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Convocatorias de axudas, por ano Nº de axudas concedidas, por ano Orzamento destinado, por ano Casos nos que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...
ACTUACIÓN 5 Establecer subvencións para a adaptación de equipamentos comerciais cara a eliminar as barreiras que limitan o acceso para as persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Equipamentos comerciais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Comercio
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de axudas concedidas para adaptación de locais comerciais por ano Casos nos que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... Contía total das axudas, por ano



ACTUACIÓN 6 Diseñar un sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema (información sobre as condicións de accesibilidade das infraestruturas e medios de transporte público regular de uso xeral).	
Persoas/entidades destinatarias Poboación usuaria de transporte público regular de uso xeral, en especial persoas con algún tipo de discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2012-2013	Indicadores de realización Sistema tecnolóxico de información deseñado e implementada 1ª fase (medios en liña e principais infraestruturas)
ACTUACIÓN 7 Diseñar un modelo de familia de mobiliario urbano para o transporte público (marquesiñas e postes de parada) plenamente accesibles.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación usuaria de transporte público, en especial persoas con algún tipo de discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011	Indicadores de realización Modelo deseñado
ACTUACIÓN 8 Poñer en marcha actuacións de revisión das infraestruturas “maiores” auxiliares do transporte (estacións de autobuses) para garantir as condicións básicas de accesibilidade.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación usuaria de transporte público regular de uso xeral, en especial persoas con algún tipo de discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2012 e ss	Indicadores de realización Nº de estacións de autobuses revisadas e adaptadas, por ano
ACTUACIÓN 9 Poñer en marcha un plan de revisión de infraestruturas auxiliares de transportes (marquesiñas, zonas de acceso...), que incorpore como actuación preferente a consecución de infraestruturas accesibles para as persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación usuaria de transporte público, en especial persoas con algún tipo de discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2012 e ss	Indicadores de realización Plan elaborado Infraestruturas revisadas, por ano
ACTUACIÓN 10 Esixir a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida de calquera vehículo que se adscriba por primeira vez a concesións de transporte público de persoas por estrada de uso xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación usuaria de transporte público regular de uso xeral, en especial persoas con algún tipo de discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de vehículos adscritos



ACTUACIÓN 11 Adaptar a sinalización dos vehículos (displays frontais, laterais...) á normativa vixente en materia de accesibilidade.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación usuaria de transporte público regular de uso xeral, en especial persoas con algún tipo de discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de vehículos adaptados
ACTUACIÓN 12 Obrigar a que as empresas presten asistencia ás persoas con discapacidade, para o acceso e abandono dos vehículos, conforme o que estableza a lexislación aplicable vixente en cada momento.	
Persoas/entidades destinatarias Empresas titulares de concesións de transporte público regular de uso xeral	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Queixas de persoas usuarias admitidas.
ACTUACIÓN 13 Establecer medidas específicas para persoas con discapacidade como parte do plan de calidade do sistema de transporte público.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade usuarias do sistema de transporte público	Organismo/s responsable/s D.X. de Mobilidade
Temporalización 2013	Indicadores de realización Concesións de transporte público con plans de calidade aprobados.

3.4. Área 4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

3.4.1. Fundamentos e descrición

Durante as últimas décadas estase a producir un cambio considerable na concepción da discapacidade. Os enfoques tradicionais, centrados na asistencia e na recuperación das capacidades funcionais, foron substituíndose por outros que destacan máis a identificación e a eliminación dos diversos obstáculos para a igualdade de oportunidades e para a plena participación destas persoas en todos os ámbitos da vida. Existe o convencemento de que si se modifica a forma en que está organizada a sociedade, é posible reducir considerablemente, mesmo eliminar, os obstáculos aos que se enfrontan cada día as persoas que posúen unha discapacidade para poder levar una vida independente e plena.

A xa mencionada Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, aprobada en 2006 e que ratificada posteriormente por España, ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo de todos os dereitos humanos e o respecto á súa dignidade inherente. En particular, **recoñece explicitamente o dereito á vida independente e obriga aos estados a proporcionar a asistencia persoal necesaria para facer vida en comunidade, con plena participación social e en igualdade de oportunidades co resto da cidadanía.**

Ademais de principio reitor e de obxectivo básico deste primeiro plan integral de acción galego, a **promoción da autonomía persoal** constitúe unha importante área de actuación por canto é preciso fomentala a través do recoñecemento da discapacidade como unha compoñente da diversidade humana, concibindo e aplicando as políticas públicas de maneira que as persoas con discapacidade obteñan o mesmo beneficio que o resto da cidadanía garantindo, deste xeito, o exercicio e goce dos seus dereitos civís, políticos e sociais, nunha sociedade complexa.

Promover a autonomía persoal da persoa con discapacidade significa camiñar cara a unha situación na que exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, segundo o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade e tendo en conta os aspectos diferenciadores por cuestión de xénero.

Como se dicía no apartado anterior, a accesibilidade universal é un elemento fundamental na promoción da autonomía persoal: deseño para todas as persoas–promoción da autonomía persoal constitúen un binomio indisoluble para conseguir unha vida de calidade das persoas destinatarias finais do presente Plan. Promover a autonomía das persoas con discapacidade debe ser un elemento inspirador de todas as políticas que se apliquen para este sector da poboación, pero ademais é preciso incluír actuacións específicas que reforcen as intervencións neste sentido.

A aprobación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia veu a introducir novos servizos, como o de asistencia persoal ou a

axuda a persoa cuidadora non profesional, que supoñen un importante avance na promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en situación de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia. A entrada en vigor desta lei trouxo consigo un amplo desenvolvemento normativo no ámbito autonómico, marcando un importante fito no traballo pola promoción da autonomía persoal e a atención das persoas dependentes. Desde a súa entrada en vigor, en Galicia leváronse a cabo 80.807 resolucións de grao e nivel, das cales en 21.907 aprobouse o programa individual de atención para cuidador/a e en 43 para asistente persoal.

A isto súmase a creación do Servizo Galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes¹⁵, co obxectivo de normalizar as condicións de vida, favorecer a autonomía persoal e facilitar a integración social das persoas usuarias. Desde a súa posta en marcha habilitáronse un total de 103 unidades e aténdese a un total de 5.635 persoas usuarias (segundo datos de 2009) en toda Galicia, que xeran unha media mensual de 33.700 servizos de transporte.

Por outro lado, a Consellería de Traballo e Benestar encomendou, por resolución de 29 de xullo de 2009, á Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en situación de Dependencia (FUNGA), o desenvolvemento dun proxecto de asistencia persoal para ese ano, do que se beneficiaron un total de 40 persoas.

A Administración educativa en materia de promoción da autonomía persoal está a dar continuidade ao establecemento de medidas para adaptar as condicións físicas, o transporte escolar, as tecnoloxías da información e comunicación (TIC), ademais doutros recursos materiais e de acceso ao currículo do alumnado con necesidades de apoio educativo derivadas de discapacidade, que estean escolarizados nos centros de ensinanza, co obxecto de ofrecer unha atención educativa sen discriminacións, inclusiva e accesible promovendo a autonomía persoal de todo o alumnado, entre o que se inclúe ao alumnado con discapacidades.

Non obstante, cómpre avanzar no desenvolvemento dos servizos de promoción da autonomía persoal (SPAP) en liña co establecido no Artigo 15.1 da *Lei 39/2006, do 14 de Decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia*. Este modelo de servizos permitirá atender dun xeito máis inclusivo, promovendo de maneira efectiva a autonomía en resposta ás necesidades das persoas que requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria; en definitiva, alcanzar unha maior autonomía persoal e exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía. Do desenvolvemento destes servizos depende, en gran medida, o éxito da inclusión das persoas con discapacidade, atendendo á tipoloxía desta.

Apostar pola autonomía persoal é apostar pola inclusión das persoas con discapacidade. En resposta a esta premisa, o Plan inclúe numerosas medidas para acadar esta meta.

Comezando polos servizos máis básicos, hai que **facilitar o acceso das persoas con discapacidade a unha vivenda** (*obxectivo específico 1, desta área de intervención*). A vivenda contribúe en grande

¹⁵ Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.

medida á vida autónoma das persoas e polo tanto tamén das persoas con discapacidade, cando deciden saír do contorno familiar. Algunhas das medidas formuladas son: responder ás necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas en obra existente no Sistema Universitario de Galicia, ou adecuar o número de habitacións accesibles no Sistema Universitario de Residencias (SUR) á demanda existente, así como aprobar e poñer en marcha un novo programa de aluguer de vivendas na comunidade autónoma, no que as persoas con discapacidade se consideren entre os colectivos prioritarios e os colectivos cualificados.

Ademais cobra grande interese a incorporación á vida social, con maiores oportunidades para que as persoas con discapacidade poidan desenvolver unha vida autónoma, con participación en distintas actividades que faciliten o despregamento de todas as súas potencialidades. Por iso, como complemento dos servizos dirixidos á promoción do acceso á vivenda, establécense diversas medidas dirixidas a **potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual** (*obxectivo específico 2*). Deste xeito, procederase ao reforzamento de servizos existentes como o de teleasistencia, o servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes (tamén denominado 065), ou o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día), ao tempo que se continuará con outros como o de vivendas tuteladas ou o de acollemento familiar, entre outros. Así mesmo, porase en marcha o CEGADI como centro de recursos de referencia en Galicia destinado á promoción de servizos para a autonomía persoal das persoas con discapacidade, un servizo de préstamo de axudas técnicas no ámbito social; estenderase o prazo de solicitudes da convocatoria anual de axudas individuais destinadas á mellora da accesibilidade das vivendas e adquisición de produtos de apoio e axudas técnicas, valorarase a posibilidade de incorporar un servizo de promoción da autonomía persoal como servizo ao que optar dentro da carteira do Sistema para a autonomía e atención á dependencia –SAAD, dirixido ás persoas con menor grao de dependencia, entre outras medidas formuladas para a consecución do obxectivo específico sinalado (segundo se recolle no seguinte apartado *Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións*).

Tamén é preciso potenciar o **labor de informar e concienciar a sociedade galega sobre a importancia da promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade** (*obxectivo específico 3*). A información e sensibilización do ámbito comunitario sobre a necesidade de que estas persoas utilicen os servizos ordinarios e se incorporen aos diferentes aspectos da vida social é outra das claves para lograr a inclusión social e a vida autónoma. Introducir contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social que se desenvolvan no marco deste Plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade, ou destinar recursos a financiar programas orientados a traballar coas familias, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, dando continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá, son algunhas das medidas programadas.

Finalmente, fórmulanse varias actuacións para a **promoción e desenvolvemento da asistencia persoal**, dando continuidade, no marco do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD), á cobertura dos gastos derivados da contratación dun o dunha asistente persoal, estendendo esta figura ao grao II de dependencia, así como proceder á súa formación cando as necesidades así o



requiran, ou potenciar as convocatorias para o recoñecemento, avaliación, acreditación e a certificación da competencia profesional nas cualificacións da familia profesional vinculada coa atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

3.4.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Promover a autonomía para as persoas con discapacidade e asegurar a súa plena inclusión na vida comunitaria	<ol style="list-style-type: none">1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a importancia da autonomía persoal das persoas con discapacidade.4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.

Obxectivo específico 1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Responder ás necesidades de eliminación de barreiras e arquitectónicas en obra existente no Sistema Universitario de Galicia –SUG, segundo dispoñibilidade orzamentaria.

Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario con mobilidade reducida	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Adaptacións realizadas, por ano Orzamento destinado á eliminación de barreiras, por ano

ACTUACIÓN 2 Adecuar o número de habitacións accesibles no Sistema Universitario de Residencias –SUR á demanda existente.

Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario con mobilidade reducida	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de habitacións adaptadas, por ano Orzamento destinado, por ano

ACTUACIÓN 3 Aprobar, poñer en marcha e manter un novo programa de aluguer de vivendas na comunidade autónoma, no que as persoas con discapacidade se consideren entre os colectivos prioritarios e os colectivos cualificados.

Persoas/entidades destinatarias Poboación de Galicia que cumpra os requisitos de acceso ao programa	Organismo/s responsable/s Instituto Galego de Vivenda e Solo –IGVS
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Publicación da normativa reguladora do programa Nº de persoas con discapacidade solicitantes, por sexo e ano



ACTUACIÓN 4	Incorporar aos datos das vivendas que forman parte do Rexistro único de demandantes de vivenda da Xunta de Galicia indicadores do nivel de accesibilidade tanto da propia vivenda como do edificio no que se atopen.
Persoas/entidades destinatarias Demandantes de vivenda que se rexistren	Organismo/s responsable/s Instituto Galego de Vivenda e Solo – IGVS
Temporalización 2010 e 2011	Indicadores de realización Indicadores incorporados sobre o nivel de accesibilidade no rexistro
ACTUACIÓN 5	Elevar á comisión bilateral constituída polo Ministerio de Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo a valoración da posibilidade de que as axudas directas para aluguer sexan acumulables á renda básica de emancipación.
Persoas/entidades destinatarias Ministerio de Vivenda Instituto Galego de Vivenda e Solo – IGVS	Organismo/s responsable/s Instituto Galego de Vivenda e Solo – IGVS
Temporalización 2012	Indicadores de realización Inclusión na orde do día da correspondente xuntanza Informe de valoración emitido
ACTUACIÓN 6	Revisar a porcentaxe fixada para persoas con discapacidade na Lei de accesibilidade para a promoción de vivendas, de tal xeito que se adapte á demanda real existente en cada concello no que se poña en marcha un proxecto de promoción de vivendas.
Persoas/entidades destinatarias Departamentos competentes en materia de vivenda e servizos sociais Persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Revisión / modificación realizada
ACTUACIÓN 7	Establecer mecanismos que posibiliten a cesión de vivendas (do IGVS) a entidades ou asociacións de colectivos con necesidades especiais ou con finalidades de interese público ou social.
Persoas/entidades destinatarias Entidades que traballan con persoas con necesidades especiais e/ou con fins de interese público e social (entre as que se inclúe o movemento asociativo do ámbito da discapacidade)	Organismo/s responsable/s Instituto Galego de Vivenda e Solo – IGVS
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de vivendas cedidas a entidades



Obxectivo específico 2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.

ACTUACIÓN 1	
Recoñecer academicamente (coa concesión de créditos) a colaboración nas aulas dos/as estudantes compañeiros/as de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, seguindo un protocolo único para o Sistema Universitario de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Estudantes que cumpran os requisitos para o recoñecemento académico	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de alumnos e alumnas que solicitan ese apoio Nº de casos resoltos Nº de alumnos e alumnas que colaboran, por ano Nº de créditos concedidos, por ano
ACTUACIÓN 2	
Poñer en marcha un servizo de préstamo de axudas técnicas no ámbito social, baseado na coordinación e complementariedade co servizo de préstamos existente no sistema sanitario público.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2012 e 2013	Indicadores de realización Servizo de préstamo implementado Nº de préstamos realizados, por ano
ACTUACIÓN 3	
Ampliar o servizo de teleasistencia para chegar a un maior número de persoas usuarias e facelo extensible ás residencias universitarias e centros residenciais docentes.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade en xeral, potencialmente destinataria deste servizo	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº previsto de novos dispositivos, por ano Nº de novos dispositivos creados, por ano Nº de servizos de teleasistencia prestados, por ano
ACTUACIÓN 4	
Manter e, no seu caso, aumentar o número de unidades do Servizo galego de transporte adaptado 065 como servizo programado non urgente.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso, segundo normativa vixente	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº previsto de novas unidades, por ano Nº de unidades creadas, por ano Nº de persoas usuarias, por sexo e ano
ACTUACIÓN 5	
Dar continuidade ao programa Xantar na casa.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con dependencia que carezan de apoio familiar e que requiran axuda para a preparación de alimentos.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº medio mensual de persoas usuarias



ACTUACIÓN 6 Dar continuidade ao programa de pisos tutelados (vivendas con apoio).	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso, segundo normativa vixente	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas usuarias por sexo e ano
ACTUACIÓN 7 Incluir os programas de adaptación á vida diaria (vivendas con apoio) como unha actuación subvencionable con carácter prioritario na liña de axudas dirixida ás entidades de iniciativa social.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social que traballan no ámbito de atención das persoas con discapacidade e cumpran os requisitos da convocatoria	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2013	Indicadores de realización Nº de programas subvencionados Nº de persoas beneficiarias do programa, por sexo.
ACTUACIÓN 8 Manter o programa de acollemento familiar para facilitar a integración de persoas con discapacidade no seo dunha familia.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral, potencialmente destinataria deste servizo	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas con discapacidade acollidas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 9 Aumentar o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día), nos que se imparte formación e habilitación para acadar unha inclusión social e potenciar a autonomía das persoas usuarias.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpren as condicións de acceso	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº total de prazas en centros de día, por ano. Incremento anual en prazas de centros de día. Nº de persoas con discapacidade usuarias de centros de día, por sexo e ano. Nº total de prazas en centros ocupacionais, por ano. Incremento anual en prazas de centros ocupacionais. Nº de persoas con discapacidade usuarias de centros ocupacionais, por sexo e ano. Nº de accións formativas para o emprego que se imparte en centros ocupacionais. Nº de horas lectivas das accións formativas. % de horas prácticas en centros de traballo. % de persoas con discapacidade usuarias cun plan individualizado de inclusión socio-laboral. % anual de incorporacións ao mercado de traballo (específico para os centros ocupacionais).



ACTUACIÓN 10 Proporcionar recursos económicos suficientes para contribuir á cobertura dos gastos relacionados coa permanencia no domicilio habitual.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia, potencialmente destinatarias desta libranza	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas beneficiarias da libranza por grao e nivel de dependencia, por ano.
ACTUACIÓN 11 Poñer en marcha de maneira progresiva os servizos do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI).	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral, potencialmente destinataria deste recurso	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2012 e 2013	Indicadores de realización Nº previsto de novos servizos, por ano Nº de servizos postos en marcha Nº de persoas usuarias, por sexo e ano
ACTUACIÓN 12 Promover cursos en materia afectivo sexual dirixidos a profesionais, en coordinación cos que impartan as entidades para persoas con discapacidade e as súas familias.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais dos centros dependentes de Servizos Sociais.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social D.X. de Xuventude e Voluntariado
Temporalización 2011 e 2012	Indicadores de realización Nº de cursos previstos, por ano Nº de cursos realizados, por ano Nº de profesionais participantes, por sexo e ano
ACTUACIÓN 13 Reforzar a formación continuada do persoal dos Equipos de valoración.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais e demais persoal que traballa nos Equipos de valoración	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas, por ano Nº de accións formativas, por ano Nº de horas lectivas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo
ACTUACIÓN 14 Incorporar un servizo de promoción da autonomía persoal como servizo ao que optar dentro da carteira de servizos de atención ás persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2012 e 2013	Indicadores de realización Incorporación dun servizo de promoción da autonomía persoal dentro da carteira de servizos



ACTUACIÓN 15 Promover que a valoración do contorno nos procesos de valoración da dependencia, inclúa tamén a valoración do grao de autonomía, de modo que podan establecerse nos programas individuais de atención –PIA os servizos específicos de promoción da autonomía que favorezan a permanencia da persoa no seu contorno, tal e como se prevé na normativa.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal responsable dos procesos de valoración Persoal responsable da elaboración de programas individuais de atención –PIA	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de servizos de promoción de autonomía incluídos en PIA, por ano
ACTUACIÓN 16 Considerar nas axudas á investigación convocadas no marco do Plan de I+D+i unha liña específica de actuación relativa á innovación en materias relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero.	
Persoas/entidades destinatarias Organismos, institutos de investigación, entidades... que reúnan os requisitos das convocatorias	Organismo/s responsable/s D.X. de Investigación, Desenvolvemento e Innovación
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Liñas de investigación relacionadas, por ano Orzamento destinado, por ano
ACTUACIÓN 17 Promover o voluntariado entre as persoas con discapacidade para que, ademais de receptoras, sexan tamén prestadoras da acción voluntaria.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades que traballan con e para as persoas con discapacidade Persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Xuventude e Voluntariado Entidades de CERMI-GALICIA
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de acordos de colaboración con entidades do ámbito da discapacidade, por ano Nº de persoas voluntarias participantes con discapacidade por sexo e ano
ACTUACIÓN 18 Dar continuidade á convocatoria anual de axudas individuais destinadas á mellora da accesibilidade das vivendas e adquisición de produtos de apoio e axudas técnicas e estender o prazo de solicitudes.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización Mantemento: 2010 e ss. Ampliación de prazo: a partir de 2011.	Indicadores de realización Prazos de solicitudes adoptados, por ano Nº de solicitudes recibidas Nº de axudas concedidas Orzamento destinado, por ano



Obxectivo específico 3: Informar e concienciar a sociedade galega sobre a autonomía persoal das persoas con discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Fomentar a través das actuacións propias do departamento administrativo competente en materia de voluntariado (feira de voluntariado, congreso estatal, xornadas, encontros...), as redes sociais entre o propio movemento asociativo cara a reforzar o apoio ás familias das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades que traballan con e para as persoas con discapacidade Voluntariado Familias de persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Xuventude e Voluntariado CERMI-Galicia (Federacións integrantes)
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de entidades que entran a formar parte da rede social, por ano
ACTUACIÓN 2 Publicar os datos estatísticos relativos ás persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de estatísticas publicadas na web institucional Nº de visitas a esa sección, por ano
ACTUACIÓN 3 Incluír contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. de Medios S.X. de Política Social Compañía de Radio Televisión de Galicia – RTVG
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Contidos/espazos incluídos
ACTUACIÓN 4 Destinar recursos a financiar programas orientados a traballar coas familias das persoas con discapacidade, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, dando continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá (darase prioridade na orde anual de subvencións).	
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social que traballan no ámbito de atención das persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de programas de traballo coas familias financiados. Nº de persoas beneficiarias, por sexo
ACTUACIÓN 5 Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao relacionados co trato ás persoas con discapacidade, desde a perspectiva da importancia da súa propia autonomía persoal.	
Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario Persoal docente universitario	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de accións formativas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano



Obxectivo específico 4: Promover e desenvolver a asistencia persoal.

ACTUACIÓN 1 Dar continuidade á prestación para contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria–AVD ás persoas en situación de gran dependencia (Prestación do sistema para a autonomía e atención a dependencia).	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade que destinataria da libranza	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas beneficiarias da libranza de asistente persoal
ACTUACIÓN 2 Estender a figura do/a asistente persoal ao Grao II.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas que teñen recoñecido o grao II, de dependencia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia no grao II e que acceden ao servizo de asistencia persoal, por sexo e ano
ACTUACIÓN 3 Desenvolver accións formativas para os/as asistentes persoais, de xeito selectivo e en función das necesidades, que inclúan contidos sobre mediación, sobre a Linguaxe de Signos Española e sobre sistemas alternativos e aumentativos de comunicación para facilitarlles o seu labor de apoio a persoas con discapacidade psíquica, persoas con discapacidade auditiva e/ou con outros problemas de comunicación.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas que exercen as funcións de asistencia persoal	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas, por ano Nº de accións formativas realizadas, por ano Nº de asistentes persoais que participan, por sexo
ACTUACIÓN 4 Potenciar as convocatorias para o recoñecemento, avaliación, acreditación e a certificación da competencia profesional nas cualificacións da familia profesional vinculada coa atención sociosanitaria a persoas no domicilio (asistente persoal, coidador/a, xerocultor/a ou semellante, auxiliar de axuda domicilio).	
Persoas/entidades destinatarias Candidatos e candidatas que cumpran os requisitos da convocatorias	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de prazas convocadas, por ano Nº de persoas acreditadas, por sexo e ano

3.5. Área 5 EDUCACIÓN

3.5.1. Fundamentos e descrición

A educación constitúe un factor esencial para a plena realización das persoas, así como para o progreso e desenvolvemento da sociedade. A meta dunha educación de calidade debe ser unha educación para todas as persoas, incidindo na formación para a vida individual e colectiva, sobre todo neste período tan crucial da vida onde descubrimos as nosas vocacións, nos capacitamos profesionalmente e creamos redes sociais duradeiras. Hai que garantir aos nenos e nenas con discapacidade unha educación inclusiva, unha escolaridade en igualdade de condicións co resto de nenos e nenas, en resposta a un **dereito fundamental**, e facilitar a transición desde a etapa de primaria e secundaria ao ensino superior e ao emprego.

A atención educativa baseada nos principios de calidade, equidade e flexibilidade para mellor adaptarse á diversidade do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade; para iso é necesario ir adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo do alumnado, adoptando as medidas específicas de apoio educativo que requira o alumnado con necesidades específicas para dar a resposta educativa que mellor se adapte as características e necesidades persoais do alumnado en todas as etapas e niveis educativos.

Nas etapas de educación infantil e no ensino básico (educación primaria e secundaria obrigatoria) está escolarizado en centros ordinarios a maioría do alumnado de idades comprendidas entre 3 e 18 anos, so cando as necesidades do alumnado o requiran, e previo ditame de escolarización, en centros específicos de educación especial.

En todos os niveis non obrigatorios do ensino existe unha menor escolarización de persoas con discapacidade que no resto da poboación, incrementándose esta desigualdade coa idade. Estas carencias na formación básica reducen as súas posibilidades de acceso a niveis superiores de educación, incluída a formación universitaria. Ademais, o xénero xoga un papel importante nos diferentes niveis de instrución, de xeito que son as mulleres con discapacidade ás que menos acceden dentro do colectivo. A pesar de todo, os mozos e mozas con discapacidade chegan hoxe en día en maior medida ao ensino superior, aínda cando seguen a existir importantes carencias na adaptación do sistema.

O sistema educativo debe contemplar criterios claros e relevantes de actuación para os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, termo que inclúe ao alumnado con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta, establecendo unha filosofía rigorosa ao tempo que flexible, incidindo na formación e na necesaria participación coordinada dos diferentes axentes educativos implicados (fundamentalmente pais, nais e profesorado).

No **sistema educativo de Galicia**, un total de 6.170 alumnos e alumnas¹⁶ presentan necesidades educativas especiais no ensino obrigatorio (un 67% son varóns). No ensino post-obrigatorio, esta cifra redúcese ata 122 en bacharelato, 89 en ciclos formativos, 88 en programas de cualificación profesional inicial e 17 en educación secundaria para persoas adultas. En todos os casos a porcentaxe de homes é moi superior á de mulleres, máis aínda que no caso da ensinanza obrigatoria.

Durante o mesmo curso (2009-2010) estaban matriculados/as nas tres **universidades galegas** 410 estudantes con discapacidade (53,1% eran mulleres). Deste grupo de estudantes, 41 solicitaron servizos de apoio, o que supón o 10% do total de alumnado con discapacidade matriculado (58% mulleres).

Unha **educación en igualdade de oportunidades** esixe actuar sobre todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal de orientación, cuidadores/as, equipos directivos e familia. As familias precisan información, asesoramento, orientación e apoio emocional para que colaboren no desenvolvemento das potencialidades dos e das menores. Así mesmo, é necesario conseguir que os centros educativos sexan plenamente accesibles e que os e as profesionais que traballan con menores, mozos e mozas, ou persoas adultas con discapacidade teñan unha formación permanente e actualizada nos diferentes enfoques educativos, dotando aos centros de medios persoais e técnicos de apoio. Todo isto, co fin de levar a cabo un seguimento axeitado das distintas ensinanzas que ofrece o sistema educativo, así como unha participación efectiva en actividades extraescolares e deportivas.

A publicación de normativa específica (ordes, decretos e mesmo circulares) da **administración educativa galega** nos últimos anos¹⁷ evidencia o impulso, por parte de dita administración, das actuacións e programas dirixidos a mellorar a calidade da atención educativa do alumnado e, dentro deste, daquel con necesidades educativas especiais. A aplicación dun novo modelo educativo, baseado na normalización e inclusión do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, implica a asignación de novas funcións aos centros específicos de educacións especial na actualidade, pero tamén aos propios centros ordinarios que han de velar pola inclusión do alumnado con discapacidade.

Polo que respecta ás **universidades**, tamén se puxeron en marcha servizos de apoio para o estudantado con necesidades especiais de apoio, así como diversos programas como bolsas destinadas á atención e

¹⁶ Segundo datos facilitados pola Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2009-2010.

¹⁷ Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia ademais das doutra normativa que os desenvolven, Orde do 27 de decembro de 2002 onde se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativa especiais e a Orde do 24 de xullo de 1998 na que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto con outra normativa específica para cada nivel de ensinanza, así como as circulares que anualmente ditan instrucións para coordinar actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional sendo a Circular 10/2010 a última publicada na que se establece o asesoramento aos equipos directivos e a toda a comunidade educativa relacionada cos centros de ensinanza, sobre as medidas de reforzo educativo e as adaptacións curriculares para a atención á diversidade do alumnado, sobre a elaboración e desenvolvemento de programas de prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe, coa aprendizaxe permanente e coas saídas profesionais, así como cos relacionados coa convivencia e educación de valores.

integración destes alumnos e alumnas, convenios asinados con entidades do ámbito da discapacidade, actuacións de infoaccessibilidade e de accesibilidade de edificios de campus e/ou residencias universitarias, centro de documentación virtual etc.

Existen diferenzas no tipo de servizos prestados/programas en activo entre as tres universidades, así como no método de aplicación, nalgúns casos, sendo preciso a unificación de criterios e a suma de esforzos cara a conseguir unha maior e mellor atención do alumnado universitario que presenta algunha discapacidade. Para iso porase en marcha un grupo de traballo interuniversitario (con persoal das tres universidades galegas) que se ocupe do deseño, posta en marcha e seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade tanto dirixidas ao alumnado que necesidades específicas de apoio como ao propio persoal docente e á investigación-coñecemento neste ámbito.

As medidas propostas no ámbito educativo no marco deste plan responden ás necesidades do colectivo e fórmase o reto da consecución dos obxectivos establecidos desde o convencemento de que o futuro educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo dependerá do que, conxuntamente, administracións, movemento asociativo e sociedade en xeral, se propoñan.

Ponse o énfase nos obxectivos propostos na garantía dun marco inclusivo. Por iso, é necesario insistir na importancia do axuste de tarefas educativas ás necesidades de cada alumno ou alumna, porque existen moi diversas situacións con posibilidades de resposta tamén moi diferentes. Neste sentido, o **principio de flexibilidade** constitúe unha premisa importante na planificación educativa, coas dificultades que en determinados momentos e circunstancias leva consigo. É o caso, por exemplo, da inclusión na educación secundaria, que esixe unha reflexión para establecer actuacións concretas e eficaces de intervención, tendo en conta que non se trata unicamente dunha integración académica senón dunha integración contemplada desde unha perspectiva global.

É importante, por outra banda, que se combinen axeitadamente as estruturas do ensino ordinario e os dispositivos especializados, sen perder de vista o obxectivo da plena inclusión.

Por exemplo, no caso das persoas con enfermidade mental, en ocasións os primeiros brotes ocorren cando estas persoas están nos derradeiros cursos do ensino secundario obrigatorio, no bacharelato, nos ciclos de formación profesional ou nos primeiros cursos do ensino universitario. Estes episodios en ocasións resultan incomprensibles para a familia, compañeiros/as, profesorado e mesmo para profesionais especializados en atención á diversidade. A consecuencia máis grave no ámbito educativo é a imposibilidade de continuar cos estudos que están cursando nese momento, estudos que na maioría dos casos non volven a retomar (“ruptura do itinerario educativo”). Esta situación xera unha espiral de exclusión.

En definitiva, o obxectivo xeral que se persegue neste Plan, no apartado específico de Educación, é **garantir unha educación infantil, primaria, secundaria e post-obrigatoria de calidade nun marco integrador e normalizador, favorecendo a súa calidade e carácter público.**

Para dar resposta a este novo modelo educativo, centrado na normalización e inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros educativos ordinarios, prevese a posta en marcha de novas actuacións, ademais do mantemento e mellora doutras existentes. Así, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, inclúe medidas para **revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade (obxectivo específico 1.)** como o decreto de ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, ou unha nova regulamentación sobre a atención á diversidade no sistema educativo, adaptada aos principios da Lei orgánica de educación e á realidade actual ou nova normativa sobre a organización e funcionamento dos centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria

Medidas que se completan con outras dirixidas a **garantir a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (obxectivo específico 2)**. Así, deseñaranse e estableceranse protocolos de actuación e/ou de colaboración entre ensino obrigatorio e post-obrigatorio e universitario; estableceranse convenios con entidades que participan na atención ao alumnado con determinadas discapacidades ou trastornos; crearase un grupo de traballo interuniversitario que se ocupe do deseño, posta en marcha e seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade e de atención e apoio ao alumnado con necesidades de apoio por motivo da súa discapacidade, entre outras medidas.

Tamén se detecta a necesidade de formar ao profesorado e ao persoal técnico especializado en atención á diversidade na casuística e sintomatoloxía específica das diferentes tipoloxías de discapacidade (persoas con discapacidade por mor de psicose e esquizofrenia, trastornos bipolares, depresións graves, trastornos da conduta e da personalidade), de forma que se evitaría unha gran cantidade de abandonos do sistema educativo e melloraría o papel fundamental que os e as profesionais deben ter como axentes de detección temperá de casos e, polo tanto, como axentes en prevención. Para iso inclúense medidas no marco do obxectivo específico 3, **Formar e capacitar ao persoal do sistema educativo para unha educación inclusiva do alumnado que presenta necesidades educativas especiais.**

Para **garantir unha educación obrigatoria nas mesmas condicións de igualdade que o resto do alumnado (obxectivo específico 4)**, poranse en marcha as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poidan realizar as probas da avaliación de diagnóstico, facilitarase que o profesorado sexa o máis permanente posible nos centros nos que se escolarice alumnado con necesidades educativas especiais; así mesmo, continuarase traballando na convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención deste alumnado, no concerto educativo cos centros concertados específicos de atención específica de alumnado con necesidades educativas especiais e os centros ordinarios con unidades escolares específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, ou na convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos, entre outros.

Pero tamén se vai traballar na **procura dunha educación Post-Obrigatorio que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral (obxectivo específico 5)**. Neste caso, establecendo algunhas

medidas como a realización de ofertas específicas de PCPI coa finalidade de facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, ou continuar e estender ás tres universidades o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade, así como reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola Universidade ou dar continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da Universidade, vencellados a un programa de obxectivos tamén personalizado.

Finalmente, inclúense medidas para **facilitar ás persoas adultas unha educación compensatoria de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma** (*obxectivo específico 6*). Neste caso, continuarase traballando nos programas que se veñen desenvolvendo desde o departamento administrativo competente na materia, potenciando a adaptación e tratamento axeitado ás persoas con discapacidade que accedan aos recursos/centros de educación de persoas adultas.

Aínda que non se inclúen medidas específicas ao respecto, non hai que esquecer a importancia da colaboración e cooperación das asociacións de nais e de pais do alumando con discapacidade no labor educativo e na compensación das necesidades educativas especiais, para a consecución dos obxectivos que marca un sistema educativo de calidade no contexto dunha sociedade moderna e plural. Neste sentido, o movemento asociativo de nais e pais constitúe, xunto coas entidades que traballan por e coas persoas con discapacidade, un importante instrumento para complementar a atención que recibe o alumando con necesidades específicas de apoio educativo permanente.

Este alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a unha discapacidade require tamén, desde o momento en que se detectan deficiencias ou riscos de presentalas, dunha atención infantil temperá, entendida como unha intervención múltiple que comprende información, detección, diagnóstico, tratamento, orientación e apoio familiar; todos eles aspectos que se consideran na área de intervención do Plan especificamente deseñada para implementar actuacións neste ámbito: a área 9 de actuación, sobre atención temperá.



3.5.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 5 EDUCACIÓN

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Garantir unha educación infantil, primaria, secundaria e post-obrigatoria de calidade nun marco integrador e normalizador, favorecendo a súa calidade e carácter público.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade. 2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 3. Formar e capacitar aos/ás profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 4. Garantir un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade que o resto de alumnado. 5. Procurar unha educación post-obrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral. 6. Facilitar ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma.

Obxectivo específico 1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade

ACTUACIÓN 1	Elaborar e publicar unha nova regulamentación sobre a atención á diversidade no sistema educativo, adaptada aos principios da Lei orgánica de educación (LOE) e á realidade actual.
Persoas/entidades destinatarias Sistema educativo de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2013	Indicadores de realización Regulamentación publicada
ACTUACIÓN 2	Elaborar e publicar unha nova normativa sobre a organización e funcionamento dos centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (actualización e adaptación á LOE dos decretos 324/1996, 374/1996 e 7/1999).
Persoas/entidades destinatarias Sistema educativo de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Centros e Recursos Humanos
Temporalización 2011-2012	Indicadores de realización Normativa publicada
ACTUACIÓN 3	Elaborar e publicar o currículo das ensinanzas de formación profesional de forma que se considere a accesibilidade universal nestas ensinanzas.
Persoas/entidades destinatarias Sistema educativo de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010-2013	Indicadores de realización Nº de currículos publicados



ACTUACIÓN 4 Elaborar e publicar o decreto de ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no que se teña en conta a accesibilidade universal nestas ensinanzas.	
Persoas/entidades destinatarias Sistema educativo de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010	Indicadores de realización Decreto publicado
ACTUACIÓN 5 Estudar a situación actual da diversidade na rede de centros educativos para a identificación de necesidades e planificación de actuacións.	
Persoas/entidades destinatarias Sistema educativo de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Estudo realizado
Obxectivo específico 2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	
ACTUACIÓN 1 Diseñar e establecer protocolos de actuación/colaboración entre o ensino obrigatorio e o post-obrigatorio e universitario, que posibilite unha actuación coordinada de todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	
Persoas/entidades destinatarias Sistema de ensino obrigatorio e post-obrigatorio de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Universidades
Temporalización 2010-2012	Indicadores de realización Protocolos elaborados e implementados
ACTUACIÓN 2 Crear un portal web sobre orientación adaptado ás persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Comunidade educativa	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Temporalización 2011-2012	Indicadores de realización Posta en marcha do Portal
ACTUACIÓN 3 Establecer convenios con entidades que participan na atención ao alumnado con determinadas discapacidades ou trastornos.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social que traballan con e para as persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de convenios inicialmente previstos, por ano Nº de convenios establecidos por ano



ACTUACIÓN 4 Crear un grupo de traballo interuniversitario que se ocupe do deseño, posta en marcha e seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade tanto daquelas especificamente dirixidas ao alumnado con discapacidade e ao propio persoal docente, como as relacionadas coa investigación - coñecemento neste ámbito (dito grupo ocuparase de elaborar protocolos de actuación unificados de atención e apoio ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais, creación dun espazo web no ámbito universitario informativo e de consulta en materia de discapacidade...).

Persoas/entidades destinatarias
Sistema universitario de Galicia

Organismo/s responsable/s
Universidades

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Grupo creado
Composición do grupo, por sexo
Actuacións deseñadas e implementadas, por ano

Obxectivo específico 3. Formar e capacitar aos/ás profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

ACTUACIÓN 1 Incluir contidos relativos á educación para a diversidade e á educación inclusiva do alumnado, baseados nos principios da Lei Orgánica de Educación (LOE) e da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como a elaboración de materiais accesibles, nos plans de formación dirixidos a toda a comunidade educativa profesional.

Persoas/entidades destinatarias
Profesorado do sistema educativo de Galicia

Organismo/s responsable/s
D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Nº de cursos/módulos incluídos
Nº de horas lectivas, por ano
Nº de persoas participantes, por sexo e ano

ACTUACIÓN 2 Potenciar actividades formativas (grupos de traballo, seminarios permanentes e proxectos de formación e asesoramento en centros) que aborden temáticas relacionadas coa escola inclusiva na formación en centros, incluída a elaboración de materiais accesibles.

Persoas/entidades destinatarias
Profesorado do sistema educativo de Galicia

Organismo/s responsable/s
D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Nº de actividades formativas, por ano
Nº de horas lectivas, por ano
Nº de persoas participantes, por sexo e ano

ACTUACIÓN 3 Considerar como un criterio máis de valoración nos concursos de méritos de persoal docente a formación e a capacitación do profesorado sobre inclusión educativa.

Persoas/entidades destinatarias
Profesorado do sistema educativo de Galicia

Organismo/s responsable/s
D.X. de Centros e Recursos Humanos

Temporalización
2010 e ss.

Indicadores de realización
Nº de concursos que inclúe dito criterio, por ano
Nº total de concursos por ano



ACTUACIÓN 4 Crear un manual de boas prácticas docentes para o profesorado universitario cara á optimizar a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Persoas/entidades destinatarias
Profesorado das universidades galegas

Organismo/s responsable/s
Universidades

Temporalización
2011

Indicadores de realización
Manuel editado

Nº de exemplares difundidos
Nº de descargas web, por ano

ACTUACIÓN 5 Diseñar un manual para a elaboración de materiais formativos accesibles para contornos inclusivos e difundilo entre o profesorado universitario.

Persoas/entidades destinatarias
Profesorado das universidades galegas

Organismo/s responsable/s
Universidades

Temporalización
2011

Indicadores de realización
Manuel editado
Nº de exemplares difundidos
Nº de descargas web, por ano

Obxectivo específico 4. Garantir un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade que o resto de alumnado.

ACTUACIÓN 1 Realizar as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poida realizar as probas da avaliación de diagnóstico.

Persoas/entidades destinatarias
Alumnado con discapacidade que se presenta a probas de avaliación

Organismo/s responsable/s
D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Temporalización
2010 e ss.

Indicadores de realización
Adaptacións realizadas
Nº de alumnos/as con discapacidade que realizan probas, por sexo e ano
% de alumnado con discapacidade sobre o total do alumnado rexistrado

ACTUACIÓN 2 Dar continuidade aos Premios extraordinarios da educación secundaria obrigatoria, especialmente na modalidade de premio extraordinario ao esforzo e superación persoal de alumnado.

Persoas/entidades destinatarias
Alumnado que rematou a educación secundaria obrigatoria e demostrou a capacidade para superar condicións de desvantaxe, persoal familiar ou social (inclúe alumnado con discapacidade)

Organismo/s responsable/s
D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Temporalización
2010 e ss.

Indicadores de realización
Nº de premios concedidos, por ano
Nº de alumnos e de alumnas con discapacidade premiados, por sexo e ano



ACTUACIÓN 3 Manter a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos (para o alumnado matriculado en educación especial o importe da axuda é o máximo, independentemente dos ingresos).	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral, que cumpra requisitos da convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Centros e Recursos Humanos
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de axudas concedidas para esta finalidade a alumnado matriculado en educación especial, por ano Contía total das axudas concedidas a alumnado con necesidades educativas especiais, por ano
ACTUACIÓN 4 Manter a convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades educativas especiais. Inclúe axudas para: contratación de persoal complementario –logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico educativo, psicólogo/a, pedagogo/a, traballador/a social, intérprete de lingua de signos e persoa coidadora–; reparacións, mantemento e pequenas obras de adaptación; compra de material específico...	
Persoas/entidades destinatarias Centros privados concertados que escolaricen a alumnado con necesidades educativas especiais	Organismo/s responsable/s D.X. de Centros e Recursos Humanos
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de axudas concedidas para esta finalidade, por ano Orzamento destinado, por ano
ACTUACIÓN 5 Dar continuidade ao concerto educativo cos centros concertados específicos de atención específica de alumnado con necesidades educativas especiais e os centros ordinarios con unidades escolares específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais. Contempla o pagamento de persoal docente, gastos de funcionamento e persoal complementario: logopedas, axudantes técnico-educativos, psicólogo/a, pedagogo/a, traballador/a social, mestre especialista de audición e linguaxe e persoa coidadora.	
Persoas/entidades destinatarias Centros educativos de educación especial Centros educativos con aulas de educación especial.	Organismo/s responsable/s D.X. de Centros e Recursos Humanos
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de concertos con centros específicos de educación especial Nº de concertos con centros con aulas concertadas de educación especial Orzamento destinado a esta finalidade, por ano
ACTUACIÓN 6 Promover que o profesorado sexa o máis permanente posible nos centros nos que se escolarice alumnado con necesidade específica de apoio educativo	
Persoas/entidades destinatarias Profesorado do sistema educativo de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Centros e Recursos Humanos
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de docentes que permanecen un mínimo de dous anos en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo, por ano



Obxectivo específico 5. Procurar unha educación post-obrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.

ACTUACIÓN 1 Diseñar ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial –PCPI para facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais. Poderanse realizar ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial adaptadas a este alumnado que non se pode integrar na modalidade ordinaria. Nestes casos non se aplicará o límite superior de idade establecido con carácter xeral.

Persoas/entidades destinatarias

Alumnado que cumpre os requisitos segundo a normativa vixente (inclúe especificamente alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade ou trastornos graves de conduta)

Temporalización

2010 e ss.

Organismo/s responsable/s

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Indicadores de realización

Nº de demandas de ofertas específicas de PCPI, por sexo e por ano
Nº de ofertas específicas de PCPI realizadas, por sexo e por ano

ACTUACIÓN 2 Continuar e reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola Universidade.

Persoas/entidades destinatarias

Alumnado universitario con discapacidade

Temporalización

2010 e ss.

Organismo/s responsable/s

Universidades

Indicadores de realización

Nº de consultas atendidas de maneira presencial e telefónica, por ano
Nº de consultas Web

ACTUACIÓN 3 Dar continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da Universidade, vencellados a un programa de obxectivos tamén personalizado.

Persoas/entidades destinatarias

Alumnado universitario con discapacidade

Temporalización

2010 e ss.

Organismo/s responsable/s

Universidades

Indicadores de realización

Nº de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado, por sexo e por ano
Nº total de estudantes que demandan servizos de apoio, por sexo e ano

ACTUACIÓN 4 Continuar e estender ás tres universidades o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias

Persoas con discapacidade formadas e capacitadas no marco de programas de formación desenvolvidos por entidades que traballan neste ámbito e que cumpren con perfil esixido nos postos de traballo postos a disposición pola Universidade

Temporalización

2010 e ss

Organismo/s responsable/s

Universidades
Entidades do sector que ofrecen cursos de capacitación para postos de traballo que podan desenvolverse nas universidades

Indicadores de realización

Nº de persoas que realizan prácticas laborais, por sexo e ano
Nº de persoas formadas que responden ao perfil de postos ofrecidos polas universidades, por sexo e ano



Obxectivo específico 6. Facilitar ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma.

ACTUACIÓN 1 Adaptar os materiais didácticos e recursos para o logro dos obxectivos educativos (acceso aos recursos educativos).	
Persoas/entidades destinatarias Persoas que presenten necesidades educativas especiais	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas usuarias dos centros de educación de persoas adultas que requiren adaptación, por sexo e por ano
ACTUACIÓN 2 Dar continuidade, e reforzar se procede, ao cumprimento de adaptación das probas libres para obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para persoas que presentaren necesidades educativas especiais e que o soliciten.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas que presenten necesidades educativas especiais e que o soliciten	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas con discapacidade que acceden ás probas, por sexo e por ano Nº de persoas que precisaron de adaptación das probas, por sexo e por ano
ACTUACIÓN 3 Dar continuidade á autorización para cursar ensinanzas de persoas adultas ao alumnado menor de 18 anos por necesidades educativas especiais.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade maiores de 16 anos e menores de 18 que cumpran os requisitos de acceso	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº persoas autorizadas, por sexo e por ano
ACTUACIÓN 4 Apoiar realización de actividades de alfabetización a persoas con necesidades educativas especiais, a través da convocatoria de axudas.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades sen ánimo de lucro	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de axudas solicitadas Nº de axudas concedidas con esa finalidade, por ano Nº de persoas con discapacidade beneficiarias, por sexo e ano

3.6. Área 6: FORMACIÓN E EMPREGO

3.6.1. Fundamentos e descrición

As estatísticas do Servizo Público de Emprego de Galicia revelan que o número de persoas con algunha discapacidade que demandan un emprego ascende a un total de 6.936, valor que significa o 2,4% do total de poboación demandante de emprego. Dunha análise por xénero atópase que o 56% de demandantes con discapacidade son homes, mentres que no grupo de demandantes de emprego sen discapacidade o 54% son mulleres, dato que vén a constatar as desigualdades por motivos de xénero comentadas na área de actuación 2, e que defire respecto da súa influencia na poboación en xeral.

A igualdade no acceso e na permanencia no emprego é un factor clave de participación social e de independencia económica de cidadáns e cidadás en idade laboral. Pero ocorre que as taxas de actividade e de ocupación de persoas con algún tipo de discapacidade son inferiores ao do resto da poboación.

A inserción laboral constitúe a mellor vía de recoñecemento social e de satisfacción persoal, polo que é preciso continuar co deseño de procedementos específicos de integración para afrontar a problemática que neste ámbito presentan as persoas con discapacidade. Resulta fundamental, neste sentido, deseñar políticas que sexan, por unha banda, diversas, en función da capacidade destas persoas para ocupar un determinado emprego, ao tempo que integrais, no sentido de abordar todos os obstáculos que dificultan a súa participación na vida activa.

No conxunto das políticas activas de emprego, a **orientación e a formación profesionais** xogan un papel importante porque serven de apoio a mozos e mozas con discapacidade para identificar as actividades que máis lles conveñen e prestarlles a debida orientación cara á formación que precisan ou á súa futura actividade profesional. Ademais, a formación non só contribúe ao crecemento técnico das persoas, para o seu progreso no mercado laboral, senón que afecta tamén ao seu desenvolvemento integral e á maneira en que se relacionan.

A adquisición de novos coñecementos e de novas competencias para actualizar a preparación profesional mediante as distintas modalidades de aprendizaxe constitúe un dos piares do que se entende por aprendizaxe permanente. Nos últimos anos veñen desenvolvéndose **medidas de acción positiva para fomentar a formación profesional para o emprego das persoas con discapacidade**, constituíndo un dos colectivos prioritarios nas convocatorias públicas de axudas á formación da Xunta de Galicia, de xeito que se remove un dos maiores atrancos do antedito colectivo no seu acceso ou na súa reincorporación ao mercado laboral.

Co obxecto de lograr a integración normalizada no mercado de traballo das persoas con discapacidade, a Xunta de Galicia vén impulsando no marco do diálogo co movemento asociativo e das liñas establecidas

pola Estratexia Europea para o Emprego, a integración laboral dos colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, entre os que se atopan as persoas con discapacidade. Para iso, están desenvolvéndose diversas medidas dirixidas a aumentar a súa cualificación e mellorar as súas posibilidades de inserción laboral. Cabe citar o Programa para o fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa e o Programa de emprego con apoio. No primeiro caso, en 2009, un total de 265 empresas e 331 persoas con discapacidade se beneficiaron destas axudas; no caso do segundo programa, foron 8 entidades e 19 persoas con discapacidade.

Tamén se veu apoiando o emprego protexido, co desenvolvemento do Programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego (CEE): en 2009, 104 CEE e 1.595 persoas con discapacidade beneficiáronse desta iniciativa; e o Programa de subvencións ás unidades de apoio e actividade profesional de CEE, do que se beneficiaron en 2009 14 CEE e 306 persoas con discapacidade. Hai en Galicia 108 CEE nos que en 2009 traballaron un total de 1.595 persoas con discapacidade; o 61,6% eran homes e un 65,4% tiñan unha discapacidade de tipo físico.

Así mesmo, é unha realidade o compromiso do Goberno galego no fomento das potencialidades do modelo empresarial cooperativo para desenvolver políticas transversais en temas como o emprego, a revitalización demográfica, o fomento do asociacionismo empresarial, a eficiencia e participación na empresa, desequilibrios poboacionais, ou a integración social, con especial consideración das potencialidades das cooperativas de integración social creadas coa finalidade de promover a inclusión social das persoas con algún tipo de discapacidade.

Cabe destacar tamén o fomento do novo modelo empresarial baseado na responsabilidade social empresarial (RSE), entendida como o compromiso voluntario por parte das empresas co desenvolvemento social, laboral e ambiental nas súas relacións comerciais e nas relacións cos seus interlocutores e, en especial, o compromiso coa igualdade de oportunidades e coa inclusión social e a axuda ás persoas máis desfavorecidas.

A pesar de todos os avances sinalados as taxas de desemprego de homes e mulleres con discapacidade seguen a ser moi altas, así como o índice de temporalidade dos seus contratos laborais¹⁸. Resulta, por iso, necesario continuar con estes programas, reforzando, en función das posibilidades orzamentarias dos vindeiros anos, as políticas activas de emprego dirixidas a estes traballadores e implementando outras novas que, de maneira coordinada e debidamente harmonizada entre todos os axentes implicados, contribúan en maior medida a aumentar os niveis de ocupación deste colectivo.

Esta área de actuación configúrase cun dobre obxectivo; por un lado, **formar ás persoas con discapacidade para a súa axeitada incorporación ao mercado laboral** e, por outro, **mellorar a empregabilidade e a calidade do emprego das persoas con discapacidade, combatendo activamente a súa discriminación**. En definitiva, do que se trata é de aumentar a participación destes traballadores e traballadoras no mercado laboral, garantirles a elección da carreira profesional e facilitarles unha elección efectiva.

¹⁸Segundo a Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia – EDAD 2008, o 31,4% das persoas con discapacidade que estaban traballando, tiñan un contrato laboral temporal.

Como tamén se sinalaba na Área 4 deste Plan, Educación, hai que posibilitarles aos nenos e nenas con discapacidade unha escolaridade ordinaria e unha transición fácil desde a etapa de primaria e secundaria ao ensino superior e ao emprego, sendo igualmente importante permanecer no proceso formativo ao longo da súa vida: os procesos de cambio acelerado e os desafíos e retos que ofrecen un mundo globalizado e unha sociedade complexa como a actual, esixen unha adquisición e adaptación continua de coñecementos.

Por iso o Plan contempla medidas tendentes a **favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades formativas reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral (obxectivo específico 1)**, porque só a través de accións específicas de formación profesional para o emprego positiva se pode conseguir a plena inserción laboral de homes e mulleres con discapacidade.

Algunhas das medidas que se levarán a cabo nos vindeiros anos no marco deste Plan, serán, entre outras: a de fixar como un dos colectivos prioritarios en todas as ordes de subvencións para a formación ás persoas con discapacidade; dotar aos centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade; esixir para a inscrición ou acreditación no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar os medios tendentes a facilitar a accesibilidade universal; elaborar unha guía de boas prácticas para a impartición de formación dirixida a persoas xordas; realizar un profundo cambio de enfoque respecto da orientación laboral, tanto en relación ás funcións como á formación dos e das orientadoras laborais; impulsar os programas de teleformación e a distancia nos plans existentes de formación ocupacional; ou considerar na orde de programas integrados para o emprego unha contía superior no caso de inserción laboral de persoas con discapacidade...

Tamén se busca **promover**, dalgún xeito, **as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria (obxectivo específico 2)**, reforzando os convenios coas organizacións empresariais para facilitar o acceso ás prácticas non laborais nos centros de traballo ordinario ou establecendo convenios de colaboración para a realización do módulo formativo FCT (formación en centros de traballo), de forma que se garanta a inclusión e cumprimento das adaptacións necesarias no caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Pero sobre todo, búscase a **promoción e a mellora da empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade**, tanto **no sector público (obxectivo específico 3)**, como **no sector privado (obxectivo específico nº 4)**.

No primeiro caso, desde o departamento de Función Pública da Xunta de Galicia e desde o departamento de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde vanse poñer en marcha diversas actuacións que permitan acadar dito obxectivo: elaborárase e publicarase un decreto regulador do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da Administración Autonómica Galega, así como un catálogo de tipos de postos de traballo, no que se describan as súas tarefas fundamentais e se estableza o perfil de esixencias e condicións mínimas de cada un tendo en conta as peculiaridades dos distintos grupos de discapacidade. Incluírase información específica dirixida

ás persoas con discapacidade (en relación coa súa saúde laboral, accesibilidade...) no Plan de acollida do persoal de nova incorporación do Servizo Galego de Saúde ou a revisión dos procedementos en relación coas adaptacións de postos de traballo implicando os mandos intermedios neste labor, entre outras medidas formuladas.

Polo que respecta ao **sector privado**, as actuacións son tamén moi diversas, podendo sinalar: a continuidade dos incentivos para o fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria ou o Programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo; fomentar a participación das persoas demandantes de emprego (con discapacidade) nas políticas activas de emprego; visibilizar a través das accións de fomento da Responsabilidade Social Empresarial –RSE (xornadas, encontros, informacións dixitais...) da Xunta de Galicia as capacidades das persoas con discapacidade, para concienciar e sensibilizar cara á súa contratación libre de estereotipos; avaliar o programa de Emprego con Apoio, dirixido á contratación de persoas con discapacidade severa por empresas ordinarias; establecer, normativamente, vías de comunicación entre o persoal técnico de servizos sociais e o de formación e colocación, cara á optimización de recursos no ámbito da inserción laboral das persoas con discapacidade; potenciar os contratos para a formación, como vía de incorporación das persoas con discapacidade sen experiencia laboral previa ao mercado de traballo etc.

Mentres non sexa unha realidade a incorporación normalizada dos traballadores e traballadoras con discapacidade no mercado ordinario de traballo, hai que **seguir apoiando o emprego protexido** (*obxectivo específico 5*). Deste xeito, a Consellería de Traballo e Benestar continuará cos programas de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio e actividade profesional destes centros; revisarase a orde de centros especiais de emprego para analizar a inclusión de requisitos de esixencia de presentación periódica dun programa de desenvolvemento sociolaboral das persoas empregadas con discapacidade.

Todas estas actuacións complementan e vense complementadas coas actuacións que forman parte do **Plan sociolaboral para a promoción da autonomía persoal** que a Consellería de Traballo e Benestar, inclúe no seu Plan de actuación social, Galicia 2010-2013, así como no **Plan autonómico de emprego**.

3.6.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 6 FORMACIÓN E EMPREGO

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Formar as persoas con discapacidade para a súa axeitada incorporación ao mercado laboral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral. 2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria. 3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.
Mellorar a empregabilidade e a calidade do emprego das persoas con discapacidade, combatendo activamente a súa discriminación.	<ol style="list-style-type: none"> 4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado. 5. Apoiar o emprego protexido, especialmente desde a administración Pública.



Obxectivo específico 1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.

ACTUACIÓN 1 Dar continuidade ás liñas de axudas para a formación de persoas con discapacidade desenvolvidas a través de convenios coas entidades do movemento asociativo de discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de convenios por ano Orzamento destinado, por ano
ACTUACIÓN 2 Fixar como un dos colectivos prioritarios en todas as ordes de subvención ás persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades e organizacións beneficiarias segundo convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de ordes de subvencións, por ano Nº de ordes de subvencións, nas que as persoas con discapacidade son colectivo prioritario
ACTUACIÓN 3 Dotar aos centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Centros de formación propios da Consellería de Traballo e Benestar	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Adaptacións realizadas, por ano Orzamento destinado, por ano
ACTUACIÓN 4 Esixir, normativamente, para a inscrición ou acreditación no Rexistro de centros e entidades de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar que estes dispoñan dos medios para facilitar a accesibilidade universal.	
Persoas/entidades destinatarias Centros e entidades de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2011	Indicadores de realización Publicación do decreto regulador de autorización de centros que inclúa dita esixencia
ACTUACIÓN 5 Elaborar unha guía de boas prácticas para a impartición de formación dirixida a persoas xordas.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal docente dos cursos de formación Entidades colaboradoras	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010	Indicadores de realización Guía elaborada Nº de exemplares editados Nº de descargas web, por ano



ACTUACIÓN 6 Manter a prioridade das persoas con discapacidade como participantes nos programas mixtos de formación e emprego.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades beneficiarias segundo se indica en cada convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo e ano
ACTUACIÓN 7 Dar un novo enfoque á figura do/a orientador/a laboral (funcións asignadas, formación requirida...) para contar cunha rede de orientación máis profesionalizada e máis capacitada para atender as necesidades específicas das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal de orientación laboral Persoal responsable da xestión e planificación da rede de orientación laboral da Xunta de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2011	Indicadores de realización Publicación da orde que regule este cambio
ACTUACIÓN 8 Promover a creación da categoría profesional de orientador/a laboral na Xunta de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Xunta de Galicia e organismos adscritos	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010	Indicadores de realización Solicitude realizada á D.X. de Función Pública
ACTUACIÓN 9 Levar a cabo o mantemento evolutivo da aplicación informática de orientación laboral e crear canles de comunicación entre profesionais de orientación do Servizo Público de Emprego de Galicia cara á inclusión de melloras relacionadas coa derivación de persoas usuarias entre entidades especializadas en atención a determinados colectivos, preferentemente con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais e os demais servizos existentes.	
Persoas/entidades destinatarias Rede de persoal de orientación propio da Consellería de Traballo e Benestar e das entidades colaboradoras	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de novas funcionalidades desenvolvidas. Nº de melloras das funcionalidades existentes.
ACTUACIÓN 10 Asignar unha contía superior no caso da inserción laboral de persoas con discapacidade en situación de desemprego na orde de programas integrados para o emprego, como compensación ao esforzo engadido de inserción que isto supón.	
Persoas/entidades destinatarias Corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos da convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Incorporación nas ordes de axudas anuais dunha asignación superior en caso de inserción de persoas con discapacidade Persoas con discapacidade participantes no programa, por sexo e ano Persoas con discapacidade inseridas no mercado laboral, por sexo e ano



ACTUACIÓN 11 Impulsar os programas de teleformación e a distancia nos plans de formación profesional ocupacional existentes para favorecer, sobre todo, ás persoas con dificultades para acceder na modalidade presencial.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas que cumpran os requisitos que cada curso estableza.	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de cursos de teleformación e a distancia previstos, por ano. Nº de cursos de teleformación e a distancia realizados, por ano. Nº de persoas con discapacidade formadas, por sexo e ano.
ACTUACIÓN 12 Dar continuidade ao programa de accións formativas para persoas desempregadas – AFD, de forma que se axusten á realidade das persoas con discapacidade para posibilitarles a súa realización efectiva.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas en situación de desemprego, segundo recolle cada convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de cursos de AFD nos que participan persoas con discapacidade (de grao igual ou superior ao 33%). Nº de persoas con discapacidade inscritas por sexo e ano. Nº de persoas con discapacidade formadas por sexo e ano.
ACTUACIÓN 13 Reforzar as vías de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar cara a conseguir unha maior coordinación entre o persoal técnico de ambas consellerías e facilitar a orientación cara á súa formación ocupacional ou post-obrigatoria e o acceso ao primeiro emprego ao remate dos estudos regradados.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal dos departamentos competentes na Consellería de Traballo e Benestar e na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de formación para o emprego	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010	Indicadores de realización Elaboración e posta en marcha dun protocolo de actuación entre ambas consellerías
ACTUACIÓN 14 Reforzar a realización de cursos de formación con compromiso de contratación das persoas formadas.	
Persoas/entidades destinatarias Empresas ou agrupacións de empresas que cumpran os requisitos establecidos	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de cursos con compromiso de contratación, por ano Nº de persoas formadas contratadas, por sexo e ano Nº de persoas con discapacidade formadas, por sexo e ano



ACTUACIÓN 15 Potenciar a avaliación e acreditación da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, como posibles fórmulas de integración no mercado laboral das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Candidatos e candidatas que cumpran os requisitos da normativa vixente en materia de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras aprendizaxes non formais	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de prazas convocadas, por ano Nº de persoas acreditadas, por sexo e ano Nº de persoas con discapacidade acreditadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 16 Recoller, dentro do portal xeral de información e orientación profesional, toda a información específica para persoas con discapacidade (oferta formativa, condición de acceso...) adaptada, na medida do posible, ás distintas tipoloxías de discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Habilitación dun espazo no portal destinado a temas específicos sobre discapacidade Nº de visitas a esa sección, por ano
ACTUACIÓN 17 Reforzar a adaptación da formación profesional ao mercado laboral do momento, incidindo naquelas profesións con máis saídas laborais e que se correspondan con perfís que poidan desempeñar as persoas con discapacidade, a través da actualización do anexo correspondente en cada convocatoria anual do programa de accións formativas para persoas desempregadas –AFD.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades que cumpran os requisitos da convocatoria Persoas en situación de desemprego, segundo recolla cada convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Actualización anual do anexo correspondente
Obxectivo específico 2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.	
ACTUACIÓN 1 Manter o compromiso de prácticas profesionais non laborais como criterio de valoración nas ordes de subvención de formación dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades que cumpran os requisitos da convocatoria Persoas en situación de desemprego, segundo recolla cada convocatoria	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de accións formativas con compromiso de prácticas profesionais non laborais, por ano Nº de persoas con discapacidade que realizaron prácticas profesionais, por sexo e ano Nº de persoas con discapacidade contratadas, por sexo e ano



ACTUACIÓN 2 Reforzar os convenios coas organizacións empresariais para facilitar o acceso ás prácticas non laborais nos centros de traballo ordinario

Persoas/entidades destinatarias
Entidades colaboradoras
Empresas

Organismo/s responsable/s
D.X. de Formación e Colocación

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Nº de convenios previstos, por ano
Nº de convenios asinados, por ano

ACTUACIÓN 3 Establecer convenios de colaboración para a realización do módulo de formación en centros de traballo –FCT, de forma que se garanta a inclusión e cumprimento das adaptacións necesarias no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.

Persoas/entidades destinatarias
Alumnado e profesorado de Formación Profesional

Organismo/s responsable/s
D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Nº de convenios previstos, por ano
Nº de convenios asinados, por ano
Nº de alumnos e alumnas participantes
Nº de alumnos e de alumnas participantes con discapacidade

Obxectivo específico 3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.

ACTUACIÓN 1 Elaborar e publicar un decreto regulador do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da Administración Autonómica Galega.

Persoas/entidades destinatarias
Poboación activa que reúna os correspondentes requisitos de acceso

Organismo/s responsable/s
D.X. de Función Pública (a través do Consello Asesor da Discapacidade)

Temporalización
2012

Indicadores de realización
Publicación do decreto regulador

ACTUACIÓN 2 Elaborar un catálogo de tipos de postos de traballo, no que se describan as súas tarefas fundamentais e se estableza o perfil de esixencias e condicións mínimas de cada un tendo en conta as peculiaridades dos distintos grupos de discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias
Persoas con discapacidade que acceden á Función Pública da Xunta de Galicia

Organismo/s responsable/s
D.X. de Función Pública (a través do Consello Asesor da Discapacidade)

Temporalización
2013

Indicadores de realización
Catálogo elaborado

ACTUACIÓN 3 Establecer unha reserva de postos para persoas con discapacidade psíquica desenvolvendo un proceso selectivo independente diferenciado e adaptado ás súas especiais circunstancias (aspecto a contemplar na modificación da Lei de función pública de Galicia).

Persoas/entidades destinatarias
Persoas con discapacidade candidatas que reúnan os requisitos

Organismo/s responsable/s
D.X. de Función Pública

Temporalización
2011

Indicadores de realización
Modificación e publicación da Lei
Artigos que fan referencia á discapacidade intelectual



ACTUACIÓN 4	Manter a cota do 5% dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% para o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33% que forman parte das listas de acceso	Organismo/s responsable/s D.X. de Xustiza
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas contratadas, por sexo e ano Nº de persoas con discapacidade contratadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 5	Incluír información específica dirixida ás persoas con discapacidade (en relación coa súa saúde laboral, accesibilidade...) no Plan de acollida de persoal de nova incorporación do Servizo Galego de Saúde. O Plan de acollida proporcionará información xeral sobre o centro de traballo, as condicións de traballo, formación, normativa vixente... e incluírá un apartado específico dirixido ás persoas con discapacidade que proporcionará información en relación coa súa saúde laboral, condicións de traballo, accesibilidade e outras cuestións que sexan do seu interese.
Persoas/entidades destinatarias Persoal de nova incorporación nas Xerencias de Atención Primaria e Atención Especializada do Servizo Galego de Saúde	Organismo/s responsable/s D.X. de Recursos Humanos – Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2010	Indicadores de realización Inclusión dun espazo específico sobre discapacidade no Plan de acollida
ACTUACIÓN 6	Deseñar e desenvolver accións formativas dirixidas a mellorar o coñecemento que os mandos intermedios teñen dos procedementos e dos protocolos que afectan ás persoas con discapacidade e promover a súa sensibilización e orientación nesta materia, para que poidan proporcionar a información e o tratamento adecuado ás persoas con discapacidade que traballan na súa unidade.
Persoas/entidades destinatarias Mandos intermedios do sistema sanitario de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Recursos Humanos – Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas, por ano Nº de accións formativas realizadas, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 7	Revisar os procedementos en relación coas adaptacións de postos de traballo implicando aos mandos intermedios en ditos procedementos e establecendo protocolos de actuación.
Persoas/entidades destinatarias Servizo Galego de Saúde	Organismo/s responsable/s D.X. de Recursos Humanos – Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2011	Indicadores de realización Procedementos revisados Protocolos de actuación establecidos que contemplan a adaptación de postos



ACTUACIÓN 8 Realizar un estudo da tipoloxía de postos de traballo no Servizo Galego de Saúde establecendo as tarefas fundamentais dos mesmos e as condicións mínimas para o seu desempeño. Tomarase como referencia nun primeiro momento un centro que se determine.

Persoas/entidades destinatarias
Servizo Galego de Saúde

Organismo/s responsable/s
D.X. de Recursos Humanos – Servizo Galego de Saúde

Temporalización
2011-2013

Indicadores de realización
Estudo realizado

ACTUACIÓN 9 Estudar a posibilidade de incluír nos temarios de acceso aos corpos e escalas das Administracións Públicas contidos sobre a problemática das persoas con discapacidade (proponerse nas negociacións sindicais).

Persoas/entidades destinatarias
Persoas que acceden aos procesos selectivos para acceder a corpos e escalas da Administración Pública

Organismo/s responsable/s
D.X. de Función Pública

Temporalización
2011

Indicadores de realización
Valoración e negociación cos sindicatos
Procesos selectivos nos que se inclúe, se procede

ACTUACIÓN 10 Impartir accións formativas para o persoal da administración que, ou ben forma parte da contorna organizativa das persoas con discapacidade, ou ben teña responsabilidade sobre persoas traballadoras con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias
Persoal da administración en cuxa contorna organizativa, hai algún posto de traballo ocupado por persoas con discapacidade

Organismo/s responsable/s
S.X. de Política Social
Escola Galega de Administración Pública –EGAP
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Nº de accións formativas realizadas, por ano
Nº de persoas formadas, por sexo e ano

Obxectivo específico 4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.

ACTUACIÓN 1 Dar continuidade ao programa de fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria, mediante o que se incentiva ás empresas pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración no sistema ordinario de traballo.

Persoas/entidades destinatarias
Empregadores/as e empresas, que contraten a persoas traballadoras con discapacidade

Organismo/s responsable/s
D.X. de Promoción do Emprego

Temporalización
2010 e ss

Indicadores de realización
Nº de empresas beneficiarias, por ano
Nº de persoas con discapacidade beneficiarias, por sexo e ano



ACTUACIÓN 2 Dar continuidade ao programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, a través do que se subvenciona a promotores de proxectos con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social das e dos preparadores laborais que se contraten para levar a cabo accións de apoio ás persoas con discapacidade severa con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo.	
Persoas/entidades destinatarias Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro Centros especiais de emprego Empresas do mercado ordinario de traballo	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de empresas beneficiarias, por ano Nº de persoas con discapacidade beneficiarias, por sexo e ano
ACTUACIÓN 3 Contemplar de maneira explícita as persoas con discapacidade como colectivo beneficiario en todas as accións informativas relativas a cooperativas, incidindo nas vantaxes das cooperativas de integración social.	
Persoas/entidades destinatarias As mesmas ás que se dirixen as accións informativas sobre cooperativas da Xunta de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Relacións Laborais
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de accións informativas que consideren explicitamente as persoas con discapacidade, por ano
ACTUACIÓN 4 Potenciar os contratos para a formación como vía de incorporación ao mercado de traballo das persoas con discapacidade sen experiencia laboral previa.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade en situación de desemprego, como un dos colectivos prioritarios desta modalidade de contrato	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de contratos para a formación realizados, por sexo e ano Nº de persoas con discapacidade que se acollen a dita modalidade, por sexo e ano
ACTUACIÓN 5 Levar a cabo o mantemento evolutivo do Portal Virtual de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia –SPEG.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas demandantes de emprego de Galicia Profesionais do sector Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Posta en marcha do portal virtual de emprego Novos servizos implementados



ACTUACIÓN 6 Incluir medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Empresas licitadoras de contratos da Xunta de Galicia	Organismo/s responsable/s Consellerías da Xunta de Galicia
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de expedientes de contratación que inclúen medidas deste tipo, por ano
ACTUACIÓN 7 Promover que nas entidades beneficiarias de axudas para a contratación de 50 ou máis traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, ao abeiro das diferentes ordes de convocatoria dos programas de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar, cando menos, o 5% das persoas seleccionadas sexan persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades beneficiarias de axudas para a contratación de 50 ou máis traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de entidades beneficiarias que cumpren o mínimo de 5%
ACTUACIÓN 8 Fomentar a participación das persoas demandantes de emprego nas políticas activas de emprego, considerando as circunstancias de quen ten algunha discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas demandantes de emprego, en especial aquelas que teñen algunha discapacidade que dificulta o seu acceso ao mercado laboral	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de orientacións realizadas, por sexo e por ano Nº de orientacións dirixidas a persoas con discapacidade por sexo Taxa de inactividade na poboación xeral –Taxa de inactividade da poboación con discapacidade. Orzamento anual destinado aos centros específicos que atenden a este colectivo
ACTUACIÓN 9 Visibilizar a través das accións de fomento da responsabilidade social empresarial – RSE da Xunta de Galicia (xornadas, encontros, informacións dixitais...) a capacidade das persoas con discapacidade, concienciando sobre a súa contratación, ao tempo que se facilita información sobre as axudas técnicas e persoais, sobre o cumprimento voluntario da cota do 2% no cadro de persoal de traballadores ou traballadoras que teñen algunha discapacidade...	
Persoas/entidades destinatarias Empresariado Traballadores e traballadoras sen discapacidade. E todas aquelas ás que se dirixan as accións de fomento da RSE que implemente a Xunta de Galicia	Organismo/s responsable/s D.X. de Relacións Laborais
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de actuacións previstas nas que se visibilice ás persoas con discapacidade Nº de actuacións realizadas nas que se visibilizou ás persoas con discapacidade



ACTUACIÓN 10 Establecer programas de comprobación por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia, conforme ao sinalado no Real Decreto 364/2005, do 8 de abril, do cumprimento da cota de reserva do 2% dos postos de traballo para persoas con discapacidade nas empresas de máis de 50 persoas traballadoras.	
Persoas/entidades destinatarias Empresas de máis de 50 persoas traballadoras	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación –SPEG
Temporalización 2011	Indicadores de realización Programas establecidos Nº de comprobacións efectuadas, por ano
ACTUACIÓN 11 Avaliar o Programa de emprego con apoio, dirixido á contratación de persoas con discapacidade severa por empresas ordinarias.	
Persoas/entidades destinatarias Xunta de Galicia Entidades do movemento asociativo	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2011	Indicadores de realización Informe de avaliación e revisión elaborado
ACTUACIÓN 12 Establecer, normativamente, vías de comunicación entre persoal técnico de servizos sociais e de formación e colocación, cara á optimización de recursos no ámbito da inserción laboral das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal técnico do ámbito dos servizos sociais e persoal de orientación da Consellería de Traballo e Benestar Entidades locais Entidades colaboradoras	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación S.X. de Política Social
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Publicación de normativa que regule esta coordinación Vías de comunicación establecidas
Obxectivo específico 5: Apoiar o emprego protexido, especialmente desde a administración Pública.	
ACTUACIÓN 1 Dar continuidade ao programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.	
Persoas/entidades destinatarias Centros especiais de emprego	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de centros especiais de emprego beneficiarios, por ano Nº de persoas con discapacidade beneficiarias, por sexo e ano
ACTUACIÓN 2 Dar continuidade ao programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.	
Persoas/entidades destinatarias Centros especiais de emprego	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº centros especiais de emprego beneficiarios, por ano Nº de persoas con discapacidade beneficiarias, por sexo e ano



ACTUACIÓN 3 Revisar a orde de centros especiais de emprego e analizar a inclusión de requisitos de esixencia de presentación periódica, por parte de ditos centros, dun programa de desenvolvemento sociolaboral das persoas con discapacidade empregadas (itinerarios personalizados de inserción) ou esixencia dun mínimo de insercións anuais.	
Persoas/entidades destinatarias Centros especiais de Emprego	Organismo/s responsable/s D.X. de Promoción do Emprego
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de insercións no mercado ordinario, por sexo e ano
ACTUACIÓN 4 Crear un ficheiro coordinado entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e os centros especiais de emprego.	
Persoas/entidades destinatarias Centros especiais de Emprego	Organismo/s responsable/s D.X. de Formación e Colocación
Temporalización 2011-2012	Indicadores de realización Creación do ficheiro Nº de altas de demandantes de emprego por sexo e ano Nº de insercións no mercado ordinario, por sexo e ano
ACTUACIÓN 5 Reservar entre o 3% e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.	
Persoas/entidades destinatarias Centros especiais de emprego sen ánimo de lucro	Organismo/s responsable/s Consellerías da Xunta de Galicia
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Normativa reguladora publicada Nº de contratos con centros especiais de emprego, por ano. Importe contratado con centros especiais de emprego, por ano.

3.7. Área 7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

3.7.1. Fundamentos e descrición

Os servizos sociais constitúen dispositivos de axuda vitais para as persoas con discapacidade, xa que dependen destes en canto que contribúen á súa calidade de vida. Así e todo, en moitos casos non se benefician de tales medidas, ben porque estas son insuficientes, ben porque teñen dificultades para acceder ás mesmas.

Un dos obxectivos fundamentais da Consellería de Traballo e Benestar é a de prestar unha atención integral ás persoas con discapacidade, no seu contorno natural, unha atención non meramente asistencialista e cun enfoque baseado na promoción da autonomía persoal. Porén, no contexto actual o número de persoas con discapacidade que realmente poden conseguir unha vida independente non é moi elevado. A convivencia coa súa familia, no seu contorno, combínase coa asistencia a centros nos que se traballa o seu desenvolvemento persoal. Cando a relación entre estas dúas realidades non se conxuga en termos que permitan garantir a maior calidade de vida e o maior grao de desenvolvemento persoal da persoa con discapacidade, entra neste escenario a institucionalización en centros públicos, configurada como un contorno alternativo.

Este sistema de carácter público en Galicia está constituído por 4.662 prazas distribuídas entre centros residenciais e centros de día tanto de carácter ocupacional como asistencial, das que 4.141 (88,82 %) están concertadas ou conveniadas coas entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade. Con este sistema respóndese ás necesidades das persoas cunha discapacidade moderada (grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % sen necesidade de axuda de 3ª persoa), a través dunha formación de carácter ocupacional que favoreza a súa integración sociolaboral, e das persoas dependentes cun maior grao de discapacidade (grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e necesidade de axuda de 3ª persoa), a través dunha atención de carácter máis rehabilitador.

A rede galega de centros de atención a persoas con discapacidade está actualmente integrada por un total de 120 centros, en réxime de concerto distribuídos nas catro provincias galegas, que albergan un total de 4.141 prazas. A estas hai que engadir catro centros públicos, que xestiona a propia Consellería de Traballo e Benestar, cun total de 521 prazas. Os centros son de moi diversa tipoloxía: centros ocupacionais, centros de día, residencia de persoas adultas con centro ocupacional, residencia de dependentes con centro de día, vivendas e pisos tutelados e un centro de asistencia e educación especial.

Así mesmo, véñense desenvolvendo diversos programas dirixidos especificamente a persoas con discapacidade nas súas diferentes tipoloxías: programas de prevención e atención a persoas con lesións medulares; programa de acollemento familiar de persoas con discapacidade, do que se beneficiaron 37 persoas con discapacidade en 2009; programas de respiro familiar, para o que se conta con 55 prazas

concertadas con entidades de iniciativa social; e o Programa de respiro para persoas tuteladas da FUNGA, do que se beneficiaron en 2009, 15 persoas.

Ademais, a Consellería asinou convenios de colaboración para o mantemento e o desenvolvemento de actividades das entidades de iniciativa social; un total de 16 convenios cun orzamento total de 3.088.016 € en 2009. A esta cantidade súmase a destinada á concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e a programas de servizos sociais, así como a destinada a subvencións para mantemento e promoción de actividades. No primeiro caso, concedéronse axudas por un valor de 10.172.738 €, das que se beneficiaron 118 entidades; no segundo caso repartíronse 1.170.176 € entre 103 entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade. Pola súa banda, o teléfono social atendeu en 2009 un total de 557 consultas sobre discapacidade.

En definitiva, un importante despregue de recursos de diversa natureza co obxectivo de prestar unha atención de calidade a todas as persoas da Comunidade Galega que presentan algunha discapacidade. Pódese dicir que a atención a este sector da poboación mellorou notablemente a través da publicación de normativa específica, do fortalecemento do movemento asociativo, dos servizos implementados etc. Así e todo, é preciso **reforzar os recursos**, así como **optimizar os existentes**, deseñando canles de coordinación entre administracións, entidades e profesionais, cara a cumprir co mandato da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade e outras normativas recentes.

A consideración en todo momento da **óptica de xénero** é fundamental. Nunha análise dos datos por sexo, as mulleres con discapacidade conforman o grupo máis numeroso e a falta de emprego e un nivel de menor intensidade de protección social ofrece a cara da feminización da pobreza.

En materia de servizos sociais comunitarios, a actual configuración dos recursos humanos e a sobrecarga de traballo dos e das profesionais dificulta a intervención comunitaria con este sector da poboación, que non podendo acceder a prestacións básicas ou recursos comunitarios, demanda respostas por parte dos servizos sociais especializados.

En definitiva, é preciso **mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias**, con esta finalidade creouse a Área 7 de intervención do Plan, **Recursos no ámbito dos servizos sociais**, con tres metas claramente definidas:

1. **Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade** (*obxectivo específico 1*). Neste marco elaborárase e publicarase a normativa que regulará os centros, servizos e programas dirixidos ás persoas con discapacidade, considerando, no seu caso, as diferentes tipoloxías e incluíndo a acreditación de centros, ou o desenvolvemento normativo do Decreto de dependencia, 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, ou actualizar a orde pola que se regula o procedemento de ingresos e traslados en centros propios, concertados e con reserva de prazos.

2. **Deseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade** (*obxectivo específico 2*). O deseño de procedementos que, á súa vez, procuren unha coordinación efectiva está na base deste obxectivo. Para a súa consecución poranse en marcha diversas medidas, entre as que se poden sinalar: a definición de carteiras de servizos de atención en función das necesidades obxectivas das persoas con discapacidade; a mellora das vías de coordinación entre os Equipos con funcións de valoración e intervención social dos concellos e os Equipos de Orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; a creación e desenvolvemento de grupos de traballo para instrumentalizar os criterios de calidade e das condicións que garantan unha intervención efectiva e especializada; a potenciación do desenvolvemento de programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual, cara a mellorar a súa autonomía persoal; o deseño dun sistema informático integrado de referencia nos servizos sociais da Administración Autonómica; a promoción do deseño e implementación de protocolos locais de actuación para servizos sociais municipais...

3. **Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.** Paralelamente ás actuacións anteriores, faise necesario reforzar a rede de recursos sociais existentes para as persoas con discapacidade considerando as diferentes tipoloxías. Así, deseñárase un mapa de recursos e infraestruturas que sinala as carencias para os grandes tipos de discapacidade; crearanse novos centros ou unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes; ampliarase o servizo de axuda no fogar e mellorarase a libranza vinculada á adquisición de dito servizo; incrementarase o número de prazas do programa de respiro familiar e o número de prazas de estancias temporais en centros que dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar; ampliaranse os recursos tecnolóxicos dirixidos a este colectivo e impartirase formación a profesionais do sector en función das súas necesidades formativas previamente identificadas a través dun estudo específico.

En todas as áreas do Plan, pero especialmente nesta, é fundamental a consideración do **apoio e atención á familia** no deseño e programación de accións dirixidas ás persoas con discapacidade, así como na lexislación específica que se publique. Esta deberá contar con referencias explícitas ao apoio que se debe prestar ás familias das persoas con discapacidade (información, concienciación, formación, apoio psicolóxico etc).

Así mesmo, hai que contemplar programas de traballo coas familias nos centros (reunións, encontros de seguimento do proxecto formativo da persoa familiar, mediación, enquisas de satisfacción...). Neste sentido, a familia ha de ser considerada tamén como usuaria dos servizos no ámbito da discapacidade; é dicir o, colectivo destinatario está constituído tanto polas propias persoas con discapacidade como polas persoas que integran a súa unidade de convivencia.



3.7.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias	<ol style="list-style-type: none">1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións., programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.2. Deseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

Obxectivo específico 1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Elaborar e aprobar unha normativa específica referida a centros, servizos e programas dirixidos ás persoas con discapacidade, na que se contemplan os requisitos técnicos e funcionais das distintas tipoloxías de centros para a súa autorización e acreditación.

Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral destinataria destes recursos. Entidades públicas e privadas titulares dos recursos.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011.	Indicadores de realización Normativa publicada.

ACTUACIÓN 2 Proceder ao desenvolvemento normativo do Decreto de dependencia 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade en situación de dependencia e as súas familias/persoas coidadoras. Profesionais que traballan no Sistema de dependencia	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010-2011.	Indicadores de realización Normativa publicada.

ACTUACIÓN 3 Establecer os indicadores de referencia para a determinación do copagamento nos servizos de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, así como as tarifas esixibles.

Persoas/entidades destinatarias Poboación destinataria dos servizos e recursos de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011.	Indicadores de realización Indicadores definidos.



ACTUACIÓN 4 Actualizar a normativa reguladora do procedemento de acceso aos recursos dirixidos ás persoas con discapacidade: Orde do 26 de febreiro de 1996, pola que se regula o procedemento de ingresos e traslados en centros propios, concertados e con reserva de prazas.

Persoas/entidades destinatarias

Poboación en xeral destinataria dos servizos e recursos no ámbito dos servizos sociais.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social.

Temporalización

2011-2012.

Indicadores de realización

Normativa actualizada publicada.

Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.

ACTUACIÓN 1 Definir carteiras de servizos de atención en función das necesidades obxectivas das persoas con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias

Persoas con discapacidade en situación de dependencia e as súas familias/persoas cuidadoras.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social.

Temporalización

2010-2011.

Indicadores de realización

Elaboración do estudo para a definición da nova carteira de servizos sociais de atención ás persoas con dependencia en Galicia, as esixencias para a súa prestación e a planificación da súa implantación.

Nº de novas modalidades de servizos postos en funcionamento.

ACTUACIÓN 2 Mellorar as vías de coordinación entre os equipos con funcións de valoración e intervención social da Consellería de Traballo e Benestar e os equipos de orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Persoas/entidades destinatarias

Administracións competentes en materia educativa e de benestar.

Persoal dos equipos de orientación/valoración de ambas administracións.

Persoas con discapacidade, en xeral.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social.

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Temporalización

2011 e ss.

Indicadores de realización

Mecanismos/protocolos de coordinación establecidos, por ano.

ACTUACIÓN 3 Diseñar e poñer en marcha un sistema informático integrado de referencia no ámbito dos servizos sociais, que facilite a xestión e a coordinación entre os distintos departamentos administrativos implicados na atención ás persoas con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias

Administracións competentes en materia de servizos sociais.

Organismo/s responsable/s

S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar.

Temporalización

2013.

Indicadores de realización

Sistema informático implantado.



ACTUACIÓN 4	Desenvolver o Catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia –SAAD para as persoas con discapacidade que obteñan o grao I, nivel 2.
Persoas/entidades destinatarias Profesionais que traballan no Sistema de dependencia. Poboación en xeral en situación de dependencia.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011	Indicadores de realización Catálogo desenvolvido.
ACTUACIÓN 5	Elaborar un modelo único que garante a unificación de criterios á hora de definir os contidos do Programa de Atención Individualizada.
Persoas/entidades destinatarias Entidades titulares de centros de atención a persoas con discapacidade. Persoal dos centros responsable da elaboración de Programas de Atención Individualizada.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011.	Indicadores de realización Modelo elaborado de Programa de Atención Individualizada.
ACTUACIÓN 6	Crear e poñer en marcha grupos de traballo para instrumentalizar os criterios de calidade e das condicións que garantan unha intervención efectiva e especializada: soporte documental, formación especializada, perfís profesionais, cadro de persoal recomendable etc.
Persoas/entidades destinatarias Entidades titulares de centros de atención a persoas con discapacidade e profesionais que traballan nos mesmos.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de grupos creados. Nº de xuntanzas, por ano.
ACTUACIÓN 7	Potenciar a través das ordes de subvencións o desenvolvemento de programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual persoal (programas de atención ambulatoria, titorías, escolas de pais e nais etc.), cara a mellorar a súa autonomía. A potenciación debe ser a través do movemento asociativo e en coordinación cos Servizos sociais comunitarios. Deste xeito, serán tamén responsables as entidades e os concellos.
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social que cumpran os requisitos da convocatoria	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de programas subvencionados, por ano para a mellora da autonomía persoal das persoas con discapacidade. Orzamento destinado por ano.



ACTUACIÓN 8	Promover o deseño e implementación de protocolos locais de actuación para servizos sociais municipais, unificando os diversos procedementos que se utilizan na actualidade. A elaboración dos protocolos require dun traballo de equipo do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios e da Consellería de Traballo e Benestar; así pódense propoñer desde a Administración autonómica para que a súa utilización se estenda a todos os servizos sociais comunitarios de Galicia.
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2012	Indicadores de realización Nº de protocolos de actuación implementados.
ACTUACIÓN 9	Fomentar a implantación e mellora de protocolos previstos nos contratos de concerto de prazas que redunden en melloras organizativas e na atención á persoa usuaria.
Persoas/entidades destinatarias Entidades titulares de centros concertados.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011-2012.	Indicadores de realización Nº de protocolos previstos por ano. Nº de protocolos establecidos por ano.
ACTUACIÓN 10	Identificar e promover boas prácticas innovadoras e excelentes sobre procesos de intervención no ámbito da discapacidade.
Persoas/entidades destinatarias Entidades titulares de centros concertados.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social. CERMI-Galicia.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de boas prácticas identificadas, por ano.
ACTUACIÓN 11	Proceder á reorganización e especialización da atención socioeducativa nos centros Santiago Apóstolo e Terra de Ferrol
Persoas/entidades destinatarias Persoas usuarias dos centros	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010-2012	Indicadores de realización Xestións efectuadas entre os dous departamentos administrativos competentes Reorganización e especialización realizada.
ACTUACIÓN 12	Revisar os procesos de traballo e ferramentas tecnolóxicas de apoio no proceso de tramitación dos equipos de valoración.
Persoas/entidades destinatarias Profesionais e demais persoal que traballan nos Equipos de valoración	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración da situación de dependencia Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración de discapacidades



Obxectivo específico 3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Poñer en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade, da tipoloxía que corresponda en cada caso.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social. S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros)
Temporalización 2010 e 2011.	Indicadores de realización Centros postos en marcha, por ano Nº de unidades creadas. Nº de prazas creadas, por ano Nº de novas prazas ocupadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 2 Dar continuidade ás axudas dirixidas ás persoas con discapacidade no marco das subvencións para cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais ás corporacións locais.	
Persoas/entidades destinatarias Corporacións locais. Persoas con discapacidade en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de axudas concedidas, por ano. Orzamento destinado, por ano. % destinado no ámbito da discapacidade, por ano.
ACTUACIÓN 3 Procurar unha maior cobertura do programa de axuda no fogar para as persoas con discapacidade e complementalo con outros servizos de proximidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso ao servizo.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de persoas con discapacidade e de persoas dependentes usuarias, por sexo e ano Orzamento destinado. % incremento respecto do exercicio anterior.
ACTUACIÓN 4 Mellorar a libranza vinculada á adquisición do Servizo de axuda no fogar –SAF.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso ao servizo.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010.	Indicadores de realización Mellora aplicada.
ACTUACIÓN 5 Manter e, no seu caso, ampliar o volume de prazas residenciais de carácter público para persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso ao servizo.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de prazas, por ano. Nº de persoas con discapacidade beneficiarias, por sexo e ano.



ACTUACIÓN 6 Incrementar o número de prazas do Programa de respiro familiar a través do que se oferta ás familias un período de descanso con actividades de ocio socializador e integrador das persoas usuarias do programa.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade destinataria deste servizo, e as súas familias.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de prazas, por ano. Nº de persoas con discapacidade usuarias, por sexo Incremento anual de prazas.
ACTUACIÓN 7 Aumentar o número de prazas de estancias temporais en centros que dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar, que poden ser paliadas cun ingreso temporal.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación con discapacidade destinataria deste servizo e as súas familias.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de prazas, por ano. Nº de persoas con discapacidade usuarias, por sexo. Incremento anual de prazas.
ACTUACIÓN 8 Promover o desenvolvemento de medidas/programas orientados a dar atención ás necesidades en ámbitos da discapacidade con maior escaseza de recursos.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade. Colectivos de discapacidade que se determinen en cada momento con maior escaseza de recursos.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de medidas/programas implementados, por ano. Nº de persoas usuarias, por sexo e ano.
ACTUACIÓN 9 Ampliar os recursos tecnolóxicos dirixidos á poboación de persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso ao recurso.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de persoas con discapacidade usuarias, por sexo e ano.
ACTUACIÓN 10 Establecer criterios de compatibilidade entre servizos e entre servizos e prestacións económicas, que favorezan ou promovan a autonomía persoal.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos de acceso.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011	Indicadores de realización Sistema de criterios de compatibilidade definido



ACTUACIÓN 11 Diseñar un mapa de recursos e infraestruturas que sinala as carencias para os grandes tipos de discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Administracións competentes en materia de servizos sociais. Profesionais do sector. Persoas con discapacidade, en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010, 2011 e 2012.	Indicadores de realización Mapa elaborado.
ACTUACIÓN 12 Estudar as necesidades de formación dos e das profesionais que traballan no ámbito dos centros/servizos de atención ás persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Departamento/s competentes en materia de discapacidade e programación formativa.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e 2012.	Indicadores de realización Estudios realizados.
ACTUACIÓN 13 Diseñar e executar un programa anual de cursos de formación, en resposta ás necesidades detectadas no estudo previsto na actuación anterior.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais que traballan no ámbito dos centros/servizos de atención ás persoas con discapacidade.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2012 e 2013.	Indicadores de realización Nº de cursos de formación previstos, por ano Nº de cursos de formación realizados, por ano. Nº de participantes, por sexo e ano.
ACTUACIÓN 14 Crear e manter un espazo web sobre a discapacidade que garanta información actualizada .	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade e as súas familias (titores/as, coidadores/as...) Profesionais do sector Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Espazo web creado Nº de visitas anuais

3.8. Área 8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

3.8.1. Fundamentos e descrición

As sociedades desenvolvidas caracterízanse, entre outros aspectos, pola estrutura organizativa ou rede de servizos de que dispoñen para responder ás necesidades da poboación en xera, e dos distintos sectores en particular: persoas maiores, menores e mozos e mozas; persoas con discapacidades de distinta tipoloxía; grupos diversos de persoas en situación ou en risco de exclusión... As sociedades configuran para iso sistemas de cobertura de necesidades de servizos sanitarios, educativos, culturais, de traballo, de vivenda, de medio ambiente, de tempo de lecer e de servizos sociais.

Para que o nivel de benestar social sexa elevado é imprescindible a confluencia de todos os sistemas e a coordinación das distintas administracións con competencias na materia. Nos últimos anos a atención actual á poboación con problemas sociosanitarios veuse exercendo por distintas instancias, existindo unha división clara entre o sanitario e o social, se ben con fronteiras indefinidas e unha ordenación moi variable.

As persoas poden ser obxecto de atención sociosanitaria cando teñen, simultaneamente, necesidade de ser atendidas polos servizos sociais e polos servizos de saúde. Esas necesidades deben ser relevantes, tanto pola continuidade no tempo como pola intensidade da intervención requirida, e a intervención social e a sanitaria deben ter, conxuntamente, un efecto sinérxico na obtención do resultado desexado. Os recursos sociosanitarios son aqueles de orixe sanitario, social ou mixto que, na súa totalidade ou en unidades específicas, atenden a persoas que teñen, simultaneamente, necesidades sociais e sanitarias.

Ademais, os cambios sociais e demográficos inciden de maneira importante no sistema sanitario que ten que dar resposta a estas novas situacións, coa eficacia e a eficiencia que se require. É neste contexto onde adquire o seu valor a abordaxe interdisciplinar, en todos os dispositivos e niveis de atención do sistema sanitario, en coordinación con outros sistemas de benestar e coas persoas usuarias e as súas organizacións, tendo como meta mellorar o funcionamento dos recursos sanitarios e sociais.

A carga de coidados das persoas con enfermidade mental e outras discapacidades semellantes é moi alta, posto que require dunha duración longa e dunha dedicación superior á xornada laboral. O impacto emocional que sofre a familia, acentuado ante a carencia de recursos de axuda, apoio e orientación, veñen a dificultar aínda máis esta situación. Todo isto pode levar a unha quebra de coidados que deberá preverse, facilitando dese xeito o mantemento da persoa con enfermidade mental no seu contorno.

Actualmente, a atención das persoas con enfermidade mental segue sendo competencia do Servizo Galego de Saúde, tanto a atención ambulatoria, nas Unidades de Saúde Mental, como a residencial, nas unidades de hospitalización psiquiátrica dos hospitais públicos e nas residencias dependentes de entidades de iniciativa social coas que a Consellería de Sanidade ten concerto de praza. Pero ademais,

mellorou a coordinación sociosanitaria coa Consellería de Traballo e Benestar, que é o outro departamento da Administración galega con competencias no ámbito da atención social deste colectivo.

A Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (**EDAD 2008**), constata esa gran demanda de Servizos sociosanitarios, cando un 2,2 millóns de persoas con discapacidade manifestan ter recibido algún servizo social ou sanitario.

Pola súa parte, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece, no artigo 136, como principios xerais de actuación en materia de atención sociosanitaria, a cooperación e a coordinación entre a Consellería de Sanidade e o Sistema Galego de Servizos Sociais. Así mesmo, sinala que a atención sociosanitaria deberá atender as diferentes necesidades das persoas baixo criterios de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade na acción das diferentes administracións públicas.

O artigo 53 establece que a continuidade da atención sociosanitaria será garantida polos servizos sanitarios e sociais mediante unha coordinación efectiva entre as administracións públicas correspondentes, así como entre os departamentos competentes en materia de sanidade e en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Ante a evidencia da necesidade de coordinación institucional, o goberno galego realizou unha aposta clara neste sentido, **creando a Subdirección Xeral de Xestión Sociosanitaria e Saúde Mental** (como unha Subdirección Xeral máis da Dirección de Asistencia Sanitaria¹⁹), conformada polo Servizo de Xestión Sociosanitaria e o Servizo de Saúde Mental e Atención a Drogodependencias. No mesmo ano, créase tamén o *Comité de planificación de atención sociosanitaria de Galicia*²⁰, no que participan representantes da Consellería de Sanidade ou, se é o caso, do Servizo Galego de Saúde; representantes da Consellería de Traballo e Benestar e persoas expertas de recoñecido prestixio.

Colocábase así a **pedra angular para o desenvolvemento da atención sociosanitaria**, a través dun órgano que debe funcionar en base aos principios de respecto á autonomía de xestión de cada departamento administrativo, composición paritaria sanitaria e social e o consenso na forma de traballo e de toma de decisións.

Todo iso, co obxecto de dar resposta ás novas necesidades da atención sociosanitaria que se están incrementando, como se dicía, nos últimos tempos debido a diversos factores: os cambios nos patróns de mortalidade e morbilidade nas últimas décadas que deron lugar a un incremento da esperanza de vida; este aumento da porcentaxe de poboación envellecida fai que aumente tamén a de quen sofre enfermidades crónicas e incapacitantes.

¹⁹ Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde (DOG 109, do 5 de xuño).

²⁰ Orde conxunta do 7 de agosto de 2009, da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se crea o Comité de planificación de atención sociosanitaria de Galicia (DOG do 27 de agosto).

Pero se a esperanza de vida das persoas con discapacidades de distintas tipoloxías e en graos diversos, se prolongou notablemente, tamén ocorre que o seu organismo envellece a un ritmo máis acelerado que o doutras persoas e teñen máis posibilidades de padecer patoloxías engadidas, polo que hai que contemplar as súas necesidades cunha perspectiva integradora, tendo en conta a súa idade, a súa tipoloxía e grao de afectación e o contexto sociofamiliar.

Estes factores, e outros que non procede mencionar na súa totalidade neste espazo, provocan que os sistemas sanitarios, mantendo o progreso no desenvolvemento das actividades terapéuticas, deban atender a:

- Unha maior demanda de cuidados e a necesidade de coordinarse cos servizos sociais de apoio.
- A necesidade de prestar unha maior atención aos aspectos preventivos de promoción da saúde.
- O desenvolvemento de políticas intersectoriais de actuación sobre os problemas de saúde da poboación.
- Unha maior demanda de actividades de rehabilitación e de reinserción social.

Sen dúbida, as persoas con discapacidade, en todas as súas tipoloxías e tendo en conta as súas especiais características, **constitúen un sector importante da poboación potencialmente beneficiaria de atención sociosanitaria**, xustificando sobradamente a inclusión neste Plan dunha **área de intervención centrada na saúde e na atención sociosanitaria**, a través de cuxas actuacións se pretende avanzar cara a un modelo baseado na atención personalizada, que garante unha abordaxe integral dos problemas e a actuación multidisciplinar de diferentes colectivos profesionais: persoal médico, de enfermería, de traballo social etc, aproveitando as sinerxías resultado das medidas adoptadas en 2009 polo goberno galego.

En definitiva, coa incorporación desta área específica trátase de **garantir a prevención, rehabilitación e asistencia sociosanitaria das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación**. Neste sentido, pode dicirse que a atención sociosanitaria debe converterse, se non o é xa, nun terceiro puntal clave do Estado de Benestar, xunto coa sanidade e os servizos sociais.

Para conseguir todo o anteriormente sinalado é preciso comezar por **definir o espazo sociosanitario en Galicia (obxectivo específico 1)** e, en consecuencia, o perfil das persoas usuarias deste ámbito de intervención. Resulta pertinente comezar a discutir sobre "o espazo baleiro sociosanitario", é dicir, sobre cómo dar cobertura ao espazo non cuberto cos recursos e as actuacións do Sistema de servizos sociais que con frecuencia se manifestan no Sistema sanitario (e viceversa), ambos orientados a cubrir necesidades da mesma poboación, pero xestionados por instancias administrativas distintas. Actualizárase a normativa que regula os centros e dispositivos de atención comunitaria en materia de saúde mental, deseñárase un plan estratéxico de atención sociosanitaria....

Esta delimitación do espazo sociosanitario ha de complementarse con actuacións que permitan deseñar **procesos que garanten esa efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e en servizos sociais (obxectivo específico 2)**. Para iso, ademais dos protocolos pertinentes, elaborárase un mapa de recursos sociosanitarios de Galicia, poranse en marcha accións formativas específicas procurando a libre circulación de profesionais na



formación específica impartida desde Sanidade e desde Benestar, entre outras medidas a adoptar no período 2010-2013.

Todo isto só se conseguirá na súa totalidade se paralelamente se procura a **accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios desde unha perspectiva de atención integral** (obxectivo específico 3), como tamén ha de ocorrer no caso dos servizos sociais (obxecto doutra área de actuación do Plan). Para acadar o antedito obxectivo inclúense diferentes medidas como a adaptación das cartillas sanitarias das e dos nenos con discapacidade, que teñen indicadores de saúde distintos ao resto de nenos e nenas, ou a elaboración dun informe de recomendacións para mellorar a accesibilidade (física, de equipamento, da comunicación e información) das persoas con discapacidade aos diferentes servizos do sistema sanitario, ou facilitar información sobre a maternidade nun formato accesible, entre outras.

3.8.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Garantir unha prevención, rehabilitación e asistencia socio sanitaria das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Regular o espazo socio sanitario. 2. Deseñar procesos que garanten unha efectiva atención socio sanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais. 3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios desde unha perspectiva de atención integral.

Obxectivo específico 1. Regular o espazo socio sanitario.

ACTUACIÓN 1 Consolidar e dar continuidade ao departamento administrativo con competencia específica no ámbito socio sanitario.

Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral, en especial as persoas con discapacidade que fan uso de servizos socio sanitarios	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Permanencia de dito departamento Nº de persoas que o integran por sexo e ano

ACTUACIÓN 2 Dar continuidade á Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Socio sanitaria de Galicia, regulada pola Lei 8/2008 de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Persoas/entidades destinatarias Sociedade galega en xeral, en especial as persoas con discapacidade que fan uso de servizos socio sanitarios	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria S.X. de Política Social.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de xuntanzas, por ano Nº de persoas participantes de forma activa, por sexo



ACTUACIÓN 3 Elaborar e publicar un Plan de atención integral sociosanitaria, con programas diversos que teñan como obxectivo principal a prevención da dependencia.	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade galega en xeral, en especial as persoas con discapacidade que fan uso de servizos sociosanitarios	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Plan elaborado e publicado. Nº de exemplares difundidos (se procede) Nº de descargas web efectuadas, por ano
ACTUACIÓN 4 Revisar e, se procede, actualizar a normativa que regula os centros e dispositivos de atención comunitaria en materia de saúde mental.	
Persoas/entidades destinatarias Administración competente en materia de saúde mental	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2012-2013	Indicadores de realización Informe resultado da revisión da normativa Publicación, se procede, da normativa modificada.
Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garanten unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.	
ACTUACIÓN 1 Constituír e poñer en marcha dous grupos de traballo técnico para a elaboración de circuitos e procesos dos distintos perfís de pacientes crónicos/as e de saúde mental e as súas posibilidades de tratamento no recurso máis apropiado.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal responsable do deseño de procesos na atención de pacientes crónicos/as e de saúde mental	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Constitución dos grupos e nome. Nº de persoas que os integran, por sexo
ACTUACIÓN 2 Establecer mecanismos para a coordinación dos servizos prestados por Sanidade e Benestar no proceso de atención e nas accións de rehabilitación das persoas usuarias de ambos sistemas coa finalidade de establecer a continuidade necesaria entre os mesmos.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade usuarias dos servizos sanitarios e dos servizos sociais	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria S.X. de Política Social
Temporalización 2012 e 2013	Indicadores de realización Mecanismos de coordinación deseñados e postos en marcha
ACTUACIÓN 3 Avanzar na recollida da información máis relevante dos aspectos e actuacións de carácter social do/a paciente na historia clínica informatizada de Sanidade.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais do sistema sanitario	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2012-2013	Indicadores de realización Modificación/ampliación do aplicativo IANUS e implementación



ACTUACIÓN 4 Elaborar un protocolo marco para simplificar os procedementos de autorización de servizos sanitarios en centros públicos de servizos sociais.	
Persoas/entidades destinatarias Centros, programas e recursos sociosanitarios	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Sanidade (Inspección Sanitaria) S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar S.X. de Política Social
Temporalización 2011: elaboración do protocolo 2011 e ss: aplicación do protocolo	Indicadores de realización Elaboración do protocolo Nº de servizos autorizados, por ano
ACTUACIÓN 5 Poñer en marcha un acordo de colaboración con carácter xeral cara a mellorar a coordinación da atención a persoas con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico.	
Persoas/entidades destinatarias Departamentos responsables de servizos e programas dirixidos a persoas con enfermidade mental	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria S.X. de Política Social
Temporalización 2011: sinatura do acordo 2011 e ss: aplicación do acordo	Indicadores de realización Sinatura do acordo de colaboración Nº de persoas atendidas con trastorno mental, por sexo e ano
ACTUACIÓN 6 Incluír no plan formativo da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS formación específica e transversal en materia de discapacidade, considerando as diferentes tipoloxías.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais que acceden ás accións formativas da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria – FEGAS	Organismo/s responsable/s Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS Xerencia do Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2012 e 2013	Indicadores de realización Nº de cursos/módulos incluídos e impartidos en materia de discapacidade, por tipoloxía desta Nº previsto de persoas participantes, por curso Nº de persoas realmente formadas, por sexo e curso
ACTUACIÓN 7 Realizar as xestións oportunas para que o persoal sanitario que desenvolve a súa actividade en centros públicos de ámbito sociosanitario poida acceder a determinadas accións formativas da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria – FEGAS.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal sanitario de centros públicos do ámbito social	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria Xerencia do Servizo Galego de Saúde
Temporalización 2011-2012	Indicadores de realización Convocatorias de cursos abertas a persoal sanitario do ámbito sociosanitario. Nº de persoas formadas, por sexo e por curso



ACTUACIÓN 8 Incorporar ao persoal sanitario ás accións formativas promovidas pola Consellería de Traballo e Benestar (na área de Benestar) a través da Escola Galega de Administración Pública –EGAP.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais do sistema sanitario	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de cursos/módulos nos que participa persoal sanitario Nº de persoas formadas, por sexo
ACTUACIÓN 9 Elaborar un mapa de recursos sociosanitarios de Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral, en especial aquela usuaria ou potencialmente usuaria de recursos sociosanitarios	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Mapa realizado e documentado
ACTUACIÓN 10 Elaborar unha guía xenérica de aplicación a actuacións de restauración colectiva desenvolvidas en centros públicos de servizos sociais.	
Persoas/entidades destinatarias Centros de atención de persoas con discapacidade con servizo de restauración colectiva	Organismo/s responsable/s D. X. de Innovación e Xestión da Sanidade Pública S.X. de Política Social
Temporalización 2011	Indicadores de realización Elaboración da guía Nº de centros nos que se difunde
ACTUACIÓN 11 Coordinar os rexistros de recursos autorizados de servizos sociais e de sanidade no marco da xestión do sistema da dependencia e promoción da autonomía persoal.	
Persoas/entidades destinatarias Recursos do sistema de dependencia e promoción da autonomía persoal	Organismo/s responsable/s S.X.T. da Consellería de Sanidade (Inspección Sanitaria) S.X.T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros)
Temporalización 2012	Indicadores de realización Integración dos rexistros
Obxectivo específico 3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios desde unha perspectiva de atención integral.	
ACTUACIÓN 1 Elaborar un informe de recomendacións para mellorar a accesibilidade (física, de equipamento, da comunicación e da información) das persoas con discapacidade aos diferentes servizos do sistema sanitario, considerando as diferentes necesidades por razón de xénero.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con responsabilidade nos diferentes servizos do sistema sanitario Profesionais do sistema sanitario	Organismo/s responsable/s CERMI- Galicia
Temporalización 2011	Indicadores de realización Informe de recomendacións realizado Nº de copias difundidas



ACTUACIÓN 2 Desenvolver a información dentro dos cursos de preparación o parto e de cuidados de fillos/as, en formatos adecuados, de maneira que resulten accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Mulleres embarazadas con algunha discapacidade	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria S.X. de Política Social
Temporalización 2013	Indicadores de realización Nº de cursos accesibles realizados Nº de mulleres con discapacidade participantes
ACTUACIÓN 3 Colaborar na difusión da información accesible (lectura fácil, braille...) sobre os diversos aspectos relacionados coa maternidade.	
Persoas/entidades destinatarias Mulleres con dificultades por motivo da súa discapacidade	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria Xerencia do Servizo Galego de Saúde S.X. de Política Social
Temporalización 2012	Indicadores de realización Contidos na Web da Xunta de Galicia relativos a esta materia Nº de visitas a dito espazo, por ano
ACTUACIÓN 4 Adaptar as cartillas sanitarias das e dos nenos con discapacidade, que teñen indicadores de saúde distintos ao resto de nenos e nenas.	
Persoas/entidades destinatarias Nenos e nenas con discapacidade	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2011-2012	Indicadores de realización Cartillas sanitarias adaptadas e postas en circulación Nº de cartillas asignadas, por ano
ACTUACIÓN 5 Continuar o desenvolvemento do servizo de farmacia hospitalaria e facelo extensible a todas as residencias de atención a persoas con discapacidade de máis de 50 persoas, axustándose á lexislación vixente.	
Persoas/entidades destinatarias Residencias de atención a persoas con discapacidade de máis de 50 persoas	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2011	Indicadores de realización Nº de residencias ás que se presta o servizo, por ano
ACTUACIÓN 6 Dar continuidade ao Programa de formación na atención integral bucodental a pacientes con discapacidade, no marco do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela sobre realización de programas de atención odontolóxica no módulo asistencial II.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade que precisan de atención integral bucodental remitidos desde Servizos de Cirurxía Maxilofacial	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº de persoas atendidas por ano, por sexo e tipoloxía de discapacidade



ACTUACIÓN 7 **Crear unha tarxeta sanitaria especial para nenos e nenas con trastornos do espectro autista.**

Persoas/entidades destinatarias

Menores con trastornos de espectro autista.

Organismo/s responsable/s

Xerencia do Servizo Galego de Saúde

Temporalización

2011 e ss

Indicadores de realización

Nº de tarxetas outorgadas, por sexo e ano



3.9 Área 9 ATENCIÓN TEMPERÁ

3.9.1. Fundamentos e descrición

Enténdese por atención temperá o “*conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e ao contorno, que teñen por obxectivo dar resposta o máis axiña posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecelos. Estas intervencións, que deben considerar a globalidade da nena ou neno, han de ser planificadas por un equipo de profesionais de orientación interdisciplinar ou transdisciplinar*”²¹.

O dereito á atención temperá esténdese dende a concepción ata os 6 anos, cando se presentan procesos evolutivos atípicos, discapacidades ou situacións vulnerables para o desenvolvemento de calquera etioloxía, ambiental, psicolóxica ou biolóxica, que poidan limitar o desenvolvemento da autonomía persoal e da participación social, incluíndo en todo caso aqueles recoñecidos en situación de dependencia de acordo cos procedementos derivados da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O obxectivo principal da atención temperá é que os nenos e nenas que presenten algún trastorno no seu desenvolvemento ou teñen risco de padecelos, reciban, seguindo un modelo que considere os aspectos bio-psico-sociais, aquelas intervencións de carácter integral que desde a vertente preventiva e asistencial potencien a súa capacidade de desenvolvemento e de benestar, posibilitando da forma máis completa a integración no seu contorno familiar, escolar e social, así como a súa propia autonomía persoal.

Trátase dunha intervención fundamental, habida conta da transcendencia, debidamente contrastada na actualidade, que teñen os primeiros anos no desenvolvemento do ser humano. Os nenos e nenas que seguiron programas de atención temperá, en liñas xerais, manifestan uns niveis de desenvolvemento máis axeitados, que lles permitiron seguir unha escolarización ordinaria normalizada.

Transcorridos dez anos da publicación do Libro branco da atención temperá, en Galicia non se conta cunha rede consolidada de recursos nesta materia que preste unha atención coordinada e integral. Pola contra, atópanse certas desigualdades na dotación de equipos, ou na súa distribución territorial, e mesmo áreas territoriais sen recursos próximos.

Un total de nove unidades integran a rede hospitalaria de atención temperá en Galicia, ás que hai que sumar outras dúas unidades financiadas pola Consellería de Traballo e de Benestar, así como un total de 35 unidades/servizos que están funcionando na Comunidade Autónoma, dependentes nuns casos da Administración Local, noutros de entidades de iniciativa social (subvencionadas pola Administración), e mesmo da propia Universidade, todas elas con moi diferentes dotacións de recursos humanos e de

²¹ Real Patronato sobre discapacidad. Libro blanco de la Atención Temprana. Madrid, 2000.

maneiras de proceder, o que xustifica unha actuación urxente cara á protocolización e homologación de procesos.

Doutra banda, segundo os datos do Censo de persoas con discapacidade de Galicia, o número estimado de menores de seis anos que figuran en dito rexistro é de 1.600 (53,4% serían nenos).

A necesidade de establecer unhas bases comúns para a atención temperá en Galicia, adquire aínda maior relevancia se se teñen en conta os profundos cambios sociais que inciden de maneira progresiva no itinerario de 0-6 anos. Desde hai anos, nos países desenvolvidos, a atención temperá deixou de ser un servizo puntual de estimulación para nenos e nenas con discapacidade ou que son obxecto de maltrato social para converterse nunha parte esencial do sistema de protección social, así como das oportunidades de educación e das necesidades de saúde da persoa, transformándose nun concepto que integra intervencións dirixidas a garantir a igualdade de oportunidades dos nenos e nenas con discapacidade ou en situación de risco biopsicosocial e das súas familias.

O incremento da mobilidade social das sociedades europeas implica un incremento das oportunidades de mellora do desenvolvemento persoal, pero tamén un aumento e diversificación dos factores que poden inducir á marxinación social. O cambio dos modelos tradicionais de crianza, sumado ás situacións de estres cotiá cada vez máis comúns, afecta a un gran número de familias e cando non existen factores simultáneos de prevención e de protección aumenta a probabilidade de que se xere unha situación de desvantaxe ou de discapacidade que, pasados os anos, pode desembocar en fracaso escolar e/ou marxinación social.

Consciente deste cambio, o Goberno galego é sabedor tamén da urxente necesidade de **impulsar liñas de actuación destinadas a unha transformación progresiva do modelo actual**, máis hospitalario e centralizado, a un modelo de atención **temperá que contemple tamén recursos de proximidade**. É dicir, un modelo centrado na familia e nos contornos naturais, que preste os servizos dun xeito integrado para poder atender toda a demanda.

En resposta a isto, inclúese unha área específica sobre a atención temperá no marco deste Plan, co obxectivo de **universalizar a atención temperá, mellorando a súa calidade e capacidade de atención**, promovendo a colaboración promovendo a colaboración coordinada interadministrativa interinstitucional, con servizos, profesionais e programas en desenvolvemento específicos de atención temperá para garantir unha atención integral e a optimización dos recursos económicos e humanos existentes.

Para acadar esta finalidade, en primeiro lugar, márcase como obxectivo específico **desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá (obxectivo específico 1)**, premisa básica para sentar as bases dun futuro modelo integrado e de calidade. Cóntase nesta misión coa participación do movemento asociativo en representación tanto das persoas usuarias como dos e das profesionais que desenvolven a súa actividade neste ámbito. É prioritaria unha nova normativa que substitúa ao *Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia*, segundo o cal todos os servizos quedaban adscritos ao Servizo

Galego de Saúde; un modelo que dista moito do que promove o Libro branco da atención temperá e as publicacións científicas máis recentes.

A regulación desta materia non servirá de nada se non vai acompañada da **definición e desenvolvemento de accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente** (*obxectivo específico 2*). Por iso se inclúen varias actuacións cara á consecución deste obxectivo. Urxe buscar medidas que permitan homoxeneizar a asistencia prestada nas unidades hospitalarias de atención temperá, tanto na súa composición como no seu funcionamento, pero tamén nas unidades que están intervindo no marco do sistema de servizos sociais e ao amparo de concellos ou de entidades de iniciativa social (financiadas con fondos públicos) en coordinación coas unidades escolares de educación infantil. Como apoio crearase un equipo técnico de asesoramento, coordinación e seguimento da atención temperá e deseñárase un sistema de soportes comúns a partir de estándares internacionais, entre outras medidas a implementar.

Todo isto complementarase co **desenvolvemento dunha rede de servizos** que se ha de construír sobre os recursos actualmente existentes coordinando os servizos dos sistemas sanitario, educativo e de servizos sociais. Por un lado, hai que aproveitar a experiencia dos e das profesionais e regularizar e impulsar un modelo biopsicosocial nas unidades de atención temperá e, por outro, corrixir na medida do posible o déficit actual de recursos mediante a ampliación da rede de recursos propios e ordenando os restantes dispositivos. Por iso a administración educativa, sanitaria e de benestar traballarán para consolidar e reforzas os dispositivos de atención temperá existentes nos tres sistemas. A finalidade é facer accesible a atención temperá en toda Galicia dun xeito equitativo, porque esta debe chegar a todos os nenos e nenas que presenten calquera tipo de trastorno ou alteración no seu desenvolvemento, sexa este físico, psíquico ou sensorial, ou se consideren en situación de risco biolóxico ou social, sen esquecer que todas as intervencións que se leven a cabo neste ámbito deben considerar tanto á nena ou neno, como á súa familia e o seu contorno.

De acordo co recollido no Libro Branco da Atención Temperá, tendo en conta que a atención temperá comprende un conxunto de actuacións que se dirixen tanto ao neno ou nena, como á súa familia e comunidade, os programas ou medidas que se apliquen nesta área han de buscar enriquecer o medio no que se desenvolve a nena ou neno, fomentando as interaccións coas persoas que a/o rodean e proporcionándolle o apoio necesario para educar o seu fillo ou as súa filla.

3.9.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 9 ATENCIÓN TEMPERÁ

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Universalizar a atención temperá, mellorando a súa calidade e capacidade de atención	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá. 2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente. 3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.



Obxectivo específico 1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.

ACTUACIÓN 1 Crear un grupo de traballo mixto Administración - entidades de iniciativa social (CERMI-AGAT) para a elaboración da normativa reguladora da atención temperá en Galicia.	
Persoas/entidades destinatarias Departamentos da Administración Autonómica e entidades implicadas na materia Persoas con discapacidade de idades comprendidas entre 0 e 6 anos	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2011	Indicadores de realización Creación do grupo e composición
ACTUACIÓN 2 Elaborar e publicar o decreto regulador da atención temperá en Galicia, que regule todos os aspectos que a conforman de maneira que constitúa o marco a partir do que conseguir unha atención temperá efectiva e de calidade. A norma deberá regular: principios, obxectivos, poboación diana, funcións das unidades de atención temperá, coordinación, recursos humanos e funcións destes en cada servizo, acceso aos servizos, ámbitos de intervención, tempos máximos de demora tanto para a avaliación como para iniciar o proceso de intervención, estruturas e procesos técnicos, instrucións ou acordos de colaboración interinstitucional, departamental e profesional....	
Persoas/entidades destinatarias Departamentos da Administración Autonómica implicados na materia Centros/unidades de atención temperá e asa entidades/organismos de quen dependen Profesionais que desenvolven a súa actividade profesional no ámbito da atención temperá Persoas con discapacidade de idades comprendidas entre 0 e 6 anos	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2011	Indicadores de realización Publicación do decreto regulador
ACTUACIÓN 3 Desenvolver a Lei orgánica de educación (LOE) no relativo a normativa sobre atención á diversidade na que se inclúan disposicións específicas sobre a atención temperá na etapa de educación infantil, especialmente no referido ao alumnado de 0-3 anos, primeiro ciclo da atención educativa de educación infantil.	
Persoas/entidades destinatarias Departamentos da Administración Autonómica implicados na materia Nenos e nenas con discapacidade escolarizados na etapa infantil	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Inclusión de contidos específicos de atención temperá e educación infantil na normativa e publicación desta: nº de artigos e contido



Obxectivo específico 2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.

ACTUACIÓN 1	Definir, unha vez delimitados os marcos de actuación que estableza o Decreto regulador, unha carteira de servizos, protocolos de valoración, atención e derivación e composición recomendable dos Equipos de Desenvolvemento Infantil e de Atención Temperá no ámbito dos Servizos Sociais e regularizar as unidades e equipos dependentes da administración local, de entidades de iniciativa social ou de iniciativa privada actualmente existentes neste ámbito.
Persoas/entidades destinatarias	Organismo/s responsable/s
Unidades de atención temperá do ámbito dos servizos sociais	S.X. de Política Social
Temporalización	Indicadores de realización
2011-2012	Elaboración da norma/s reguladora/s dos aspectos citados
ACTUACIÓN 2	Avaliar e homoxeneizar os procedementos de atención nas Unidades hospitalarias de atención temperá existentes na rede sanitaria galega, ao tempo que se procede á súa integración funcional na área de atención pediátrica, para a súa coordinación e mellora da asistencia a nenos e nenas de 0-3 anos, tamén de 0-6 anos e mesmo partir dos 6 anos.
Persoas/entidades destinatarias	Organismo/s responsable/s
Unidades hospitalarias de atención temperá	Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización	Indicadores de realización
2011	Elaboración do procedemento de atención nas unidades de atención temperá en Galicia
ACTUACIÓN 3	Avaliar e reorganizar a actividade asistencial dende unha perspectiva de áreas sanitarias con xestión integrada, centrando toda a actividade sobre as necesidades das persoas usuarias, en función da regulación dos principios e marcos de actuación que estableza a publicación do novo Decreto regulador da atención temperá en Galicia.
Persoas/entidades destinatarias	Organismo/s responsable/s
Unidades hospitalarias de atención temperá	Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización	Indicadores de realización
2011	Deseño e posta en marcha do proceso integrado de atención temperá en Galicia
ACTUACIÓN 4	Deseñar, elaborar e publicar un Plan de atención integral para menores de 0-3 anos, en situación de dependencia ou en risco de padecela.
Persoas/entidades destinatarias	Organismo/s responsable/s
Menores de 0-3 anos, en situación de dependencia	S.X. de Política Social
Temporalización	Indicadores de realización
2010	Elaboración e publicación do Plan



ACTUACIÓN 5 Crear un equipo técnico de asesoramento, coordinación e seguimento das actuacións relacionadas coa atención temperá unha vez se aprobe o decreto regulador.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais de atención temperá do sistema de servizos sociais, sanitario e educativo, ben da administración ou de entidades de iniciativa social	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Temporalización 2011	Indicadores de realización Creación do equipo técnico. Composición por sexo e ámbito profesional
ACTUACIÓN 6 Diseñar un sistema de soportes común a partir de estándares internacionais para integrar as actuacións dos distintos departamentos administrativos implicados en Atención temperá.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal técnico dos departamentos administrativos de Benestar, Sanidade e Educación responsables en materia de atención temperá	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Temporalización 2012	Indicadores de realización Deseño e posta en marcha do soporte
ACTUACIÓN 7 Diseñar sistemas “interface” entre o Sistema Integrado Galego de Atención á Dependencia –SIGAD e o aplicativo informático do Servizo Galego de Saúde, IANUS, para integrar os diversos sistemas de información.	
Persoas/entidades destinatarias Persoal técnico dos departamentos administrativos de Benestar, Sanidade e Educación responsables en materia de atención temperá	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2013	Indicadores de realización Deseño e posta en marcha do sistema
ACTUACIÓN 8 Informar á sociedade sobre os recursos destinados a atención temperá existentes en Galicia: localización, horario de atención ao público, servizos que prestan, programas que desenvolven, profesionais...	
Persoas/entidades destinatarias Sociedade en xeral	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Temporalización 2012	Indicadores de realización Mecanismos de información: - web: nº de visitas, por ano - charlas: o nº de charlas previstas o nº de charlas realizadas o nº total de participantes, por sexo - dípticos e semellantes: nº exemplares editados



Obxectivo específico 3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá

ACTUACIÓN 1 Consolidar e reforzar a rede de Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio á Familia –UDIAF, coa creación de novas unidades para procurar unha atención temperá integral e de calidade, podendo desenvolver concertos/convenios coas entidades de iniciativa social provedoras de servizos sociosanitarios.	
Persoas/entidades destinatarias Menores de 0-6 anos con necesidades de atención	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Nº previsto de unidades, por ano Nº de unidades en funcionamento, por ano Nº de persoas atendidas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 2 Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema sanitario para procurar unha atención temperá integral e de calidade.	
Persoas/entidades destinatarias Menores de 0-6 anos con necesidades de atención	Organismo/s responsable/s Dirección de Asistencia Sanitaria
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Medidas de consolidación e reforzamento
ACTUACIÓN 3 Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema educativo para procurar unha atención temperá integral e de calidade.	
Persoas/entidades destinatarias Menores de 0-6 anos con necesidades de atención	Organismo/s responsable/s D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Medidas de consolidación e reforzamento
ACTUACIÓN 4 Planificar e desenvolver un programa de accións formativas específicas por colectivos e/ou integrais, relacionadas co desenvolvemento infantil, prevención de necesidades e atención temperá.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais de atención temperá do sistema de servizos sociais, sanitario e educativo, Profesionais de escolas infantís	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social Dirección de Asistencia Sanitaria D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº de accións formativas previstas, por departamento e ano Nº de accións formativas realizadas, por departamento e ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 5 Promover accións formativas no ámbito universitario e proxectos de fin de grao sobre materias específicas relacionadas co desenvolvemento infantil, a prevención de necesidades e a atención temperá.	
Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario Persoal docente universitario	Organismo/s responsable/s Universidades
Temporalización 2011 e ss	Indicadores de realización Nº accións formativas, por ano Nº de proxectos de fin de grao, por ano Nº de persoas formadas, por sexo e ano

3.10 Área 10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

3.10.1. Fundamentos e descrición

A participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer é inferior ao do resto da cidadanía. Isto constitúe un importante aspecto de mellora nas políticas dirixidas a este colectivo, pola importancia destas actividades na saúde e no desenvolvemento dos procesos de socialización e da personalidade. A súa realización favorece a estimulación cognitiva, sensorial ou física (en función da tipoloxía de actividade) e facilita a adquisición de habilidades sociais ao tempo que permite o establecemento dunha rede de relacións sociais, imprescindibles para a inclusión social e a participación nos diferentes ámbitos da sociedade.

As persoas con discapacidade teñen o dereito a participar en actividades culturais, recreativas e deportivas adaptadas ás súas necesidades, polo que é preciso traballar para garantir que así sexa. Porén, a pesar da progresiva eliminación das barreiras arquitectónicas dos últimos anos para mellorar o acceso da cidadanía aos distintos recursos destinados a estas finalidades, o proceso foi lento e ademais en moitos dos edificios onde se desenvolven, polo seu carácter histórico e patrimonial, aínda non foi posible a eliminación de todas as barreiras que impiden o acceso ás persoas con mobilidade reducida.

Trátase de facilitar o acceso á cultura e, en especial, ás institucións do patrimonio histórico, bibliotecas, museos, conxuntos arqueolóxicos e monumentais e centros da comunidade, ademais do acceso a actividades deportivas e recreativas. A dobre dependencia dalgunhas institucións impide un desenvolvemento máis rápido dos diferentes programas de atención á discapacidade.

Neste sentido cobran gran importancia tanto as condicións de accesibilidade dos centros e instalacións nas que se desenvolven actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, como a adaptación dos materiais e das propias actividades a desenvolver en función das necesidades concretas de cada colectivo. Os centros onde estas teñen lugar, han de favorecer que as persoas que teñen dificultades por motivo da súa discapacidade poidan acceder e así mesmo participar dos recursos deportivos e culturais. Por este motivo, han de incrementarse as liñas de actuación dirixidas a eliminar as barreiras que impiden o goce destes bens e servizos.

O goberno galego, a través dos departamentos administrativos competentes na materia, promoverá que se teña en conta a especial situación e as necesidades das persoas con discapacidade no deseño da política cultural, deportiva e de tempo de lecer.

A área 10, Cultura, Deporte e tempo de lecer, do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, formúlase co obxectivo de **promover a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como o seu adestramento, formación e recursos en igualdade de condicións que as demais persoas.**

No ámbito da **Cultura**, ademais do cumprimento da normativa de accesibilidade nos centros - edificios de nova construción, véñense realizando reformas para a adaptación do patrimonio arqueolóxico, entre outros, proceso que se pretende continuar e reforzar na medida do posible nos próximos anos.

Así mesmo, vense traballando en materia de **Turismo** pero tamén neste caso é preciso continuar o traballo iniciado e reforzalo a través da posta en marcha de medidas que permitan avanzar no camiño da accesibilidade e da participación das persoas con discapacidade nas instalacións e actividades turísticas, considerando as diferentes tipoloxías de discapacidade.

No que respecta á política en materia de **deporte** a Xunta de Galicia, puxo en marca no último ano actuacións que consideran de maneira transversal a situación da discapacidade, e das que se espera un incremento cuantitativo e cualitativo grazas ás actuacións que se implementarán no marco deste plan e tamén do **Plan para o fomento da actividade física**, que considerará á discapacidade como un significativo aspecto transversal cara a conseguir a participación das persoas con discapacidade en igualdade co resto da cidadanía nas diferentes actuacións. Así mesmo, comezouse o proceso de adaptación das instalacións dependentes da Xunta e o procedemento para o recoñecemento dos Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN), co que se pretende recoñecer e apoiar os e as deportistas máis destacados no ámbito nacional e internacional, incentivando a súa dedicación ao deporte de alto nivel. En 2009 seis deportistas con discapacidade tiñan ese recoñecemento (todos homes).

No ámbito do **tempo de lecer**, cabe destacar o **Programa de ocio e tempo libre para as persoas con discapacidade (campamentos de verán)** da Consellería de Traballo e Benestar. Arredor de 327 persoas con discapacidade participaron nos dous últimos anos en cada convocatoria deste programa (que funciona desde fai máis de 15 anos), a través das quendas de integración e das quendas específicas.

Desta esta Consellería fináncianse tamén iniciativas como o programa "Vela para todos", que posibilita que as persoas con discapacidade física poidan realizar actividades náuticas de modo inclusivo nun contexto lúdico e deportivo procurando que a través da visibilización e a participación social, que se contribúa a cambiar as percepcións propias e alleas no seo da comunidade. Durante o ano 2009 participaron 56 persoas.

Así mesmo, colabórase coas entidades de iniciativa social no financiamento e promoción de actividades de formación, de ocio e deportivo terapéuticas para persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, a través das que se presta atención a estas persoas nos eidos da animación sociocultural, potenciación da creatividade como medio de integración e fomento da súa participación nas actividades recreativas e deportivas. Durante o ano 2009 beneficiáronse destas actividades un total de 7.242 persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

No marco deste plan e en resposta ao obxectivo xeral formulado, poranse en marcha medidas de moi diversa natureza e darase continuidade a outras para a consecución de tres **obxectivos básicos**:

1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.



2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas.
3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.

Para a consecución do **primeiro obxectivo específico** poranse en marcha varias actuacións, entre as que cómpre sinalar as seguintes: un estudo das necesidades de adaptación das instalacións propias da Xunta para realizar unha programación de adaptación progresiva destas, cara a eliminar as barreiras arquitectónicas; unha análise dos aloxamentos turísticos para elaborar e publicar unha guía de aloxamentos accesibles de Galicia; a elaboración de recomendacións para que os departamentos administrativos competentes incorporen os criterios de cumprimento de accesibilidade nas convocatorias de axudas dirixidas ás actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, así como a priorización ou atención especial a persoas con discapacidade nos programas que proceda; incluír contidos específicos sobre discapacidade nos cursos de monitores ou monitoras de tempo libre, nos cursos de formación de profesionais técnicos do deporte e nas probas de aptitude de Guía de Turismo; a convocatoria dun premio que propoña solucións para a mellora da accesibilidade en turismo etc.

No caso do **obxectivo específico 2**, antes sinalado, darase continuidade ao programa de Campamentos de verán e, como novidade, poranse a disposición das entidades de iniciativa social que traballan no ámbito da discapacidade, algunhas das instalacións nas que se levan a cabo estas actividades, fóra da época estival. Tamén se contemplará como concepto a subvencionar nas convocatorias de axudas e subvencións dirixidas a actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, a mellora e a adaptación de equipamentos e axudas técnicas das instalacións que posibiliten a participación activa das persoas con discapacidade; e promoverase a formación de profesionais especializados no ámbito cultural, deportivo e do tempo de lecer.

No ámbito do **deporte**, e en resposta ao **obxectivo específico 3**, durante o período 2010-2013 terá lugar o proceso de integración dos deportes adaptados nas súas respectivas federacións deportivas, co obxectivo de incluír as persoas deportistas con discapacidade nas federacións unideportivas olímpicas e non olímpicas. Así mesmo incorporaranse nos convenios o financiamento para este proceso.

Porase en marcha o Observatorio Galego da Actividade Física, no que se considere a perspectiva da discapacidade e do xénero; así mesmo contemplaranse contidos sobre os beneficios desta para as persoas con discapacidade na a través dunha campaña de comunicación, información e sensibilización sobre a práctica deportiva; consideraranse criterios de accesibilidade e participación para as persoas con discapacidade nas convocatorias de axudas en materia de equipamentos deportivos a concellos, federacións e clubs deportivos...

En definitiva, adoptaranse unha serie de medidas que favorezan que as persoas con discapacidade exerzan o seu dereito a estar totalmente inxeridos na sociedade, algo que non se conseguirá se non están en condicións ou non poden participar na vida cultural e deportiva, ao igual que o resto da cidadanía.



As medidas que integran esta área complementábase con outras que forman parte da área de accesibilidade, por exemplo, no que respecta ao acceso a programas de televisión.

3.10.2. Desenvolvemento: obxectivos específicos e actuacións.

Área 10: CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Promover a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como o seu adestramento, formación e recursos en igualdade de condicións que as demais persoas	<ol style="list-style-type: none">1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.

Obxectivo específico 1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e tempo de lecer.

ACTUACIÓN 1 Analizar a accesibilidade dos aloxamentos turísticos para elaborar e publicar unha guía de aloxamentos accesibles de Galicia.

Persoas/entidades destinatarias Demanda turística de Galicia (en especial persoas con discapacidade física, auditiva e visual, que desexen ter unha información precisa da accesibilidade da oferta turística de Galicia)	Organismo/s responsable/s Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA).
Temporalización 2010.	Indicadores de realización Estudo realizado. Nº de exemplares publicados da guía Nº de descargas web da guía Nº de aloxamentos turísticos accesibles e % sobre o total.

ACTUACIÓN 2 Avaliar as necesidades de adaptación das instalacións destinadas a actividades culturais, deportivas e de tempo libre titularidade da Xunta de Galicia para proceder á eliminación das barreiras arquitectónicas e da comunicación.

Persoas/entidades destinatarias Departamentos da Xunta de Galicia con competencia en cultura, deporte e tempo de lecer.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social. D.X. de Xuventude e Voluntariado. D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos. S.X. para o Deporte. AGADIC
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Estudo realizado. Nº de instalacións culturais, deportivas e/ou de tempo de lecer adaptadas, por ano. Orzamento destinado, por ano



ACTUACIÓN 3 Elaborar un documento de recomendacións para qu os departamentos administrativos competentes incorporen criterios de cumprimento de accesibilidade (física e da comunicación) nas convocatorias de axudas dirixidas á actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, así como a priorización ou atención especial a persoas con discapacidade nos programas que proceda.	
Persoas/entidades destinatarias Departamentos da Xunta de Galicia que programan/financian, directa ou indirectamente, actividades culturais, deportivas e recreativas.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social.
Temporalización 2011.	Indicadores de realización Documento de recomendacións elaborado. Nº de departamentos administrativos aos que se remite.
ACTUACIÓN 4 Promover a incorporación de criterios de accesibilidade nas ordes de axudas tanto para obras e instalacións como para as actividades culturais e de tempo de lecer.	
Persoas/entidades destinatarias Entidade/organismos beneficiarios, segundo convocatoria.	Organismo/s responsable/s D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos D.X. de Xuventude e Voluntariado. S.X. para o Deporte. AGADIC
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de ordes de axudas que conteñen criterios de accesibilidade, por ano.
ACTUACIÓN 5 Informar, sensibilizar e concienciar aos/ás axentes culturais, deportivos e de lecer para facilitar o acceso das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e/ou recreativas.	
Persoas/entidades destinatarias Profesionais do ámbito da cultura, do deporte e tempo de lecer.	Organismo/s responsable/s D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos D.X. de Xuventude e Voluntariado. S.X. para o Deporte.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de actividades informativas, de sensibilización e concienciación previstas, por ano e tipoloxía. Nº de actividades informativas, de sensibilización e concienciación realizadas, por ano e tipoloxía. Nº de exemplares no caso de documentación impresa difundida . Nº de descargas/visitas no caso de utilización de web. Nº de persoas participantes, por sexo (no caso de eventos como charlas, xornadas etc).



ACTUACIÓN 6	Modificar o Decreto 50/2000, que actualiza e refunde a normativa en materia de xuventude, de maneira que se recollan nos programas dos cursos de monitor e monitora de tempo libre e de director e directora de tempo libre contidos específicos relativo ás necesidades educativas no eido do tempo libre das persoas con discapacidade.
Persoas/entidades destinatarias Entidades que realizan cursos de monitor/monitora e de director/directora de tempo libre.	Organismo/s responsable/s D.X. de Xuventude e Voluntariado.
Temporalización 2011.	Indicadores de realización Modificación do decreto realizada. Nº de cursos de formación previstos nos que se inclúen as necesidades de tempo libre das persoas con discapacidade/ano. Nº de cursos de formación efectivamente realizados nos que se inclúen as necesidades de tempo libre das persoas con discapacidade/ano. Nº de persoas formadas, por sexo e ano
ACTUACIÓN 7	Incluír nas probas de aptitude de Guía de turismo contidos en materia de discapacidade, en termos de accesibilidade (considerada en todas as súas dimensións), características e necesidades das persoas con discapacidade, atendendo á tipoloxía desta.
Persoas/entidades destinatarias Persoas interesadas en obter a cualificación de guía turístico/a e que deberán dispor da titulación requirida no RD 1837/2008 de 8 de novembro sobre recoñecemento de cualificacións profesionais	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo.
Temporalización 2012.	Indicadores de realización Convocatoria de probas con inclusión de novos contidos en materia de discapacidade. Contidos incorporados
ACTUACIÓN 8	Incluír un módulo básico de deporte adaptado nos cursos de formación de profesionais técnicos do deporte.
Persoas/entidades destinatarias Persoas que cumpran os requisitos de acceso segundo a normativa vixente.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº horas de formación sobre deporte adaptado, por curso. Nº de cursos de formación, por ano. Nº de persoas formadas, por sexo.
ACTUACIÓN 9	Convocar un premio que propoña solucións para a mellora da accesibilidade en turismo.
Persoas/entidades destinatarias Organismos, entidades ou persoas físicas segundo designe a convocatoria correspondente.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Convocatoria anual do concurso. Nº de proxectos premiados, por ano. Orzamento destinado, por ano.



ACTUACIÓN 10 Revisar o decreto de sinalización observando os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.	
Persoas/entidades destinatarias Administracións Públicas e as Entidades público-privadas con competencia en materia de turismo	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo.
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Decreto de sinalización revisado e publicado.
ACTUACIÓN 11 Elaborar un manual de sinalización observando os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.	
Persoas/entidades destinatarias Administracións Públicas e as Entidades público-privadas con competencia en materia de turismo	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo.
Temporalización 2010-2011	Indicadores de realización Manual de sinalización elaborado. Nº de exemplares publicados. Nº de visitas/descargas web, por ano.
ACTUACIÓN 12 Incluír nas subvencións orientadas ao sector empresarial turístico as melloras na accesibilidade dos establecementos turísticos: apoio a investimento de mellora das condicións de supresión das barreiras discapacidade física, visual, auditiva, intelectual e orgánica.	
Persoas/entidades destinatarias Establecementos turísticos: hoteis, campamentos de turismo... que cumpran os requisitos de convocatoria.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de proxectos subvencionados, por ano. Nº de proxectos de accesibilidade subvencionados, por ano. Orzamento destinado especificamente a proxectos de accesibilidade, por ano.
Obxectivo específico 2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas.	
ACTUACIÓN 1 Continuar co deseño e desenvolvemento de proxectos de turismo accesible, de espazos libres de barreiras e obstáculos aberto a todas as persoas.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade. Sociedade en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Turismo.
Temporalización 2010	Indicadores de realización Nº de proxectos, por ano. Orzamento destinado, por ano.



ACTUACIÓN 2 Dar continuidade e, no seu caso, mellorar ou ampliar as actuacións deportivas e de tempo de lecer levadas a cabo polas entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade mediante convenios coa Consellería de Traballo e Benestar.

Persoas/entidades destinatarias

Entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade que organizan actividades deportivas e/ou de lecer.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social.

Temporalización

2010 e ss.

Indicadores de realización

Nº de convenios coas entidades, por ano.
Orzamento destinado a este tipo de actividades, por ano.
Nº de actividades financiadas, por ano
Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo e ano

ACTUACIÓN 3 Manter as prazas dirixidas a persoas con discapacidade nos programas de campamentos de verán e de turismo social e promover a súa participación noutros programas de lecer e tempo libre para a mocidade.

Persoas/entidades destinatarias

Persoas con discapacidade que cumpran os requisitos da convocatoria.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social.
D.X. de Xuventude e Voluntariado.

Temporalización

2010 e ss.

Indicadores de realización

Nº de prazas de campamentos convocadas, por ano segundo modalidade.
Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo e ano.
Nº de prazas de turismo social convocadas.
Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo e ano.
Nº de prazas convocadas de lecer e tempo libre para a mocidade, por ano.
Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo e ano.

ACTUACIÓN 4 Contemplan como concepto subvencionable nas convocatorias de axudas e subvencións dirixidas a actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer a mellora e adaptación de equipamentos e axudas técnicas das instalacións culturais, deportivas e de lecer que posibiliten a participación activa das persoas con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias

Entidades/organismos destinatarios, segundo convocatoria.

Organismo/s responsable/s

S.X. de Política Social
D.X. de Xuventude e Voluntariado
D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos.
S.X. para o deporte

Temporalización

2010 e ss

Indicadores de realización

Nº de convocatorias nas que se inclúe este concepto subvencionable, por ano.
% de axudas e subvencións destinado á mellora da accesibilidade.



ACTUACIÓN 5 Garantir unha cota de participación dun 7% para persoas con discapacidade nas actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, das entidades públicas ou das entidades privadas subvencionadas con fondos públicos, que faga posible o acceso a actividades comunitarias e específicas, promovendo a autonomía e elección das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade, en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social D.X. de Xuventude e Voluntariado D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos. S.X. para o Deporte
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de actividades que garantan a participación do 7% de persoas con discapacidade, por ámbito (cultura, deporte e tempo de lecer) e por ano.
ACTUACIÓN 6 Permitir, de maneira progresiva, o acceso gratuíto do/a acompañante (coidador/a, monitor/a, familiar,...) da persoa con discapacidade, que precise de dito apoio, ás instalacións e actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.	
Persoas/entidades destinatarias Persoas con discapacidade, que precisen apoio de terceira persoa	Organismo/s responsable/s D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos. S.X. para o Deporte
Temporalización 2013	Indicadores de realización Nº de actividades/instalacións nas que se incorpora dita posibilidade, por ano Nº de casos atendidos, por ano
ACTUACIÓN 7 Incluír aspectos sobre accesibilidade/discapacidade na programación cultural.	
Persoas/entidades destinatarias Programas culturais da Consellería	Organismo/s responsable/s D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Programas nos que se considera a accesibilidade para facilitar a participación das persoas con discapacidade Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo.
ACTUACIÓN 8 Apoiar a organización e o desenvolvemento de programas e actividades culturais e recreativas que promovan a participación activa das persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades de iniciativa social que traballan no ámbito de atención das persoas con discapacidade. Outras entidades sen ánimo de lucro que organicen actividades dirixidas ás persoas con discapacidade	Organismo/s responsable/s S.X. de Política Social. D.X. do Libro, Bibliotecas e Arquivos.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de actividades/ programas subvencionados, por ano. Nº de persoas con discapacidade participantes, por sexo.



ACTUACIÓN 9 Facilitar o uso das instalacións propias da Consellería de Traballo e Benestar (albergues xuvenís, campamentos e residencias) fóra da tempada estival para a súa ocupación por parte das entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade, sempre supeditado ás condicións que estableza a Administración (asunción de custos por parte das entidades, póliza para responder de posibles danos que poidan derivarse, non existencia de actividades propias da citada Dirección Xeral, tramitación administrativa e autorización de Patrimonio...).

Persoas/entidades destinatarias Entidades federativas de persoas con discapacidade de Galicia.	Organismo/s responsable/s D.X. de Xuventude e Voluntariado.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de "cesións" realizadas, por ano. Nº de eventos realizados. Nº de persoas con discapacidade participantes, por ano e por sexo.

ACTUACIÓN 10 Promover a formación de profesionais especializados/as no ámbito cultural, deportivo e do tempo de lecer, a través de ciclos de formación teórico-prácticos, de materias relacionadas co desenvolvemento cultural e artístico, coa práctica deportiva e co tempo de lecer das persoas con discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias Alumnado universitario. Persoal docente universitario.	Organismo/s responsable/s Universidades.
Temporalización 2011 e ss.	Indicadores de realización Nº de accións formativas, por ano. Nº de persoas formadas, por sexo e ano.

Obxectivo específico 3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.

ACTUACIÓN 1 Diseñar, elaborar e presentar o Plan para o fomento da actividade física, que estableza medidas de inclusión para persoas con discapacidade e no que se contemple a discapacidade como materia transversal e deste a óptica de xénero.

Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral e especificamente para persoas que presentan algunha discapacidade.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización Presentación: 2010.	Indicadores de realización Presentación do Plan. Nº de medidas específicas de inclusión para persoas con discapacidade sobre nº total de medidas do Plan.

ACTUACIÓN 2 Xerar unha rede de actores profesionais para o desenvolvemento do Plan para o fomento da actividade física.

Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral e especificamente para persoas que presentan algunha discapacidade.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2010 e ss	Indicadores de realización Crede creada Actividades realizadas en relación coa discapacidade, por ano



ACTUACIÓN 3 Incluir os e as deportistas con discapacidade nas federacións unideportivas olímpicas e non olímpicas.	
Persoas/entidades destinatarias Federacións deportivas. Deportistas con algunha discapacidade.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2010-2013.	Indicadores de realización Nº de deportistas con discapacidade que se integran, por sexo e ano. % de deportistas con discapacidade federados sobre o nº total de deportistas federados.
ACTUACIÓN 4 Poñer en marcha o Observatorio Galego da Actividade física, considerando a perspectiva da discapacidade e xénero.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2010.	Indicadores de realización Posta en marcha do Observatorio. Variables sobre discapacidade e xénero contempladas.
ACTUACIÓN 5 Incluir na campaña de comunicación, información y sensibilización sobre a práctica deportiva contidos sobre os beneficios desta para as persoas con discapacidade.	
Persoas/entidades destinatarias Poboación en xeral.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de accións de comunicación ou de soportes informativos nos que se incluíu dita información, por ano.
ACTUACIÓN 6 Considerar criterios de accesibilidade/participación para as persoas con discapacidade nas convocatorias de axudas en materia de equipamentos deportivos a concellos, federacións e clubs deportivos.	
Persoas/entidades destinatarias Corporacións locais. Federacións deportivas. Clubs deportivos.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2010 e ss.	Indicadores de realización Nº de convocatorias de axudas nas que se contemplan criterios de accesibilidade.
ACTUACIÓN 7 Apoiar ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de promoción da actividade física saudable a través dunha convocatoria de axudas.	
Persoas/entidades destinatarias Entidades sen ánimo de lucro, que cumpran os requisitos da convocatoria.	Organismo/s responsable/s S.X. para o Deporte.
Temporalización 2012 e 2013	Indicadores de realización Nº total de entidades subvencionadas, por convocatoria Nº de entidades subvencionadas que realizan actividades para persoas con discapacidade.



ACTUACIÓN 8 Incluir na formación dos axentes que interveñen directamente coa poboación escolar no programa XOGADE, contidos específicos sobre as circunstancias especiais dos nenos e nenas con algunha discapacidade.

Persoas/entidades destinatarias
Persoal do programa XOGADE.

Organismo/s responsable/s
S.X. para o Deporte.

Temporalización
2012 e 2013

Indicadores de realización
Nº de accións formativas previstas nas que se vaian a incluír eses contidos, por ano.
Nº de accións formativas efectivamente realizadas nas que se incluíron eses contidos, por ano.
Nº de persoas formadas, por sexo e ano.

ACTUACIÓN 9 Desenvolver o programa *Deporte sen barreiras* en centros educativos de Galicia.

Persoas/entidades destinatarias
Alumnado de centros educativos de Galicia.

Organismo/s responsable/s
S.X. para o Deporte.

Temporalización
2012 e 2013

Indicadores de realización
Nº de centros nos que se desenvolve o programa *Deporte sen barreiras*, por ano.
Nº total de alumnos e de alumnas que participan, por ano.
Nº de alumnos e alumnas con discapacidade, por ano.



4. CONSIDERACIÓNS SOBRE O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A previsión e definición de mecanismos de seguimento e avaliación de plans de acción xogan un papel cada vez máis relevante no deseño e planificación de políticas sociais, como instrumentos que facilitan a toma de decisións e reforzan o seu desenvolvemento. Neste sentido, é importante especificar, aínda que resumidamente, as canles de seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.

No contexto da política europea, a avaliación de programas e de políticas tense convertido nunha ferramenta de uso obrigado nos plans de acción, sendo por iso preciso contar con instrumentos que permitan realizar un seguimento do Plan durante o seu desenvolvemento, e unha avaliación, coa fin de posibilitar a reformulación e actualización de medidas que así se considere necesarias e a obtención de información en relación cos resultados obtidos. Estes instrumentos deben cumprir os correspondentes criterios de calidade e axustarse aos requirimentos propios das ciencias sociais.

O **carácter integral-transversal** deste plan de acción implica a case todas as consellerías e secretarías xerais do Goberno da Xunta de Galicia na realización das medidas das que son responsables. Este elevado número de organismos implicados fai necesaria a constitución dun órgano responsable da coordinación e do seguimento do desenvolvemento do Plan durante os catro anos de vixencia deste. Estas tarefas serán asumidas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Social (anteriormente Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal), que levará a cabo as funcións de impulso, seguimento e avaliación en colaboración co resto de departamentos responsables en cada unha das áreas de actuación.

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, que aquí se presenta, inclúe tal diversidade de actuacións ao longo dun período de tempo relativamente amplo, que realizar unha proposta metodolóxica pechada implicaría unha perda de riqueza de posibilidades deste plan de acción. Por iso se establece a **posibilidade de utilizar deseños e indicadores ad hoc en cada tipoloxía de medida executada**.

A metodoloxía que se quere aplicar combina a recollida de datos sistemática e continuada, por parte dos departamentos administrativos implicados sobre as actuacións que han de desenvolver, a explotación de documentos e a recollida de datos específicos por parte do equipo avaliador para a elaboración de informes anuais de seguimento acerca da situación do Plan.

Para a recollida sistemática de datos é preciso a **elaboración de ferramentas que permitan a unificación de criterios nesta recollida**, por parte de todas as persoas responsables do seguimento desde os seus respectivos órganos.

Combinarase a utilización de **instrumentos e estratexias de carácter cualitativo coas de carácter cuantitativo**, que permitan unha mellor aprehensión dunha realidade social tan complexa como a que implica o desenvolvemento desta estratexia de planificación.

Así mesmo, o **equipo avaliador ha de marcar as pautas en canto prazos e formas de proceder, tendo en conta:**



- 🌱 Por un lado, a importancia de recoller tamén aquelas **actuacións sinérxicas** co Plan que, sen estar concretadas neste, desenvólvense como respostas ás necesidades reais que van xurdindo.
- 🌱 Por outro, **o proceso participativo e de transversalidade iniciado co deseño e elaboración do Plan** (segundo se explica no anexo 1: metodoloxía de elaboración do Plan).

O sistema de avaliación será tal que permita **combinar o rigor metodolóxico**, que esixe todo proceso desta natureza, coa **flexibilidade que requiren as políticas sociais**, máis aínda coa dificultade de previsión dos escenarios orzamentarios que condiciona a definición de medidas a medio-longo prazo.

O seguimento constitúe un proceso de acompañamento, supervisión e de impulso no desenvolvemento mesmo das medidas que integran este Plan de acción, que permite xuntar todos os esforzos á hora de implementalo e adaptalo aos requirimentos prácticos da súa posta en marcha. Neste sentido, **o proceso de seguimento configúrase como o marco idóneo para integrar o sistema de avaliación proposto**.

Tendo en conta as características do Plan, prevense uns mecanismos de avaliación e de seguimento que permitan abordar con garantías de éxito estas tarefas:

- A) Creación do **Grupo coordinador de seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013**. Configurado na Consellería de Traballo e Benestar e impulsado desde a Secretaría Xeral de Política Social (anteriormente Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal), coa participación dunha persoa representante de CERMI Galicia, no prazo de 15 días desde a presentación pública do Plan. As súas funcións serán:
- Actuar como impulsor do Plan de acción integral de persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013.
 - Elaborar unha programación anual do plan ou caderno de seguimento.
 - Coordinar a Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.
 - Preparar as xuntanzas correspondentes, elaborar a documentación pertinente e recoller e analizar a información necesaria para o seguimento e avaliación.
 - Propoñer a realización de novos indicadores, se procede.
- B) Creación da **Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013**. Constituirase no prazo de tres meses a partir da presentación pública do Plan e estará integrada por unha persoa representante de cada Consellería/Secretaría Xeral ou organismo/entidade participante no seu deseño e na súa execución, así como por representantes dos axentes sociais presentes na Mesa 4, Políticas de benestar e cohesión social, de Diálogo Social. As funcións da Comisión consistirán en:
- Recoller os datos dos seus respectivos órganos e transmitir a información pertinente.
 - Colaborar no seguimento e na execución das medidas das áreas correspondentes.
 - Estudar os informes que presente o grupo coordinador.



- Propoñer as reformulacións ou reprogramacións de actuacións nos casos en que proceda.
- Suxerir, en función das necesidades, a creación de grupos de traballo ad-hoc, definindo tanto a súa composición, como os seus obxectivos e tarefas.

Composición da comisión

1. Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Secretaría Xeral da Igualdade.
3. Secretaría Xeral de Medios.
4. Secretaría Xeral de Modernización e Innovación tecnolóxica.
5. Consellería de Traballo e Benestar: área de Traballo.
6. Consellería de Traballo e Benestar: área de Benestar.
7. Consellería de Cultura e Turismo (inclúe Turgalicia).
8. Consellería de Economía e Industria.
9. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
10. Universidades
11. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
12. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (inclúe AXEGA).
13. Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde (inclúe FEGAS).
14. Instituto Galego de Vivenda e Solo.
15. Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
16. Compañía de Radio Televisión de Galicia-CRTVG.
17. Representantes do movemento asociativo (2-3 persoas).
18. Representantes das organizacións sindicais e da CEG, integrantes da Mesa de Diálogo Social (4 persoas).

Dado que o contido deste Plan constitúe unha materia que forma parte do Diálogo Social, os informes de seguimento e de avaliación serán trasladados á Mesa 4: Políticas de benestar e cohesión social.

Á marxe da metodoloxía a seguir, o procedemento de seguimento e avaliación debe cumprir unha condición: ha de servir para lexitimar e garantir a pertinencia e eficacia do Plan de acción, para dotar de visibilidade as múltiples actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade, para reconducir os obxectivos específicos en relación coas necesidades e para reprogramar ou redefinir medidas concretas.

En definitiva, ten que servir de apoio na toma de decisións políticas cara á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade residentes na Comunidade Galega, acadando cada vez maiores cotas de igualdade co resto da cidadanía. Así mesmo, de forma xeral, contribuirá a aumentar o coñecemento sobre as prácticas e programas máis efectivos para a inclusión social deste grupo de poboación.

O seguimento e avaliación do Plan de acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, ten que **contribuír de forma decisiva a que o Plan sexa flexible e se adapte ás dificultades ou cambios que poidan xurdir durante a súa execución e vixencia.**



Tendo en conta o período de vixencia do Plan, 2010-2013 (un total de catro anos), propónse a **realización dunha avaliación intermedia**, de carácter interno, coa finalidade de:

- Coñecer o grao de execución do Plan nese estadio intermedio, identificando qué actuacións se executaron, cales non e cales están iniciadas pero non finalizadas.
- Informar sobre as fortalezas e as debilidades do Plan detectadas na súa posta en marcha, xa que coñecer os puntos fortes e febles é fundamental para reconducir procedementos e actuacións.
- Coñecer os resultados das diferentes actuacións, cara a realizar unha valoración que permita identificar con que medidas se obtiveron resultados positivos e cales acadaron menor éxito e, polo tanto, mellorables.
- Por último, e máis importante, esta avaliación intermedia debe permitir á Comisión de Seguimento idear e realizar os cambios que considere oportunos cara á optimización de resultados, sobre todo tendo en conta que se está ante unha realidade cambiante que require dun seguimento continuado. É dicir, a avaliación intermedia facilitará a elaboración de recomendacións de mellora que, previa valoración por parte da Comisión de Seguimento, se incorporarán ao Plan.

Ademais dos informes anuais de seguimento e da avaliación intermedia, realizarase unha **avaliación final**, de **carácter externo**; isto é: realizada por persoal experto na avaliación de programas de intervención social e alleo á Xunta de Galicia e ás comisións de seguimento-avaliación que se constitúan. A avaliación final incluirá:

- Unha avaliación de impacto, na que se describirá, a partir da análise da evolución dos indicadores de cada área de actuación, o grao de cambio obtido. A análise cuantitativa da evolución dos indicadores completarase cunha análise cualitativa destinada a mellorar a interpretación dos datos e a analizar as súas causas e consecuencias.
- Unha avaliación de cumprimento ou de resultados, na que se analizarán as actuacións que cada departamento administrativo, institución... teña levado a cabo para o cumprimento dos obxectivos específicos definidos, así como as estruturas e dinámicas de coordinación utilizadas.

Ilustración 4: Seguimento e avaliación do Plan.

2010	2011	2012	2013
Seguimento continuado : impulso/retroalimentación -Grupo coordinador de seguimento e avaliación - Comisión de seguimento			
Informe de seguimento-2010	Informe de seguimento-2011	Informe anual de seguimento-2012	Informe anual de seguimento-2013
	AVALIACIÓN INTERMEDIA Valoración Reformulación Implementación		AVALIACIÓN FINAL Valoración Impacto Resultados
	Interna-Comisión de seguimento		Externa –Coa colaboración do grupo coordinador
	Informe de avaliación intermedia-reprogramación		Informe de avaliación final





A presentación final do Plan inclúe **indicadores de realización** para cada actuación que van permitir realizar un seguimento continuado por parte de todos os organismos responsables da execución de cada medida, sempre baixo a coordinación do órgano promotor do plan. Estes indicadores poderán complementarse con outros que se elaboren para medir os resultados, impacto e avances acadados, **considerando a óptica de xénero**.

Un dos elementos básicos para medir calquera realidade, sobre todo desde a perspectiva de xénero, é dispoñer de datos desagregados por sexo en todas as actuacións dirixidas, directa ou indirectamente, a persoas. Esta é unha reivindicación básica no deseño e aplicación de políticas de igualdade desde hai anos, pero tamén unha obriga para as políticas públicas desde a entrada en vigor da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O uso de indicadores desagregados por sexo permite visualizar a realidade detectando as posibles diferenzas que pode haber entre homes e mulleres, **pero non son suficientes**. Para coñecer de maneira máis profunda e exacta a realidade, é preciso contar con indicadores que sirvan para identificar a situación e posición de homes e de mulleres en todos os ámbitos da sociedade, de aí, os **indicadores de xénero**. Detectan os cambios relacionados co xénero. O seu valor reside en medir si se logra unha igualdade/equidade entre os xéneros, neste caso entre as mulleres e homes con discapacidade. Tendo en conta a importancia deste tipo de indicadores, **inclúese como unha das actuacións**, concretamente na área 2 Igualdade de xénero e transversalidade, **a elaboración dun sistema de indicadores de xénero**. Este, á súa vez, ha de ser **peza clave no seguimento e avaliación do Plan**.

O resto dos indicadores que conforman o sistema deseñado para o Plan responden á seguinte tipoloxía:

-  **Indicadores cuantitativos**. Medidas numéricas tales como o número de persoas usuarias dun servizo ou recurso, ou o número de persoas que asisten a un curso...
-  **Indicadores de realización**: Dan conta da realización de determinadas accións: realización dun estudo, creación dun centro, material editado, campañas realizadas, cursos...

No tocante á avaliación, sobre todo na final e externa, valorarase a posibilidade de incluír **indicadores cualitativos**, que dean conta da opinión e percepción das persoas destinatarias finais das accións que conforman este Plan de acción (persoas con discapacidade e as súas familias, profesionais de diferentes ámbitos, persoal da administración etc.), e que constituirán un complemento moi valioso do resto dos indicadores para acadar unha máis completa avaliación das medidas desenvolvidas, máis adaptada á realidade destas.



ANEXOS



Anexo 1: METODOLOXÍA DE ELABORACION DO PLAN



A metodoloxía de traballo deseñada para a elaboración do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, baséase nos principios de “**cooperación e coordinación institucional**” e de “**diálogo civil**”. Ambos forman parte do Decálogo de principios reitores do Plan. Adoptouse, pois, como premisa básica a colaboración e coordinación dos diferentes axentes implicados no ámbito da discapacidade, contando no seu deseño e elaboración coa participación dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia con competencia nas materias que integran o Plan, das entidades de iniciativa social e das entidades locais, nestes dous últimos casos representadas polo CERMI Galicia e pola FEGAMP, respectivamente.

As organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participaron no proceso de elaboración do Plan desde o inicio mesmo deste, definindo conxuntamente coa Administración os eixos prioritarios de actuación, así como os obxectivos xerais e específicos, nunha primeira fase do proceso, e as actuacións para a consecución de ditos obxectivos en cada área de actuación, nunha segunda fase.

Deste xeito, o Goberno galego respondía a un dos principios estratéxicos do Plan de acción 2005-2016 do Consello de Europa para as persoas con discapacidade, segundo o cal “*as organizacións non gobernamentais de persoas con discapacidade son interlocutores competentes e cualificados para a elaboración de políticas, e que é convinte consultarlles como partes implicadas para calquera decisión que poda ter unha incidencia ou repercusión nas vida das persoas con discapacidade*”.



Neste caso contouse coas entidades representativas en Galicia do ámbito da discapacidade con moitos anos de experiencia traballando con e para persoas con discapacidade de diferentes tipoloxías, e as súas familias. O movemento asociativo desempeñou un papel duplo: por un lado, como transmisor das principais necesidades de este colectivo tan diverso en base á experiencia adquirida a través da súa actividade profesional diaria cos distintos grupos de persoas con discapacidade; por outro lado, como especialista en propoñer medidas que respondan ás necesidades detectadas.

O obxectivo último era contar cun plan estratéxico á vez que integral, cun documento que actuase como “folla de ruta” na posta en marcha de políticas e actuacións no ámbito da discapacidade en Galicia durante o período 2010-2013, pero tamén de políticas e actuacións en diferentes ámbitos que consideren de maneira transversal as características e necesidades das persoas con discapacidade. Un plan que, cando menos, atendese aos seguintes obxectivos instrumentais, considerados básicos en todo documento desta natureza:








-  **Sinxeleza e operatividade.** O documento tiña que ter unha estrutura sinxela e operativa que facilitase o desenvolvemento de políticas dirixidas ás persoas con discapacidade nos ámbitos de actuación do plan, así como a integración nun todo imbricado dos obxectivos a alcanzar e das medidas a adoptar.
-  **Claridade na exposición.** Como Plan de acción integral que se incorpora ás políticas ordinarias da Xunta de Galicia, e que polo tanto ha de ser operativo, debe ser accesible ao conxunto da sociedade, ademais do público ao que vai dirixido máis especificamente. Neste






caso, contemplárase tamén unha versión en lectura fácil para facer este documento accesible ao maior número posible de persoas.

-  **Coherencia interna.** As actuacións propostas deben atender aos obxectivos específicos definidos e estes aos obxectivos xerais previamente formulados, sempre no marco global da política que segue o Goberno Autonómico, en materia de Servizos Sociais, de Educación, de Emprego, de Formación etc.
-  **Utilidade.** O plan ha de resultar eficaz e axeitado para o cumprimento do seu obxectivo, é dicir, para a promoción da igualdade de oportunidades e da autonomía persoal das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para acadar un plan que atendese aos principios, obxectivos e requisitos básicos sinalados optouse por un procedemento metodolóxico que debía contemplar:

-  Unha revisión exhaustiva da documentación previa dispoñible na Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social), departamento administrativo impulsor e coordinador do Plan.
-  A determinación de cáles tiñan que ser os principios reitores do Plan, incluíndo a fundamentación destes como inspiradores do mesmo.
-  A identificación dos problemas para o pleno exercicio dos dereitos en condicións de igualdade de oportunidades por parte dos axentes sociais implicados e das entidades representativas das persoas con discapacidade.
-  Definición das áreas de intervención en función dos problemas identificados, entendendo estas como os ámbitos de intervención de maior prioridade para este colectivo; é dicir, os grandes bloques nos que se engloban as actuacións do Goberno Galego para acadar os obxectivos de mellora da atención e promoción da autonomía persoal.
-  Elaboración da fundamentación/xustificación de cada unha das áreas de intervención, deixando moi claros os obxectivos xerais e específicos pretendidos en cada unha delas. É dicir, explicar para cada eixo de actuación cal é a situación de partida, a realidade que xustifica a intervención nesa área e definir as metas que se queren alcanzar.
-  Diseñar unha estrutura básica do plan propiamente dito. Isto é, definir cales ían a ser os elementos estruturais do Plan, que permitirían dotalo dunha coherencia interna, adoptando un criterio común no tratamento dos contidos de cada unha das áreas, premisa básica de todo plan de intervención no ámbito social. Da estrutura vai depender, en gran medida, a maior ou menor facilidade de comprensión e de manexo do Plan.
-  Formulación dos contidos do Plan a través das áreas, obxectivos xerais, obxectivos específicos e medidas concretas por parte de todos axentes implicados aos que, durante

todo o proceso descrito, se lles deu participación: administración autonómica, local e institucional, e tecido asociativo que representa ás persoas con discapacidade.

-  Deseño e configuración do Plan efectuando a redacción final e presentación formal de contidos.
-  Apertura dun período de alegacións.
-  Presentación pública e implementación do Plan.

Dado que as persoas experimentan necesidades globalmente e requiren, en consecuencia, respostas tamén globais, e tendo en conta as orientacións da Unión Europea e outras declaracións respecto da necesidade de contar con plans de acción que coordinen as políticas de forma transversal e nun marco de carácter participativo, este plan contempla, como xa se comentou, entre os seus principios reitores: a abordaxe integral, a transversalidade, o diálogo civil e a cooperación e coordinación institucional.

A participación das persoas con discapacidade, cun enfoque integral e transversal, foi posible desde o mesmo inicio do proceso a través das súas asociacións representantes, concretamente a través das sete grandes federacións existentes neste ámbito na Comunidade Galega.

Deste xeito, nunha primeira fase do proceso de elaboración, constituíse un grupo de traballo integrado por persoal técnico da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social) e persoal técnico das federacións que integran CERMI-Galicia (Autismo Galicia, Cogami, Down Galicia; FAXPDG; FADEMG, FEAFES e ONCE), coordinado, orientado e asesorado tecnicamente por persoal técnico especializado en planificación estratéxica no ámbito social. Este grupo de traballo celebrou un total de seis xuntanzas e foi o responsable de definir as áreas prioritarias de actuación, os obxectivos xerais e os obxectivos específicos, ademais de determinar a estrutura de contidos e o enfoque e filosofía do Plan.

O seguinte paso correspondíase coa **definición e priorización de actuacións específicas** para cada unha das áreas de intervención definidas. O documento elaborado na primeira fase presentouse no Consello da Xunta coa finalidade de oficializar o **compromiso das diferentes Consellerías na elaboración e posta en marcha do Plan**, en resposta ao principio de transversalidade, de abordaxe integral e de cooperación institucional, e acadar **un traballo conxunto de todos os departamentos administrativos** con competencia nas diferentes áreas que contempla o Plan, xa sexa de maneira específica ou transversal.

A primeira tarefa da segunda fase do proceso foi a configuración dos grupos de traballo. Constituídos polas persoas designadas por parte dos distintos departamentos administrativos que, xunto con representantes de CERMI Galicia, da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social), das entidades locais e a correspondente coordinación técnica especializada, procedesen á definición das actuacións a realizar polo Goberno Galego nos próximos anos.

Como instrumento básico de traballo adoptouse o documento avance anteriormente presentado no Consello da Xunta e das achegas de cada participante nos diferentes grupos de traballo en representación da súa entidade/organismo. Estas realizáronse a través de documentos técnicos de traballo especificamente deseñados para unificar criterios na presentación de información e de propostas de novas medidas, e nos que tamén se incluían orientacións sobre a maneira de proceder en función dos obxectivos de cada grupo e da natureza dos organismos/entidades implicados.

O cometido de cada grupo, ademais de garantir a participación de todos os axentes directamente implicados, incidindo no enfoque integrador e mantendo a transversalidade de contidos, foi o de deseñar as medidas prioritarias para a súa posta en marcha no período 2010-2013.

Realizáronse dúas convocatorias de xuntanza de cada grupo, ás que se sumaron outras xuntanzas bilaterais en función das necesidades do proceso de elaboración do plan. Estableceuse unha metodoloxía de traballo adaptada ás necesidades de cada grupo e xuntanza, incluíndo a elaboración de notas técnicas, instrumentos de traballo, canles de intercambio de información etc.

Como mostra do proceso de participación e do nivel de transversalidade alcanzado, pode mencionarse que se conformaron un total de dez grupos de traballo, correspondentes ás dez áreas de intervención definidas como prioritarias durante a primeira fase de elaboración. Nestes grupos recolléronse nun inicio ata máis de 700 propostas e achegas. Tras someterse a un proceso de depuración, reorganización e, sobre todo, de discusión, consenso e priorización durante as sesións de grupos de traballo así como das reunións bilaterais realizadas, e de intercambio de información previa e posterior, quedaron reducidas a algo máis de 300 medidas.

CADRO 1. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DURANTE O PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN.

ÁREA	Nº de actuacións			
	Documento de partida	Resultado 1ª ronda de xuntanzas	2ª ronda de xuntanzas	Documento final ²²
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	36	22	24	18
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	68	38	33	28
3 ACCESIBILIDADE	75	60	62	50
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	86	94	57	34
5 EDUCACIÓN	145	49	49	28
6 FORMACIÓN E EMPREGO	100	73	81	47
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	88	37	37	30
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	39	18	18	19
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	80	20	30	16
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	43	26	20	31
TOTAIS	760	437	411	301




²² Os datos desta columna correspóndese coa versión do documento que se fixo público despois da aprobación do Plan polo Consello do Goberno da Xunta. Os datos da versión actual son os que se atopan nas páxinas 55 e 56.



Abríuse un período de alegacións, facéndose público o documento borrador do Plan na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar. Recollidas todas as alegacións, respondidas e incorporadas as modificacións pertinentes, deuse traslado do documento á Mesa 4 de Diálogo Social: Políticas de benestar e cohesión social. Examináronse as alegacións presentadas polos axentes sociais representados na Mesa incorporando no documento final unha parte importantes das mesmas, previamente discutidas e consensuadas. O Plan na versión que finalmente se fai pública conta con 301 actuacións.

Máis de 45 reunións de traballo agregando as dúas fases do proceso de planificación, así como os períodos de alegacións, 47 departamentos, organismos e entidades de iniciativa social implicados, representados por máis de 65 persoas... **dan conta dun alto grao de participación e de transversalidade.**

Neste sentido cómpre subliñar que o propio proceso de deseño e elaboración do plan, nos termos en que tivo lugar, constituíu en si mesmo un **forte mecanismo de sensibilización e de concienciación dos diferentes departamentos da administración** en varios niveis:

-  Na consideración da “discapacidade” en todos os programas e proxectos que se impulsen desde a administración.
-  Na consideración da problemática e das especiais necesidades das persoas con discapacidade e das diferentes tipoloxías destas.
-  Na urxente necesidade de actuar para que este sector da poboación goce dos dereitos como cidadáns e cidadás en igualdade de condicións co resto da poboación.

Esta foi a primeira vez que se consegue en Galicia xuntar a administración, representación das entidades locais e o movemento asociativo para consensuar a política do goberno galego en materia de discapacidade, así como os axentes sociais representados na Mesa de Diálogo Social. Por iso, o proceso iniciado de implicación e concienciación non debe pararse aquí, senón que ha de aproveitarse este impulso para avanzar no proceso de participación e de transversalidade, de maneira que esta sexa unha constante no deseño das políticas da Xunta de Galicia ao tempo que teña un efecto multiplicador de maneira que sexamos cada vez máis as persoas que imos facendo camiño poñendo as “lentes” da discapacidade.

COMPOSICIÓN DOS GRUPOS DE TRABALO

Nota: figuran en cursiva e cun asterisco os departamentos que, sen formar parte dos grupos de traballo, participaron coa achega de novas propostas en resposta ás demandas xurdidas nas respectivas sesións de grupo.

Grupo de PROTECCIÓN DOS DEREITOS

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Secretaría Xeral de Familia e Benestar (Inspección) (agora Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de centros)).
3. Dirección Xeral de Xustiza.
4. Fiscalía.
5. Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia –FUNGA.
6. CERMI- Galicia.
7. Consultora externa.
8. *Escola Galega de Administración Pública –EGAP.
9. *Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS.
10. *Secretaría Xeral de Familia e Benestar (outros departamentos) (agora Secretaría Xeral de Política Social).

Grupo de IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Secretaría Xeral da Igualdade.
3. Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar.
4. CERMI –Galicia.
5. Consultora externa.
6. *Secretaría Xeral de Familia e Benestar (agora Secretaría Xeral de Política Social).

Grupo de ACCESIBILIDADE

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Instituto Galego de Vivenda e Solo –IGVS.
3. Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo.
4. Dirección Xeral de Mobilidade.
5. Secretaría Xeral de Medios.
6. Consellería de Cultura e Turismo.
7. Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
8. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
9. Compañía de Radio Televisión de Galicia –RTVG.
10. Dirección Xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).
11. Federación Galega de Municipios e Provincias –FEGAMP.
12. CERMI –Galicia.
13. Consultora externa.
14. *Dirección Xeral de Comercio.
15. *Ente Público Portos de Galicia.
16. *Turgalicia.

Grupo de PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
3. Universidade de A Coruña.
4. Universidade de Santiago de Compostela.



5. Universidade de Vigo.
6. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
7. Instituto Galego de Vivenda e Solo –IGVS.
8. Secretaría Xeral de Medios.
9. Comisión Galega de Cooperación Local.
10. CERMI –Galicia.
11. Consultora externa.
12. **Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.*

Grupo de EDUCACIÓN

1. Técnico/a da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Secretaría Xeral de Familia e Benestar (agora Secretaría Xeral de Política Social).
3. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
4. Universidade de A Coruña.
5. Universidade de Santiago de Compostela.
6. Universidade de Vigo.
7. CERMI –Galicia.
8. Consultora externa.
9. **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).*

Grupo de FORMACIÓN E EMPREGO

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
3. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
4. Dirección Xeral de Relacións Laborais.
5. Dirección Xeral de Función Pública.
6. Dirección de Recursos Humanos (Servizo Galego de Saúde).
7. Dirección Xeral de Xustiza.
8. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
9. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
10. Federación Galega de Municipios e Provincias –FEGAMP.
11. CERMI –Galicia.
12. Consultora externa.
13. **Escola Galega de Administración Pública –EGAP.*
14. **Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS.*

Grupo de RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Secretaría Xeral de Familia e Benestar (agora na Secretaría Xeral de Política Social e Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar).
3. Federación Galega de Municipios e Provincias –FEGAMP.
4. CERMI –Galicia.
5. Consultora externa.

Grupo de SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Dirección de Asistencia Sanitaria.
3. CERMI –Galicia.
4. Consultora externa.



Grupo de ATENCIÓN TEMPERÁ

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Secretaría Xeral de Familia e Benestar (agora Secretaría Xeral de Política Social).
3. Dirección de Asistencia Sanitaria
4. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
5. Asociación Galega de Atención Temperá –AGAT.
6. CERMI –Galicia.
7. Consultora externa.

Grupo de CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

1. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal (agora Secretaría Xeral de Política Social).
2. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
3. Consellería de Cultura e Turismo – Axencia Galega de Industrias Culturais.
4. Secretaría Xeral para o Deporte.
5. CERMI –Galicia.
6. Consultora externa.
7. *Turgalicia.



Anexo 2: DEPARTAMENTOS ADMINISTRATIVOS QUE INTERVEÑEN NA EXECUCIÓN DO PLAN



Departamentos administrativos que interveñen na execución do plan

1. Consellería de Cultura e Turismo.
 - a. Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos (anteriormente Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura).
 - b. Secretaría Xeral para o Turismo.
 - c. Turgalicia.
2. Consellería de Economía e Industria.
 - a. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación I+D+I.
 - b. Dirección Xeral de Comercio.
3. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - a. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
 - b. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
 - c. Universidades.
4. Consellería de Facenda.
 - a. Dirección Xeral de Función Pública
5. Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas.
 - a. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
 - b. Dirección Xeral de Mobilidade.
 - c. Instituto Galego de vivenda e Solo –IGVS.
6. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
 - a. Dirección Xeral de Xustiza.
 - b. Dirección Xeral de Administración Local.
 - c. Axencia Galega de Emerxencias –AXEGA.
7. Consellería de Sanidade.
 - a. Dirección de Asistencia Sanitaria.
 - b. Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
 - c. Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
 - d. Inspección Sanitaria.
 - e. Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS.
8. Consellería de Traballo e Benestar.
 - a. Secretaría Xeral Técnica
 - b. Secretaría Xeral de Política Social (anteriormente Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal e Secretaría Xeral de Familia e Benestar).
 - c. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
 - d. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
 - e. Dirección Xeral de Relacións laborais.
 - f. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
 - g. (Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia – FUNGA).
9. Escola Galega de Administración Pública –EGAP.
10. Fiscalía.
11. Secretaría Xeral para o Deporte.
12. Secretaría Xeral da Igualdade.
13. Secretaría Xeral de Medios.



14. Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
15. Compañía de Radio Televisión de Galicia –CRTVG.
16. *Consellería do Mar.
17. *Consellería do Medio Rural.
18. *Secretaría Xeral de Emigración.

* Consellerías que non participaron no deseño do Plan pero están implicadas neste a través dalgunha actuación dirixida a todas as Consellerías da Xunta de Galicia; en concreto a número 6.4.6. *Incluír medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Área 6, obxectivo 4, actuación 6.) e a 6.5.5. Reservar entre o 3% e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro (Área 6, obxectivo 5, actuación 5).*



Anexo 3: CADRO RESUMO DE ACTUACIÓNS E ITINERARIO TEMPORAL

ÁREA 1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e protección xurídica.	1. Protocolizar co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e demais axentes implicados o proceso de traslado e ingreso involuntario en centros de servizos sociais.				
	2. Elaborar un protocolo e un modelo único de autorización para o uso de medidas de suxeición e de contención en centros de persoas con discapacidade do ámbito social e que se poida facer extensivo ao ámbito sanitario (coa colaboración do movemento asociativo).				
	3. Elaborar e divulgar unha guía informativa sobre protección xurídica e discapacidade, na que se aborden temas como: ingresos involuntarios, procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas, pautas de cribaxe, información sobre as fundacións tutelares de Galicia...				
	4. Promover a realización de accións informativas (mediante charlas ou semellantes) sobre os dereitos e deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das súas persoas titoras e do resto de familiares, así como dos e das profesionais para evitar conflitos derivados do descoñecemento nesta materia.				
	5. Dar continuidade ao programa de adopcións especiais dirixido especificamente a asesorar, formar e acompañar a familias adoptantes de nenos ou nenas con especiais dificultades, entre elas as derivadas dunha discapacidade.				
	6. Incluír no Plan de formación anual que se realiza a través da Escola Galega de Administración Pública accións formativas sobre menores con discapacidade.				
	7. Promover accións formativas en materia de discapacidade en distintas disciplinas universitarias vinculadas ao ámbito xurídico, así como proxectos de fin de grao co fin de poder dispor nun futuro de profesionais con formación e sensibilización neste ámbito.				
2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.	1. Establecer un protocolo de actuación para os xulgados no que se establezan os mecanismos que eviten situacións de indefensión e que garantan ás persoas con discapacidade un trato en igualdade de condicións que o resto da poboación de acordo coa súa idade e as súas capacidades.				
	2. Prestar o apoio necesario para garantir unha información accesible (braille, intérprete linguaxe de signos e outros sistemas alternativos da comunicación) ás persoas con discapacidade nos procedementos xudiciais nos que sexan parte procesual.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.	3. Diseñar e poñer en marcha un plan de actuación da Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia –FUNGA para adaptar a estrutura da Fundación á realidade diaria do traballo e así mellorar a atención prestada ás persoas tuteladas, conseguir un funcionamento máis áxil e eficaz e dar a coñecer o seu labor e funcionamento.				
3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.	1. Promover a inspección das fundacións tutelares privadas e os centros de atención dependentes das mesmas.				
	2. Regular o exercicio de potestade sancionadora prevista no título I da Lei 49/2007 de 26 de decembro que establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, na Comunidade Autónoma de Galicia.				
	3. Poñer en marcha un sistema de arbitraje para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a constitución dunha Xunta arbitral.				
	4. Desenvolver medidas para a difusión da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.				
	5. Elaborar un documento de recomendacións para garantir unha atención axeitada das persoas con discapacidade que se atopan institucionalizadas por parte do persoal dos respectivos centros.				
	6. Diseñar e executar accións de sensibilización social sobre as persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero e reforzando a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade.				
	7. Elaborar unha guía de boas prácticas informativas dirixidas a profesionais da comunicación para establecer mecanismos de autocontrol sobre a transmisión estereotipada da imaxe das persoas con discapacidade.				
	8. Incluír programas nos diferentes medios audiovisuais que promovan actitudes e condutas positivas cara ás persoas con discapacidade, de maneira especial no caso das mulleres, para conseguir unha visibilización axeitada deste colectivo.				

ÁREA 2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.	1. Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste Plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.				
	2. Dar prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste Plan.				
	3. Definir un sistema de indicadores que permita avaliar o impacto de xénero das actuacións que se leven a cabo no marco do Plan.				
	4. Realizar un estudo da discapacidade en Galicia, con perspectiva de xénero, para coñecer a través de técnicas cualitativas e cuantitativas a verdadeira situación, necesidades e expectativas das mulleres e dos homes con discapacidade.				
	5. Facer mención e atención explícita ás mulleres con discapacidade nas políticas de acción positiva dirixidas ás mulleres galegas da Secretaría Xeral da Igualdade (ou departamento equivalente).				
	6. Incluír nas convocatorias de axudas para persoas con discapacidade da Secretaría Xeral de Política Social (ou departamento equivalente) medidas de acción positiva para as mulleres.				
	7. Incorporar contidos sobre as mulleres con discapacidade no CD interactivo elaborado para impartir o módulo transversal sobre igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes e corresponsabilidade, nos cursos de formación financiados e/ou promovidos pola Consellería de Traballo e Benestar.				
	8. Ter en conta o binomio “discapacidade e xénero” nas accións de control de convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero.				
	9. Propor que unha das tres persoas que forman parte, como expertas, da Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (Consello Galego de Relacións Laborais) teña coñecementos/experiencia en materia de discapacidade.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.	10. Revisar na orde anual de convocatoria pública as condicións do programa de “apoio ás empresas para que habiliten lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas que garantan o dereito á conciliación”, de maneira que se valoren as características específicas das mulleres con discapacidade.				
	11. Realizar recomendacións sobre “xénero e discapacidade” ás empresas que vaian a implantar un plan de igualdade.				
	12. Considerar de maneira específica a discapacidade na Comisión permanente para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, dependente do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral –ISSGA, de maneira que unha das persoas vogais teña coñecementos/experiencia na materia.				
2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos incidindo na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.	1. Facilitar a participación das mulleres con discapacidade en foros e/ou eventos, que traten sobre a súa situación, así como no deseño/avaliación de programas dirixidos a elas, contribuíndo ao seu empoderamento.				
	2. Promover a creación de redes de mulleres con discapacidade que faciliten a súa participación nos diversos ámbitos da sociedade e aumentar así a súa visibilización (na convocatoria de axudas para asociacións de mulleres que realiza anualmente a Secretaría Xeral da Igualdade, incluírase como criterio de valoración o fomento da asociación das mulleres con discapacidade).				
	3. Promover a creación de comisións específicas de mulleres nas federacións de asociacións das persoas con discapacidade para traballar desde a perspectiva de xénero.				
	4. Deseñar a campaña institucional do 8 de marzo (Día Internacional das Mulleres) reflectindo de maneira especial as mulleres con discapacidade.				
	5. Deseñar programas especificamente dirixidos ao grupo de mulleres maiores, que poden comezar a presentar algunha discapacidade (Na oferta de actividades informativas e formativas da Secretaría Xeral da Igualdade, contemplarase a situación das mulleres maiores que poden comezar a presentar algún tipo de discapacidade, sobre todo con carácter preventivo).				
	6. Promover a incorporación de mulleres nas xuntas directivas das organizacións de apoio ás persoas con discapacidade, de xeito progresivo, chegando ao obxectivo da paridade 60/40 no prazo de aplicación deste Plan.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Previr e intervir ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.	1. Consolidar o apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou procedentes de casas de acollida na formación profesional, na contratación e no emprendemento, considerando de maneira especial a quen ten algunha discapacidade.				
	2. Instar á elaboración e publicación de estatísticas sobre violencia de xénero en Galicia, identificando e analizando os casos de violencia exercida contra mulleres que presentan algunha discapacidade.				
	3. Considerar de maneira especial ás mulleres con discapacidade nas campañas de sensibilización sobre violencia de xénero.				
	4. Impartir formación específica aos colectivos profesionais que atenden a mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero (xustiza, sanidade, servizos sociais, forzas e corpos de seguridade etc.).				
	5. Adaptar os materiais e protocolos de actuación en materia de violencia de xénero para atender os casos de mulleres con discapacidade, adecuándoos ás diferentes tipoloxías de discapacidade.				
4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.	1. Poñer en marcha unha convocatoria de axudas para promover o desenvolvemento de programas de apoio ás mulleres xestantes e lactantes con especial mención ás mulleres con discapacidade.				
	2. Diseñar e implementar programas de educación afectivo-sexual, de prevención de riscos, dereito á maternidade...				
	3. Diseñar e desenvolver accións de sensibilización do persoal sanitario.				
	4. Incluír no Plan de formación anual que se realiza a través da Escola Galega de Administración Pública accións formativas sobre discapacidade e xénero e evitar así a influencia de estereotipos e imaxes negativas das mulleres con discapacidade.				
	5. Dar continuidade á puntuación por cada persoa da unidade familiar afectada por discapacidade no baremo da situación sociofamiliar para adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.				

ÁREA 3 ACCESIBILIDADE					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación.	1. Crear un grupo de traballo mixto de persoal técnico da Administración, entidades de iniciativa social e outros organismos representativos na materia para a modificación da lei de accesibilidade e elaboración de toda a normativa que a desenvolva.				
	2. Revisar a normativa autonómica actual específica de accesibilidade (lei 8/1997 e Decreto 35/2000) e realizar propostas para a súa modificación, que contemplan as esixencias da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade e da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.				
	3. Desenvolver a Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.				
	4. Estudar a posibilidade de aprobar a norma correspondente para regular o acceso ao voto das persoas con discapacidade.				
	5. Remitir circulares informativas e recomendacións aos concellos recordando a normativa de accesibilidade e a idoneidade de optar por locais adaptados para as mesas electorais.				
	6. Elaborar e publicar unha lei que regule o transporte público en vehículos turismo (taxis e vehículos de aluguer con condutor/a), que inclúa os estándares mínimos de accesibilidade neste transporte.				
	7. Elaborar e publicar unha lei que regule o transporte marítimo en augas interiores de Galicia, que inclúa o establecemento das condicións nas que se poidan establecer obrigas de servizo público no transporte de persoas por vía marítima, regulando os estándares mínimos de accesibilidade nesta actividade.				
	8. Incorporar a representación das persoas con discapacidade nos órganos consultivos en materia de transporte.				
2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.	1. Reforzar a actividade da Comisión técnica de accesibilidade (emisión de ditames e tramitación de denuncias) facendo públicos os ditames de maior interese xeral.				
	2. Continuar co labor de Información e asesoramento en materia de accesibilidade a través do Servizo de promoción da accesibilidade (consultas telefónicas, a través de correo electrónico e de forma presencial nas dependencias administrativas).				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
2. Sensibilizar, dar e coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade.	3. Incorporar na Web de información urbanística de Galicia http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/ normativa en materia de accesibilidade que afecta ao planeamento urbanístico e outra información relacionada.				
	4. Informar e facilitar o acceso á normativa sobre accesibilidade (os contidos serán facilitados á CRTVG polo movemento asociativo e pola Secretaría Xeral de Política Social).				
	5. Procurar a participación en igualdade das persoas con discapacidade nos programas da Compañía de Radio Televisión de Galicia –CRTVG, en calquera das modalidades posibles: concursantes, tertulianos/as, colaboradores/as...				
	6. Formar ao persoal dos medios de comunicación social sobre o uso non discriminatorio da linguaxe en relación ás persoas con discapacidade e xénero.				
	7. Incluír contidos sobre o beneficio social da accesibilidade universal e o deseño para todos e todas nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan.				
	8. Establecer instrumentos de colaboración entre a Xunta de Galicia, as entidades representativas de persoas con discapacidade, as entidades locais e os colexios profesionais (de arquitectos/as...) para colaborar na formación e sensibilización de profesionais sobre a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.				
	9. Implementar accións formativas en materia de accesibilidade /discapacidade na administración, sen esquecer a consideración das barreiras da comunicación en toda a súa amplitude e diversidade..				
	10. Formar ao persoal da administración que desempeña o seu labor en oficinas de atención ao público sobre estratexias de comunicación con persoas xordas ou con dificultade de comprensión e o uso de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación – SAAC.				
	11. Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao en materias específicas sobre accesibilidade nas áreas de coñecemento que teñan relación co deseño e execución de obras, así como co deseño de material gráfico ou audiovisual.				
	12. Incluír a aprendizaxe do sistema de linguaxe de signos española na formación do voluntariado universitario.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso a información e comunicación, aos bens, produtos...en igualdade de condicións que ao resto da poboación.	1. Desenvolver o programa TIC-TAC Galicia.				
	2. Diseñar e executar programas formativos multimedia nos centros da Rede CeMIT mellorando progresivamente a súa accesibilidade.				
	3. Diseñar e executar programas formativos e de difusión coa finalidade de lograr tanto a alfabetización dixital da sociedade galega como o desenvolvemento da sociedade da información.				
	4. Convocar premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet cara a fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de acceso (no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e do Plan Avanza).				
	5. Continuar co proceso de adaptación das páxinas web da Xunta de Galicia e organismos adscritos para garantir a accesibilidade, cumprindo o previsto no artigo 4 da lei 56/2007, do 28 de decembro que posibilita que todas as persoas poidan acceder aos recursos da web, calquera que sexa a súa infraestrutura de rede ou as súas aptitudes físicas ou mentais.				
	6. Elaborar un documento – proposta de recomendacións para presentar ao Consello coordinador de publicacións coa finalidade de determinar as medidas a implementar para proceder á adaptación progresiva das publicacións da Xunta de Galicia a braille e lectura fácil.				
	7. Analizar a posibilidade do traslado do Telexornal en lingua de signos a un horario de máis audiencia no televisor ou na web da TVG.				
	8. Realizar estudos para establecer as posibilidades reais coas que conta a canle autonómica de tv para adaptar os seus contidos cara a incorporación progresiva da subtítulos e audiodescripción de contidos.				
	9. Adquirir infraestrutura técnica para ofrecer a subtítulos na TVG.				
	10. Desenvolver espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta de Galicia.				
	11. Fomentar iniciativas que introduzan espazos de lectura fácil nos xornais e demais medios de comunicación escrita.				
	12. Introducir criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade e/ou formación/experiencia do persoal técnico en materia de discapacidade e accesibilidade, nos concursos de licitación en materia multimedia.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso a información e comunicación, aos bens, produtos...en igualdade de condicións que ao resto da poboación.	13. Promover a introdución de criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade nas convocatorias públicas en relación ao desenvolvemento da Sociedade da Información.				
	14. Realizar as adaptacións necesarias do Teléfono da muller para facelo accesible ás persoas con discapacidade auditiva.				
	15. Mellorar a accesibilidade do centro de xestión de emerxencias 112 para persoas con discapacidade auditiva.				
	16. Divulgar o sistema pictográfico de signos –SPC e estender a súa utilización para e entre as persoas con discapacidade intelectual e/ou problemas de comunicación.				
	17. Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de nova xeración e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboación con maior demanda desatendida.				
	18. Implantar un sistema de videointerpretación para persoas xordas na Administración Autonómica				
4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.	1. Cofinanciar obras de accesibilidade que leven a cabo os concellos nos edificios públicos municipais.				
	2. Manter a convocatoria anual de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, que contempla investimentos de capital para accesibilidade e eliminación de barreiras por parte das corporacións locais.				
	3. Dar prioridade, no programa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dirixido á mellora de contornas urbanas, aos proxectos que impliquen unha mellora cualificada das condicións de accesibilidade (é dicir, priorizar aqueles proxectos nos que se detecta un maior índice de barreiras arquitectónicas cara á súa eliminación).				
	4. Establecer subvencións para a adaptación de restaurantes en edificios singulares, núcleos históricos, paraxes e paisaxes naturais aos que non lle sexa de aplicación a normativa actual por contar con licenza de actividade previa.				
	5. Establecer subvencións para a adaptación de equipamentos comerciais cara a eliminar as barreiras que limitan o acceso para as persoas con discapacidade.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.	6. Diseñar un sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema (Información sobre as condicións de accesibilidade das infraestruturas e medios de transporte público regular de uso xeral).				
	7. Diseñar un modelo de familia de mobiliario urbano para o transporte público (marquesiñas e postes de parada) plenamente accesibles.				
	8. Poñer en marcha actuacións de revisión das infraestruturas “maiores” auxiliares do transporte (estacións de autobuses) para garantir as condicións básicas de accesibilidade.				
	9. Poñer en marcha un plan de revisión de infraestruturas auxiliares de transportes (marquesiñas, zonas de acceso...), que incorpore como actuación preferente a consecución de infraestruturas accesibles para as persoas con discapacidade.				
	10. Esixir a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida de calquera vehículo que se adscriba por primeira vez a concesións de transporte público de persoas por estrada de uso xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.				
	11. Adaptar a sinalización dos vehículos (displays frontais, laterais...) á normativa vixente en materia de accesibilidade.				
	12. Obrigar a que as empresas presten asistencia ás persoas con discapacidade, para o acceso e abandono dos vehículos, conforme o que estableza a lexislación aplicable vixente en cada momento.				
	13. Establecer medidas específicas para persoas con discapacidade como parte do plan de calidade do sistema de transporte público.				

ÁREA 4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.	1. Responder ás necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas en obra existente no Sistema Universitario de Galicia (SUG), segundo dispoñibilidade orzamentaria.				
	2. Adecuar o número de habitacións accesibles no Sistema Universitario de Residencias (SUR) á demanda existente.				
	3. Aprobar, poñer en marcha e manter un novo programa de aluguer de vivendas na comunidade autónoma, no que as persoas con discapacidade se consideren entre os colectivos prioritarios e os colectivos cualificados.				
	4. Incorporar aos datos das vivendas que forman parte do Rexistro único de demandantes de vivenda da Xunta de Galicia indicadores do nivel de accesibilidade tanto da propia vivenda como do edificio no que se atopen.				
	5. Elevar á comisión bilateral constituída polo Ministerio de Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo a valoración da posibilidade de que as axudas directas para aluguer sexan acumulables á renda básica de emancipación.				
	6. Revisar a porcentaxe fixada para persoas con discapacidade na Lei de accesibilidade para a promoción de vivendas, de tal xeito que se adapte á demanda real existente en cada concello no que se poña en marcha un proxecto de promoción de vivendas.				
	7. Establecer mecanismos que posibiliten a cesión de vivendas (do IGVS) a entidades ou asociacións de colectivos con necesidades especiais ou finalidades de interese público ou social.				
2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.	1. Recoñecer academicamente (coa concesión de créditos) a colaboración nas aulas dos/as estudantes compañeiros/as de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, seguindo un protocolo único para o Sistema Universitario de Galicia.				
	2. Poñer en marcha un servizo de préstamo de axudas técnicas no ámbito social, baseado na coordinación e complementariedade co servizo de préstamos existente no sistema sanitario público.				
	3. Ampliar o servizo de teleasistencia para chegar a un maior número de persoas usuarias e facelo extensible ás residencias universitarias e centros residenciais docentes.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.	4. Manter e, no seu caso, aumentar o número de unidades do Servizo galego de transporte adaptado 065 como servizo programado non urgente.				
	5. Dar continuidade ao programa Xantar na casa.				
	6. Dar continuidade ao programa de pisos tutelados (vivendas con apoio).				
	7. Incluír os programas de adaptación á vida diaria (vivendas con apoio) como unha actuación subvencionable con carácter prioritario na liña de axudas dirixida ás entidades de iniciativa social.				
	8. Manter o programa de acollemento familiar para facilitar a integración de persoas con discapacidade no seo dunha familia.				
	9. Aumentar o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día), nos que se imparte formación e habilitación para acadar unha inclusión social e potenciar a autonomía das persoas usuarias.				
	10. Proporcionar recursos económicos suficientes para contribuír á cobertura dos gastos relacionados coa permanencia no domicilio habitual.				
	11. Poñer en marcha de maneira progresiva os servizos do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI).				
	12. Promover cursos en materia afectivo sexual dirixidos a profesionais, en coordinación cos que impartan as entidades para persoas con discapacidade e as súas familias.				
	13. Reforzar a formación continuada do persoal dos Equipos de valoración.				
	14. Incorporar un servizo de promoción da autonomía persoal como servizo ao que optar dentro da carteira de servizos de atención ás persoas con discapacidade.				
	15. Promover que a valoración do contorno nos procesos de valoración da dependencia, inclúa tamén a valoración do grao de autonomía, de modo que podan establecerse nos programas individuais de atención (PIA) os servizos específicos de promoción da autonomía que favorezan a permanencia da persoa no seu contorno, tal e como se prevé na normativa.				
	16. Considerar nas axudas á investigación convocadas no marco do Plan de I+D+i unha liña específica de actuación relativa á innovación en materias relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero.				
	17. Promover o voluntariado entre as persoas con discapacidade para que, ademais de receptoras, sexan tamén prestadoras da acción voluntaria.				
	18. Dar continuidade á convocatoria anual de axudas individuais destinadas á mellora da accesibilidade das vivendas e adquisición de produtos de apoio e axudas técnicas e estender o prazo de solicitudes.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a autonomía persoal das persoas con discapacidade.	1. Fomentar a través das actuacións propias do departamento administrativo competente en materia de voluntariado (feira de voluntariado, congreso estatal, xornadas, encontros...), as redes sociais entre o propio movemento asociativo cara a reforzar o apoio ás familias das persoas con discapacidade.				
	2. Publicar os datos estatísticos relativos ás persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.				
	3. Incluír contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.				
	4. Destinar recursos a financiar programas orientados a traballar coas familias das persoas con discapacidade, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, dando continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá.				
	5. Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao relacionados co trato ás persoas con discapacidade, desde a perspectiva da importancia da súa propia autonomía persoal.				
4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.	1. Dar continuidade á prestación para contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria –AVD ás persoas en situación de gran dependencia (Prestación do sistema para a autonomía e atención a dependencia).				
	2. Estender a figura do/a asistente persoal ao Grao II.				
	3. Desenvolver accións formativas para os/as asistentes persoais, de xeito selectivo e en función das necesidades, que inclúan contidos sobre mediación, sobre a Linguaxe de Signos Española e sobre sistemas alternativos e aumentativos de comunicación para facilitarlles o seu labor de apoio a persoas con discapacidade psíquica, persoas con discapacidade auditiva e/ou con outros problemas de comunicación .				
	4. Potenciar as convocatorias para o recoñecemento, avaliación, acreditación e certificación da competencia profesional nas cualificacións da familia profesional vinculada coa atención socio sanitaria a persoas no domicilio (asistente persoal, coidador/a, xerocultor/a ou semellante, auxiliar de axuda domicilio).				

ÁREA 5 EDUCACIÓN					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.	1. Elaborar e publicar unha nova regulamentación sobre a atención á diversidade no sistema educativo, adaptada aos principios da Lei Orgánica de Educación (LOE) e á realidade actual.				
	2. Elaborar e publicar unha nova normativa sobre a organización e funcionamento dos centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.				
	3. Elaborar e publicar o currículo das ensinanzas de formación profesional de forma que se considere a accesibilidade universal nestas ensinanzas.				
	4. Elaborar e publicar o decreto de ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no que se teña en conta a accesibilidade universal nestas ensinanzas.				
	5. Estudar a situación actual da diversidade na rede de centros educativos para a identificación de necesidades e planificación de actuacións.				
2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	1. Diseñar e establecer protocolos de actuación/colaboración entre o ensino obrigatorio e o post-obrigatorio e universitario, que posibilite unha actuación coordinada de todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.				
	2. Crear un portal web sobre orientación adaptado ás persoas con discapacidade.				
	3. Establecer convenios con entidades que participan na atención ao alumnado con determinadas discapacidades ou trastornos.				
	4. Crear un grupo de traballo interuniversitario que se ocupe do deseño, posta en marcha e seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade tanto daquelas especificamente dirixidas ao alumnado con discapacidade e ao propio persoal docente, como as relacionadas coa investigación-coñecemento neste ámbito.				
3. Formar e capacitar aos/ás profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	1. Incluír contidos relativos á educación para a diversidade e á educación inclusiva do alumnado, baseados nos principios da Lei Orgánica de Educación (LOE) e da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como a elaboración de materiais accesibles, nos plans de formación dirixidos a toda a comunidade educativa profesional.				
	2. Potenciar actividades formativas (grupos de traballo, seminarios permanentes e proxectos de formación e asesoramento en centros) que aborden temáticas relacionadas coa escola inclusiva na formación en centros, incluída a elaboración de materiais accesibles.				
	3. Considerar como un criterio máis de valoración nos concursos de méritos de persoal docente a formación e a capacitación do profesorado sobre inclusión educativa.				
	4. Crear un manual de boas prácticas docentes para o profesorado universitario cara á optimizar a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				
	5. Diseñar un manual para a elaboración de materiais formativos accesibles para contornos inclusivos e difundilo entre o profesorado universitario.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
4. Garantir un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade que o resto de alumnado.	1. Realizar as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poida realizar as probas da avaliación de diagnóstico.				
	2. Dar continuidade aos Premios extraordinarios da educación secundaria obrigatoria, especialmente na modalidade de premio extraordinario ao esforzo e superación persoal de alumnado.				
	3. Manter a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.				
	4. Manter a convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades educativas especiais.				
	5. Dar continuidade ao concerto educativo cos centros concertados específicos de atención específica de alumnado con necesidades educativas especiais e os centros ordinarios con unidades escolares específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.				
	6. Promover que o profesorado sexa o máis permanente posible nos centros nos que se escolarice alumnado con necesidade específica de apoio educativo.				
5. Procurar unha educación post-obrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.	1. Diseñar ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais.				
	2. Continuar e reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola Universidade.				
	3. Dar continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da Universidade, vencellados a un programa de obxectivos tamén personalizado.				
	4. Continuar e estender ás tres universidades o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade.				
6. Facilitar ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e facilite a súa vida autónoma.	1. Adaptar os materiais didácticos e recursos para o logro dos obxectivos educativos.				
	2. Dar continuidade, e reforzar se procede, ao cumprimento de adaptación das probas libres para obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para persoas que presentaren necesidades educativas especiais e que o soliciten.				
	3. Dar continuidade á autorización para cursar ensinanzas de persoas adultas ao alumnado menor de 18 anos por necesidades educativas especiais.				
	4. Apoiar realización de actividades de alfabetización a persoas con necesidades educativas especiais, a través da convocatoria de axudas.				

ÁREA 6 FORMACIÓN E EMPREGO					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.	1. Dar continuidade ás liñas de axudas para a formación de persoas con discapacidade desenvolvidas a través de convenios coas entidades do movemento asociativo de discapacidade.				
	2. Fixar como un dos colectivos prioritarios en todas as ordes de subvención ás persoas con discapacidade.				
	3. Dotar aos centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade.				
	4. Esixir, normativamente, para a inscrición ou acreditación no Rexistro de centros e entidades de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar que estes dispoñan dos medios para facilitar a accesibilidade universal.				
	5. Elaborar unha guía de boas prácticas para a impartición de formación dirixida a persoas xordas.				
	6. Manter a prioridade das persoas con discapacidade como participantes nos programas mixtos de formación e emprego.				
	7. Dar un novo enfoque á figura do/a orientador/a laboral (funcións asignadas, formación requirida...) para contar cunha rede de orientación máis profesionalizada e máis capacitada para atender as necesidades específicas das persoas con discapacidade.				
	8. Promover a creación da categoría profesional de orientador/a laboral na Xunta de Galicia.				
	9. Levar a cabo o mantemento evolutivo da aplicación informática de orientación laboral e crear canles de comunicación entre profesionais de orientación do Servizo Público de Emprego de Galicia cara á inclusión de melloras relacionadas coa derivación de persoas usuarias entre entidades especializadas en atención a determinados colectivos, preferentemente con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais e os demais servizos existentes.				
	10. Asignar unha contía superior no caso da inserción laboral de persoas con discapacidade en situación de desemprego na orde de programas integrados para o emprego, como compensación ao esforzo engadido de inserción que isto supón.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.	11. Impulsar os programas de teleformación e a distancia nos plans de formación profesional ocupacional existentes para favorecer, sobre todo, ás persoas con dificultades para acceder na modalidade presencial.				
	12. Dar continuidade ao programa de accións formativas para persoas desempregadas –AFD, de forma que se axusten á realidade das persoas con discapacidade para posibilitarlles a súa realización efectiva.				
	13. Reforzar as vías de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar cara a conseguir unha maior coordinación entre o persoal técnico de ambas consellerías e facilitar a orientación cara á súa formación ocupacional ou post-obrigatoria e o acceso ao primeiro emprego ao remate dos estudos regrados.				
	14. Reforzar a realización de cursos de formación con compromiso de contratación das persoas formadas.				
	15. Potenciar a avaliación e acreditación da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, como posibles fórmulas de integración no mercado laboral das persoas con discapacidade.				
	16. Recoller, dentro do portal xeral de información e orientación profesional, toda a información específica para persoas con discapacidade (oferta formativa, condición de acceso...) adaptada, na medida do posible, ás distintas tipoloxías de discapacidade.				
	17. Reforzar a adaptación da formación profesional ao mercado laboral do momento, incidindo naquelas profesións con máis saídas laborais e que se correspondan con perfís que poidan desempeñar as persoas con discapacidade, a través da actualización do anexo correspondente en cada convocatoria anual do programa de accións formativas para persoas desempregadas –AFD.				
2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.	1. Manter o compromiso de prácticas profesionais non laborais como criterio de valoración nas ordes de subvención de formación dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas.				
	2. Reforzar os convenios coas organizacións empresariais para facilitar o acceso ás prácticas non laborais nos centros de traballo ordinario.				
	3. Establecer convenios de colaboración para a realización do módulo de formación en centros de traballo – FCT, de forma que se garanta a inclusión e cumprimento das adaptacións necesarias no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.	1. Elaborar e publicar un decreto regulador do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da Administración autonómica galega.				
	2. Elaborar un catálogo de tipos de postos de traballo, no que se describan as súas tarefas fundamentais e se estableza o perfil de esixencias e condicións mínimas de cada un tendo en conta as peculiaridades dos distintos grupos de discapacidade.				
	3. Establecer unha reserva de postos para persoas con discapacidade psíquica desenvolvendo un proceso selectivo independente diferenciado e adaptado ás súas especiais circunstancias (aspecto a contemplar na modificación da Lei de función pública de Galicia).				
	4. Manter a cota do 5% dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% para o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.				
	5. Incluír información específica dirixida ás persoas con discapacidade (en relación coa súa saúde laboral, accesibilidade...) no Plan de acollida de persoal de nova incorporación do Servizo Galego de Saúde.				
	6. Diseñar e desenvolver accións formativas dirixidas a mellorar o coñecemento que os mandos intermedios (do Servizo Galego de Saúde) teñen dos procedementos e dos protocolos que afectan ás persoas con discapacidade e promover a súa sensibilización e orientación nesta materia, para que poidan proporcionar a información e o tratamento adecuado ás persoas con discapacidade que traballan na súa unidade.				
	7. Revisar os procedementos en relación coas adaptacións de postos de traballo implicando aos mandos intermedios en ditos procedementos e establecendo protocolos de actuación.				
	8. Realizar un estudo da tipoloxía de postos de traballo no Servizo Galego de Saúde establecendo as tarefas fundamentais dos mesmos e as condicións mínimas para o seu desempeño.				
	9. Estudar a posibilidade de incluír nos temarios de acceso aos corpos e escalas das Administracións Públicas contidos sobre a problemática das persoas con discapacidade (proporase nas negociacións sindicais).				
	10. Impartir accións formativas para o persoal da administración que, ou ben forma parte da contorna organizativa das persoas con discapacidade, ou ben teña responsabilidade sobre as persoas traballadoras con discapacidade.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.	1. Dar continuidade ao programa de fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria, mediante o que se incentiva ás empresas pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración no sistema ordinario de traballo.				
	2. Dar continuidade ao programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, a través do que se subvenciona a promotores de proxectos con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social das e dos preparadores laborais que se contraten para levar a cabo accións de apoio ás persoas con discapacidade severa con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo.				
	3. Contemplar de maneira explícita as persoas con discapacidade como colectivo beneficiario en todas as accións informativas relativas a cooperativas, incidindo nas vantaxes das cooperativas de integración social.				
	4. Potenciar os contratos para a formación como vía de incorporación ao mercado de traballo das persoas con discapacidade sen experiencia laboral previa.				
	5. Levar a cabo o mantemento evolutivo do Portal Virtual de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia –SPEG.				
	6. Incluír medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.				
	7. Promover que nas entidades beneficiarias de axudas para a contratación de 50 ou máis traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, ao abeiro das diferentes ordes de convocatoria dos programas de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar, cando menos, o 5% das persoas seleccionadas sexan persoas con discapacidade.				
	8. Fomentar a participación das persoas demandantes de emprego nas políticas activas de emprego, considerando as circunstancias de quen ten algunha discapacidade.				
	9. Visibilizar a través das accións de fomento da responsabilidade social empresarial – RSE da Xunta de Galicia (xornadas, encontros, informacións dixitais...) a capacidade das persoas con discapacidade, concienciando sobre a súa contratación, ao tempo que se facilita información sobre as axudas técnicas e persoais, sobre o cumprimento voluntario da cota do 2% no cadro de persoal de traballadores ou traballadoras que teñen algunha discapacidade.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.	10. Establecer programas de comprobación por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia, conforme ao sinalado no Real Decreto 364/2005, do 8 de abril, do cumprimento da cota de reserva do 2% dos postos de traballo para persoas con discapacidade nas empresas de máis de 50 persoas traballadoras.				
	11. Avaliar o Programa de emprego con apoio, dirixido á contratación de persoas con discapacidade severa por empresas ordinarias.				
	12. Establecer, normativamente, vías de comunicación entre persoal técnico de servizos sociais e de formación e colocación, cara á optimización de recursos no ámbito da inserción laboral das persoas con discapacidade.				
5. Apoiar o emprego protexido, especialmente desde a administración Pública.	1. Dar continuidade ao programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.				
	2. Dar continuidade ao programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.				
	3. Revisar a orde de centros especiais de emprego e analizar a inclusión de requisitos de esixencia de presentación periódica, por parte de ditos centros, dun programa de desenvolvemento sociolaboral das persoas con discapacidade empregadas (itinerarios personalizados de inserción) ou esixencia dun mínimo de insercións anuais.				
	4. Crear un ficheiro coordinado entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e os centros especiais de emprego.				
	5. Reservar entre o 3% e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.				

ÁREA 7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.	1. Elaborar e aprobar unha normativa específica referida a centros, servizos e programas dirixidos ás persoas con discapacidade, na que se contemplan os requisitos técnicos e funcionais das distintas tipoloxías de centros para a súa autorización e acreditación.				
	2. Proceder ao desenvolvemento normativo do Decreto de dependencia, 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.				
	3. Establecer os indicadores de referencia para a determinación do copagamento nos servizos de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, así como as tarifas esixibles.				
	4. Actualizar a normativa reguladora do procedemento de acceso aos recursos dirixidos ás persoas con discapacidade: Orde do 26 de febreiro de 1996, pola que se regula o procedemento de ingresos e traslados en centros propios, concertados e con reserva de prazas.				
2. Diseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.	1. Definir carteiras de servizos de atención en función das necesidades obxectivas das persoas con discapacidade.				
	2. Mellorar as vías de coordinación entre os equipos con funcións de valoración e intervención social da Consellería de Traballo e Benestar e os equipos de orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.				
	3. Diseñar e poñer en marcha un sistema informático integrado de referencia no ámbito dos servizos sociais, que facilite a xestión e a coordinación entre os distintos departamentos administrativos implicados na atención ás persoas con discapacidade.				
	4. Desenvolver o Catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia –SAAD para as persoas con discapacidade que obteñan o grao I, nivel 2.				
	5. Elaborar un modelo único que garante a unificación de criterios á hora de definir os contidos do Programa de Atención Individualizada.				
	6. Crear e poñer en marcha grupos de traballo para instrumentalizar os criterios de calidade e das condicións que garantan unha intervención efectiva e especializada: soporte documental, formación especializada, perfís profesionais, cadros de persoal recomendables etc.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
2. Diseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.	7. Potenciar a través das ordes de subvencións o desenvolvemento de programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual persoal (programas de atención ambulatoria, tutorías, escolas de pais etc.), cara a mellorar a súa autonomía.				
	8. Promover o deseño e implementación de protocolos locais de actuación para servizos sociais municipais, unificando os diversos procedementos que se utilizan na actualidade.				
	9. Fomentar a implantación e mellora de protocolos previstos nos contratos de concerto de prazas que redunden en melloras organizativas e na atención á persoa usuaria.				
	10. Identificar e promover boas prácticas innovadoras e excelentes sobre procesos de intervención no ámbito da discapacidade.				
	11. Proceder á reorganización e especialización da atención socioeducativa nos centros Santiago Apóstolo e Terra de Ferrol.				
	12. Revisar os procesos de traballo e ferramentas tecnolóxicas de apoio no proceso de tramitación dos Equipos de valoración.				
3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.	1. Poñer en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes.				
	2. Dar continuidade ás axudas dirixidas ás persoas con discapacidade no marco das subvencións para cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais ás corporacións locais.				
	3. Procurar unha maior cobertura do programa de axuda no fogar para as persoas con discapacidade e complementalo con outros servizos de proximidade.				
	4. Mellorar a libranza vinculada á adquisición do Servizo de axuda no fogar –SAF.				
	5. Manter e, no seu caso, ampliar o volume de prazas residenciais de carácter público para persoas con discapacidade.				
	6. Incrementar o número de prazas do Programa de respiro familiar a través do que se oferta ás familias un período de descanso con actividades de ocio socializador e integrador das persoas usuarias do programa.				
	7. Aumentar o número de prazas de estancias temporais en centros que dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar, que poden ser paliadas cun ingreso temporal.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.	8. Promover o desenvolvemento de medidas/programas orientados a dar atención ás necesidades en ámbitos da discapacidade con maior escaseza de recursos.				
	9. Ampliar os recursos tecnolóxicos dirixidos á poboación de persoas con discapacidade.				
	10. Establecer criterios de compatibilidade entre servizos e entre servizos e prestacións económicas, que favorezan ou promovan a autonomía persoal.				
	11. Diseñar un mapa de recursos e infraestruturas que sinalen as carencias para os grandes tipos de discapacidade.				
	12. Estudar as necesidades de formación dos e das profesionais que traballan no ámbito dos centros/servizos de atención ás persoas con discapacidade.				
	13. Diseñar e executar un programa anual de cursos de formación, en resposta ás necesidades detectadas no estudo previsto na actuación anterior.				
	14. Crear e manter un espazo web sobre a discapacidade que garanta información actualizada.				

ÁREA 8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Regular o espazo sociosanitario.	1. Consolidar e dar continuidade ao departamento administrativo con competencia específica no ámbito sociosanitario.				
	2. Dar continuidade á Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Sociosanitaria de Galicia, regulada pola Lei 8/2008 de 10 de xullo, de saúde de Galicia.				
	3. Elaborar e publicar un Plan de atención integral sociosanitaria, con programas diversos que teñan como obxectivo principal a prevención da dependencia.				
	4. Revisar e, se procede, actualizar a normativa que regula os centros e dispositivos de atención comunitaria en materia de saúde mental.				
2. Diseñar procesos que garanten unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.	1. Constituír e poñer en marcha dous grupos de traballo técnico para a elaboración de circuitos e procesos dos distintos perfís de pacientes crónicos/as e de saúde mental e as súas posibilidades de tratamento no recurso máis apropiado.				
	2. Establecer mecanismos para a coordinación dos servizos prestados por Sanidade e Benestar no proceso de atención e nas accións de rehabilitación das persoas usuarias de ambos sistemas coa finalidade de establecer a continuidade necesaria entre os mesmos.				
	3. Avanzar na recollida da información máis relevante dos aspectos e actuacións de carácter social do/a paciente na historia clínica informatizada de Sanidade.				
	4. Elaborar un protocolo marco para simplificar os procedementos de autorización de servizos sanitarios en centros públicos de servizos sociais.				
	5. Poñer en marcha un acordo de colaboración con carácter xeral cara a mellorar a coordinación na atención a persoas con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico.				
	6. Incluír no plan formativo da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria – FEGAS formación específica e transversal en materia de discapacidade, considerando as diferentes tipoloxías.				
	7. Realizar as xestións oportunas para que o persoal sanitario que desenvolve a súa actividade en centros públicos de ámbito sociosanitario poida acceder a determinadas accións formativas da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria –FEGAS.				
	8. Incorporar ao persoal sanitario ás accións formativas promovidas pola Consellería de Traballo e Benestar (na área de Benestar) a través da Escola Galega de Administración Pública – EGAP.				
	9. Elaborar un mapa de recursos sociosanitarios de Galicia.				

	10. Elaborar unha guía xenérica de aplicación a actuacións de restauración colectiva desenvolvidas en centros públicos de servizos sociais.				
	11. Coordinar os rexistros de recursos autorizados de servizos sociais e de sanidade no marco da xestión do sistema de dependencia e promoción da autonomía persoal				
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios desde unha perspectiva de atención integral.	1. Elaborar un informe de recomendacións para mellorar a accesibilidade (física, de equipamento, da comunicación e da información) das persoas con discapacidade aos diferentes servizos do sistema sanitario, considerando as diferentes necesidades por razón de xénero.				
	2. Desenvolver a información dentro dos cursos de preparación o parto e de coidados de fillos/as, en formatos adecuados, de maneira que resulten accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade.				
	3. Colaborar na difusión da información accesible (lectura fácil, braille...) sobre os diversos aspectos relacionados coa maternidade.				
	4. Adaptar as cartillas sanitarias das e dos nenos con discapacidade, que teñen indicadores de saúde distintos ao resto de nenos e nenas.				
	5. Continuar o desenvolvemento do servizo de farmacia hospitalaria e facelo extensible a todas as residencias de atención a persoas con discapacidade de máis de 50 persoas, axustándose á lexislación vixente.				
	6. Dar continuidade ao Programa de formación na atención integral bucodental a pacientes con discapacidade, no marco do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela sobre realización de programas de atención odontolóxica no módulo asistencial II.				
	7. Crear (e manter) unha tarxeta sanitaria especial para nenos e nenas con trastornos do espectro autista				

ÁREA 9 ATENCIÓN TEMPERÁ					
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.	1. Crear un grupo de traballo mixto Administración - entidades de iniciativa social (CERMI-AGAT) para a elaboración da normativa reguladora da atención temperá en Galicia.				
	2. Elaborar e publicar o decreto regulador da atención temperá en Galicia, que regule todos os aspectos que a conforman de maneira que constitúa o marco a partir do que conseguir unha atención temperá efectiva e de calidade.				
	3. Desenvolver a Lei orgánica de educación (LOE) no relativo a normativa sobre atención á diversidade na que se inclúan disposicións específicas sobre a atención temperá na etapa de educación infantil, especialmente no referido ao alumnado de 0-3 anos, primeiro ciclo da atención educativa de educación infantil.				
2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.	1. Definir, unha vez delimitados os marcos de actuación que estableza o Decreto regulador, unha carteira de servizos, protocolos de valoración, atención e derivación e composición recomendable dos Equipos de Desenvolvemento Infantil e de Atención Temperá no ámbito dos Servizos Sociais e regularizar as unidades e equipos dependentes da administración local, de entidades de iniciativa social ou de iniciativa privada actualmente existentes neste ámbito.				
	2. Avaliar e homoxeneizar os procedementos de atención nas Unidades hospitalarias de atención temperá existentes na rede sanitaria galega, ao tempo que se procede á súa integración funcional na área de atención pediátrica, para a súa coordinación e mellora da asistencia a nenos e nenas de 0-3 anos, tamén de 0-6 anos e mesmo partir dos 6 anos.				
	3. Avaliar e reorganizar a actividade asistencial dende unha perspectiva de áreas sanitarias con xestión integrada, centrando toda a actividade sobre as necesidades das persoas usuarias, en función da regulación dos principios e marcos de actuación que estableza a publicación do novo Decreto regulador da atención temperá en Galicia.				
	4. Diseñar, elaborar e publicar un Plan de atención integral para menores de 0-3 anos, en situación de dependencia ou en risco de padecela.				
	5. Crear un equipo técnico de asesoramento, coordinación e seguimento das actuacións relacionadas coa atención temperá unha vez se aprobe o decreto regulador.				
	6. Diseñar un sistema de soportes común a partir de estándares internacionais para integrar as actuacións dos distintos departamentos administrativos implicados en Atención temperá.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.	7. Diseñar sistemas “interface” entre o Sistema Integrado Galego de Atención á Dependencia (SIGAD) e o aplicativo informático do Servizo Galego de Saúde, IANUS, para integrar os diversos sistemas de información.				
	8. Informar á sociedade sobre os recursos destinados a atención temperá existentes en Galicia: localización, horario de atención ao público, servizos que prestan, programas que desenvolven, profesionais...				
3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.	1. Consolidar e reforzar a rede de Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio á Familia – UDIAF, coa creación de novas unidades para procurar unha atención temperá integral e de calidade, podendo desenvolver concertos/convenios coas entidades de iniciativa social provedoras de servizos sociosanitarios.				
	2. Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema sanitario para procurar unha atención temperá integral e de calidade.				
	3. Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema educativo para procurar unha atención temperá integral e de calidade.				
	4. Planificar e desenvolver un programa de accións formativas específicas por colectivos e/ou integrais, relacionadas co desenvolvemento infantil, prevención de necesidades e atención temperá.				
	5. Promover accións formativas no ámbito universitario e proxectos de fin de grao sobre materias específicas relacionadas co desenvolvemento infantil, a prevención de necesidades e a atención temperá.				

ÁREA 10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e tempo de lecer.	1. Analizar a accesibilidade dos aloxamentos turísticos para elaborar e publicar unha guía de aloxamentos accesibles de Galicia.				
	2. Avaliar as necesidades de adaptación das instalacións destinadas a actividades culturais, deportivas e de tempo libre titularidade da Xunta de Galicia para proceder á eliminación das barreiras arquitectónicas e da comunicación.				
	3. Elaborar un documento de recomendacións para que os departamentos administrativos competentes incorporen criterios de cumprimento de accesibilidade nas convocatorias de axudas dirixidas á actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, así como a priorización ou atención especial a persoas con discapacidade nos programas que proceda.				
	4. Promover a incorporación de criterios de accesibilidade nas ordes de axudas tanto para obras e instalacións como para as actividades culturais e de tempo de lecer.				
	5. Informar, sensibilizar e concienciar aos/ás axentes culturais, deportivos e de lecer para facilitar o acceso das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e/ou recreativas.				
	6. Modificar o Decreto 50/2000, que actualiza e refunde a normativa en materia de xuventude, de maneira que se recollan nos programas dos cursos de monitor e monitora de tempo libre e de director e directora de tempo libre contidos específicos relativo ás necesidades educativas no eido do tempo libre das persoas con discapacidade.				
	7. Incluír nas probas de aptitude de Guía de turismo contidos en materia de discapacidade, en termos de accesibilidade, características e necesidades das persoas con discapacidade, atendendo á tipoloxía desta.				
	8. Incluír un módulo básico de deporte adaptado nos cursos de formación de profesionais técnicos do deporte.				
	9. Convocar un premio que propoña solucións para a mellora da accesibilidade en turismo.				
	10. Revisar o decreto de sinalización observando os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.				
	11. Elaborar un manual de sinalización observando os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.				
	12. Incluír nas subvencións orientadas ao sector empresarial turístico as melloras na accesibilidade dos establecementos turísticos: apoio a investimento de mellora das condicións de supresión das barreiras á discapacidade física, visual, auditiva, intelectual e orgánica.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas.	1. Continuar co deseño e desenvolvemento de proxectos de turismo accesible, de espazos libres de barreiras e obstáculos aberto a todas as persoas.				
	2. Dar continuidade e, no seu caso, mellorar ou ampliar as actuacións deportivas e de tempo de lecer levadas a cabo polas entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade mediante convenios coa Consellería de Traballo e Benestar.				
	3. Manter as prazas dirixidas a persoas con discapacidade nos programas de campamentos de verán e de turismo social.				
	4. Contemplar como concepto subvencionable nas convocatorias de axudas e subvencións dirixidas a actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer a mellora e adaptación de equipamentos e axudas técnicas das instalacións culturais, deportivas e de lecer que posibiliten a participación activa das persoas con discapacidade.				
	5. Garantir unha cota de participación dun 7% para persoas con discapacidade nas actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, das entidades públicas ou das entidades privadas subvencionadas con fondos públicos, que faga posible o acceso a actividades comunitarias e específicas, promovendo a autonomía e elección das persoas con discapacidade.				
	6. Permitir, de maneira progresiva, o acceso gratuíto do/a acompañante (coidador/a, monitor/a, familiar,...) da persoa con discapacidade, que precise de dito apoio, ás instalacións e actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.				
	7. Incluír aspectos sobre accesibilidade/discapacidade na programación cultural.				
	8. Apoiar a organización e o desenvolvemento de programas e actividades culturais e recreativas que promovan a participación activa das persoas con discapacidade.				
	9. Facilitar o uso das instalacións propias da Consellería de Traballo e Benestar (albergues xuvenís, campamentos e residencias) fóra da tempada estival para a súa ocupación por parte das entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade, sempre supeditado ás condicións que estableza a Administración.				
	10. Promover a formación de profesionais especializados/as no ámbito cultural, deportivo e do tempo de lecer, a través de ciclos de formación teórico-prácticos, de materias relacionadas co desenvolvemento cultural e artístico, coa práctica deportiva e co tempo de lecer das persoas con discapacidade.				

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	ANUALIDADE			
		2010	2011	2012	2013
3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.	1. Deseñar, elaborar e presentar o Plan para o fomento da actividade física, que estableza medidas de inclusión para persoas con discapacidade e no que se contemple a discapacidade como materia transversal e deste a óptica de xénero.				
	2. Xerar unha rede de actores profesionais para o desenvolvemento do Plan para o fomento da actividade física.				
	3. Incluír os e as deportistas con discapacidade nas federacións unideportivas olímpicas e non olímpicas.				
	4. Poñer en marcha o Observatorio Galego da Actividade física, considerando a perspectiva da discapacidade e xénero.				
	5. Incluír na campaña de comunicación, información y sensibilización sobre a práctica deportiva contidos sobre os beneficios desta para as persoas con discapacidade.				
	6. Considerar criterios de accesibilidade/participación para as persoas con discapacidade nas convocatorias de axudas en materia de equipamentos deportivos a concellos, federacións e clubs deportivos.				
	7. Apoiar ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de promoción da actividade física saudable a través dunha convocatoria de axudas.				
	8. Incluír na formación dos axentes que interveñen directamente coa poboación escolar no programa XOGADE, contidos específicos sobre as circunstancias especiais dos nenos e nenas con algunha discapacidade.				
	9. Desenvolver o programa Deporte sen barreiras en centros educativos de Galicia.				



Anexo 4: REFERENCIAS NORMATIVAS NO ÁMBITO DA DISCAPACIDADE

O obxecto deste anexo é facilitar unha relación da normativa vixente en materia de discapacidade. Trátase de citar a normativa publicada especificamente neste ámbito e para este grupo de poboación. Incluirase tamén aquela outra que, sen estar especificamente dirixida a persoas con discapacidade, si se menciona ao longo do documento do plan.

Nota: a normativa que se relaciona a continuación (traducida nos casos que procede) transcríbese de maneira literal, tal e como foi publicada. **Isto quere dicir que se respecta a terminoloxía utilizada na súa publicación**, aínda que non responda ás recomendacións existentes na actualidade, tanto no que respecta aos termos empregados en relación á discapacidade como desde a perspectiva do xénero. Sinálanse en cursiva os termos en cuestión.

No marco internacional :

Nacións Unidas

- 👤 Declaración universal de dereitos humanos. Asemblea Xeral das Nacións Unidas 1948.
- 👤 Declaración dos dereitos *do deficiente mental*. Asemblea Xeral das Nacións Unidas. 1971.
- 👤 Declaración dos Dereitos dos *Minusválidos*. Asemblea Xeral das Nacións Unidas. 1979.
- 👤 Programa de acción mundial para persoas con discapacidade. Asemblea Xeral das Nacións Unidas. 1982.
- 👤 Convención internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade. 13 de decembro de 2006. Ratificada por España o 3 de maio de 2008.

Unión Europea

- 👤 Decisión do Consello de 3 de decembro sobre o Ano europeo das persoas con discapacidade. 2001.
- 👤 Resolución do Parlamento Europeo de 17 de xuño sobre linguaxes xestuais para *xordos*. 1988.
- 👤 Resolución do Consello e dos representantes dos Gobernos dos Estados Membros reunidos no seno do Consello, de data de 20 de decembro, relativa a igualdade de oportunidades para as persoas con *minusvalías*. 1996.
- 👤 Resolución do Consello de 17 de xuño relativa a igualdade de oportunidades laborais das persoas con *minusvalías*. 1999.
- 👤 Resolución do Parlamento Europeo sobre a Comunicación ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, para unha Europa sen barreiras para as persoas con discapacidade. 2000.
- 👤 Resolución do Consello de 25 de marzo, sobre accesibilidade aos sitios web públicos e ao seu contido. 2002.
- 👤 Resolución do Consello de 6 de febreiro sobre accesibilidade electrónica – mellora o acceso das persoas con discapacidade á sociedade. 2003.
- 👤 Resolución do Consello de 5 de maio sobre a igualdade de oportunidades en educación e formación para *alumnos* e estudantes con discapacidade. 2003.
- 👤 Resolución do Consello de 6 de maio sobre a accesibilidade das infraestruturas e as actividades culturais para persoas con discapacidade. 2003.
- 👤 Resolución do Consello de 15 de xullo sobre o fomento do emprego e da inclusión social das persoas con discapacidade. 2003.
- 👤 Recomendación Nº (98) 9 do Comité de Ministros aos Estados membros relativa á dependencia. 1998.

- 🌸 Recomendación Nº R (92) 6 da Unión Europea sobre a elaboración dunha política coherente en materia de persoas con discapacidade. 1992.
- 🌸 Recomendación Nº R (2006) 5 do Comité de Ministros aos estados membros sobre o Plan de acción do Consello de Europa para a promoción dos dereitos e da plena participación das persoas con discapacidade na sociedade: mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade en Europa. 2006.

No marco estatal e autonómico:

Accesibilidade e supresión de barreiras

Normativa estatal

- 🌸 Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (BOE nº 266, do 6 de novembro).
- 🌸 Lei 8/1999, de 6 de abril, de reforma da Lei 49/1960, de 21 de xullo, sobre a propiedade horizontal (BOE nº 84, do 8 de abril).
- 🌸 Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos (BOE nº 282, do 25 de novembro).
- 🌸 Lei 15/1995, do 30 de maio, sobre límites do dominio sobre inmobles para eliminar barreiras arquitectónicas ás persoas con discapacidade (BOE nº 129, do 31 de maio).
- 🌸 Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU) (BOE nº 289, do 3 de decembro).
- 🌸 Real Decreto 1417/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade (BOE nº 297, do 13 de decembro).
- 🌸 Real decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións (BOE nº 113, do 11 de maio).
- 🌸 Real decreto 366/2007, do 16 de marzo, polo que se establecen as condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado (BOE nº 72, do 24 de marzo).
- 🌸 Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas (BOE nº 255, do 24 de outubro).
- 🌸 Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social (BOE nº 279, do 21 de novembro).
- 🌸 Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade (BOE nº 290, do 4 de decembro).
- 🌸 Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal (BOE nº 310, do 27 de decembro).
- 🌸 Orden 446/2008, do 20 de febreiro, pola que se determinan as especificacións e características técnicas das condicións e criterios de accesibilidade e non discriminación establecidos no Real decreto 366/2007, de 16 de marzo (BOE nº 48, do 25 de febreiro).



- 🌱 Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código técnico da edificación, aprobado por Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade (BOE nº 61, do 11 de marzo).
- 🌱 Orden VIV/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados (BOE nº 61, de 11 de marzo).

Normativa autonómica

- 🌱 Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia²³ (DOG nº 166, do 29 de agosto).
- 🌱 Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística de Galicia para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (DOG nº 32, do 17 de febreiro).
- 🌱 Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 41, do 29 de febreiro).
- 🌱 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG nº 252, do 31 de decembro).
- 🌱 Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia (DOG nº 253, do 31 de decembro).
- 🌱 Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes (DOG nº 202, do 18 de outubro).

Servizos Sociais

Normativa estatal

- 🌱 Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI) (BOE nº 103, do 30 de abril).
- 🌱 Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos (BOE nº 49, do 27 de febreiro).
- 🌱 Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez (BOE nº 22, do 26 de xaneiro).
- 🌱 Orde do 2 de novembro de 2000 pola que se determina a composición, organización e funcións dos Equipos de Valoración e Orientación dependentes do Instituto de Migracións e Servizos Sociais e se desenvolve o procedemento de actuación para a valoración do grao de minusvalía dentro do ámbito da Administración Xeral do Estado (BOE nº 276, do 17 de novembro).
- 🌱 Real decreto 1169/2003, do 12 de setembro polo que se modifica o anexo I do RD 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e grao de minusvalidez (BOE nº 238, do 4 de outubro).
- 🌱 Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esa finalidade (BOE nº 277, do 19 de novembro).

²³ Non está en vigor o seu anexo (disposición transitoria segunda).



- 🌸 Real decreto 177/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e funcións da Comisión de Protección Patrimonial das persoas con discapacidade (BOE nº 32, do 6 de febreiro).
- 🌸 Real decreto 364/2004, do 5 de marzo, de mellora das pensións de orfandade en favor de minusválidos (BOE nº 57, do 6 de marzo).
- 🌸 Real decreto 1865/2004, do 6 de setembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade (BOE nº 216, do 7 de setembro).
- 🌸 Real decreto 2270/2004, do 3 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 177/2004, de 30 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e funcións da Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade (BOE nº 303, do 17 de decembro).
- 🌸 Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoas con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro (LIONDAU) (BOE nº 300, do 16 de decembro).
- 🌸 Real decreto 1417/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade (BOE nº 297, do 13 de decembro).
- 🌸 Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, do 15 de decembro).
- 🌸 Resolución do 31 de xaneiro de 2007, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se establecen os prezos nos centros residenciais de persoas discapacitadas cos que se realizan concertos de reserva e ocupación de prazas (BOE nº 69, do 20 de marzo).
- 🌸 Orde Tas/646/2007, do 9 de marzo, pola que se modifica a Orde de 12 de xuño de 2001, sobre creación, composición e funcións da Comisión Estatal de Coordinación e Seguimento da Valoración do Grao de Minusvalía (BOE nº 68, do 20 de marzo).
- 🌸 Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 96, do 21 de abril).
- 🌸 Corrección de erros do Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia, establecida pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 119, do 18 de maio).
- 🌸 Real decreto 614/2007, do 11 de maio, polo que se regula o nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración Xeral do Estado (BOE nº 114, do 12 de maio).
- 🌸 Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos cuidadores das persoas en situación de dependencia (BOE nº 114, do 12 de maio).
- 🌸 Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, polo que establecen os criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 138, do 9 de xuño).
- 🌸 Orde TAS/2632/2007, do 7 de setembro, pola que se modifica a Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, polo que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social. (convenio especial de cuidadores non profesionais en situación de dependencia) (BOE nº 221, do 14 de setembro).
- 🌸 Corrección de erros do Real decreto 1198/2007, de 14 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 504/2007, do 20 de abril, en materia de recoñecemento de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade do fillo e de recoñecemento da necesidade de asistencia de terceira persoa nas prestacións non contributivas (BOE nº 237, do 3 de outubro).











- 🌸 Resolución do 19 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se publica o Protocolo 2007 adicional ao convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de proxectos do Plan de acción integral para persoas con discapacidade (BOE nº 9, do 10 de xaneiro).
- 🌸 Orde TAS/3460/2007, do 28 de novembro, pola que se crea o Centro de Referencia Estatal para a Atención a Persoas con Grave Discapacidade e para a Promoción da Autonomía Persoal e Atención á Dependencia en San Andrés del Rabanedo (León) (BOE nº 286, do 19 de novembro).
- 🌸 Real decreto 6/2008, do 11 de xaneiro, polo que se determina o nivel mínimo de protección garantido aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia no exercicio 2008 (BOE nº 11, do 12 de xaneiro).
- 🌸 Real decreto 7/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regulan as prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o exercicio 2008 (BOE nº 11, do 12 de xaneiro).
- 🌸 Real decreto 179/2008, do 8 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 6/2008, de 11 de xaneiro, sobre determinación do nivel mínimo de protección garantido aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia no exercicio 2008 (BOE nº 35, do 9 de febreiro).
- 🌸 Real decreto 99/2009, do 6 de febreiro, polo que se modifica o RD 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia garantido pola Administración Xeral do Estado (BOE nº 43, do 19 de febreiro).
- 🌸 Real decreto 1856/2009, do 4 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e polo que se modifica o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro (BOE nº 311, do 26 de decembro).

Normativa autonómica

- 🌸 Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 47, do 10 de marzo).
- 🌸 Orde do 18 de agosto de 2000, pola que se aproba o estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 177, do 12 de setembro).
- 🌸 Orde do 29 de decembro de 2000, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez (DOG nº 16, do 26 de xaneiro de 2001).
- 🌸 Orde do 8 de xaneiro de 2004 pola que se convocan axudas económicas para o acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade (DOG nº 15, do 23 de xaneiro).
- 🌸 Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 187, do 26 de setembro).
- 🌸 Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 147, do 31 de xullo).
- 🌸 –Corrección de erros– Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 184, do 21 de setembro).
- 🌸 Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes (DOG nº 202, do 18 de outubro).
- 🌸 Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do









sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 246, do 21 de decembro).

-  Decreto 19/2008, do 7 de febreiro polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas (DOG nº 36, do 20 de febreiro).
-  Orde do 25 do xuño de 2008, polo que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzheimer e outras demencias (DOG nº 138, do 17 de xullo).
-  Orde do 9 de setembro de 2008, pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para Persoas con Discapacidade e/ou Dependentes e se aproba o Catálogo de prestacións do servizo (DOG nº 179, do 16 de setembro).
-  Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18 de decembro).
-  Orde do 22 do xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22, do 2 de febreiro).
-  Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 34, do 19 de febreiro).
-  Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 147, do 31 de xullo).
-  Corrección de erros–Decreto 143/2007 do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 184, do 21 de setembro).

Formación e emprego

Normativa estatal

-  Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, de 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos (BOE nº 133, do 4 de xuño).
-  Real decreto 1368/1985, do 17 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballen nos Centros Especiais de Emprego (BOE nº 189, do 8 de agosto).
-  Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego definidos no artigo 42 da Lei 13/1982, de 7 de abril de integración social dos minusválidos (BOE nº 294, do 9 de decembro).
-  Orden do 16 de outubro de 1998 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas e subvencións públicas destinadas ao fomento da integración laboral dos minusválidos nos centros especiais de emprego e traballo autónomo (BOE nº 279, do 21 de novembro).
-  Real decreto 4/1999, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o artigo 7 do Real Decreto 1451/1983, de 11 de maio, polo que en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, de 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos (BOE nº 22, do 26 de xaneiro).
-  Real decreto 427/1999, do 12 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 1368/1985, de 17 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballen nos centros especiais de emprego (BOE nº 73, do 26 de marzo).












- 🌸 Real decreto 27/2000, do 14 de xaneiro, polo que se establecen medidas alternativas de carácter excepcional ao cumprimento da cota de reserva do 2% a favor de traballadores discapacitados en empresas de 50 o máis traballadores (BOE nº 22, do 26 de xaneiro).
- 🌸 Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados (BOE nº 296, do 11 de decembro).
- 🌸 Real decreto 170/2004, do 30 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 1451/1983, de 11 de maio, polo que en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, de 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusvalidos (inclúe medidas de fomento do emprego de mulleres con discapacidade) (BOE nº 27, do 31 de xaneiro).
- 🌸 Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, por el que se regulan los enclaves laborais como medida de fomento do emprego de las persoas con discapacidade (BOE nº 45, do 21 de febreiro).
- 🌸 Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade (BOE nº 303, do 17 de decembro).
- 🌸 Real decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor dos traballadores con discapacidade (BOE nº 94, do 20 de abril).
- 🌸 Real decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego (BOE nº 96, do 22 de abril).
- 🌸 Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade (BOE nº 140, do 13 de xuño).
- 🌸 Real decreto 870/2007, do 2 de xullo, polo que se regula o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo (BOE nº 168, do 14 de xullo).
- 🌸 Real decreto 1198/2007, do 14 de setembro, polo que se modifica o Real Decreto 504/2007, de 20 de abril, en materia de recoñecemento de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade do fillo e de recoñecemento da necesidade de asistencia de terceira persoa nas prestacións non contributivas (BOE nº 237, do 3 de outubro).
- 🌸 Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social (BOE nº 291, do 4 de decembro).
- 🌸 Orde TAS/3776/2007, do 14 de decembro, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2007, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións para o programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado (BOE nº 306, do 22 de decembro).
- 🌸 Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (BOE nº 27, do 31 de xaneiro).
- 🌸 Real decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral (BOE nº 205, do 25 de agosto).

Normativa autonómica




- 🌸 Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG nº 72, do 28 de marzo).
- 🌸 Resolución de 5 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego (DOG nº 67, do 4 de abril).















-  Orde do 7 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego (DOG nº 82, do 3 de maio).
-  Resolución do 28 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o anuncio e a publicación do acordo sobre o novo marco de relacións laborais en Galicia: acordo polo emprego, alcanzado ao amparo do proceso de diálogo social o 5 de febreiro de 2007 (DOG nº 19, do 28 de decembro).
-  Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 244, do 16 de decembro).
-  Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010 (DOG nº 253, do 30 de decembro).
-  Orde de 31 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (DOG nº 13, do 21 de xaneiro de 2010).
-  Orde do 29 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2010 e 2011 de programas integrados para o emprego (DOG nº65, do 9 de marzo).
-  Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG nº81, do 30 de abril).
-  Orde do 27 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede a súa convocatoria para o ano 2010 (DOG nº82, do 3 de maio).
-  Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2010 (DOG nº 89, do 12 de maio).

Educación

Normativa estatal




-  Real decreto 696/1995, do 28 de abril, de ordenación da educación dos alumnos con necesidades educativas especiais (BOE nº 131, do 2 de xuño).
-  Orde do 22 de marzo de 1999 pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados aos alumnos con necesidades educativas especiais escolarizados en centros de educación especial, Ministerio de Educación e Cultura (BOE nº 86, do 10 de abril).
-  Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas (BOE nº 255, do 24 de outubro).

Normativa autonómica








-  Decreto 239/1995, do 28 de xullo, que establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional específica, así como as directrices sobre os seus títulos (DOG nº 156, do 16 de agosto).
-  Decreto 320/1996, do 26 de xullo que establece a ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG nº 153, do 6 de agosto).
-  Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobre dotación intelectual (DOG nº 233, do 28 de novembro).
-  Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG nº 247, do 19 de decembro).
-  Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 79, do 27 de abril).
-  Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG nº147, do 31 de xullo).
-  Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG nº 20, do 30 de xaneiro).
-  Orde do 23 de abril de 2007, pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior (DOG nº 87, do 7 de maio).
-  Orde do 13 de maio de 2008, pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 99, do 23 de maio).
-  Orde do 2 de decembro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo (DOG nº 243, do 16 de decembro).
-  Orde do 1 de setembro de 2009 pola que se convocan unidades de competencia e prazas para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental (DOG nº 192, do 30 de setembro).
-  Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sanidade





Normativa estatal

-  Lei 14/1986, do 25 de abril xeral de sanidade (BOE nº 102, de 29 de abril).
-  Real decreto 63/1995, do 20 de xaneiro, sobre ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde (BOE nº 35, do 10 de febreiro).
-  Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde (BOE nº 128, do 29 de maio).

Normativa autonómica

-  Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 1995).
-  Orde do 20 de abril de 1999 sobre atribución das funcións definidas no artigo 3.2º do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia (DOG nº 80, do 28 de abril).
-  Orde do 29 de xaneiro de 2008 pola que se regulan as unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 42, do 28 de febreiro).
-  Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 47, do 10 de marzo).
-  Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia (DOG nº 143, do 24 de xullo).
-  Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 109, do 5 de xuño).
-  Orde conxunta do 7 de agosto de 2009, da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se crea o Comité de Planificación de Atención Sociosanitaria de Galicia (DOG nº 168, do 27 de agosto).

Outra normativa

-  Real decreto 1865/2004, de 6 de setembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade (BOE nº 216, do 7 de setembro).
-  Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento (BOE nº 177, do 25 de xullo).
-  Lei 3/2007, do 22 de marzo, sobre a igualdade efectiva entre homes e mulleres (BOE nº 71, do 23 de marzo).
-  Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152, do 7 de agosto e BOE nº 226, do 20 de setembro).

